


PLENO DO PARLAMENTO

25 de novembro de 2013
10.00 horas



A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 25 de novembro de 2013, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 19 de novembro de 2013, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único.- Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014. 09/PL-000014 (14058)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 19.10.2013

Publicación emendas totalidade, BOPG n.º 197, do 15.11.2013

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2013

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Asinado dixitalmente por:

Pilar Rojo Noguera, Presidenta na data 19/11/2013 18:45:19

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

María Carmen Acuña do Campo	S
María do Carme Adán Villamarín	BNG
Pedro Manuel Arias Veira	P
Agustín Baamonde Díaz	P
José Manuel Balseiro Orol	P
Xosé Manuel Beiras Torrado	AGE
Moisés Blanco Paradelo	P
María Concepción Burgo López	S
Francisco Caamaño Domínguez	S
Angel Camino Copa	P
Jaime Castiñeira Broz	P
Yolanda Díaz Pérez	AGE
Ricardo Vicente Docasar Docasar	S
Javier Dorado Soto	P
Juan Manuel Fajardo Recouso	AGE
María Dolores Faraldo Botana	P
Hipólito Fariñas Sobrino	P
David Fernández Calviño	AGE
Raúl Fernández Fernández	S
José Santiago Freire Abeijón	P
María Carmen Gallego Calvar	S
José Manuel Gallego Lomba	S
Pablo García García	S
María Isabel García Pacín	P
Alejandro Gómez Alonso	P
Juan Carlos González Santín	S
Javier Jorge Guerra Fernández	P
Agustín Hernández Fernández de Rojas	P
Jaime Íñiguez Martínez	P
Francisco Xesús Jorquera Caselas	BNG
Abel Fermín Losada Álvarez	S
María Consuelo Martínez García	AGE
Vidal Martínez-Sierra López	P
José Luis Méndez Romeu	S
Antonio Mouriño Villar	P
Enrique Nóvoa López	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
María del Carmen Pardo López	P
María Tereixa Paz Franco	BNG
José Alberto Pazos Couñago	P
Berta Pérez Hernández	P
María Soledad Piñeiro Martínez	P
Cosme Eladio Pombo Rodríguez	BNG
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG

María Herminia Pouso Maneiro	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Pedro Puy Fraga	P
María Remedios Quintas Álvarez	S
Daniel Rodas Chapela	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
Román Rodríguez González	P
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Pilar Rojo Noguera	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
José Javier Ron Fernández	AGE
Alfonso Rueda Valenzuela	P
José Antonio Sánchez Bugallo	S
Antón Sánchez García	AGE
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
José Francisco Santos Regueiro	P
Beatriz Sestayo Doce	S
Eva Solla Fernández	AGE
María Soledad Soneira Tajés	S
Miguel Angel Tellado Filgueira	P
Gonzalo Trenor López	P
José Ramón Val Alonso	S
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Jesús Vázquez Abad	P
Ramón Vázquez Díaz	AGE
Manuel Vázquez Fernández	S
Patricia Vilán Lorenzo	S



Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia IX Lexislatura

(Actualizada a 25 de marzo de 2013)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST.
1. Acuña do Campo, María Carmen	S			
2. Adán Villamarín, María do Carme	BNG			
3. Arias Veira, Pedro Manuel	P			
4. Baamonde Díaz, Agustín	P			
5. Beiras Torrado, Xosé Manuel	AGE			
6. Blanco Paradelo, Moisés	P			
7. Caamaño Domínguez, Francisco Manuel	S			
8. Camino Copa, Ángel	P			
9. Castiñeira Broz, Jaime	P			
10. Díaz Pérez, Yolanda	AGE			
11. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	S			
12. Dorado Souto, Javier	P			
13. Fajardo Recouso, Juan Manuel	AGE			
14. Faraldo Botana, María Dolores	P			
15. Fariñas Sobrino, Hipólito	P			
16. Fernández Calviño, David	AGE			
17. Fernández Fernández, Raúl	S			
18. Freire Abeijón, José Santiago	P			
19. Gallego Calvar, María Carmen	S			
20. Gallego Lomba, José Manuel	S			
21. García García, Pablo	S			
22. García Pacín, María Isabel	P			
23. Gómez Alonso, Alejandro	P			
24. González Santín, Juan Carlos	S			
25. Guerra Fernández, Javier Jorge	P			
26. Íñiguez Martínez, Jaime	P			
27. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	BNG			
28. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
29. Martínez García, María Consuelo	AGE			



30. Martínez Sierra López, Vidal	P			
31. Méndez Romeu, José Luis	S			
32. Mouriño Villar, Antonio	P			
33. Nóvoa López, Enrique	P			
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
35. Pardo López, María del Carmen	P			
36. Paz Franco, María Tereixa	BNG			
37. Pazos Couñago, José Alberto	P			
38. Pérez Hernández, Berta	P			
39. Piñeiro Martínez, María Soledad	P			
40. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	BNG			
41. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
42. Pouso Maneiro, María Herminia	P			
43. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
44. Prado del Río, Paula	P			
45. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
46. Puy Fraga, Pedro	P			
47. Quintas Álvarez, María Remedios	S			
48. Rodas Chapelá, Daniel	BNG			
49. Rodríguez Arias, Marta	P			
50. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
51. Rodríguez González, Román	P			
52. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
53. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
54. Ron Fernández, José Javier	AGE			
55. Sánchez Bugallo, José Antonio	S			
56. Sánchez García, Antón	AGE			
57. Santos Regueiro, José Francisco	P			
58. Sestayo Doce, Beatriz	S			
59. Solla Fernández, Eva	AGE			
60. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
61. Trenor López, Gonzalo	P			
62. Val Alonso, José Ramón	S			
63. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	P			
64. Vázquez Díaz, Ramón	AGE			
65. Vázquez Fernández, Manuel	S			
66. Vilán Lorenzo, Patricia	S			



DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

67. Vázquez Abad, Jesús	P			
68. Hernández Fernández de Rojas, Agustín	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijóo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Burgo López, Concepción	S			
72. Balseiro Orol, José Manuel	P			
73. Soneira Tajés, María Soledad	S			
74. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			
75. Rojo Noguera, Pilar	P			

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 25.11.2013

Hora: 10.00

Orde do día

Punto único.- Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014

09/PL-000014 (14058)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 182, do 19.10.2013

Publicación emendas totalidade, BOPG núm. 197, do 15.11.2013



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 182

IX lexislatura

19 de outubro de 2013

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014

[43390](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014

Presidencia

O Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, xunto coa súa documentación anexa, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia o día 18 de outubro de 2013, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o día 19 de outubro de 2013 (núm. de rexistro 14058).

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do día 19 de outubro de 2013, acordou, ao abeiro do disposto no artigo 111.2 do Regulamento, a tramitación do proxecto de lei, a súa asignación á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Sublíñase que, ao abeiro do artigo 68.2 do Regulamento, se declaran hábiles para os efectos parlamentarios os luns e sábados e que a tramitación do Proxecto de lei de orzamentos se someterá, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios, ao seguinte calendario:

1. Publicación: 19 de outubro de 2013.
2. Solicitudes de comparecencias: ata as 10 horas do día 21 de outubro de 2013.
3. Realización de comparecencias ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos: os días 23, 24, 25, 28 e 31 de outubro e 4, 5, 6 e 7 de novembro de 2013.
4. Presentación de emendas:
 - a) Á totalidade: ata o día 7 de novembro de 2013, ás 18.30 horas.
 - b) Ao articulado: ata o día 16 de novembro de 2013, ás 13 horas.
5. Debate de totalidade ante o Pleno: o día 25 de novembro de 2013.

6. Informe da Ponencia: os días 29 de novembro e 2 de decembro de 2013.

7. Ditame da Comisión: os días 5, 9, 10 e 11 de decembro de 2013.

8. Debate do ditame no Pleno: os días 16 e 17 de decembro de 2013.

Así mesmo, tendo en conta o disposto nos artigos 129 a 131 do Regulamento, deben terse en conta para a presentación de emendas as seguintes regras:

I. Incluíranse no debate de totalidade (artigo 130.1):

1. As emendas que postulen a súa devolución global ou a de calquera sección ou centro xestor de gastos.

2. As que afecten contías globais dos orzamentos ou transfiran créditos entre as seccións.

II. Respecto da tramitación das emendas parciais terase en conta que:

1. Para os efectos do artigo 129.3 do Regulamento, o concepto de sección equivalerá aos grandes centros xestores do gasto do presente orzamento. Polo tanto, as emendas parciais deberanse referir a partidas ou conceptos que se atopen na mesma sección.

2. As emendas parciais, como requisito para a súa admisión a trámite, ademais de sinalar o programa no que recaian, terán que consignar o número económico da sección e do servizo ao que o orzamento lles atribúa a súa xestión.

3. De conformidade co artigo 129.3 do Regulamento, cada emenda debe comprender o crédito que se aumenta e a baixa de igual contía na mesma sección.

Advírtese tamén que a publicación comprende exclusivamente o texto articulado cos anexos complementarios correspondentes. O resto da documentación está á disposición dos deputados e das deputadas nos grupos parlamentarios respectivos.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2013.



Pilar Rojo Noguera
Presidenta



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia, con arrego ás especialidades procedimentais previstas no seu Regulamento, rernítolle o **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de outubro de 2013.

Asemade, achégase certificación expedida polo Secretario do Consello da Xunta, co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, e documentación complementaria.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezaeito de outubro de dous mil trece adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:


“Aprobar, de conformidade co establecido no artigo 4.2 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, o *Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014*, e a súa remisión ó Parlamento de Galicia para a súa tramitación sumaria e preferente, prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara”.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, o dezaeito de outubro de dous mil trece.

Vº. e Praxe
O PRESIDENTE



**PROXECTO DE LEI DE
ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA PARA O ANO 2014**





ÍNDICE :

**PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2014**

Exposición de motivos	2
Título I: Aprobación dos orzamentos e réxime das modificacións de crédito	16
Título II: Gastos de persoal	48
Título III: Operacións de endebedamento e garantía	96
Título IV: Xestión orzamentaria	109
Título V: Corporacións locais	128
Título VI: Normas tributarias	140
Disposicións adicionais	192
Disposicións transitorias	223
Disposición derogatoria	228
Disposicións derradeiras	230
Anexos	236



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A economía galega está supeditada á complicada situación que está a experimentar a economía española e o conxunto dos países europeos periféricos. Neste contexto, durante os últimos anos, asistimos ao desbordamento das tensións nos mercados financeiros, que deviñeron nunha crise da débeda soberana e obrigaron ao deseño dun proceso de consolidación fiscal a nivel europeo. Este proceso estivo salpicado de imprecisións e careceu de rapidez en canto á adopción das axeitadas estratexias de resposta. O resultado plasmouse nunha intensificación das restricións de crédito que orixinaron o estancamento da actividade e a conseguinte deterioración do ciclo económico, circunstancias que determinaron para a zona euro que a solución á crise pivote, principalmente, sobre a consecución da estabilidade financeira.


Este contexto influíu no ámbito nacional provocando unha substancial contracción do gasto privado e do público e orixinando un alto nivel de déficit e un elevado nivel de endebedamento público que, sumado ao xa avultado endebedamento privado, acentuaron unha situación recesiva e destruído emprego. Neste ámbito, o ano 2012 marcou un xiro radical coa aprobación da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, instrumento esencial para lograr a disciplina orzamentaria de todos os niveis administrativos. Ademais, durante o 2012 se adoptaron tanto medidas fiscais coadxuvantes para a consolidación fiscal, como reformas estruturais dos mercados de factores e de produtos, entre as que destacan a reforma financeira e a laboral. A adopción deste conxunto de medidas e reformas e probable que despreguen algúns efectos



XUNTA DE GALICIA

durante o último trimestre de 2013 e establezan os piares para cambiar o signo da actividade económica nos exercicios seguintes.

Os ingresos do Estado nos que participan as Comunidades Autónomas ofreceron unha pobre evolución dende a orixe da crise o que limitou substancialmente a capacidade destas para facer fronte ás súas necesidades de gasto. É máis, durante estes últimos anos, víronse obrigadas a soportar os perniciosos efectos das avultadas previsións de ingresos plasmadas nos presupostos aprobados en 2008 e 2009.



O importe das liquidacións negativas correspondentes aos devanditos anos lastrou aínda máis a aplicación do novo sistema de financiamento autonómico. Este non corrixiu os problemas básicos que dende as comunidades se formulaban para a cobertura das súas necesidades de gasto e tampouco satisfizo as expectativas das comunidades que promoveron a súa revisión sobre a base de atribuír maior peso ás cifras de poboación e aos niveis de renda, e o seu resultado prexudicou notoriamente a aquelas outras que, como Galicia, presentan importantes matices e diferenzas na composición da súa poboación e contan con elementos diferenciais que incrementan o custo da prestación dos servizos.

A Comunidade Autónoma de Galicia vén desenvolvendo dende ou 2009 un esforzo continuado para, en primeiro lugar, conter o gasto e, a continuación, como consecuencia da diminución dous recursos durante os exercicios seguintes, realizar un amplo esforzo para que a redución do gasto se concentre no de carácter improdutivo. Fronte á caída dos ingresos que proveñen do sistema de financiamento, aplicouse unha política económica baseada na austeridade e a consecución da estabilidade orzamentaria co obxectivo de preservar a prestación dous servizos públicos fundamentais e liberar rendas e recursos para a súa



XUNTA DE GALICIA

aplicación na economía produtiva. Buscouse fortalecer a confianza na solvencia do sector público galego, reforzando o seu compromiso con España e coa Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria

No ano 2014, a Comunidade continúa nesta liña e tamén se marca como obxectivo o cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria referido ao trienio 2014-2016, fixado, para o conxunto de comunidades, polo Consello de Ministros do 28 de xuño de 2013 e establecido para o 2014 nunha necesidade de financiamento do 1 % do PIB en termos de contabilidade nacional. O cumprimento deste obxectivo determina unha adaptación do gasto, priorizando o dirixido á prestación dos servizos sociais básicos: sanidade, educación e protección e asistencia social.

A priorización destas políticas públicas complementábase cunha actividade investidora redimensionada, alineada coa estratexia Europa 2020, e acorde coas principais necesidades dos cidadáns e coa presenza de políticas de apoio aos emprendedores e ás empresas que inciden na promoción dos sectores considerados estratéxicos e perseguen mellorar os mecanismos de financiamento empresarial, o proceso de internacionalización das nosas empresas e servir como instrumento para a creación de emprego, de forma que se asentan os piares dun novo modelo de crecemento solidario.

Galicia anticipouse ao resto do autonomías no establecemento dun marco de disciplina fiscal que permitise alcanzar o obxectivo de estabilidade e en 2011 aprobou a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sostibilidade orzamentaria, en virtude da cal se consolidou legalmente a fixación " a priori" do límite de gasto non financeiro como medida de garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria.



XUNTA DE GALICIA

Ao abeiro do parágrafo un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2014 en 8.456 millóns de euros.

II

De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, no contido da Lei de Orzamentos distínguense dous tipos de preceptos: En primeiro lugar, os que responden ao contido mínimo, necesario e indispoñible desta, que está constituído pola determinación da previsión de ingresos e a autorización de gastos. En segundo lugar, os que conforman o que se denominou como o contido eventual, na medida que se trata de materias que gardan relación directa coas previsións de ingresos, as habilitacións de gastos ou os criterios de política económica xeral, que sexan complemento para a máis doada interpretación e máis eficaz execución dos Orzamentos e da política económica do Goberno.

Así mesmo, o Alto Tribunal sinala que, se ben a Lei de Orzamentos pode cualificarse como unha norma esencialmente temporal, nada impide que accidentalmente poidan formar parte da lei preceptos de carácter plurianual ou indefinido.

A parte dispositiva da lei estrutúrase en seis títulos, vinte e tres disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras.



XUNTA DE GALICIA

O título I relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, comeza por delimitar o ámbito dos orzamentos, incorporando a tipoloxía de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Este título recolle a parte esencial do orzamento, e inclúe, no seu capítulo I, os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos órganos estatutarios, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta que para efectos orzamentarios teñen a consideración de organismos autónomos, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Dentro deste capítulo I detállanse os beneficios fiscais que afectan aos tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais autorízanse as dotacións as subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

No capítulo II deste título regúlanse os principios que rexen as modificacións orzamentarias, con expresión das regras de vinculación que afectan aos créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliáveis e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.



XUNTA DE GALICIA

O título II, relativo aos gastos de persoal, divídese en catro capítulos. O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público recolle que para o ano 2014 non se procederá a incorporación de persoal no sector público salvo que poida derivarse da Oferta de Emprego Público de exercicios anteriores e agás nos sectores determinados na lexislación básica estatal, nos que a taxa de reposición será do 10 %. A Limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto Básico do Empregado Público. No resto do capítulo, mantéñense as normas vixentes en 2013, no relativo a contratación de persoal laboral temporal e de funcionario interino e persoal vinculado ás encomendas de xestión.

Así mesmo, durante o 2014, proseguirá suspendida a aplicación dos pactos ou acordos que contiveren incrementos retributivos para ese exercicio.

O capítulo II, dedicado a os réximes retributivos regula as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, das persoas titulares das delegación da Xunta de Galicia no exterior, dos consellos de administración, do persoal funcionario, do persoal laboral, do persoal ao servizo das institucións sanitarias e do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da administración de xustiza, que non experimentan ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013.

O capítulo III, dedicado a outras disposicións en materia de réxime de persoal activo recolle que para o ano 2014 as Relacións de Postos de Traballo deberán modificarse para axustalas ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal sen que se poida prover aqueles postos para os que non estea prevista dotación. O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal de



XUNTA DE GALICIA

alta dirección das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma o nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios, os profesores de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete mantéñense de maneira similar ao ano 2013.

O capítulo IV, dedicado as Universidades recolle o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a autorización de convocatorias para o provisión temporal de postos de persoal docente e investigador en casos excepcionais.

No título III, relativo ás operacións de endebedamento e garantía, establécese para o 2014 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma que se incrementará nunha contía máxima equivalente ao 1 % do PIB rexional, acomodándose aos límites establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira para este exercicio.

En canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2014 a contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción económica, cun importe de cincocentos millóns de euros.

No título IV, dedicado á xestión orzamentaria, mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, modificacións de contratos de transporte escolar, fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, fiscalización dos nomeamentos ou de contratos de substitución do persoal, identificación dos proxectos de investimento, autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, a revisión de prezos contidos en contratos e concertos, a regulación das transferencias de financiamento, as subvencións nominativas, o pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de



XUNTA DE GALICIA

investigación, o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda que, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e a acreditación do cumprimento de obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

O título V, dedicado ás corporacións locais, estrutúrase en dous capítulos. O primeiro, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, que corresponde na súa totalidade ao fondo base. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no 2013.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos municipios contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao ano 2013.

O título VI, relativo ás normas tributarias, estrutúrase en dous capítulos. O primeiro, dedicado aos tributos propios, modifica e actualiza as cotas tributarias correspondentes as taxas vixentes, ademais de incorporar un artigo no que se modifica a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no referente a cuantificación do canon de auga e o coeficiente de vertedura.



XUNTA DE GALICIA

Tamén incorpórase neste capítulo, unha modificación da Lei que regula o Canon eólico que pretende alcanzar unha maior protección do medio ambiente ao aumentar o beneficio fiscal implícito a repotenciación dos parques eólicos, logrando así unha diminución das servidumes e das cargas para o medio natural, para a paisaxe e para o hábitat no que se localizan estes ao implicar unha redución nos número de aeroxeneradores existentes.

Por último, inclúese un artigo para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

No capítulo referente aos tributos cedidos, sen perder de vista o obxectivo principal dos tributos como fonte de ingresos públicos, as modificacións que se conteñen articúlense en torno a tres eixes fundamentais.

O primeiro deles responde á necesidade de que as persoas con rendas máis baixas poidan ver incrementada a súa renda dispoñible, afondando na progresividade do sistema, a través da minoración do tipo de gravame correspondente ao primeiro tramo da escala autonómica do IRPF, logrando unha maior renda dispoñible para as familias e contribuíntes cuxa base liquidable xeral non supere os 17.707,20 euros.

Nesta mesma liña, e no marco do “Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016. Horizonte 2020”, amplíase o importe da dedución por nacemento ou adopción de fillos de 300 a 360 euros no caso de que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do IRPF fose menor ou igual a 22.000 euros.



XUNTA DE GALICIA

Esta contía incrementábase nun 20 % para os contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación.

Por outra banda, duplicábase o límite da dedución por coidado de fillos menores que pasa de 200 euros a 400 euros.

Finalmente introdúcese unha mellora técnica na dedución por alugamento de vivenda habitual que facilita a presentación da autoliquidación deste imposto.

O segundo persegue empregar os mecanismos tributarios a disposición da Comunidade Autónoma de Galicia para fomentar o inicio de novas actividades económicas que reactiven a economía galega para xerar oportunidades e emprego, combinando este obxectivo co apoio ás enerxías renovables, para conseguir unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro na comunidade autónoma e minorar a dependencia das importacións enerxéticas, fundamentalmente procedentes de combustibles fósiles.

Para estes efectos, introdúcese unha dedución do 92,5 % na cota do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados cando se realice o feito impositivo a que se refire o artigo 13 do Texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, e a concesión ou autorización se refira a enerxías renovables.


Así mesmo, dentro deste eixo de actuación, hai que situar a modificación que se produce no ámbito do imposto sobre sucesións e doazóns, da redución do 99 % que se aplica na base impositiva da modalidade de doazóns, nos casos de transmisión de participacións inter vivos dunha empresa individual ou dun



XUNTA DE GALICIA

negocio profesional ou de participacións en entidades, ao permitir a coexistencia no exercicio de labores de dirección por parte do doador e do donatario durante un prazo máximo dun ano dende que se produce a transmisión.

Ao facilitarse esta coexistencia no desempeño de funcións directivas por parte do transmitinte o adquirente, trátase de favorecer a transmisión interxeracional das empresas de carácter familiar e o seu mantemento no futuro, xa que soportan unha parte importante do PIB e do emprego rexional.




Co terceiro eixo perséguese equiparar o tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos co establecido na práctica totalidade das Comunidades Autónomas, pero mantendo a non tributación polo gasóleo de uso especial e permitindo a devolución de parte o imposto para o caso do gasóleo de uso profesional, de forma que a tributación efectiva do sector do transporte de viaxeiros e mercadorías non vexa incrementada a súa tributación. Por outro lado o efecto recadatorio derivado desta equiparación de tipos permitirá blindar o gasto social e contribuír ao financiamento da sanidade.

Finalmente, en materia de xogo, establécese o devengo trimestral para a taxa fiscal que grava as máquinas así como se modifica a fórmula para o cálculo da cota das denominadas máquinas ou aparellos multiposto, e en relación co xogo do bingo, se simplifica a normativa reguladora da súa fiscalidade, unificándose a súa tributación nunha soa figura tributaria e introducíndose unha nova forma de determinación da base imponible, baseada no "win", isto é, por diferenza entre o valor facial dos cartóns xogados e o importe dos premios repartidos.

As vinte e tres disposicións adicionais consideran aspectos diversos como á información ao Parlamento, as porcentaxes de gastos xerais de estrutura a aplicar nos contratos de obra, a posibilidade de modificar os contratos administrativos e



XUNTA DE GALICIA



convenios cando sexa necesario para o cumprimento do obxectivo de estabilidade, o plan de restablecemento do equilibrio nos orzamentos das entidades públicas instrumentais, a obriga de adecuar estados financeiros das entidades instrumentais ás transferencias os orzamentos iniciais das axencias públicas autonómicas, prestacións familiares por coidado de fillos, a venda de solo empresarial polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, as prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos, a obriga de adecuar os importes dos contratos, concertos e convenios de colaboración ás condicións retributivas establecidas no título II relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde o persoal contratado ao abeiro do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral e a evolución da subvención fixa correspondente ao financiamento estrutural previsto no Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015 de que xa estaban reguladas na lei de orzamentos para o ano 2013.

Incorpóranse na lei unha disposición adicional na que se adecúa as subvencións destinadas a financiar gastos de persoal, as tarifas das encomendas de xestión e nas transferencias a entidades financiadas maioritariamente pola Comunidade Autónoma de Galicia ao título da lei referente aos gastos de persoal, e na disposición referente ao control da información económico-financeira engádesse que as auditorías das contas anuais das axencias públicas autonómicas realizárase pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Incorpóranse como novidades seis disposicións adicionais, a reestruturación de unidades administrativas da Consellería de Sanidade, as medidas de reestablecemento do equilibrio económico necesarias para garantir a viabilidade



económica da explotación das concesión de obra pública baixo o réxime de canon de demanda , a fixación dun canon unitario para garantir a viabilidade económica do sistema promovido pola administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos, a obriga de presentación de facturas nun rexistro administrativo ou a través do sistema de facturación electrónica, e a xestión das taxas de eficiencia enerxética polo Inega.

A lei conta con catro disposicións transitorias. A correspondente á adecuación das entidades públicas instrumentais, e o réxime de transitoriedade para o canon eólico e a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria xa se contemplaban na lei de orzamentos de 2013 e como novidade incorpórase o réxime tributario aplicable aos cartóns do bingo subministrados no ano 2013.

A disposición derogatoria única, establece a derogación da Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo e o Decreto 247/1991, do 4 de xullo, polo que se aproban normas de xestión dos tributos creados pola Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo.

A lei conclúe con cinco disposicións derradeiras. A primeira delas recolle unha modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, na que se unifica o sistema de recadación de impagados do canon de saneamento co establecido para o canon da auga e o coeficiente de vertedura.

A segunda das disposicións derradeira mantén a vixencia das medidas contidas na Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución do produto interior bruto e do aforro dende a súa publicación e establece as condicións para a súa próxima revisión.



XUNTA DE GALICIA

As tres últimas, regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.



XUNTA DE GALICIA

TÍTULO I

APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS E RÉXIME DAS MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO



CAPÍTULO I *Aprobación dos créditos iniciais e do seu financiamento*

Artigo 1.- *Aprobación e ámbito dos orzamentos xerais.*

O Parlamento de Galicia aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, nos que se integran:

- a) Os orzamentos da Administración xeral, nos que se incorporarán os órganos estatutarios e consultivos
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.
- d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.
- e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais ás que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos aos que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.



XUNTA DE GALICIA

g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas ás que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico ás que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do Sistema europeo de contas, agás as universidades públicas.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 2.- Orzamentos da Administración xeral, dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas.

Un.- Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 10.281.347.155 euros, distribuídos da forma seguinte:

	Cap. I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral	4.359.489.392	90.351.219	1.722.770.549	6.172.611.160
Organismos autónomos	3.471.067.074	33.027.805		3.504.094.879
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	1.799.455			1.799.455
Axencias públicas autonómicas	558.141.818	17.000.000	27.699.843	602.841.661
Total	8.390.497.739	140.379.024	1.750.470.392	10.281.347.155

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 3.833.570.031 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

ORIXE	DESTINO			Total
	Organismos autónomos	Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	Axencias públicas autonómicas	
Administración xeral	3.260.638.553	1.799.455	571.132.023	3.833.570.031
Total	3.260.638.553	1.799.455	571.132.023	3.833.570.031

Dous.-A desagregación dos créditos consonte a finalidade á que van destinados establécese desta maneira:



XUNTA DE GALICIA

Funcións	Inporte
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	34.732.177
12 Administración xeral	55.051.625
13 Xustiza	110.214.070
14 Administración local	4.376.589
15 Normalización lingüística	7.079.868
21 Protección civil e seguridade	19.562.239
31 Acción social e promoción social	565.293.892
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	182.950.648
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.143.379
41 Sanidade	3.397.079.845
42 Educación	2.046.716.398
43 Cultura	61.273.204
44 Deportes	18.272.675
45 Vivenda	32.502.667
46 Outros servizos comunitarios e sociais	98.541.308
51 Infraestruturas	268.811.826
52 Ordenación do territorio	17.275.813
53 Promoción de solo para actividades económicas	44.050.608
54 Actuacións ambientais	97.082.744
55 Actuacións e valorización do medio rural	115.068.662
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	113.250.500
57 Sociedade da información e do coñecemento	88.677.263
58 Información estatística básica	4.100.392
61 Actuacións económicas xerais	27.929.167
62 Actividades financeiras	84.687.332
71 Dinamización económica do medio rural	307.991.881
72 Pesca	78.482.713
73 Industria, enerxía e minaría	38.213.092
74 Desenvolvemento empresarial	110.646.227
75 Comercio	15.529.254
76 Turismo	43.232.120
81 Transferencias a entidades locais	117.411.846
91 Débeda pública	2.071.115.131
Total	10.281.347.155

Tres.- A distribución orgánica e económica do orzamento consolidado é como segue:



XUNTA DE GALICIA

Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Parlamento	9.145.373	5.927.866		2.626.166		252.200	4.000	70.300		18.025.925
Consello de Contas	4.902.429	1.243.339		2.705		333.180		36.061		6.517.714
Consello da Cultura Galega	1.238.547	927.400				208.500				2.374.447
Presidencia de Xunta de Galicia	8.908.787	6.691.100		47.968.267		5.130.767	96.143.724	90.194.858	416.667	255.454.170
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	109.700.917	36.466.421	8.100	38.110.243		10.024.307	9.544.671	50.000		203.904.659
Consellería de Facenda	16.705.270	1.210.069		22.751.971		2.699.183	7.061.622			50.428.115
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	32.396.264	4.706.555		35.114.007		28.057.924	303.488.999			403.763.749
Consellería de Economía e Industria	11.655.168	1.362.555		23.783.614		2.902.085	139.511.839			179.415.261
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	1.249.187.295	211.370.077		559.786.694		36.330.973	89.570.417		1.651.896	2.147.897.354
Consellería de Sanidade	43.490.825	1.621.084		3.023.860.227		18.293.037	87.140.358			3.174.405.531
Consellería de Traballo e Benestar	157.954.084	190.190.073		360.815.859		9.924.245	8.117.004			727.001.265
Consellería do Medio Rural e do Mar	150.850.226	9.579.941		16.717.600		108.854.469	295.910.982			581.913.218
Consello Consultivo de Galicia	1.574.937	314.517				101.000				1.990.454
Transferencias a corporacións locais				112.972.806						112.972.806
Débeda pública da Comunidade Autónoma			350.413.147						1.720.701.984	2.071.115.131
Gastos de diversas consellerías	3.266.392	17.540.447		4.439.040	32.181.440	11.554.073				69.001.392
Administración Xeral	1.801.196.514	489.151.444	350.421.247	4.248.949.219	32.181.440	234.665.943	1.036.493.616	90.351.219	1.722.770.549	10.006.181.191



XUNTA DE GALICIA

	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Capítulos										
Escola Galega de Administración Pública	951.077	1.628.241		443.337		134.569				3.197.224
Accesión Galega de Seguridade Pública	671.072	1.666.445				26.038				2.364.556
Instituto Galego de Estatística	2.613.568	339.119				964.592				3.917.279
Consello Galego da Competencia	272.148	74.217								346.365
Instituto de Estudos do Territorio	1.829.761	85.703		40.375		619.536				2.575.375
Instituto Galego da Vivenda e Solo	8.527.804	3.352.450		3.130.000		25.271.216	3.394.000	32.377.805		76.553.275
Instituto Galego de Consumo	4.200.328	594.328		200.000		652.106	50.000			6.696.962
Servizo Galego de Saúde	1.465.878.866	844.943.603		817.093.216	72.618.560	122.443.500	2.599.000	650.000		3.326.116.745
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	4.834.316	644.866				782.859				6.262.041
Fondo Galego de Garantía Agraria	4.168.321	546.679		8.000		1.225.376	71.116.784			77.065.060
Organismos autónomos	1.493.987.259	853.374.751		820.914.923	72.618.560	132.121.792	77.649.784	33.027.805		3.504.094.679
Consello Económico e Social de Galicia	514.889	235.345				3.000				793.234
Consello Galego de Relacións Laborais	601.503	391.385		45.000		8.133				1.046.221
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	1.116.392	626.930		45.000		11.133				1.799.455
Agencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	10.694.898	7.084.129		838.240		59.289.846	706.651		10.063.479	86.677.263
Agencia de Turismo de Galicia	10.088.425	3.791.767		4.609.947		17.940.174	6.791.807			43.232.120
Agencia Galega de Emerxencias	446.410	34.633				4.271.542				4.762.585
Agencia Tributaria de Galicia	11.399.229	1.988.733				28.000				13.386.962
Centro Informativo para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable	4.811.011	1.237.989				6.066.030				12.116.030
Agencia Galega de Infraestruturas	12.378.056	871.929	199.500	7.357.343		181.126.188	29.292.337			231.226.353
Agencia Galega de Innovación	4.048.946	561.305		2.014.289		259.819	44.162.500	5.000.000	1.000.000	57.046.859
Instituto Galego de Promoción Económica	6.065.118	2.527.000	1.042.911	2.222.557		6.186.949	35.814.706	12.000.000	16.936.364	92.495.605
Instituto Emérico de Galicia	1.854.137	498.274		34.918		289.257	13.340.965			16.717.549
Agencia Galega das Industrias Culturais	2.410.046	420.637		434.006		1.630.000	5.230.719			10.125.602
Agencia Galega de Desenvolvemento Rural	3.652.225	788.469				101.044	33.476.697			38.328.439
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	958.771	730.989				1.519.174				3.208.934
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Marino de Galicia	1.798.217	342.333				389.810				2.530.360
Agencias públicas autonómicas	70.615.493	20.855.387	1.242.411	17.511.312		279.957.833	168.816.382	17.000.000	27.699.843	602.841.661
Total orzamento bruto	3.366.815.658	1.364.211.512	351.663.658	5.087.420.459	105.000.000	665.996.701	1.292.959.782	140.379.024	1.760.470.392	14.114.917.166
Total transferencias internas				3.146.232.386			687.337.649			3.833.570.031
Total orzamento consolidado	3.366.815.658	1.364.211.512	351.663.658	1.941.188.073	105.000.000	665.996.701	595.622.137	140.379.024	1.750.470.392	10.281.347.195



XUNTA DE GALICIA

Catro.- Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 10.281.347.155 euros, distribuídos da seguinte forma :

	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral e órganos estatutarios	7.496.601.281	2.174.275	2.507.405.635	10.006.181.191
Organismos autónomos	242.796.326	660.000		243.456.326
Axencias públicas autonómicas	15.073.274	16.636.364		31.709.638
Total	7.754.470.881	19.470.639	2.507.405.635	10.281.347.155

Cinco.- Os beneficios fiscais que afectan ós tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado á Comunidade Autónoma estímense en 313.494.077 euros, consonte o seguinte detalle:

- Imposto sobre sucesións e doazóns: 90.755.600 euros.
- Imposto sobre a renda das persoas físicas (tarifa autonómica): 19.125.000 euros.
- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados: 119.391.500 euros
- Imposto sobre o patrimonio: 69.504.000 euros
- Imposto sobre hidrocarburos (tipo autonómico): 14.717.977 euros



XUNTA DE GALICIA

En cumprimento do establecido no artigo 55.2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, o importe das subvencións reguladoras fíxase en 171.958.908 euros.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 3.- Orzamento das entidades instrumentais do sector público autonómico con orzamento estimativo.

Un. Entidades públicas empresariais.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais ás que se refire a letra e) do artigo 1 desta lei, que recollen as súas estimacións de gastos e as previsións de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 1.

Dous. Consorcios autonómicos.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital dos consorcios aos que se refire a letra f) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 1.

Tres.- Sociedades mercantís públicas autonómicas.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas ás que se refire a letra g) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 1.

Catro.- Fundacións do sector público autonómico.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico ás que se refire a letra h) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 1.



XUNTA DE GALICIA

Cinco.- Aprobación de subvencións de explotación e capital das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas.

Autorízanse as dotacións de subvencións de explotación e capital das entidades públicas empresariais ás que se refire a letra e) do artigo 1 desta lei e das sociedades mercantís públicas autonómicas á que se refire a letra g) do artigo 1 desta lei, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 2.

No caso de que se teñan que superar tales contías máximas, a consellaría competente en materia de facenda daralle conta ao Parlamento de Galicia das razóns que xustificasen tal aumento.



CAPÍTULO II *Das modificacións orzamentarias*

Artigo 4.- *Réxime xeral das modificacións orzamentarias.*

Un.- As modificacións de créditos orzamentarios serán autorizadas consonte os requisitos establecidos no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas excepcións derivadas da aplicación do indicado neste capítulo.

Dous.-As propostas de modificación deberán indicar, co maior nivel de desagregación orgánica, funcional e económica, as aplicacións orzamentarias afectadas, e recollerán adecuadamente os motivos que as xustifican, tanto os relativos á realización do novo gasto proposto coma, se é o caso, á suspensión da actuación inicialmente prevista.

Á comunicación a que se refire a disposición adicional segunda do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, uniráselle unha explicación sobre os motivos que a xustifican en relación co novo gasto proposto e a súa repercusión, se é o caso, sobre os obxectivos do programa afectado con respecto aos inicialmente previstos.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 5.- Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias.

Sen prexuízo das facultades que se lle asignan no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, atribúenselle á persoa titular da Consellería de Facenda competencias específicas para levar a cabo as seguintes modificacións orzamentarias:

- a) Para incorporar os créditos de exercicios anteriores que correspondan a actuacións financiadas ou cofinanciadas pola Unión Europea, de acordo co previsto nos regulamentos do período de programación 2007-2013 que resulten aplicables, así como para as reasignacións destes créditos a que se refire a alínea Dous do artigo 9.
- b) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga en cada exercicio do fondo de reserva constituído consonte o establecido no artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, pola que se aproba o imposto sobre a contaminación atmosférica.
- c) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga dos créditos xerados, con destino ao financiamento de gastos derivados da realización de probas de selección de persoal, como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos no artigo 30, «Taxas administrativas».
- d) Para incorporar o crédito de exercicios anteriores, que non acadase a fase de recoñecemento da obriga, no capítulo VIII dos orzamentos de gastos da Administración xeral, ou, se é o caso, nos dos organismos autónomos, no suposto



XUNTA DE GALICIA

previsto no artigo 43 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, sobre tratamento dos créditos para provisións de riscos non executados.

e) Para incorporar o crédito de exercicios anteriores, que non acadase a fase de recoñecemento da obriga, destinado á atención das obrigas derivadas de expedientes de expropiacións.

f) Para xerar crédito polo importe que corresponda á maior recadación das taxas e dos prezos públicos e privados respecto das previsións que inicialmente se establecen para as distintas seccións orzamentarias no anexo 3 desta lei, sempre que quede garantido o necesario equilibrio económico-financeiro, de acordo co previsto no artigo 9.

g) Para xerar crédito polo importe que corresponda aos maiores ingresos pola prestación do servizo de recadación executiva a outros entes, do subconcepto 399.04, do orzamento de ingresos.

h) Para xerar crédito, na sección orzamentaria correspondente, por contía igual ao importe das compensacións económicas a favor da Comunidade Autónoma derivadas de pólizas subscritas con compañías de seguros.

i) Para xerar crédito na sección 12, Consellería do Medio Rural e do Mar, polo importe que corresponda ao produto da venda do patrimonio das extintas cámaras agrarias locais e provinciais, con destino aos fins previstos na disposición adicional sétima da Lei 11/1995, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996 e na disposición adicional cuarta da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego. Para tal fin, por pedimento da consellaría interesada, a Consellería de Facenda tramitará o



XUNTA DE GALICIA

oportuno expediente de desafectación, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e nos artigos 24 e seguintes do seu regulamento de execución.

j) En relación co orzamento do Servizo Galego de Saúde:

1. Para xerar créditos como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos en cada unha das seguintes aplicacións do orzamento de ingresos do Servizo Galego de Saúde:

-30, «Taxas administrativas».

-37, «Ingresos por ensaios clínicos».

-36, «Prestacións de servizos sanitarios», e 39, «Outros ingresos», computados conxuntamente.

2. Para xerar crédito derivado dos ingresos devengados en exercicios anteriores que non acadasen a fase de recoñecemento do dereito e que correspondan ao financiamento dos centros e servizos sanitarios transferidos á Comunidade Autónoma polas corporacións locais, sempre que excedan as cifras orzadas inicialmente por eses conceptos no correspondente exercicio.

k) Para xerar crédito no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», por un importe igual á diferenza que poida existir entre a liquidación definitiva de exercicios anteriores correspondentes aos distintos mecanismos financeiros do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e a estimada no estado de ingresos para o dito concepto.



XUNTA DE GALICIA

l) Para xerar crédito no capítulo VIII de gastos cos ingresos do capítulo IX procedentes das operacións ás que se refire o parágrafo terceiro da alínea Un e a letra b) da alínea Dous do artigo 37 desta lei.

m) Para xerar crédito nas entidades públicas instrumentais polos ingresos que se produzan nelas cando resulten beneficiarias das ordes de convocatorias de axudas realizadas por calquera Administración que non estivesen orzadas inicialmente.

n) Para, a solicitude motivada dos organismos intermedios da autoridade de xestión dos programas operativos, xerar crédito co obxecto de garantir a completa execución do marco financeiro de fondos comunitarios 2007-2013.

Así mesmo, unha vez aprobados os programas operativos correspondentes aos fondos europeos do marco financeiro 2014-2020, poderá xerar crédito financiado con eles.

ñ) Para introducir nos estados de gastos as modificacións precisas para adecuar os créditos afectados por transferencias finalistas de calquera procedencia, incluíndo entre esas medidas a declaración de indispoñibilidade do crédito e a súa baixa en contabilidade.

No suposto de que as obrigas recoñecidas ata ese momento superen o importe real da transferencia, o seu financiamento realizarase mediante as oportunas minoracións noutros créditos, preferentemente de operacións correntes, da sección de que se trate.

o) Para introducir as variacións que sexan necesarias nos programas de gasto das entidades públicas instrumentais para reflectir as repercusións que neles teñan as



XUNTA DE GALICIA

modificacións dos créditos que figuran no estado de transferencias entre subsectores dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

p) Para realizar as adaptacións técnicas e as transferencias de crédito que procedan como consecuencia de reorganizacións administrativas, da posta en marcha de organismos autónomos e axencias públicas autonómicas ou do traspaso de competencias nas que estean implicadas outras administracións, sen que en ningún caso, polo que se refire aos dous primeiros supostos, poida orixinarse incremento de gasto.

q) Autorizar transferencias de créditos entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma consellaría, cando teñan por obxecto cofinanciar incorporacións de remanentes de crédito de exercicios anteriores correspondentes a financiamento condicionado.

r) Autorizar transferencias de créditos entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma ou de distinta consellaría, cando teñan por obxecto redistribuír remanentes de crédito do capítulo I.

s) Para efectuar no orzamento de capital do Instituto Galego de Promoción Económica as modificacións que sexan precisas para a disposición do préstamo autorizado na alínea Dous do artigo 37 desta lei.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 6.- Vinculación de créditos.

Un.- Os créditos consignados nos estados de gastos destes orzamentos quedarán vinculados ao nivel establecido no artigo 56 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, con excepción dos créditos que se relacionan a seguir, que serán vinculantes co grao de vinculación que se indica:

120.20, «Substitucións de persoal non docente».

120.21, «Substitucións de persoal docente».

120.22, «Regularización da parte proporcional das vacacións dos/as substitutos/as docentes».

120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente».

121.07, «Sexenios».

130.02, «Complemento de perigosidade, penosidade e toxicidade».

131, «Persoal laboral temporal».

131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal».

132, «Persoal laboral temporal (profesorado de relixión)».

133, «Persoal laboral temporal indefinido».

136, «Persoal investigador en formación».

226.01, «Atencións protocolarias e representativas».



XUNTA DE GALICIA

226.02, «Publicidade e propaganda».

226.06, «Reunións, conferencias e cursos».

226.13, «Gastos de funcionamento de tribunais de oposicións e de probas selectivas».

227.06, «Estudos e traballos técnicos».

228, «Gastos de funcionamento de centros e servizos sociais».

229, «Gastos de funcionamento de centros docentes non universitarios».

A mesma consideración terán os créditos correspondentes á aplicación 11.04.312E.227.65, «Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal», así como os créditos correspondentes á aplicación 07.A1.512B.600.3, «Expropiacións en materia de estradas», e ás diferentes aplicacións do capítulo VI correspondentes a mandatos á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A ou entidade pública que se subroga na súa posición.

O concepto 160, “Cotas sociais”, vinculará a nivel sección agás as entidades con personalidade xurídica de seu, as cales vincularán a nivel de servizo.

Os conceptos 480, «Transferencias correntes a familias», e 481, «Transferencias correntes a institucións sen fin de lucro», por unha parte, e os conceptos 780, «Transferencias de capital a familias», e 781, «Transferencias de capital a institucións sen fin de lucro», pola outra, serán vinculantes entre si. A mesma consideración terán os créditos dos subconceptos 221.07, «Comedores escolares», e 223.08, «Transporte escolar», que vincularán entre eles.



XUNTA DE GALICIA

Así mesmo, terán carácter vinculante, co nivel de detalle económico co que aparezan nos estados de gastos, as transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Dous.- As transferencias ás que se refire o artigo 67 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, cando afecten os créditos anteriores, deberán ser autorizadas pola persoa titular da Consellería de Facenda.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 7.- Créditos ampliables.

Un.- Con independencia dos supostos previstos no punto 1 do artigo 64 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, terán excepcionalmente condición de ampliables os créditos seguintes:

- a) Os incluídos nas aplicacións 06.A2.621A.227.07 e 06.A2.621A.227.08 destinados ao cumprimento dos convenios para a xestión e liquidación e os premios de cobranza autorizados pola recadación en vía executiva así como nas transferencias da sección 06 que as financian.
- b) As obrigas contraídas no exterior e que deban ser pagadas en divisas de cambio variable, pola diferenza existente entre o tipo de cambio previsto e o seu importe real no momento do pagamento.
- c) Os destinados ao pagamento das obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma. Cando se trate dun organismo autónomo ou dunha sociedade pública, a ampliación materializarase a través da sección orzamentaria á que figuren adscritos.
- d) Os créditos destinados ao pagamento dos premios de cobranza e participacións en función da recadación de vendas e restantes créditos de vivendas, soares, locais e edificacións complementarias correspondentes ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, así como os referidos aos traballos de facturación e apoio á xestión do patrimonio inmobiliario do devandito instituto, que se establezan de acordo coas cifras recadadas no período voluntario.



XUNTA DE GALICIA

e) Os créditos de transferencias a favor da Comunidade Autónoma que figuren nos orzamentos de gastos dos organismos autónomos e axencias públicas autonómicas ata o importe dos remanentes da tesouraría que resulten como consecuencia da súa xestión.

f) Os incluídos na aplicación 21.01.811B.460.0, con destino ao pagamento da liquidación de exercicios anteriores, que corresponde ao Fondo de Cooperación Local.

g) Os créditos vinculantes incluídos nas aplicacións 120.20, «Substitucións de persoal non docente», 120.21, «Substitucións de persoal docente», e 120.22, «Regularización da parte proporcional das vacacións dos/as substitutos/as docentes», que se considerarán ampliables unicamente con retencións noutros créditos do capítulo I da propia sección orzamentaria ou do organismo autónomo.

h) Os créditos incluídos na aplicación 05.11.313D.480.0, destinados ao pagamento de axudas periódicas a mulleres que sofren violencia de xénero.

i) Os incluídos na aplicación 23.03.621A.890.00, destinados ao Fondo de Garantía de Avais.

Esta ampliación financiarase con baixa nas dotacións da aplicación 08.01.741A.732.05 e das correspondentes ao Instituto Galego de Promoción Económica.

j) Os créditos da sección 09, “Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria”, a que se refire o artigo 55 desta lei.



XUNTA DE GALICIA

k) Os créditos destinados ao pagamento do complemento autonómico ás pensións non contributivas de xeito que permitan dar cobertura a todos os solicitantes que cumpran os requisitos esixidos pola Administración.

l) Os créditos destinados ao pagamento da renda de integración social de Galicia (Risga).

Dous.-Para os efectos do previsto no artigo 64.1.g) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, terán a consideración de seccións orzamentarias as secretarías xerais da Presidencia.

Tres.- O financiamento das ampliacións de crédito, ademais de por medio dos mecanismos previstos no artigo 64.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, poderá tamén realizarse con baixas de crédito noutros conceptos orzamentarios.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 8.- *Transferencias de crédito.*

Un.- Con independencia das limitacións ás que se refire o artigo 68.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e sen prexuízo do previsto na alínea 3 do citado artigo, non poderán tramitarse expedientes de transferencias de crédito que atinxan aos capítulos VI e VII cando deles derive incremento do gasto corrente.

Esa restrición non lles será aplicable:

- a) Cando se destinen á atención de gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras situacións de natureza análoga e carácter excepcional, logo da declaración polo Consello da Xunta da situación excepcional, catastrófica ou de análoga natureza.
- b) Aos incrementos do capítulo I que, se é o caso, poidan orixinarse polo desenvolvemento de procesos de regularización derivados de acordos sobre materias de función pública subscritos entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais.
- c) Aos incrementos do capítulo I derivados do cumprimento de sentenzas xudiciais firmes ou autos de obrigada execución.
- d) Aos incrementos do capítulo I derivados do previsto na alínea Cinco do artigo 14 desta lei.
- e) Excepcionalmente, cando as características das actuacións que se deban executar para o cumprimento da finalidade do programa orzamentario previsto esixan a adecuación da natureza económica do gasto.



XUNTA DE GALICIA

f) Cando teñan por obxecto atender as obrigas a que se refire o artigo 60.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, sempre que se xustifique a imposibilidade de tramitalas con cargo a gasto corrente.

g) As transferencias para atender xuros de mora cando se xustifique a imposibilidade de tramitalas con cargo a gasto corrente.

Dous.- Polo que se refire á función 42 da sección 09, «Cultura, Educación e Ordenación Universitaria», función 41 da Sección 10, «Sanidade», e función 31 da Sección 11, «Traballo e Benestar», a limitación indicada na alínea anterior unicamente será aplicable unha vez superado o 5 % das dotacións iniciais dos capítulos VI e VII. Esa porcentaxe será do 20 % para o Servizo Galego de Saúde.

No caso de que as transferencias realizadas baixo este suposto incrementaren créditos do capítulo I destinados ao asinamento de contratos de duración determinada previstos no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores, cando a modalidade de contratación sexa de realización de obra ou servizo prevista na letra a) do artigo 1 da citada disposición, será necesaria a existencia de informe previo e favorable da Dirección Xeral da Función Pública sobre a adecuación da modalidade de contratación que se pretende.

Tres.- Sen prexuízo do disposto no resto de alíneas deste artigo, as transferencias de crédito axustaranse ás seguintes regras:

a) Poderán incrementarse os créditos autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias dos subconceptos 131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal», e 120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario



XUNTA DE GALICIA

non docente», mediante transferencias de crédito do concepto 131, cun límite máximo conxunto do 30 % dos créditos iniciais do devandito concepto. A superación deste límite con cargo a outros conceptos do capítulo I deberá ser autorizada polo Consello da Xunta por proposta do departamento solicitante e con informe previo da Intervención Xeral e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

b) Non se incrementarán os créditos autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias do subconcepto 226.02, «Publicidade e propaganda»; 227.06, «Estudos e traballos técnicos»; 226.01, «Atencións protocolarias»; e 226.06, «Reunións, conferencias e cursos».

Con todo, a limitación que atinxe o 226.02, «Publicidade e propaganda», non afectará á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nin o Servizo Galego de Saúde cando a transferencia teña a súa causa na necesidade de facer públicas medidas de seguridade en materia de protección civil derivadas da existencia de riscos non previstos ou medidas sanitarias sobre riscos para a saúde pública.

c) Non se poderán diminuír os créditos consignados no programa 312D, «Servizos sociais de atención ás persoas dependentes», agás cando financien créditos que teñan a condición de ampliáveis consonte o previsto na letra l) do artigo 7 desta lei.

d) Non se poderán tramitar transferencias de crédito do capítulo VIII aos restantes capítulos do orzamento.

Catro.- As limitacións sobre transferencias de crédito contidas nas letras b) e c) do artigo 68.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e



XUNTA DE GALICIA

orxamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, non afectarán as transferencias de crédito que se refiran as transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Con independencia do anterior, esas mesmas limitacións entenderanse referidas, no orzamento do Servizo Galego de Saúde, ao orzamento individualizado de cada unha das Estructuras de Xestión Integrada e non aos orzamentos totais.

Cinco.- Ás transferencias de crédito que afecten unicamente á clasificación orgánica e que se efectúen entre Estructuras de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde non lles serán aplicables as limitacións previstas no art. 68 do Decreto lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orxamentario de Galicia, por ter a consideración de simples redistribucións de crédito.

Para os efectos do sinalado no parágrafo anterior, terán tamén a condición de redistribución de crédito as transferencias dentro da mesma Estructuras de Xestión Integrada, sempre que non afecten á clasificación económica.

Así mesmo, para os efectos de facilitar a xestión entre diferentes centros de gasto dentro dunha mesma sección, as transferencias de crédito que afecten os gastos de funcionamento (221, 222, 227.00, 227.01 e 229) serán autorizadas polo seu titular, por teren a consideración de redistribucións de crédito.

Seis.- Ás transferencias de crédito que afecten as aplicacións do Servizo Galego de Saúde e que financien sociedades mercantís e fundacións do sector público de Galicia de carácter sanitario non lles serán aplicables as limitacións establecidas no artigo 68.1 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orxamentario de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

Así mesmo, quedan exceptuadas das limitacións establecidas no artigo sinalado no parágrafo anterior, as transferencias entre partidas que financien sociedades públicas autonómicas cando estean afectadas por procesos de reordenación administrativa funcional autorizados polo Consello da Xunta de Galicia.

Sete.- Sen prexuízo do establecido no artigo 68.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como nas alíneas anteriores deste artigo, o importe máximo das transferencias de crédito que se autoricen para cada consellaría durante este exercicio non poderá diminuír as consignacións iniciais, ao nivel de vinculación legalmente establecido, en máis dun 20 %.

O indicado no parágrafo anterior non será aplicable nos seguintes casos:

- a) Cando teñan por obxecto incrementar conceptos do capítulo I de gastos.
- b) Cando se refiran á sección 23, «Gastos de diversas consellarías».
- c) Cando se refiran ao centro de xestión 5001 do Servizo Galego de Saúde.
- d) Cando se refiran a fondos propios que pasen a cofinanciar proxectos con fondos europeos.
- e) Cando se refiran aos créditos consignados no capítulo V de gastos.
- f) Cando se refiran a axudas ou subvencións, no caso de que a orde de convocatoria pola que se rexe a súa concesión asigne o gasto a diversas aplicacións orzamentarias e non sexa posible determinar previamente a contía imputable a cada unha delas.



XUNTA DE GALICIA

- g) As que se refiren as transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.
- h) Cando se realicen entre créditos dos capítulos VI e VII do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles.
- i) Cando teñan por obxecto atender gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras actuacións de natureza análoga e carácter excepcional.
- j) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos necesarios para o mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal, na medida en que se produza a transferencia da súa titularidade ao Servizo Galego de Saúde.
- k) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos dun programa orzamentario que permita o cumprimento da súa finalidade.
- l) Cando se trate de modificacións de crédito derivadas das obrigas as que se refire o artigo 60.2 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- m) Cando se realicen entre créditos dos capítulos II e IV do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles.
- n) Cando se refiran aos créditos da Secretaría Xeral de Universidades, sempre que non afecten o importe total do Plan de financiamento de universidades.



Artigo 9.- Adecuación de créditos.

Un.- Para facilitar a consecución do equilibrio económico-financeiro na execución do orzamento para o ano 2014, os créditos incluídos nos estados de gastos poderán experimentar os axustes necesarios para acomodar o seu importe ao dos recursos, na medida na que estes últimos difiran dos inicialmente previstos nos orzamentos de ingresos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas.

Sen prexuízo do indicado na letra ñ) do artigo 5 desta lei, o Consello da Xunta adoptará, por proposta da Consellería de Facenda, os acordos de non dispoñibilidade de crédito que sexan precisos para cumprir o previsto no parágrafo anterior.

Dous.- Para conseguir o máximo grao de execución posible dos fondos procedentes da Unión Europea, os créditos incorporados que non amparen compromisos de gastos debidamente adquiridos nos exercicios anteriores poderán ser reasignados a outras actuacións, da mesma ou distinta consellaría ou organismo, con suxeición aos respectivos plans financeiros e ás disposicións dos programas operativos e da normativa que os regula, por proposta motivada dos organismos intermedios da autoridade de xestión dos respectivos programas, ou da autoridade de xestión no caso do Feader.



Artigo 10.- *Transferencia de remanentes líquidos de tesouraría.*

Os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais transferiranlle ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma o importe do remanente de tesouraría non afectado resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario.

A Consellería de Facenda poderá xerar crédito con este importe no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», unha vez analizada a súa repercusión e os seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria.

Non obstante, e coa finalidade de evitar que se produzan estes remanentes, a Consellería de Facenda poderalles limitar os libramentos de fondos a estas entidades en función do seu nivel de execución orzamentaria.

As axencias públicas autonómicas para a incorporación do remanente de tesouraría non afectado aplicarán o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. De non se realizar a incorporación procederase conforme o disposto neste artigo para os organismos autónomos e entidades públicas empresariais.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 11.- Consello de Contas.

Con suxeición ás limitacións e a os requisitos establecidos con carácter xeral, as autorizacións de ampliacións e transferencias de crédito que se lle atribúen á persoa titular da Consellería de Facenda entenderanse referidas ao órgano competente do Consello de Contas cando correspondan ao orzamento do citado consello.

As modificacións autorizadas deberanlle ser comunicadas para a súa instrumentación á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.



XUNTA DE GALICIA

TÍTULO II

GASTOS DE PERSOAL



CAPÍTULO I. *Dos gastos do persoal ao servizo do sector público*

Artigo 12.- *Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal.*

Un. As retribucións íntegas do persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia non poderán experimentar no ano 2014 ningún incremento con respecto ás vixentes o 31 de decembro de 2013, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal coma á súa antigüidade.

Dous. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos deberán experimentar a oportuna adecuación, resultando inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento. Debido ás actuais circunstancias económicas excepcionais, suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos asinados que supoñan incrementos retributivos para o ano 2014.

Ademais, mantense a suspensión da aplicación do punto décimo oitavo do Texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 publicado pola Resolución do 31 de xullo de 2013 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Tres. O disposto nas alíneas precedentes entenderase sen prexuízo das adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos seus obxectivos. En calquera caso, calquera modificación da lexislación básica do estado que se produza ao longo do ano 2014 non afectará ás retribucións derivadas da presente lei en tanto non se absorba a diferenza.

Catro. As referencias relativas a retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegas.



XUNTA DE GALICIA

Cinco. As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos, para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ao persoal funcionario, entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciba este nos seus importes líquidos.

Seis. Aos efectos do establecido no presente Título, constitúen o sector público da Comunidade Autónoma:


- a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de autonomía de Galicia para o Parlamento.
- b) A Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos.
- c) As entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento ás que se refire a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- d) As axencias públicas autonómicas.
- e) As entidades integrantes do sistema universitario de Galicia.
- f) As entidades públicas empresariais ás que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- g) Os consorcios autonómicos aos que se refire o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

h) As sociedades mercantís públicas autonómicas ás que se refire o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

i) As fundacións públicas sanitarias e as demais fundacións do sector público da Comunidade Autónoma ás que se refire o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 13.- *Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal.*

Un. Durante o ano 2014, non se procederá no sector público delimitado no artigo anterior, a excepción das sociedades mercantís públicas autonómicas, que se rexerán polo disposto na normativa básica estatal, á incorporación de novo persoal, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores. Esta limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto Básico do Empregado Público.

Respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, a limitación contida na alínea anterior non será aplicable aos sectores determinados na lexislación básica do Estado, nos que, de acordo con ela, a taxa de reposición de efectivos se fixará ata un máximo do 10 %

Dous. A oferta de emprego público dos sectores sinalados no parágrafo segundo da alínea Un deste artigo, resultante da aplicación da taxa de reposición correspondente a cada sector, poderá acumularse e concentrarse nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

A oferta de emprego público así calculada incluírá todos os postos e prazas desempeñados por persoal laboral contratado ou persoal interino nomeado, ao que se refire a alínea a) do punto 1 do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, excepto aqueles sobre os que exista unha reserva do posto ou que estean incursos en procesos de provisión ou se decida a



XUNTA DE GALICIA

súa amortización, existentes neses sectores, funcións e categorías profesionais. Tamén se incluírán aqueles postos aos que se adscribiran os afectados por unha resolución xudicial de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo. Con este fin, realizaranse as adecuacións nos orzamentos que resulten precisas e sempre de acordo co previsto no artigo 9 desta lei.

Tres. Durante o ano 2014, non se autorizarán convocatorias de postos ou prazas vacantes de persoal laboral das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Co obxecto de posibilitar a adecuada optimización dos recursos humanos existentes no sector público autonómico, o persoal funcionario ou laboral fixo que presta servizos na Administración da comunidade autónoma poderá pasar a prestar servizos nas entidades instrumentais do sector público autonómico de acordo co disposto na normativa de función pública.

Catro. O Consello da Xunta poderá autorizar, coa limitación establecida na alínea Un deste artigo, por proposta da Dirección Xeral da Función Pública ou, se é o caso, das consellarías competentes na materia e co informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a convocatoria das prazas vacantes de persoal funcionario e do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Cinco. Durante o ano 2014, non se procederá, no sector público da Comunidade Autónoma delimitado no artigo anterior, á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás




XUNTA DE GALICIA

en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais segundo o establecido nos artigos seguintes.



Artigo 14.- *Contratación de persoal laboral temporal e nomeamento de persoal funcionario interino no ámbito da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos e axencias públicas.*



Un. Durante o ano 2014, no ámbito ao que se refiren as letras b) e d) da alínea Seis do artigo 12 desta lei, en casos excepcionais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e sempre que non poidan ser atendidas mediante procesos de reestruturación dos efectivos existentes, poderanse realizar as seguintes contratacións de novo persoal laboral temporal e nomeamentos de persoal estatutario temporal, e persoal funcionario interino, nos supostos previstos no artigo 9.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal dos servizos de saúde, e na letra a) da alínea Un do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, xa se trate de postos reservados nas relacións de postos de traballo a persoal laboral, estatutario ou a persoal funcionario:

- a) Persoal docente, non docente e laboral de centros docentes.
- b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.
- c) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.
- d) Persoal adscrito ao servizo de defensa contra incendios forestais.
- e) Persoal laboral e persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.
- f) Persoal adscrito ao sistema integrado de emerxencias e protección civil.
- g) Persoal que se atope en situación de permiso por parto, adopción ou acollemento.



XUNTA DE GALICIA

h) Persoal laboral relevista substituto do xubilado parcial, independentemente da natureza xurídica do posto que este desempeñe.

As devanditas contratacións adecuaranse estritamente ás necesidades do servizo e terán como límite máximo as previsións orzamentarias establecidas para o efecto.

As direccións xerais competentes remitiranlle á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, con periodicidade mensual, a relación de todas as contratacións de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino e persoal estatutario interino realizados con base nesta excepción. Xunto coa relación achegarase unha memoria explicativa que xustifique a necesidade urxente e inaprazable e o carácter imprescindible para o funcionamento do servizo.

Dous. Durante o ano 2014, no ámbito determinado neste artigo e con carácter excepcional poderán realizarse contratacións de persoal laboral temporal ou nomearse persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2014 nas relacións de postos de traballo, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. Para estes efectos o departamento solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa de que a cobertura do posto resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo.


Tres. Durante o ano 2014, no ámbito determinado neste artigo, poderán atenderse os excesos ou as acumulacións de tarefas mediante a contratación temporal de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino sen adscrición a praza, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e de acordo cos límites que se establecen na letra a) da alínea Tres do artigo 8 desta



XUNTA DE GALICIA

lei. O gasto derivado destas contratacións imputarase necesariamente aos subconceptos 131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal», e 120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente».

Para estes efectos, o departamento solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa de que a contratación resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo e que non puido ser atendida mediante procesos de reestruturación dos efectivos existentes.



Catro. Durante o ano 2014, no ámbito determinado neste artigo, poderán acordarse as substitucións transitorias, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, sempre que non poidan ser atendidas mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes e dentro das limitacións orzamentarias previstas e que cando unha vez valorada polos responsables de xestión a duración prevista da devandita situación resulten absolutamente imprescindibles para o funcionamento do servizo.

A dita autorización conxunta non será necesaria nas seguintes substitucións:

- a) Persoal docente, non docente e laboral de centros docentes.
- b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.
- c) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.
- d) Persoal adscrito ao servizo de defensa contra incendios forestais.



XUNTA DE GALICIA

- e) Persoal veterinario que preste os seus servizos en matadoiros e lonxas ou nos servizos de sanidade e produción animal dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- f) Persoal administrativo que preste os seus servizos nas oficinas de rexistro unificadas da administración da Comunidade Autónoma.
- g) Persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.
- h) Persoal adscrito ao sistema integrado de emerxencias e protección civil.

Cinco. Durante o ano 2014, no ámbito determinado neste artigo, poderá efectuarse o nomeamento de persoal funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal, segundo o previsto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, logo do informe conxunto da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, cos seguintes requisitos:

- a) O financiamento debe proceder de fondos da Unión Europea ou da Administración estatal.
- b) A duración do nomeamento non poderá exceder a execución do programa.
- c) O persoal funcionario interino non ocupará prazas da relación de postos de traballo e a súa selección e nomeamento axustaranse ao procedemento establecido polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento do persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

Seis. De conformidade co establecido neste artigo, a aplicación dos pactos e acordos que prevexan medidas relativas á cobertura das ausencias do persoal das institucións sanitarias deberá respectar o carácter absolutamente imprescindible das substitucións transitorias do persoal. En consecuencia, serán os órganos de xestión das institucións sanitarias os que, atendendo as necesidades asistenciais, determinarán as medidas axeitadas para manter a cobertura asistencial, adecuándose, asemade, aos principios e criterios de responsabilidade na xestión do gasto e de eficiencia na asignación e o emprego dos recursos públicos, atendendo a situación económica e o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira, consonte o preceptuado na Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 15.- *Contratación de persoal laboral de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos.*

Un. Durante o ano 2014, no ámbito ao que se refiren as letras b) e d) da alínea Seis do artigo 12 desta lei poderán formalizarse contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración de acordo co disposto na lexislación de contratos do Sector Público, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.
- b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- c) Que pola natureza das obras ou dos servizos non poidan ser executados por persoal fixo.
- d) Que se refiran a obras e proxectos concretos.

Do cumprimento dos anteriores requisitos deberase deixar constancia no correspondente expediente de contratación.

Dous. Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal



XUNTA DE GALICIA

contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, poderán dar lugar á esixencia de responsabilidades, segundo o artigo 122 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O gasto xerado por estas contratacións, con excepción das suxeitas normativamente ao Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, así como o gasto que corresponda ás contratacións de persoal temporal dedicado á extinción de incendios forestais e ás contratacións de persoal temporal asociado a proxectos de investigación, imputaranse ao concepto correspondente do artigo 13 no programa e na consellaría de que se trate.

Tres. A realización destes contratos será obxecto de fiscalización previa nos casos nos que esta resulte preceptiva, de conformidade co establecido nos artigos 94 a 117 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. A intervención delegada do departamento, ou órgano equivalente, certificará, despois da proposta fundamentada do xestor, que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda computado sempre na súa proxección anual.

Catro. A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que excedan o devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevén no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e



XUNTA DE GALICIA

orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Cinco. O servizo xurídico do departamento ou organismo emitirá informe sobre os contratos con carácter previo á súa formalización e, en especial, pronunciarase sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e das formalidades esixidos pola lexislación laboral.

Seis. Non se poderán realizar contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos sen autorización previa da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Sete. Os contratos que se iniciasen durante o exercicio de 1999 ou anteriores e que teñan unha data de finalización posterior ao 31 de decembro de 1999 poderán continuar imputándose ao capítulo VI do orzamento de gastos do correspondente departamento ata o seu termo.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 16.- *Contratación de persoal temporal no ámbito das restantes entidades públicas instrumentais.*

Un. Durante o ano 2014, no ámbito ao que se refiren as letras c), f), g), h) e i) da alínea Seis do artigo 12 desta lei e con carácter excepcional poderán realizarse contratacións de persoal laboral temporal ou nomearse persoal funcionario interino ou persoal estatutario interino para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2014 nos cadros de persoal ou nas relacións de postos de traballo, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que se poderá conceder tras a debida xustificación motivada da entidade solicitante de que a cobertura resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento da entidade.

Dous. Non será necesaria solicitar a autorización conxunta requirida na alínea anterior nas seguintes contratacións de novo persoal laboral temporal e nomeamentos de persoal estatutario temporal, e persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano:

- a) Persoal dedicado á defensa contra incendios forestais.
- b) Persoal que preste servizo nas unidades asistenciais das sociedades sanitarias e fundacións sanitarias.
- c) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.

Tres. Durante o ano 2014, no ámbito determinado na alínea Un, poderanse realizar, excepcionalmente, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, tras a



XUNTA DE GALICIA

debida xustificación motivada da entidade solicitante de que a cobertura resulta absolutamente imprescindible e de que a necesidade non pode ser satisfeita mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes as seguintes contratacións:

- Contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de obra ou servizo determinado.
- Contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de acumulación de tarefas.

Para estes efectos, deberase remitir unha memoria xustificativa da necesidade da contratación solicitada e da adecuación da modalidade contractual. Así mesmo, incluírase unha memoria económica na que se valoren todos os aspectos económicos da solicitude e da forma de financiamento.

Catro. Con periodicidade mensual deberase remitir á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos a información referida a todas as contratacións realizadas durante o período pola entidade, independentemente da modalidade contractual e da súa duración.



Artigo 17.- Contratación de persoal vinculado a encomendas de xestión.

Durante o ano 2014 as encomendas de xestión que realicen a Administración da Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos ou as axencias públicas ás entidades a que se refiren as letras f), h) e i) da alínea Seis do artigo 12 desta lei non poderán supoñer a contratación de persoal temporal por parte das devanditas entidades con cargo ás contías recibidas como contraprestación da realización das encomendas de xestión.

Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as contratacións de persoal temporal que estiveren previstas no programa de actuación, investimento e financiamento.

Esta limitación non será aplicable a proxectos financiados con fondos finalistas do Estado e da Unión Europea.



CAPÍTULO II. *Dos réximes retributivos*

Artigo 18. Retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo.

Un. No ano 2014 as retribucións dos Altos cargos non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013, quedando, polo tanto, establecidas nas seguintes contías, sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade que lles puidera corresponder de conformidade coa normativa vixente:

Presidente da Xunta: 66.923,04 €.

Vicepresidente e conselleiros: 58.659,48 €.

Secretarios xerais, secretarios xerais técnicos, directores xerais, delegados territoriais e asimilados: 51.593,54 €.

Dous. No ano 2014 as retribucións dos membros do Consello de Contas non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013, quedando, polo tanto, establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

Conselleiro maior: 62.223,84 €.

Conselleiros: 58.659,48 €.

Tres. No ano 2014 as retribucións dos membros do Consello Consultivo de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013, quedando, polo tanto, establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:



XUNTA DE GALICIA

Presidente: 62.223,84 €.

Conselleiros: 58.659,48 €.

Catro. No ano 2014 as retribucións totais do persoal directivo a que se refire o artigo 7 do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, do restante persoal previsto nese decreto e dos altos cargos das entidades públicas instrumentais de consulta e asesoramento non experimentaran incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013.

Cinco. Por proposta da persoa titular da consellaría á que se atopen adscritas, as retribucións iniciais das persoas titulares das presidencias e vicepresidencias e, se é o caso, das direccións xerais das entidades ás que se refire a alínea anterior deste artigo serán autorizadas, logo do informe conxunto da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, pola persoa titular da Consellería de Facenda.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 19.- Complemento persoal.

O persoal funcionario designado para ocupar postos incluídos nos anexos de persoal dos orzamentos da Administración xeral, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas que dean lugar á consideración de alto cargo e que no momento do seu nomeamento manteña unha relación de servizo permanente, non contractual, con algunha administración pública non poderá percibir retribucións inferiores ás que tiña asignadas no posto de procedencia.

Cando se produza esa circunstancia, o persoal indicado terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade dos conceptos retributivos, básicos e complementarios, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións do mesmo carácter que lle correspondan polo posto que ocupe na Administración autonómica galega.

O recoñecemento do dereito á percepción deste complemento será realizado en cada caso pola Dirección Xeral da Función Pública.

Os complementos persoais e transitorios permanecerán coas mesmas contías que o 31 de decembro do ano 2013.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 20.- *Retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior.*

As contías das retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior para o ano 2014 non poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes o 31 de decembro do ano 2013, sen prexuízo do dereito ás indemnizacións, as axudas de custo e a aplicación de coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlles por residencia no estranxeiro. Así mesmo terán dereito a percibir os trienios que poidan ter recoñecidos como persoal funcionario e persoal ao servizo das administracións públicas.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 21.- *Retribucións dos consellos de administración.*

No ano 2014 as retribucións dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas ou das entidades públicas empresariais non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013.



Artigo 22.- Criterios retributivos en materia de persoal funcionario

Un. As retribucións que percibirá no ano 2014 o persoal funcionario da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, que desempeñen postos de traballo para os que o Goberno da Comunidade Autónoma aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na devandita lei, serán as seguintes:


a) O soldo e trienios, nas nóminas ordinarias de xaneiro a decembro de 2014, que corresponda ao grupo ou subgrupo no que se atope clasificado o corpo ou a escala a que pertenza a persoa funcionaria, coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Soldo	Trienios
A1	13.308,60	511,80
A2	11.507,76	417,24
B	10.059,24	366,24
C1	8.640,24	315,72
C2	7.191,00	214,80
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007, do 12 de abril)	6.581,64	161,64



XUNTA DE GALICIA

b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano e percibiranse de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1989. O importe de cada unha destas pagas será o importe do soldo e dos trienios establecido a continuación e dunha mensualidade de complemento de destino:



Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Soldo	Trienios
A1	684,36	26,31
A2	699,38	25,35
B	724,50	26,38
C1	622,30	22,73
C2	593,79	17,73
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007, do 12 de abril)	548,47	13,47

Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

c) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:



Nivel	Euros
30	11.625,00
29	10.427,16
28	9.988,80
27	9.550,20
26	8.378,40
25	7.433,64
24	6.995,04
23	6.556,92
22	6.118,08
21	5.680,20
20	5.276,40
19	5.007,00
18	4.737,48
17	4.467,96
16	4.199,16
15	3.929,28
14	3.660,12
13	3.390,36
12	3.120,84
11	2.851,44
10	2.582,28

d) O complemento específico anual que, se é o caso, estea fixado ao posto que se desempeñe. Este complemento non experimentará na súa contía anual ningún incremento con respecto da vixente a 31 de decembro de 2013 e percibirase en doce mensualidades.



XUNTA DE GALICIA

e) O complemento de produtividade que, se é o caso, se destine a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou a iniciativa con que o persoal funcionario desempeñe o seu traballo, nos termos establecidos no artigo 69.3.c) do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.

O complemento de produtividade establecerase de acordo con criterios obxectivos que aprobe o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría correspondente e logo do informe da Dirección Xeral da Función Pública, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, unha vez escoitados os órganos de representación do persoal. Os complementos de produtividade débense facer públicos nos centros de traballo.

As contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

f) As gratificacións por servizos extraordinarios.

Estas gratificacións serán concedidas logo de autorización do Consello da Xunta por proposta da consellaría respectiva, cando a súa contía exceda, para todo o exercicio 2014, de 40.000 euros en total. No caso contrario a súa autorización corresponderalle á consellaría.

En todo caso, as devanditas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas polos servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.



XUNTA DE GALICIA

g) Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1989.

Estes complementos persoais e transitorios serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 2014, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. Non se considerarán en ningún caso os trienios, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios, para estes efectos.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución das retribucións manterase o complemento persoal transitorio fixado ao producirse a aplicación do novo sistema, á absorción do cal se lle imputará calquera mellora retributiva ulterior, mesmo a que poida derivar do cambio de posto de traballo.

Dous. Para os efectos do disposto na alínea anterior, as retribucións que percibirá o persoal funcionario que ata a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 viñan referenciadas aos grupos de titulación previstos na lexislación da función pública galega, e que se corresponden nos mesmos termos cos grupos recollidos no texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, pasan a estar referenciadas aos grupos e subgrupos de clasificación profesional establecidos no artigo 76 e na disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, sen experimentar outras variacións que as derivadas desta lei. As equivalencias entrambos os sistemas de clasificación son as seguintes:



XUNTA DE GALICIA

Grupo A Decreto legislativo 1/2008	Subgrupo A1 Lei 7/2007
Grupo B Decreto legislativo 1/2008	Subgrupo A2 Lei 7/2007
Grupo C Decreto legislativo 1/2008	Subgrupo C1 Lei 7/2007
Grupo D Decreto legislativo 1/2008	Subgrupo C2 Lei 7/2007
Grupo E Decreto legislativo 1/2008	Agrupacións profesionais Lei 7/2007

Tres. O persoal funcionario interino incluído no ámbito de aplicación da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, percibirá a totalidade das retribucións básicas, incluídos trienios e pagas extraordinarias, e a totalidade das retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo para o que sexan nomeados, excluídos os que estean vinculados á condición de persoal funcionario de carreira.

Catro. O complemento de produtividade poderáselle atribuír, se é o caso, ao persoal funcionario interino ao que se refire a alínea anterior, así como ao persoal funcionario en prácticas cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación do devandito complemento ao persoal funcionario que desempeñe análogos postos de traballo, agás que ese complemento estea vinculado á condición de persoal funcionario de carreira.

Cinco. Na Administración da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas, nos casos de adscrición durante o ano 2014 de persoal funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo ao que se adscribe, o devandito persoal funcionario percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que



XUNTA DE GALICIA

desempeño, logo da oportuna asimilación que autorice a Dirección Xeral da Función Pública por proposta das consellarías interesadas.

Só para os efectos da asimilación á que se refire o parágrafo anterior, a Dirección Xeral da Función Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do persoal funcionario.

A Dirección Xeral da Función Pública comunicarlle estas autorizacións á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para o seu coñecemento.



Artigo 23.-. Criterios retributivos en materia de persoal laboral.

Un. A masa salarial do persoal laboral dos entes e organismos que se indican na alínea Seis do artigo 12 desta lei, que non experimentarán ningún incremento con respecto á vixente o 31 de decembro de 2013, estará integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social devengados polo devandito persoal no ano 2013.

Exceptúanse en todo caso:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- d) As indemnizacións ou os suplidos por gastos que tivera que realizar o traballador ou a traballadora.

As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais do persoal laboral e antigüidade deste coma ao réxime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, en consecuencia, por separado as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para o ano 2014 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas dos convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2014 e todas as que se produzan ao longo do exercicio, agás as que lle corresponde devengar ao devandito persoal no citado ano polo concepto de antigüidade.



XUNTA DE GALICIA

As indemnizacións ou os suplidos deste persoal non poderán experimentar crecementos con respecto ao ano 2013.

Dous. As retribucións do persoal laboral ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia delimitado na alínea Seis do artigo 12 desta lei non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 24.- Retribucións do persoal ao servizo das institucións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Un. En aplicación do previsto na disposición transitoria sexta.1.a) da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino nas contías sinaladas para os devanditos conceptos retributivos no artigo 22.Un.a), b) e c) desta lei.

O importe anual das retribucións correspondentes ao complemento específico, complemento de produtividade fixa, ao complemento de atención continuada e mais ao complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade e á carreira profesional que, se é o caso, lle corresponda ao referido persoal, non experimentará, ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme aos criterios sinalados no artigo 2.tres.c) e na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987 e no artigo 43.2 da Lei 55/2003, e nas demais normas ditadas para o seu desenvolvemento.

Dous. As retribucións do restante persoal estatutario, funcionario e laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013.

Tres. Nos supostos de pactos e acordos que establezan a asignación de conceptos retributivos ligados á prestación dunha xornada complementaria ou adicional á



XUNTA DE GALICIA

fixada nos propios acordos como xornada ordinaria, o aboamento dos ditos conceptos requirirá da acreditación da prestación efectiva dos servizos.

En ningún caso se poderán satisfacer percepcións retributivas ou asignacións económicas, incluíndo as suplementarias ou mediadas, derivadas de atención continuada, gardas ou concepto equivalente cando non exista prestación efectiva dos servizos motivada por situacións de incapacidade temporal, salvo naqueles supostos expresamente contemplados nunha norma con rango de lei.

Catro. Os requisitos para a modificación das retribucións do persoal ao que se refire este artigo serán os establecidos no artigo 29 desta lei.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 25.- *Retribucións do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza.*

No ano 2014 as retribucións do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza non experimentarán ningún incremento, en termos anuais, respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2013.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 26.- *Criterios retributivos aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non incluído nos artigos anteriores.*

Un. No ano 2014 as retribucións básicas e as complementarias de carácter fixo e periódico do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non incluído nos artigos anteriores non experimentarán incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013, sen prexuízo, se é o caso, da adecuación destas últimas cando sexa necesaria para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde a relación procedente coa súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade e penosidade.

Dous. O conxunto das restantes retribucións complementarias, se é o caso, non experimentará ningún incremento con respecto ás vixentes ó 31 de decembro do ano 2013, sen prexuízo das modificacións que deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para aquel e do resultado individual da súa aplicación.

Tres. Os complementos persoais e transitorios e as demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei.

Catro. As indemnizacións por razón do servizo rexeranse pola súa normativa específica.

Cinco. As prestacións familiares establecidas pola normativa específica do réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e da Administración de xustiza, extensiva, preceptivamente, a determinado persoal funcionario da Comunidade Autónoma, liquidaráselles ás persoas beneficiarias conforme o que determinen as leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou calquera outra disposición que as regule.



CAPÍTULO III. *Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo*

Artigo 27.- *Prohibición de ingresos atípicos.*

O persoal comprendido dentro do ámbito de aplicación desta lei, con excepción daquel sometido ao réxime de arancel, non poderá percibir ningunha participación nos tributos, nas comisións ou noutros ingresos de calquera natureza que lle correspondan á administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdición, nin participación ou premio en multas impostas aínda que estean normativamente atribuídas a eles, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo, sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre gozo de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.



Artigo 28.- *Relacións de postos de traballo.*

Un. As relación de postos de traballo poderán modificarse para executar as sentencias xudiciais firmes que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir aos afectados a un posto preexistente que estivese vacante sen ocupación. Con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da comunidade autónoma serán creados como de persoal funcionario, salvo que, pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.

A súa creación proporase no prazo máximo de tres meses contados a partir da data de firmeza da sentenza xudicial e, una vez creado o posto, adscribirase provisionalmente a el á persoa afectada pola sentenza, procedéndose seguidamente á súa cobertura mediante os sistemas de selección e provisión legalmente establecidos.

Sen prexuízo do anterior, as consellerías e os seus organismos dependentes poderán propoñer mediante a correspondente modificación da relación de postos de traballo a amortización daqueles postos de traballo que consideren que non son necesarios para o cumprimento das funcións que teñen asignadas.

Dous. As relación de postos de traballo vixentes o 1 de xaneiro do ano 2014 deberán modificarse para axustalas ás previsións orzamentarias que se deducen do anexo de persoal da presente lei, sen que, mentres tanto, se poidan prover, provisional ou definitivamente, aqueles postos para os que non estea prevista dotación nos mencionados anexos.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 29.- *Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario.*

Un. Será necesario informe favorable emitido conxuntamente pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal non funcionario e laboral ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia delimitado na alínea Seis do artigo 12 desta lei:

Dous. Con carácter previo ás negociacións de convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2014, deberase solicitar da Consellería de Facenda a correspondente autorización de masa salarial, que cuantifique o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia dos devanditos pactos, achegando para o efecto a certificación das retribucións salariais satisfeitas e devengadas durante o ano 2013.

Cando como consecuencia de convenios ou acordos colectivos resulte a obriga de recoñecementos de complementos persoais de carácter transitorio, deberase establecer que estes complementos serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza nos exercicios sucesivos, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. Non se considerarán en ningún caso o complemento de antigüidade, o complemento de produtividade nin as horas extraordinarias para estes efectos.

Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberánselle comunicar á Consellería de Facenda as retribucións satisfeitas e devengadas durante o ano 2013.



XUNTA DE GALICIA

Para a determinación das retribucións de postos de traballo de nova creación bastará coa emisión do informe ao que se refire a alínea Un deste artigo.

Tres. Para os efectos das alíneas anteriores, entenderase por determinación ou modificación das condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

- a) A determinación das retribucións dos postos de nova creación.
- b) O asinamento de convenios colectivos subscritos polos organismos sinalados na alínea Un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- c) A aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- d) A fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo.
- e) O outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.
- f) A determinación das retribucións correspondentes ao persoal contratado no exterior.

Catro. Co fin de emitir o informe sinalado na alínea Un deste artigo, as consellarías, os organismos e os entes remitiranlles á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o correspondente proxecto, con carácter previo ao seu acordo ou asinamento no caso dos convenios



XUNTA DE GALICIA

colectivos ou contratos individuais, xunto coa achega da valoración de todos os seus aspectos económicos.

Cinco. O sinalado informe será realizado no prazo máximo de quince días, que se contarán desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, e versará sobre todos aqueles extremos dos que deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 2014 coma para exercicios futuros e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ao control do seu crecemento.

Seis. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios ao que determinen as futuras leis de orzamentos.

Sete. Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación das retribucións para o ano 2014 sen o cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 30.- Persoal de alta dirección das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma.

Nos contratos laborais do persoal de alta dirección das entidades ás que se refire este artigo non se poderán fixar indemnizacións, en razón da extinción da relación xurídica coa entidade correspondente, de contía superior á fixada na lexislación reguladora desta relación laboral de carácter especial.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 31.- Nomeamento de profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar, nos centros docentes non universitarios, o nomeamento de profesorado interino con horarios de traballo inferiores aos establecidos con carácter xeral, que percibirán as retribucións básicas e complementarias de forma proporcional á xornada traballada.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tratará de completar o horario docente do persoal interino, compartindo, de ser necesario, varios centros de ensino, para minimizar deste xeito o número de prazas ofertadas segundo o parágrafo anterior.

No caso de ser necesario o nomeamento para prazas a tempo parcial, daráselle preferencia para optar a estas ao profesorado que voluntariamente queira acceder a elas, sobre todo a aquelas persoas que aleguen necesidades de conciliación da vida familiar e laboral.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 32.- *Profesores e profesoras de corpos docentes.*

Sen prexuízo do establecido con carácter xeral no artigo 74, alínea 5, do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, e atendendo as peculiaridades do persoal docente, recoñecidas polo artigo 1, alínea 2, do referido texto refundido, os profesores e as profesoras dos corpos docentes previstos no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderán percibir ata o total das súas retribucións tanto básicas coma complementarias cando sexan autorizados para o gozo de licenzas por estudos durante o curso escolar, nos supostos, termos, prazos e condicións que determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 33.- *Persoal eventual e de gabinete.*

Un. O persoal eventual de gabinete da Administración da Xunta de Galicia unicamente poderá ser adscrito aos departamentos nos que figuren as persoas que formen parte do Consello do Goberno galego.

Dous. A Xunta de Galicia publicará na súa páxina web a información referida á totalidade do dito persoal.

Tres. Prohíbese a contratación de persoal de gabinete por calquera das entidades instrumentais dependentes da Xunta de Galicia, así como por parte das súas delegacións territoriais.



CAPÍTULO IV. Universidades

Artigo 34.- Custos de persoal máximos das universidades de Galicia.

Un. De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, quedan autorizados como límite máximo os seguintes custos do persoal das universidades, en miles de euros:

	Masa salarial	Cargas sociais	Total
A Coruña	72.959,41	11.414,35	84.373,76
Santiago de Compostela	126.730,21	16.188,21	142.918,42
Vigo	76.927,64	11.975,46	88.903,10
Total	276.617,26	39.578,02	316.195,28

Dous. As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia non experimentaran incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 35.-Retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia

O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor non experimentarán, na súa contía anual, ningunha variación respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013, sen prexuízo de que sobre elas se practiquen os axustes precisos para acadar a retribución sinalada no artigo anterior.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 36.- Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal do Sistema universitario de Galicia

As universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia aplicarán a normativa básica prevista no artigo 13 desta lei. Excepcionalmente e con autorización previa conxunta das consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Facenda, poderán proceder á provisión temporal de postos de persoal docente e investigador para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables, que, cando sexa necesario, se publicarán no Diario Oficial de Galicia.

Para estes efectos, a institución solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa que acredite os seguintes extremos:

- Que a cobertura se basea nas necesidades obxectivas de docencia na área de coñecemento en cuestión.
- Que se cumpre o réxime de dedicación previsto na lei e que este non é superior aos encargos docentes que ten asignados a área de coñecemento.
- A fonte de financiamento da provisión solicitada.



XUNTA DE GALICIA

TÍTULO III

OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO E GARANTÍA



CAPÍTULO I *Operacións de crédito*

Artigo 37.- *Operacións de endebedamento por prazo superior a un ano.*

Un.- A posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderase incrementar durante o ano 2014 nunha contía máxima equivalente ao 1 % do produto interior bruto da Comunidade Autónoma.

Para estes efectos, tomarase a posición neta debedora de todos os organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e demais entidades instrumentais de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da Comunidade Autónoma consonte as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Co obxecto de optimizar a carga financeira global da Comunidade Autónoma, a posición neta debedora da Administración xeral poderá incrementarse coa finalidade de amortizar préstamos dos organismos, os entes e as sociedades indicados no parágrafo precedente, no mesmo importe que se amortice.

Dous.- A posición neta debedora será efectiva ao termo do exercicio, podendo ser excedida no curso deste, e quedará automaticamente revisada:

- a) Polas desviacións que poidan xurdir entre as previsións de ingresos contidas nesta lei e a súa evolución real.
- b) Nas contías necesarias para financiar as adquisicións de activos financeiros con destino a suxeitos non comprendidos no punto 1.b) do artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que poidan xurdir ao longo do exercicio.



XUNTA DE GALICIA

c) Na contía necesaria para a adquisición de activos financeiros por parte do Instituto Galego de Promoción Económica, consonte coas condicións de renovación da liña do Banco Europeo de Investimentos que se instrumenten no 2014. Ese posible maior endebedamento debe estar destinado á adquisición de activos financeiros de suxeitos non comprendidos no mencionado punto 1.b) da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

d) Nas contías asumidas en concepto de débeda polas variacións na composición do sector da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en termos do sistema europeo de contas nacionais e rexionais, como consecuencia de que entes que estaban nel considerados pasan a deixar de estalo ou viceversa, así como polo importe dos créditos comerciais e outras contas pendentes de pago financiadas mediante operacións de factoring sen recurso que deban rexistrarse contablemente como débeda financeira.

e) Na contía máxima do endebedamento autorizado nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia dos catro últimos exercicios que non fose utilizado, sempre que estea dentro dos límites de endebedamento autorizados polos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira.

f) Polos anticipos reintegrables ou préstamos concertados con outras administracións públicas para o financiamento de investimentos incluídos en plans ou programas conxuntos.

g) Polos importes adicionais que se amporen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira en materia de endebedamento.

Tres.- No ámbito da Administración xeral, autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda para formalizar as operacións de endebedamento ás que



XUNTA DE GALICIA

se refire este artigo. A formalización poderá realizarse de maneira fraccionada, en función das necesidades de financiamento da Comunidade Autónoma. Estas operacións poderán instrumentarse mediante a emisión de débeda pública, a concertación de créditos ou calquera outro instrumento financeiro dispoñible no mercado.

Igualmente facúltase para, de acordo coas respectivas normas de emisión ou contratación, ou de mutuo acordo cos acredores, acordar operacións de canxe, conversión, amortización anticipada total ou parcial, substitución, refinanciamento ou modificar ou renegociar as operacións de endebedamento xa formalizadas, co obxecto de conseguir a xestión máis adecuada do conxunto do endebedamento da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, poderá acordar operacións con instrumentos financeiros derivados que permitan xestionar o risco ou a carga financeira da Comunidade Autónoma.

Catro.- A Axencia Galega de Infraestruturas subrogarase na posición debedora da Sociedade Pública de Investimentos dende o momento da súa liquidación.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 38.- Débeda da tesouraría.

Un.- A Comunidade Autónoma, para a atención de necesidades da Administración xeral, poderá concertar ou emitir operacións de débeda de tesouraría, por prazo inferior a un ano, conforme o disposto no artigo 31 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, ata un importe que non supere o 15 % da consignación que figura no orzamento da Administración xeral como ingresos correntes incondicionados, entendendo como tal a suma dos capítulos I, II e III e o concepto 400.

Dous.- Autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda a determinar as condicións concretas e a formalizar estas operacións de crédito ou emisión de débeda pública, en calquera das súas modalidades.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 39.- *Outras operacións financeiras.*

A formalización de calquera operación de carácter financeiro a medio ou longo prazo non referida nos artigos precedentes, como instrumentos de leasing, factoring e outros, por parte dos órganos da Administración xeral e de calquera das entidades públicas instrumentais cando o seu importe acumulado exceda os 200.000 euros, deberá contar coa correspondente autorización da Consellería de Facenda, a través da dirección xeral competente en materia de política financeira.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 40.- *Endebemento das entidades instrumentais do sector público*

Un.- As entidades instrumentais do sector público autonómico, así como calquera outra entidade incluída no sector de sociedades non financeiras dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán concertar operacións para atender necesidades transitorias de tesouraría, con prazo de reembolso non superior a un ano, cun límite máximo do 10 % da súa previsión inicial de ingresos correntes ou de explotación. A superación dese límite deberá ser autorizada pola Consellería de Facenda.

Independentemente do anterior, o saldo vivo o 31 de decembro de 2014 non poderá superar por estas operacións o saldo vivo o 31 de decembro do exercicio anterior, agás autorización expresa da Consellería de Facenda.

Dous.- Para concertar, renovar ou modificar as condicións de financiamento de calquera tipo de operacións de endebemento a longo prazo ou de cobertura sobre elas, as entidades instrumentais do sector público autonómico, así como calquera outra entidade incluída no sector de sociedades non financeiras dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán conseguir a autorización da Consellería de Facenda.

Tres.- O endebemento autorizado ao Instituto Galego de Promoción Económica na alínea Dous do artigo 37 terá por obxecto o financiamento de actividades que lle son propias e, consecuentemente, outorgará préstamos, directamente ou a través de entidades financeiras, a pequenas e medianas empresas. O importe autorizado poderá ser disposto nunha ou en sucesivas operacións, sen que en ningún caso o importe acumulado disposto sexa superior ao importe global dos préstamos outorgados e dispostos ás pequenas e medianas empresas.



XUNTA DE GALICIA

Catro.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo, como medida para facilitar o acceso a vivenda, poderá concertar con entidades financeiras préstamos hipotecarios subrogables con destino ao financiamento de actuacións en materia de vivenda de promoción pública, sen que podan establecerse cláusulas das que se deriven responsabilidades do referido instituto unha vez realizada a subrogación, sen prexuízo da previsión nos procedementos de execución hipotecaria, da cesión do remate ou da adxudicación por parte da entidade financeira executante a favor do IGVS, cando sexa imprescindible para garantir o destino e réxime legal da vivenda.

O importe dos créditos hipotecarios vivos no ano 2014 non poderá superar en ningún caso os 24.000.000 de euros. Non obstante, o volume da débeda viva na fin do exercicio non excederá o do 31 de decembro do ano anterior, agás con autorización expresa da Consellería de Facenda.

Cinco.- O réxime de autorización establecido nas alíneas anteriores realizarase a través da dirección xeral competente en materia de política financeira, que asesorará as mencionadas entidades nas distintas operacións financeiras co obxecto de elixir o instrumento máis apropiado, obter as mellores condicións dos mercados financeiros e conseguir unha mellor administración do conxunto do endebedamento da Comunidade Autónoma.

Co mesmo fin, as mencionadas entidades dependentes da Comunidade Autónoma deberanlle remitir á Consellería de Facenda, a través da referida dirección xeral, nos primeiros quince días de cada trimestre, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a seguinte información relativa á fin do trimestre inmediato anterior:



XUNTA DE GALICIA

a) Detalle da situación de endebedamento, desagregando cada operación financeira.

b) Detalle das operacións financeiras activas.

Así mesmo, as citadas entidades estarán obrigas a remitir calquera outra información requirida pola Consellería de Facenda co obxecto de cumprir coas obrigas de subministro de información que veñan establecidas polo Estado pola Unión Europea.



CAPÍTULO II *Afianzamento por aval*

Artigo 41.- *Avais.*

Un.- Con carácter xeral e de conformidade co disposto no artigo 41 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2014 será de 30.000.000 de euros.

Dous.- Adicionalmente, poderase avala o puntual e íntegro cumprimento de todas as obrigas financeiras e pecuniarias do Instituto Galego de Promoción Económica que puideren derivar dos contratos de financiamento asinados co Banco Europeo de Investimentos.

Nos primeiros quince días de cada trimestre, o Instituto Galego de Promoción Económica deberalle remitir á Consellería de Facenda, a través da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa ás disposicións, aplicacións e amortizacións efectuadas das operacións avaladas ante o Banco Europeo de Investimentos.

Tres.- Consonte o disposto no artigo 45 do mesmo texto legal, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2014, avais en contía que non supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500.000.000 de euros.



XUNTA DE GALICIA

Co obxecto de atender proxectos de axuda ao desenvolvemento no exterior, e dentro do saldo indicado no parágrafo anterior, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá avalar operacións de crédito ata 30.000.000 de euros.

Por cada operación de aval e por cada liña ou programa de avais dotarase unha provisión para atender posibles falidos na contía que determine a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, ben en relación co importe da operación individual, ben en consideración ao montante total da liña ou do programa. O importe destas provisións destinarase ao Fondo de Garantía de Avais de acordo co sinalado na letra i) do artigo 7 desta lei.

Nos primeiros quince días de cada trimestre o Instituto Galego de Promoción Económica deberalle remitir á Consellería de Facenda a través da referida dirección xeral, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa aos avais existentes á fin do trimestre inmediato anterior.

Catro.-

a) O Consello da Xunta, por proposta conxunta da persoa titular da Consellería de Facenda e da Consellería á que estea adscrita o Instituto Galego de Promoción Económica, poderá acordar, a instancia motivada do Instituto Galego de Promoción Económica e previa petición dos interesados, logo do informe da Consellería correspondente por razón da materia, a novación das obrigas de reintegro derivadas da execución e pagamento dos avais do Instituto Galego de Promoción Económica, e a suspensión do exercicio das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación dos avais prestados do Instituto Galego de Promoción Económica, corresponden á Comunidade Autónoma, cando se cumpran as seguintes condicións:



XUNTA DE GALICIA

1º) O exercicio da acción de regreso regulada no artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica, afectaría grave ou substancialmente ao mantemento da actividade produtiva ou empresarial a que estean afectos os bens tomados en contragarantía dos avais e a valoración que se efectúe da viabilidade económica da empresa permita considerar que a continuación da explotación é máis vantaxosa para a administración, por permitirlle recuperar en maior grao o importe dos seus créditos.

2º) O debedor deberá ofertar un calendario de pagamentos para o reintegro das cantidades debidas, e garantir estes pagamentos con iguais garantías que as constituídas inicialmente conforme ao previsto na normativa aplicable. O Instituto Galego de Promoción Económica poderá exixir garantías adicionais no suposto de que as inicialmente constituídas resultasen insuficientes.

3º) A novación xustificárase en atención á capacidade económica e previsións de ingresos do titular dos bens, ao mantemento da actividade produtiva ou empresarial e do emprego vinculado a esta, ao valor actualizado dos bens dados en contragarantía. Complementariamente teranse en conta circunstancias tales como a promoción de formas asociativas laborais ou outras consideracións socio-económicas relevantes que deberán ser debidamente motivadas. A novación poderá incluír quita ou minoración do importe debido, ademais de aprazamento de pagamento. A novación establecerá compromisos determinados en materia de mantemento de actividade e emprego, a cargo do beneficiario.

b) O incumprimento do calendario de pagamentos establecido ou dos compromisos asumidos en materia de mantemento de actividade e emprego supoñerá a ineficacia do pacto novatorio e a obriga de reintegro á Administración



XUNTA DE GALICIA

Autonómica do importe total inicialmente debido máis os intereses de demora correspondentes. Poderán establecerse, ademais, penalidade por incumprimento.

O incumprimento supoñerá tamén a incoación das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994 corresponden á Comunidade Autónoma.



XUNTA DE GALICIA

TÍTULO IV
XESTIÓN ORZAMENTARIA



XUNTA DE GALICIA

Artigo 42.- *Intervención limitada.*

A contía á que se refire o artigo 97.1.a) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda establecida no importe fixado para ter a consideración de contratos menores de subministración na lexislación reguladora da contratación do sector público.



Artigo 43.- *Modificacións de contratos de transporte escolar.*

Os contratos administrativos de transporte escolar poderán modificarse por razóns de interese público e para atender causas imprevistas debidamente xustificadas, de conformidade co previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

As modificacións consistentes na variación dos percorridos, así como na reestruturación dos itinerarios, motivadas por razóns técnicas, dado o carácter esencial e impostergable dos servizos de transporte escolar, poñeranse en práctica de xeito inmediato, unha vez comprobado o cumprimento das condicións referidas ao comezo, así como a existencia de crédito orzamentario necesario para levalas a adiante.

Estas modificacións estarán excepciónadas do informe previo da asesoría xurídica cando a súa contía non supere o 20 % do prezo do contrato/día que se vai modificar e o importe anual que represente a modificación non supere os 18.000 euros, IVE excluído.

Con independencia do establecido no artigo 97.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, non estarán sometidas a intervención previa as devanditas modificacións cando non excedan dos límites sinalados no parágrafo anterior.

Malia o anterior, a Intervención Delegada da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprobará, antes da fiscalización do primeiro pagamento, o cumprimento de todos os requisitos exixidos para autorizar e comprometer o gasto.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 44.- *Fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma.*

A intervención previa dos procedementos de contratación de operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma realizarase no momento procedimental inmediatamente anterior ao compromiso que se adquire coa asinamento do contrato, e comprobarase o cumprimento de todos os requisitos esixidos para aprobar e comprometer o gasto.

A handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a horizontal stroke at the bottom.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 45.- *Fiscalización de nomeamentos ou de contratos para substitucións de persoal.*

A fiscalización de nomeamentos e de contratos para substitucións de persoal por razóns de necesidade e de urxencia conxuntural realizarase con carácter previo á alta en nómina, mediante a verificación da adecuación do proceso de selección coa normativa vixente e da existencia de nomeamento ou de contrato, así como de crédito adecuado e suficiente.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 46.- *Proxectos de gasto*

Un. A Consellería de Facenda poderá agregar as partidas de gasto corrente que constitúan un centro de costes en proxectos de gasto aos efectos de asignarlles obxectivos orzamentarios.

Dous. As modificacións dos programas de investimento que impliquen o inicio de novos proxectos ou a variación dos existentes requirirán a asignación dun novo código pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda, logo da tramitación da oportuna modificación polo órgano competente segundo o previsto no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 47.- Autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gastos.

Un.- Requirirá autorización por parte do Consello da Xunta a tramitación de expedientes de contratación e de encomendas de xestión cando o valor estimado ou o importe do gasto, respectivamente, sexa superior a 4.000.000 euros.

Dous.- A tramitación de expedientes que comporte a modificación de convenios que fosen previamente autorizados polo Consello da Xunta requirirá autorización do mesmo órgano. Non obstante, non será precisa esta autorización cando a modificación non supoña unha alteración do obxecto nin comporte incremento do importe total ou no número de exercicios orzamentarios, sempre que a distribución do importe correspondente a cada exercicio respecte os límites aos que fai referencia o artigo 58.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Tres.- Logo de obterse a autorización, a aprobación do gasto corresponderalle ao órgano de contratación da consellaría ou da entidade instrumental do sector público autonómico que xestione o crédito.



Artigo 48.- *Revisións de prezos contidos en concertos ou convenios.*

Con carácter xeral, as revisións de prezos que se establezan nos concertos ou convenios que subscriban durante o ano 2014 a Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e as entidades públicas instrumentais comprendidas no artigo 45 da Lei 16/2010 de Organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, non poderán referenciarse por riba do 85 % da evolución do índice de prezos ao consumo de Galicia. Igualmente, as revisións de prezos e tarifas que afecten a concertos ou convenios xa subscritos non poderán experimentar un incremento superior ao do 85 % do IPC galego do anterior exercicio.

Excepcionalmente, por causas plenamente xustificadas ou por alteracións das condicións dos concertos ou convenios, a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta do departamento correspondente, poderá autorizar a inclusión de cláusulas de revisión por contía diferente á indicada no parágrafo anterior.



Artigo 49.- *Transferencias de financiamento.*

Un.- Teñen a consideración de transferencias de financiamento as achegas en diñeiro nominativas a favor dos organismos e das entidades vinculadas ou dependentes da Administración da Comunidade Autónoma destinadas a financiar global ou parcialmente a súa actividade con carácter indiferenciado.

Dous.- As achegas de natureza corrente deberán librarse con carácter mensual por doceavas partes, agás que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento. Este convenio deberá someterse a informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre a adecuación do réxime de libramento proposto ao ritmo de execución do gasto corrente da entidade.

Os convenios que, de ser caso, estiveren vixentes á entrada en vigor desta lei, deberán ser revisados nos tres primeiros meses do exercicio para os efectos de axustarse ao disposto neste artigo.

Tres.- As achegas de capital libraranse atendendo ao ritmo de execución do gasto de capital da entidade.

Catro.- Os convenios que se formalicen para regular o réxime de libramentos das transferencias de financiamento non precisarán de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Cinco.- A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante o uso das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se



XUNTA DE GALICIA

aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas normas que a desenvolven.



Artigo 50.- Subvencións nominativas.

Un.- Non poderán incrementarse os créditos previstos nesta lei para subvencións nominativas.

Dous.- Os convenios ou resolucións nos que se estableza a concesión de subvencións nominativas regularán así mesmo o réxime de xustificación, pagamentos e anticipos que, se é o caso, se poidan librar. Estes convenios ou resolucións só necesitarán a autorización previa do Consello da Xunta cando de xeito excepcional, logo da xustificación da súa ineludible necesidade, prevegan un pagamento a conta ou ben un anticipo superior aos permitidos nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 51. *Concesión directa de axudas e subvencións.*

A resolución de concesión de subvencións correntes e de capital que con carácter excepcional se realicen ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirá autorización do Consello da Xunta cando a súa contía supere o importe de 6.010 euros por beneficiario e ano, ou as concedidas por cada departamento da Administración autonómica excedan globalmente os 60.100 euros no exercicio, exceptuadas as que vaian ser formalizadas mediante convenio ou instrumento bilateral, ás que lles será aplicable o réxime xeral previsto no artigo 26.3 da devandita Lei 9/2007. Os importes elevaranse a 12.000 euros e 120.300 euros, respectivamente, para a sección 04, servizo 10, Secretaría Xeral da Presidencia.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 52. Simplificación da acreditación do cumprimento de obrigas coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social

De acordo co previsto no artigo 11 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia a obrigación de presentar a certificación que acredita o cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos seguintes casos:

As subvencións ou as axudas que se concedan con cargo ao artigo 77 do orzamento de gastos, cando non superen por beneficiario ou beneficiaria e axuda o importe de 1.500 euros.

As concedidas aos beneficiarios e ás beneficiarias para a mellora da condición de financiamento que se paguen a través das entidades financeiras correspondentes.

As axudas que se concedan para incentivar a contratación de seguros no sector agrario e acuícola, amparados no Plan de seguros agrarios combinados.

As axudas que se concedan con carácter de compensación ou indemnizatorio.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 53.- *Pagamento de axudas e subvencións.*

O pagamento, mediante aboamentos mensuais, das bolsas que se concedan a persoas físicas beneficiarias directas, destinadas expresamente a financiar estudos e investigación en centros públicos ou privados, poderá efectuarse de forma anticipada, con suxeición ao establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 54.- Préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Un. Sen prexuízo da análise de riscos, competencia e responsabilidade do centro xestor do gasto, será preceptivo e vinculante o informe da Consellería de Facenda para a concesión de préstamos con cargo aos créditos do capítulo VIII dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O citado informe terá por obxecto determinar o efecto que as condicións de concesión dos préstamos poidan ter sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e, atendendo as devanditas consideracións, determinará a procedencia da concesión das operacións propostas.

No suposto de préstamos que se vaian conceder a través de procedementos de concorrencia, o citado informe emitirase no momento anterior á aprobación da convocatoria.

Dous. Os beneficiarios dos préstamos deberán acreditar que se atopan ao corrente do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Correspóndelle ao centro xestor do gasto comprobar o cumprimento destas condicións con anterioridade ao pagamento, esixindo, cando non se poida acreditar doutro xeito, unha declaración responsable do beneficiario ou certificación do órgano competente de este ser unha administración pública.

Tres. Mediante orde da Consellería de Facenda poderanse ditar as instrucións que sexan precisas para o cumprimento desta disposición.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 55.- Expedientes de dotación artística.

Á entrada en vigor desta lei, o 80 % dos créditos afectados á realización de traballos de dotación artística, nas aplicacións correspondentes a proxectos técnicos de obras novas do capítulo VI non financiados polo Fondo de Compensación Interterritorial nin con fondos finalistas ou procedentes da Unión Europea nin con fondos propios que cofinancien, será obxecto de ampliación de crédito na Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a conta das retencións de crédito previstas, para a finalidade determinada na Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

A ampliación de crédito indicada terá carácter de «a conta» sobre a liquidación definitiva da porcentaxe que de acordo coa devandita Lei 12/1991 lles corresponde aos traballos de dotación artística, e non lle serán aplicables as limitacións establecidas no artigo 68 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e na alínea Sete do artigo 8 desta lei.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 56.- *Módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados.*

Un.- De acordo co establecido nos puntos 2 e 3 do artigo 117 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para os efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2014, é o fixado no Anexo 4 desta lei.

Dous.- As retribucións de persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2014, sen prexuízo da data en que se asinen as táboas salariais para 2014 do VI convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, publicado por Resolución do 30 de xullo de 2013, da Dirección General de Empleo.

As contías sinaladas para salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola administración, mediante pagamento delegado, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os “Gastos variables” efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

A administración só aboará as categorías funcionais directivas de director e xefe de estudos do centro, así como os trienios destas dúas categorías. Non aboará ningunha outra categoría funcional directiva e, singularmente, as denominadas xefaturas de departamento, aínda que figure expresamente recollido no convenio colectivo vixente. No ano 2014 a Administración autonómica tampouco subscribirá acordos nin ditará instrucións ou resolucións para o aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa prevista no VI convenio



XUNTA DE GALICIA

colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos.

Os compoñentes do módulo destinados a “Outros gastos” e “Persoal complementario” terán efectos a partir do 1 de xaneiro de 2014.

As contías correspondentes ao módulo de outros gastos aboaranse mensualmente, e os centros poden xustificar a súa aplicación ao rematar o correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanzas concertadas do centro.

As contías correspondentes ao módulo de persoal complementario tamén se aboarán mensualmente, debendo xustificar os centros estes importes ao remate do exercicio económico e separadamente do módulo de outros gastos.

Tres.- Os centros que impartan os catro cursos da educación secundaria obrigatoria, serán dotados do financiamento dos servizos de orientación educativa. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional axeitado a estas funcións, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teña concertadas o centro e ata un máximo de vinte e cinco horas por centro. Os custos do orientador, que se incluírán na nómina de pagamento delegado do centro, serán os correspondentes ao salario, os gastos variables e o complemento retributivo segundo o establecido nos módulos económicos por unidade escolar do primeiro e segundo cursos ou do terceiro e cuarto cursos de educación secundaria obrigatoria, respectivamente.

Catro.- Facúltase o Consello da Xunta para fixar as relacións profesor/unidade concertadas adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas con base nas xornadas de profesor con vinte e cinco horas semanais.



XUNTA DE GALICIA

A administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto para cada centro nos correspondentes módulos económicos, segundo o establecido no Anexo 4 desta lei.

Cinco.- A relación profesor/unidade dos centros concertados poderá ser incrementada en función do número total de profesores afectados polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata o momento da entrada en vigor desta lei e se atopen na nómina de pagamento delegado.



XUNTA DE GALICIA

TÍTULO V
CORPORACIONES LOCAIS



XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO I. *Financiamento e cooperación económica coas corporacións locais*

Artigo 57.- *Créditos asignados ás corporacións locais.*

O montante total dos créditos que se asignan ás corporacións locais nos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, derivados da súa participación no Fondo de Cooperación Local e da subscripción de convenios e da concesión de subvencións, ascende a 273.747.836 euros, coa distribución funcional que figura no Anexo 5.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 58.- *Dotación e distribución do Fondo de Cooperación Local.*

Un.- Conforme ao indicado na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2011, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizados como se indica no parágrafo seguinte, queda establecida no 2,4782546 % para o exercicio de 2014 e corresponde na súa totalidade ao fondo base.

No exercicio 2014 o índice de evolución correspondente á recadación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos estatais do IVE e dos impostos especiais comunicadas polo Estado para ese exercicio, é negativo respecto á do 2011, polo que non se repartirá fondo adicional entre os concellos.

Dous.- O crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma, ascende a 112.972.806 euros que corresponden ao fondo base.

Tres.- Con anterioridade ao reparto do fondo base deducirase un importe equivalente ao 1 %, sen que poida exceder de 600.000 euros anuais, que se destinarán aos gastos de mantemento propios da Federación Galega de Municipios e Provincias. A cantidade restante será obxecto de distribución entre todos os concellos de Galicia, conforme aos coeficientes que se establecen no Anexo 6.

Catro.- O disposto nas alíneas Un e Tres será aplicable na distribución da entrega a conta e da liquidación definitiva do exercicio 2014. A distribución das



XUNTA DE GALICIA

liquidacións definitivas que, pola participación dos concellos no Fondo de Cooperación Local, se satisfagan durante o 2014 realizarase aplicando a cada concello o coeficiente de reparto e as regras de distribución que lle correspondeu na entrega a conta do exercicio que se liquida.

Cinco.- Cando no transcurso do exercicio se poña fin a procedementos de fusión ou de incorporación de concellos, o concello resultante da fusión ou incorporación percibirá a suma das entregas a conta correspondentes a cada concello fusionado ou incorporado e, no seu caso, as liquidacións definitivas que, para cada un deles se satisfagan no 2014. Do mesmo xeito, o concello resultante destes procedementos terá dereito a percibir a suma das liquidacións que polo exercicio 2014 correspondesen aos concellos fusionados ou incorporados.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 59.- *Transferencias derivadas de convenios ou subvencións.*

As transferencias ás entidades locais de Galicia derivadas da subscripción de convenios ou da concesión de subvencións, que figuran recollidas nos diferentes programas dos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, ascenden a 160.775.030 euros, coa distribución funcional que figura no anexo 7.



XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO II *Procedemento de compensación e retención do Fondo de Cooperación Local*

Artigo 60.- *Débedas obxecto de compensación.*

Un.- As cantidades que lle correspondan a cada concello como participación no Fondo de Cooperación Local, serán susceptibles de compensación coas débedas vencidas, líquidas e exixibles, que teñan contraídas coa Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas.

Dous. En particular, poderán ser obxecto de compensación, as cantidades vencidas, líquidas e esixibles debidas á administración da Comunidade Autónoma e ás entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas, como danos e perdas derivadas do incumprimento de convenios administrativos de colaboración.

A estes efectos, entenderase que son líquidas as cantidades que a Comunidade Autónoma teña abonado a terceiros a consecuencia do incumprimento do convenio pola entidade local. Estas cantidades comunicaranse ao concello, acompañando as facturas ou outros documentos que acrediten os gastos realizados, e tras a audiencia deste, aprobaranse por resolución motivada.

Tres.- Ademais, poderán ser obxecto de compensación coa participación no Fondo de Cooperación Local, as achegas dos concellos que, en virtude de convenio coa Xunta de Galicia e as súas entidades instrumentais, teñan a condición de vencidas, líquidas e exixibles.

Catro.- Por último, poderán ser obxecto de retención, as cantidades que as entidades locais municipais deban satisfacer ás mancomunidades ás que



XUNTA DE GALICIA

pertenzan de acordo co disposto na lexislación da Administración local. Tamén as que deban satisfacerse a outras mancomunidades, concellos e consorcios que xestionen servizos en común, como consecuencia da súa obriga de participar no financiamento e mantemento destes servizos e sempre que así se estableza de xeito expreso no instrumento regulador asinado entre as partes, e que este instrumento lle sexa comunicado, con carácter previo ao seu asinamento, á Consellería de Facenda para que autorice a utilización do procedemento de compensación.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 61.- *Procedemento para a compensación das débedas e posterior retención nas entregas a conta.*

Un.- No caso de débedas vencidas, líquidas e exixibles coa Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos, as axencias públicas, e as demais entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio de potestades administrativas, o procedemento de retención iniciarase por solicitude do órgano ao que lle corresponde a competencia no procedemento executivo de recadación da débeda, quen previamente terá ditado o oportuno acordo de compensación desta e o terá notificado ao concello debedor.

Neste suposto, corresponderalle ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención, tanto nas entregas a conta do fondo que se deban realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente coma na liquidación definitiva anual deste que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas nos supostos de concorrencia.

Dous.- O procedemento previsto na alínea anterior tamén se aplicará ás débedas incluídas na alínea Tres do artigo 60. Non obstante, cando o propio convenio contemple expresamente a posibilidade de realizar a retención no Fondo de Cooperación Local, o procedemento limitarase ao sinalado respecto ao acordo de retención.

Tres.- No caso de débedas con entidades locais, o procedemento de retención iniciarase por solicitude do alcalde ou presidente da entidade local acreedora da débeda, que acompañará a esta solicitude a certificación do seu responsable de recadación na que se faga constar a denominación, o concepto e o importe da débeda cuxa retención se solicita e mais a data na que se produciu o vencemento



XUNTA DE GALICIA

do período de pagamento comunicado para facela efectiva. Ademais, á solicitude incorporárase copia compulsada do documento (estatutos da entidade, convenio de prestación de servizos, ou calquera outro) do que dimane a vinculación xurídica entre as partes e ampare a obrigatoriedade da débeda reclamada.

Neste suposto, corresponderalle ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención tanto nas entregas a conta do fondo que se lle deben realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente como na liquidación definitiva anual del mesmo que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas en supostos de concorrencia.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 62.- Orde de prelación na concorrencia de débedas.

Un.- Cando concorran varias débedas que deba satisfacer o mesmo concello, a retención practicarase tendo en conta a seguinte orde de prelación:

1. A débeda correspondente á liquidación anual do Fondo de Cooperación Local, cando esta tiver carácter negativo.
2. As restantes débedas previstas no artigo 60.

Dous.- No caso de que a liquidación anual do Fondo de Cooperación Local ao concello teña carácter negativo, procederase á súa retención, por partes iguais nas entregas a conta correspondentes ás catro mensualidades inmediatamente seguintes ao coñecemento da liquidación, podendo alcanzar ata o 100 % da contía asignada a cada entrega a conta.

Se a contía desta liquidación negativa supera o importe desas catro mensualidades, continuará a practicarse a retención, conforme as condicións anteriormente sinaladas, nas mensualidades sucesivas ata que se extinga a débeda.

Tres.- Cando o importe haxa que reter da liquidación anual de carácter negativo o permita e, no acordo de retención, concorran outras débedas previstas no artigo 60, a retención, ata a extinción total das débedas, poderá alcanzar ata o 100 % da contía asignada, tanto en cada entrega a conta coma na liquidación definitiva anual correspondente á participación no fondo, ao respectivo concello. Esta retención aplicarase ás débedas seguindo estritamente a orde de prelación establecida neste artigo.

Catro.- Se no acordo de retención existe concorrencia das débedas previstas no grupo 2 da alínea Un deste artigo e cando a contía de todas elas supere a



XUNTA DE GALICIA

cantidade máxima susceptible de retención, esta ratearase entre aquelas en función dos seus importes.

Cinco.- A contía que haxa que reter no conxunto do exercicio poderase reducir cando se xustifique a existencia de graves desfasamentos de tesouraría xerados pola prestación daquelas obrigas relativas a:

- O cumprimento regular das obrigas de persoal;
- A prestación dos servizos públicos obrigatorios en función do número de habitantes do municipio;
- A prestación de servizos sociais, protección civil e extinción de incendios, para cuxa realización non se esixa ningunha contraprestación en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

Non se poderá establecer en ningún caso unha porcentaxe de retención para o conxunto das restantes débedas previstas na alínea Un deste artigo inferior ao 50 % da entrega a conta ou da liquidación definitiva anual correspondente ao concello.

Nos procedementos de redución da porcentaxe de retención, o órgano xestor do Fondo de Cooperación Local ditará a resolución correspondente, tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garantir a prestación dos servizos públicos obrigatorios. Para iso, a entidade local deberá achegar, con carácter imprescindible e non exclusivo:

- Certificado expedido polos órganos de recadación das entidades acreedoras polo que se acredite ter atendido o pagamento das obrigas correntes nos doce meses precedentes ao mes inmediato anterior á data de solicitude da certificación;



XUNTA DE GALICIA

- Informe da situación financeira actual suscrito polo interventor local que inclúa o cálculo do remanente de tesouraría na data de solicitude da redución da porcentaxe de retención e poña de manifesto os termos nos que a devandita situación afecta ao cumprimento das obrigas recollidas no parágrafo primeiro desta alínea;

- Plan de saneamento, aprobado polo Pleno, que inclúa o exercicio en curso.

Na resolución fixarase o período de tempo no que a porcentaxe de retención deberá ser reducida, sen que caiba a extensión deste máis alá da finalización do exercicio económico. En todo caso, tal redución estará condicionada á aprobación pola entidade local dun plan de saneamento, ou á verificación do cumprimento doutro en curso.

Seis.- As débedas obxecto de retención nun exercicio que non se extinguisen ao termo deste, recibirán, dentro do grupo ao que se refire a alínea Un deste artigo, tratamento preferente para o exercicio seguinte, de maneira que as débedas pertencentes ao mesmo grupo, cuxa compensación se solicite nese exercicio, concorrerán con aquelas só cando a aplicación dos límites porcentuais que, en cada caso, prevexa este artigo o permita.

Sete.- As resolucións nas que se declara a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retivesen corresponderán, en cada caso, ao órgano legalmente competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, e producirán os seus efectos, na parte concorrente da débeda, desde o momento no que se efectuou a retención.



XUNTA DE GALICIA

TÍTULO VI

NORMAS TRIBUTARIAS



XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO I *Tributos propios*

Artigo 63.- *Taxas*

Un.- Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente:

1) Modifícase o punto 3 do artigo 26, que queda redactado como segue:

“ Os beneficiados polas obras de regulación dos recursos hídricos xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, con captacións situadas augas debaixo dos encoros xestionados por Augas de Galicia e/ou que capten directamente do encoro, financiadas total ou parcialmente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non teñan asumida a explotación, conservación e mantemento destes encoros, satisfarán a tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais incluída no Anexo 3, coa finalidade de compensar os custos do investimento que soporte a dita Administración e de atender aos gastos de explotación e conservación de tales obras.”

2) Suprímese o punto 5 do artigo 27

3) Modifícase o artigo 32, que queda redactado como segue:

“ Artigo 32. Tarifas

A taxa esixirase de acordo coas tarifas contidas nos anexos 2 e 3 desta lei, para as modalidades de actuacións administrativo-facultativas e actuacións



XUNTA DE GALICIA

profesionais, respectivamente, e entenderanse co imposto sobre o valor engadido, de se-lo caso, a excepción da tarifa 99 prevista no anexo 3.

A contía da tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais da taxa por servizos profesionais contida no Anexo 3 fixarase para cada exercicio orzamentario, sumando as seguintes cantidades:

- a) O total previsto de gastos de funcionamento e conservación das obras realizadas.
- b) Os gastos de administración do organismo xestor, imputables a ditas obras.
- c) O 4 % do valor das inversións realizadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, debidamente actualizado, tendo en conta a amortización técnica das obras e instalacións e a depreciación da moeda.

O importe total dos tres apartados anteriores imputarase en función do volume total de auga captada, expresada en metros cúbicos.”

4) Engádesse unha novo punto 2. 1) no artigo 40, que queda redactado como segue:

“1) Cando tras un procedemento aberto para a selección de interesados na explotación de edificacións propiedade de Portos de Galicia, se declarase deserto o dito procedemento, exclusivamente por falta de concorrencia, poderase establecer unha bonificación sobre o valor resultante da taxa de ocupación de terreos, obras e instalacións dun 20 %.”

5) Modifícase a alínea 04 do anexo 1, que queda redactada como segue:



XUNTA DE GALICIA

«04	Expedición de certificados e diplomas	
01	Expedición de certificados ou diplomas	2,96
02	Expedición de duplicados de certificados ou diplomas	3,85»

6) Modifícase a alínea 27 do anexo 1, que queda redactada como segue:

« 27	Fotocopias compulsadas de expedientes en poder da Administración	
	a) Documentos	
	- Formato DIN A4 (€/copia)	0,10
	- Formato DIN A3 (€/copia)	0,25
	- Mínimo	5,00
	b) Planos	
	- Formato DIN A4 (€/copia)	0,30
	- Formato DIN A3 (€/copia)	0,43
	- Formato superior a DIN A3 (€/copia)	0,56
	- Formato superior a DIN A2 (€/copia)	0,70
	- Formato superior a DIN A1 (€/copia)	1,00
	- Formato superior a DIN A0 (€/copia)	1,50
	- Mínimo	5,00



c) Copia en soporte dixital 3,20»

7) Modifícase a sublínea 05 da alínea 51 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«05 Autorización de instalación e localización de máquinas auxiliares de apostas (en locais de hostalaría). Por cada máquina auxiliar instalada. 100,00»

8) Engádesse á sublínea 06 da alínea 51 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«06 Comunicación de instalación de máquinas auxiliares de apostas 25,00»

9) Engádesse a alínea 55 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«55 Autorizacións de parques zoolóxicos:
01 Apertura 497,54
02 Ampliación 140,04»

10) Engádesse a alínea 56 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«56 Autorizacións de captura de aves frinxílicas: 25,68»

11) Engádesse un novo apartado na sublínea 06 da alínea 04 do anexo 2, que queda redactado como segue:



XUNTA DE GALICIA

« - Inscripción dos asesores fitosanitarios no rexistro oficial de produtores e operadores 30,00»

12) Modifícase o punto 04 da sublínea 07 da alínea 04 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«04 Carnés de manipulación de praguicidas

- Inscripción para a realización de probas de aptitude para a súa obtención 8,83
- Renovación ou duplicado do carné 4,43
- Validación para a súa obtención 12,07»

13) Engádese un novo punto 05 na sublínea 07 da alínea 04 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«05 Realización de prácticas fitosanitarias en centros ou dependencias da Administración da Xunta de Galicia 42,00»

14) Engádese unha nova sublínea 10 na alínea 04 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«10 Autorización de estacións de inspeccións técnicas de equipos de aplicación de produtos fitosanitarios 120,0»

15) Modifícase a sublínea 01 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:



XUNTA DE GALICIA

«01	Comprobación sanitaria, loita contra enfermidades das ganderías afectadas e nas campañas de saneamento cando a prestación deba realizarse por incumprimento da normativa que a regula, por perda de identificación do gando ou a petición de parte fora do período de revisión obrigatoria:	
	— Por explotación	107,17
	— Por cada animal:	
	- Équidos Bóvidos, ovino, cabrún e similares (por cabeza)	3,69
	Máximo	220,80
	- Porcino (por cabeza):	0,7503
	Máximo	88,22
	- Aves coellos, visóns e similares (por cabeza)	0,0165 08
	Máximo	44,07
	- Colmeas (por unidade)	0,4716 16
	Máximo	44,07»

16) Modifícase a sublínea 08 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«08	Revisión, toma de mostras e informes técnicos a petición de parte de industrias e explotacións gandeiras non previstos nos programas oficiais:	
	-Sen saír ó campo	28,72
	- Con saída ó campo	162,20



XUNTA DE GALICIA

— De ser necesario saír máis dun día, por cada día de máis	133,56
- De se-lo caso, por foto	2,96
- Visitas posteriores para verificar a adopción das medidas correctoras requiridas, por día	133,56
	»

17) Modifícase a sublínea 12 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«12	Por servizos facultativos veterinarios correspondentes á autorización e control das plantas e industrias relacionadas cos subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, consonte ao Regulamento 1069/2009 do 21 de outubro:	
	- Por autorización e apertura	132,31
	- Por control e toma de mostras	44,07»

18) Modifícase a sublínea 25 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«25	Autorizacións en materia de hixiene dos pensos consonte ao Regulamento (CE) Nº 183/2005, de 12 de xaneiro, de fabricantes e establecementos intermediarios	
	Autorización inicial, ampliación ou cambio de localización:	
	- Fabricación de pensos, aditivos ou premesturas	250,10



- Intermediarios de aditivos ou pre mesturas 128,61»

19) Modifícase o punto 03 da sublínea 28 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«03 Expedición do certificado de competencia para
persoas condutoras e coidadoras de vehículos de
estrada de transporte de animais vivos ou 9,65»
duplicado

20) Modifícase o punto 04 da sublínea 28 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«04 Acreditación de formación en materia de benestar
animal ou duplicado 5,10»

21) Modifícase o punto 04 da sublínea 29 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«04 Expedición do certificado oficial de competencia
en materia de protección de animais utilizados
para experimentación e outros fins científicos ou 5»
duplicado



XUNTA DE GALICIA

22) Engádesse a sublínea 04 á alínea 08 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«04	Actuacións extraordinarias dos veterinarios oficiais de Galicia, a demanda dos establecementos	
	Cota mínima (3 horas)	64,83
	Por cada hora máis	21,61»

23) Modifícase a sublínea 03 da alínea 22 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«03	Declaración responsable y modificación da declaración responsable, de laboratorios de ensaios de control de calidade e de entidades de control de calidade da edificación	
	- declaración responsable	58,37
	- modificación da declaración responsable	26,05»

24) Engádesse a sublínea 07 a alínea 44 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«07	Toma de mostras de mexillón cultivado en viveiros flotantes (€/mostraxe)	138,00»
-----	---	---------

25) Modifícase a alínea 50 do anexo 2, que queda redactada como segue:



«50	Inscripcións no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia	
01	Certificados de eficiencia enerxética do proxecto para vivenda unifamiliar	5 € + 0,08 € por m ² de superficie construída
02	Certificados de eficiencia enerxética do edificio terminado para vivenda unifamiliar	5 € + 0,08 € por m ² de superficie construída
03	Certificados de eficiencia enerxética do proxecto para edificios de vivenda	5 € + 0,04 € por m ² de superficie construída
04	Certificados de eficiencia enerxética do edificio terminado para edificios de vivenda	5 € + 0,04 € por m ² de superficie construída
05	Certificados de eficiencia enerxética do proxecto para edificios destinados a outros usos (non residenciais)	5 € + 0,05 € por m ² de superficie construída
06	Certificados de eficiencia enerxética do edificio terminado para edificios destinados a outros usos (non residenciais)	5 € + 0,05 € por m ² de superficie construída
07	Certificados de eficiencia enerxética do edificio existente para vivenda unifamiliar ou vivenda individual en bloque	5 € + 0,08 € por m ² de superficie construída



08	Certificados de eficiencia enerxética do edificio existente para edificios de vivenda	5 € + 0,04 € por m ² de superficie construída
09	Certificados de eficiencia enerxética do edificio existente para edificios destinados a outros usos (non residenciais)	5 € + 0,05 € por m ² de superficie construída»

26) Engádesse a alínea 51 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«51	Inspección e expedición do certificado do equipo de pesca, por petición do interesado, realizada por persoal ao servizo da Subdirección Xeral de Gardacostas	
	De 0,10 a 10 GT	10,40
	De 10,1 a 50 GT	20,8
	De 50,1 a 500 GT	62,40
	De 500,1 GT en adiante	104»

27) Suprímese a alínea 17 do anexo 3

28) Modifícase a alínea 18 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«18	Autorización/rexistro de instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica e gas
-----	---



XUNTA DE GALICIA

- Sobre a tarifa consignada na alínea 09 150 %
- Transformadores 25+0,6*(Pot. en KVA)»

29) Engádesse a subalínea 13 a alínea 19 do anexo 3, que queda redactada como segue:

- «13 Rexistro de instalacións de almacenamento de produtos químicos (APQ) Sobre a tarifa consignada na alínea 9: 100 %»

30) Engádesse a subalínea 14 a alínea 19 do anexo 3, que queda redactada como segue:

- «14 Rexistro de instalacións con equipos a presión Sobre a tarifa consignada na alínea 09 100 %»

31) Modifícase a alínea 23 do anexo 3, que queda redactada como segue:

- «23 Comprobación do plan anual de labores mineiros
Base en función do orzamento para o plan de labores

Ata 75.000,00	249,20
De 75.000,01 ata 125.000,00	292,06
De 125.000,01 ata 175.000,00	377,77
De 175.000,01 ata 250.000,00	452,77
De 250.000,01 ata 350.000 ,00	602,77
Por cada 100.000,00 ou fracción que exceda de 350.000,00	53,57»



32) Modifícase a alínea 25 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«25	Emisión de certificados de verificación periódica ou de verificación trala reparación ou modificación, emitidos directamente pola administración, cando os ensaios os realice un laboratorio por ela designado. Por instrumento, non inclúe a tarifa do ensaio, que deberá ser abonada ao laboratorio designado pola administración.	
01	Aparatos, instrumentos ou sistemas de medida que non teñan taxa específica. Neste caso non se inclúe a tarifa do ensaio, que deberá ser abonada ao laboratorio designado pola administración	10,40
20	Analizadores de gases de escape	278,87
21	Opacímetros	256,56
22	Instrumentos de medidas de son: sonómetros	211,41
23	Instrumentos de medidas de son: calibradores acústicos	155,99
24	Instrumentos de medidas de son: medidores persoais de exposición sonora	155,99
25	Verificación de instrumentos sometidos a control metereolóxico	385,39
26	Instrumentos destinados a medir a concentración de alcohol no aire aspirado. Verificación tras a reparación ou modificación de etilómetros.	443,20



XUNTA DE GALICIA

27	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor: Verificación periódica de cinemómetros estáticos	289,04
28	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor: Verificación periódica de cinemómetros móbil	428,21
29	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor: Verificación periódica de cinemómetros tramo	900,13
30	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor: Verificación tras a reparación ou modificación de cinemómetros estáticos	460,33
31	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor: Verificación tras a reparación ou modificación de cinemómetros móbil	674,43
32	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor: Verificación tras a reparación ou modificación de cinemómetros tramo	1.202,75
33	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor: Verificación de cabinas	460,33
34	Contadores de máquinas recreativas e de azar	100,00»



XUNTA DE GALICIA

33) Modifícase a sublínea 01 da alínea 26 do anexo 3, que queda redactada como segue:

« 01 Verificación de instrumentos de medida realizada por un laboratorio designado pola administración. Non se inclúe a tarifa do ensaio nin os portes, de selo caso, que deberán ser abonados directamente ao laboratorio designado pola administración 10,00»

34) Engádesse a sublínea 05 á alínea 26 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«05 Realización de informes técnicos e actuacións facultativas realizadas por persoal técnico ao servizo da administración xeral e das entidades públicas instrumentais dependentes de elas, en relación co levantamento de instrumentos de medida para a súa posterior verificación 162,20»

35) Modifícase a alínea 29 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«29 Tramitación de expedientes en materia de dereitos mineiros, con exclusión dos gastos relativos á información pública



XUNTA DE GALICIA

Permisos de exploración sección C) e D)

- Polas primeiras 300 cuadrículas	1.525,64
- Por cada unha das restantes	2,02
- Prórroga	200,77 + 0,1* (tarifa consignada na alínea 23)

Permisos de investigación sección C) e D)

- Pola primeira cuadrícula	2.576,04
- Por cada unha das restantes	110,39
- Prórroga	200,77 + 0,1* (tarifa consignada na alínea 23)
- Prórroga extraordinaria	200,77 + 0,2* (tarifa consignada na alínea 23)

Concesión de explotación derivada de permiso de investigación sección C) e D)

- Pola primeira cuadrícula	2.576,04
- Por cada unha das restantes	110,39
- Prórroga	200,77 + 0,5* (tarifas consignadas neste apartado)

Concesión de explotación directa sección C) e D)

- Pola primeira cuadrícula	2.576,04
----------------------------	----------



XUNTA DE GALICIA

- Por cada unha das restantes	110,39
- Prórroga	200,77 + 0,5* (tarifas consignadas neste apartado)
Recursos da sección B) a excepción das augas minerais e termais	
- Declaración de recursos da sección B)	464,34
- Aproveitamento de recursos da sección B)	
Polas primeiras 30 ha	1.840,03
Por cada unha das restantes	3,69
Recursos da sección A)	
Polas primeiras 30 ha	1.840,03
Por cada unha das restantes	3,69
Expedición do título de concesión mineira	56,59
Paralizacións temporais dos traballos	220,05
Establecementos de beneficio	
- Autorización e posta en servizo e/ou funcionamento	382,25
Aprobación do plan de restauración	220,05 + 0,1* (tarifa consignada na alínea 23)
Recoñecementos administrativos	57,85»



XUNTA DE GALICIA

36) Modifícase a sublínea 04 da alínea 37 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«04	Inclusión no réxime especial e inscrición no rexistro de inclusión, modificación e cancelación do réxime especial:	
	Ata 100 kw	90
	Máis de 100 Kw	$90 + 0,05*(Potencia\ en\ KW)$ »

37) Engádesse a sublínea 07 á alínea 37 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«07	Solicitude de modificación dos anteproxectos dos parques eólicos admitidos a trámite e/ou instalacións de conexión, así como dos plans industriais	1.500,00»
-----	--	-----------

38) Modifícase a sublínea 01 da alínea 55 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«01	Operacións de ensaio de ouro, e de selo caso, contraste Por gramo ou fracción (xénero desembolsado)	0,154500
	Mínimo	42»



XUNTA DE GALICIA

39) Modifícase a sublínea 02 da alínea 55 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«02	Operacións de ensaio de platino, e de selo caso, contraste	
	Por gramo ou fracción (xénero desembolsado)	0,215600
	Mínimo	63»

40) Modifícase a sublínea 03 da alínea 55 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«03	Operacións de ensaio de prata, e de selo caso, contraste	
	Por gramo ou fracción (xénero desembolsado)	0,055190
	Mínimo	21»

41) Elimínase a alínea 58 do anexo 3.

42) Modifícase a alínea 64 do anexo 3, que queda redactada como segue:

« 64 Execución subsidiaria en expedientes de dominio público hidráulico. A base imponible da taxa será o custe total da execución.

O tipo será o 25 % da base imponible».

43) Engádesse a sublínea 06 á aliña 69 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«06	Autorizacións ou habilitacións de organismos autorizados de verificación metrolóxica,	
-----	---	--



XUNTA DE GALICIA

organismos notificados e organismos de control metrolóxico 100,00»

44) Engádesse a sublínea 07 á aliña 69 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«07 Rexistro, modificacións, ampliacións e traslados de organismos autorizados de verificación metrolóxico, organismos notificados e de control metrolóxico 53,00»

45) Engádesse a alínea 77 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«77 Tramitación de expedientes mineiros, augas minerais ou termais e voaduras

01 Tramitación de expedientes de solicitude de participación en concursos mineiros 10 % das tarifas consignadas na alínea 29 do anexo 3

02 Tramitación de expedientes en materia de augas minerais e termais, con exclusión dos gastos relativos á información pública

Declaración da condición de mineral e/ou termal dun auga 2.134,96

Aproveitamento e perímetros de protección para augas minerais e/ou termais



XUNTA DE GALICIA

- Polas primeiras 30 ha	1.429,14
- Por cada unha das restantes	3,57

03 Voaduras especiais

Base en función da cantidade de explosivo a empregar na obra

Ata 5.000 kg	200,77
De 5.000,01 kg ata 15.000 kg	286,48
De 15.000,01 kg ata 25.000 kg	448,69
Mais de 25.000 kg	610,89»

46) Suprímese o derradeiro paragrafo da regra décimo terceira da tarifa X-2 Atracada, contida na sublínea 01 da alínea 99 do Anexo 3.

47) Modifícase a regra oitava da tarifa X-3, Mercadorías e Pasaxeiros, contida na sublínea 01 da alínea 99 do Anexo 3, que queda redactada como segue:

“Para tráfico considerado regular, establece unha bonificación a aplicar sobre a tarifa base definida na regra quinta dun 10 % ata os 50.000 embarques ou desembarques de pasaxeiros realizados dentro da mesma liña regular, e do 20 % nos pasaxeiros embarcados ou desembarcados que superen este número.

Entenderase tráfico regular, ós efectos de aplicación desta bonificación, aquelas liñas de transporte marítimo que se presten con continuidade durante todo o ano, con horarios preestablecidos e con portos de orixe e destino diferentes.”



XUNTA DE GALICIA

48) Modifícase a letra C) da regra sexta da tarifa X-5 contida na sublínea 01 da alínea 99 do Anexo 3, quedando redacta como segue:

“C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:

1. Por cada finger en cada posto de atracada: 0'016282 euros.
2. Por brazo de amarre ou por tren de ancoraxe para amarre por popa de embarcacións atracadas: 0'008142 euros.
3. Toma de auga: 0'005815 euros.
4. Toma de enerxía eléctrica: 0'005815 euros.
5. Servizo de mariñeiría a embarcacións atracadas.

Para embarcacións de menos de 12 metros de eslora 19,72 €/m²/ano, e de 22,17 €/m²/ano para o resto de embarcacións, correspondendo os m² á superficie nominal da praza teórica que ocuparía cada embarcación, e aplicando a parte proporcional o período autorizado.

O servizo marinería inclúe as axudas ó atraque e desatraque e o control e xestión das instalacións.

No suposto de que o servizo de marinería non inclúa a parte proporcional do servizo de vixilancia continuada as contías serán as indicadas anteriormente multiplicadas por 0,65.

Cando polo organismo portuario se acoten especificamente zonas do porto para ancoraxe ou depósito de embarcacións deportivas, as contías das alíneas 4 e 5 do concepto B) terán unha bonificación do 50 %, sempre que previamente se soliciten os correspondentes servizos a Portos de Galicia.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións de paso no porto serán as anteriormente indicadas multiplicadas por 1'5.



As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións tradicionais debidamente acreditadas, conforme ó establecido na normativa de aplicación e nas disposicións que se diten en interpretación ou aclaración da mesma, no suposto exclusivamente de embarcación dedicadas á promoción e conservación do patrimonio marítimo tradicional sen fins lucrativos, serán as anteriormente indicadas cunha bonificación de ata un 60 %. Dita bonificación calcularase en función da antigüidade, características, actividade a cal se dedica e tonelaxe da embarcación. Esta bonificación non será acumulable ás bonificacións descritas na regra 8ª da presente tarifa X-5.

Os efectos da aplicación da bonificación indicada se terá en conta o seguinte:

A bonificación será do 40 % para as embarcacións orixinais e do 20 % para as replicas, a aplicar sobre á suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.

Ademais, no seu caso, serán de aplicación sobre á suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante, as seguintes bonificacións adicionais:

1. O 10 % para replicas construídas con anterioridade ó ano 1950.
2. O 15 % para as embarcacións de porte superior ás 50 toneladas de rexistro bruto.
3. O 20 % para as embarcacións pertencentes a asociacións náuticas ou culturais sen animo de lucro.

As bonificacións adicionais dos apartados 1, 2 e 3, non son acumulables entre si.

Considerarase embarcación tradicional aquelas que no seu proceso construtivo utilizaron técnicas artesanais e que teñan un intres identitario ou patrimonial, podendo distinguir entre embarcacións orixinais, aquelas construídas con



XUNTA DE GALICIA

anterioridade o ano 1.950, seguindo deseños ancestrais en liñas, materiais e técnicas construtivas; e replicas, aquelas embarcacións construídas de forma exacta as orixinais, aplicando os mesmos deseños, materiais e técnicas construtivas que aquelas.

Enténdese por ancoraxe a dispoñibilidade dunha superficie de espello de auga destinado para tal fin e debidamente autorizado.

Enténdese por atracada en punta a dispoñibilidade dun elemento de amarre fixo a embarcadoiro, peirao, banquetta ou dique que permita fixar un dos extremos (proa ou popa) da embarcación.

Enténdese por embarcación en seco aquela que permaneza nas instalacións portuarias, fóra da lámina de auga, tanto en estada transitoria non dedicada a invernada coma en estadas prolongadas en zonas habilitadas para tal fin.

Enténdese por dispoñibilidade dos servizos de auga e enerxía, dos puntos 3 e 4 do concepto C), a existencia nas proximidades do punto de atracada, a peirao ou embarcadoiro, de tomas de subministración de auga ou enerxía, con independencia do aboamento da tarifa E-3 que lle sexa aplicable polos consumos efectuados”.

49) Suprímese o parágrafo segundo da regra terceira da tarifa E-1 Guindastres, contida na sublínea 02 da alínea 99 do anexo 3.

50) Modifícase a regra décimo primeira da tarifa E-1 Guindastres contida na sublínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:



XUNTA DE GALICIA

“Décimo primeira.— Con carácter xeral, as contías da tarifa, por hora de utilización, do guindastre tipo pluma, ou por eslora máxima, no guindastre tipo pórtico serán as seguintes:

Guindastre tipo pluma	€/h
Menos de 3 toneladas	14,181233
Entre 3 e 6 toneladas	19,241587
Maior de 6 toneladas	22,275079

Guindastre tipo pórtico	€ por manobra subida ou baixada
Eslora máxima ata de 8 metros	60
Eslora máxima entre 8,01 a 10 metros	65
Eslora máxima entre 10,01 a 12 metros	70
Eslora máxima entre 12,01 a 14 metros	80
Eslora máxima entre 14,01 a 16 metros	90
Eslora máxima de mais de 16,01 metros	105

Para embarcacións que realicen manobras de subida e baixada nun prazo de 24 horas terán un desconto do 25 %.

Portos de Galicia poderá establecer concertos para a utilización dos guindastres cos usuarios habituais, facéndose cargo estes da súa conservación e mantemento ordinario e sendo responsables ante terceiros da súa manipulación, fixándose como tarifa mensual unha estimación da utilización do guindastre baseada para



XUNTA DE GALICIA

cada porto no tipo e na composición da flota usuaria, nas condicións de abrigo das augas e na superficie de peirao dispoñible para a ancoraxe

Os portos nos que será de aplicación o disposto nesta regra serán San Pedro de Visma, Suevos, Caión, Razo, Malpica, Barizo, Santa Mariña de Camariñas e Aguete. Esta relacións poderá ser modificada, a criterio de Portos de Galicia, se as condicións físicas ou climatolóxicas do porto así o aconsellen.”

51) Engádese un último parágrafo da regra cuarta da tarifa E-3 Fornecementos, contida na sublínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

“A facturación mínima tanto no primeiro caso como no segundo caso será de 3,840155 €”

52) Modifícase o segundo suposto do punto 2.a) da alínea 02 Dominio público portuario, do anexo 5, que queda redactado como segue:

“- Nas áreas destinadas a outros usos portuarios pesqueiros, usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, aos relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e ós servizos básicos a prestar nunha instalación náutico deportiva: o 5 %.

No suposto de edificacións propiedade da administración destinadas a estacións marítimas, ou instalacións para o servizo ó tráfico de pasaxeiros, aplicarase o gravame do 5 % a toda a instalación, incluso naqueles espazos destinados á actividades complementarias desta.”

53) Modifícase o segundo suposto do punto 2.c) da alínea 02 Dominio público portuario, do anexo 5, que queda redactado como segue:



XUNTA DE GALICIA

“- Nas áreas destinadas a outros usos portuarios pesqueiros, usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, aos relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e ós servizos básicos a prestar nunha instalación náutico deportiva: o 5 %.

No suposto de edificacións propiedade da administración destinadas estacións marítimas, ou instalacións para o servizo ó tráfico de pasaxeiros, aplicarase o gravame do 5 % a toda a instalación, incluso naqueles espazos destinados á actividades complementarios desta.”

Dous. Con vixencia exclusivamente para o 2014, establécense as seguintes bonificacións:

- Para a tarifa E-2 contida na sublínea 02 da alínea 99 do Anexo 3, sobre o valor resultante da citada tarifa un 8 %.
- Para a tarifa X-5 contida na sublínea 01 da alínea 99 do Anexo 3, sobre o valor resultante da citada tarifa un 2,5 %.
- Para a tarifa polo exercicio de actividades, industriais e de servizos, contida no sublínea 03 da alínea 99 do Anexo 3, sobre o valor resultante da citada tarifa un 10 %.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 64. *Cotas do canon da auga e coeficiente de vertedura*

Un. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 53 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, quedando redactados como segue:

“2. Establécese unha cota fixa de 1,54 € por contribuínte e mes. No caso de que nese período o contribuínte non supere o volume establecido no primeiro tramo, a cota fixa será de 0,51 €.

3. A parte variable resulta de aplicar aos consumos mensuais os seguintes tipos de gravame:

a) Consumo realizado dentro do primeiro tramo: 0,00 €/m³.

b) Consumo realizado dentro do segundo tramo: 0,29 €/m³.

c) Consumo realizado dentro do terceiro tramo: 0,37 €/m³.

d) Consumo realizado dentro do cuarto tramo: 0,42 €/m³.”

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 55 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, quedando redactado como segue:

“2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.”

Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 56 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, quedando redactado como segue:

3. O tipo de gravame expresarase en euros/metro cúbico e será:

a) Na modalidade de volume, de 0,433 €/m³.

b) Na modalidade de carga contaminante será o determinado a partir dos seguintes valores dos parámetros de contaminación:



XUNTA DE GALICIA

- Materias en suspensión: 0,253 €/kg.
- Materias oxidables: 0,507 €/kg
- Nitróxeno total: 0,380 €/kg.
- Fósforo total: 0,761 €/kg.
- Sales solubles: 4,070 €/S/cm m³.
- Metais: 11,435 €/kg equimetal.
- Materias inhibidoras: 0,054 €/equitox.”

Catro. Modifícanse os puntos 2, 3 e 6 do artigo 57 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, quedando redactados como segue:

“2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.

3. O tipo de gravame variable nas augas de refrixeración será de 0,000103 euros por metro cúbico.

6. A cota variable (Q) calcularase en función dos tipos específicos de 0,00041 €/kWh ou 0,00026 €/kWh, en función de que o réxime de produción de enerxía hidroeléctrica sexa ordinario ou especial, respectivamente.”

Cinco. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 58 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, quedando redactados como segue:

2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.

3. O tipo de gravame da parte variable será de 0,0051 euros por metro cúbico.



XUNTA DE GALICIA

Seis. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 59 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, quedando redactados como segue:

2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.
3. O tipo de gravame da parte variable nas augas termais e mariñas destinadas a uso terapéutico será de 0,051 euros por metro cúbico.

Sete . Modifícanse os puntos 2, 3 e 4 do artigo 60 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, quedando redactados como segue:

2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.
3. Nos usos non exentos da auga para a rega de instalacións deportivas o tipo de gravame da parte variable será de 0,0103 euros por metro cúbico, sempre que este uso de auga se leve a cabo de forma ambientalmente sustentable mediante acreditación da posesión de sistemas de certificación ambiental, de acordo coas condicións e cos requisitos que se establezan regulamentariamente.
4. Noutro caso, o tipo de gravame aplicable a estes usos da auga será de 0,103 euros por metro cúbico.

Oito. Modifícanse os puntos 2, 3, 4 e 5 do artigo 61 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, quedando redactados como segue:

- “2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.
3. Nos usos da auga procedentes de captacións do dominio público marítimo-terrestre realizados en acuicultura, a parte variable da cota calcularase a partir da produción segundo o tipo de gravame de 5,1 €/Tm.



XUNTA DE GALICIA

4. Nos usos da auga procedentes de captacións do dominio público hidráulico realizados en acuicultura, cando o volume da auga captado, determinado conforme ao establecido no artigo 48 da presente lei, sexa superior aos 100.000 m³, a parte variable da cota calcularase a partir da produción segundo o tipo de gravame de 5,1 €/Tm. Nestes supostos non será de aplicación o coeficiente de uso establecido no artigo 56.

5. O tipo de gravame da parte variable nas augas mariñas en depuradores de moluscos será de 0,00103 €/m³.”

Nove. Engádese un punto 6 ao artigo 61 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, co seguinte contido:

“6. Nos usos de auga de mar de calquera procedencia destinados á limpeza ou mantemento en vivo de produtos da mar para o seu posterior procesamento ou comercialización a cota do canon da auga determinarase de igual modo que o indicado neste artigo para os usos de auga en depuradoras de moluscos.”



XUNTA DE GALICIA

Artigo 65.- Canon eólico

Un. Suprímese o punto 4 do artigo 12 da lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Dous. Modifícase o artigo 16 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue :

“Artigo 16.- Bonificacións na cota.

i. Cando como consecuencia dun proxecto de repotenciación teña lugar unha redución efectiva das unidades aeroxeradoras que non supoña tramo diferente de base, a contía da cota que debe satisfacerse, no período correspondente á devandita redución, bonificarase nunha porcentaxe resultante de multiplicar por 10 o número de unidades de aeroxeradores reducidas.

2. Esta bonificación terá carácter rogado e para o seu recoñecemento estará condicionado á comunicación do proxecto de repotenciación ao órgano competente da Administración autonómica en materia de enerxía e á acreditación efectiva polo dito órgano da redución das unidades de aeroxeradores”.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 66.- *Criterios de afectación de determinados tributos*

Un.- A totalidade dos ingresos previstos polo imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada, establecido pola Lei 15/2008, do 19 de decembro, financiará actuacións comprendidas nos programas 541B e 551B, en concreto os gastos de investimento destinados ao saneamento, protección e mellora do medio natural, así como a realización de transferencias para levar a cabo obras e servizos hidráulicos.

Dous.- A metade da dotación anual, que cos recursos do canon eólico, corresponde ao Fondo de Compensación Ambiental, establecido pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, financiará os gastos de investimento consignados nos programas 541B e 551B do estado de gastos.



CAPÍTULO II. *Tributos cedidos*

Artigo 67.- *Imposto sobre a Renda das persoas físicas*

Un. Modifícase o artigo 4 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Un. O tipo de gravame autonómico, de aplicación á Comunidade Autónoma de Galicia, do imposto sobre a renda das persoas físicas aos contribuíntes cuxa base liquidable xeral sexa igual ou inferior a 17.707,20 € será do 11,5 %.

Dous. O tipos da escala autonómica, de aplicación á Comunidade Autónoma de Galicia, do imposto sobre a renda das persoas físicas aos contribuíntes cuxa base liquidable xeral sexa superior a 17.707,20 € serán os seguintes:

Base liquidable Ata euros	Cota íntegra Euros	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0	0	17.707,20	12
17.707,20	2.124,86	15.300,00	14
33.007,20	4.266,86	20.400,00	18,5
53.407,20	8.040,86	En diante	21,5

».



XUNTA DE GALICIA

Dous. Modifícase a alínea Dous do artigo 5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado por Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Dous. Dedución por nacemento ou adopción de fillos.

1. O contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica por cada fillo nado ou adoptado no período impositivo, que conviva co contribuínte na data de devengo do imposto, a seguinte contía:

- a) 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do IRPF fose igual o maior de 22.001 euros. No caso de parto múltiple esta dedución ascenderá a 360 euros por cada fillo
- b) 360 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do IRPF fose menor ou igual a 22.000 euros.

A contía se incrementará nun 20 % para os contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación.

2. A dedución estenderase aos dous períodos impositivos seguintes ao nacemento ou adopción, sempre que o fillo nado ou adoptado conviva co contribuínte na data de devengo do imposto que lle corresponda a cada un deles, segundo as seguintes contías e límites de renda:

- a) 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do IRPF estivese comprendida entre 22.001 e 31.000 euros.



XUNTA DE GALICIA

b) 360 euros, sempre que a base impositiva total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do IRPF fose menor ou igual a 22.000 euros.

3. Cando, no período impositivo do nacemento ou adopción, ou nos dous seguintes, os fillos convivan con ambos os proxenitores a dedución practícarase por partes iguais na declaración de cada un deles.”

Tres. Modifícase a alínea Cinco do artigo 5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado por Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Cinco. Dedución por coidado de fillos menores.

Os contribuíntes que por motivos de traballo, por conta propia ou allea, teñan que deixar os seus fillos menores ao coidado dunha persoa empregada do fogar ou en escolas infantís 0-3 poderán deducir da cota íntegra autonómica o 30 % das cantidades satisfeitas no período, co límite máximo de 400 euros, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que na data de devengo do imposto os fillos teñan tres ou menos anos de idade.
- b) Que ambos os pais realicen unha actividade por conta propia ou allea, pola que estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade.
- c) Que, no caso de que a dedución sexa aplicable por gastos dunha persoa empregada do fogar, esta estea dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.



XUNTA DE GALICIA

d) Que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do IRPF non exceda 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en tributación conxunta.”

Cando máis dun contribuínte teña dereito á aplicación desa dedución respecto dos mesmos descendentes, o seu importe será rateado entre eles.”

Catro. Modifícase a alínea Sete do artigo 5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

« Sete. Dedución por alugamento de vivenda habitual.

O contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica o 10 %, cun límite de 300 euros por contrato de arrendamento, das cantidades que satisfíxese durante o período impositivo en concepto de alugamento da súa vivenda habitual, coa condición de que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que a súa idade, na data do devengo do imposto, sexa igual ou inferior a trinta e cinco anos.
- b) Que a data do contrato de arrendamento sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2003.
- c) Que estea en posesión do xustificante de constituír o depósito da fianza a que se refire o artigo 36.1 da Lei 29/1994, de arrendamentos urbanos, no Instituto Galego da Vivenda e Solo, ou ben copia compulsada da denuncia presentada perante o devandito organismo por non entregarlle o citado xustificante a persoa arrendadora.



XUNTA DE GALICIA

d) Que a base imponible do período, antes da aplicación das reducións por mínimo persoal ou familiar, non sexa superior a 22.000 euros.

Cando, cumprindo estes requisitos, dous contribuíntes teñan dereito á aplicación desta dedución, o importe total desta, sen exceder o límite establecido por contrato de arrendamento, ratearase por partes iguais na declaración de cada un deles.

No caso de tributación conxunta o requisito da idade deberá cumprilo polo menos un dos cónxuxes ou, se for o caso, o pai ou a nai. »



Artigo 68.- Imposto sobre sucesións e doazóns

Modifícase a alínea Catro do artigo 8 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

« Catro. Redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades.

Nos casos de transmisión de participacións inter vivos dunha empresa individual ou dun negocio profesional ou de participacións en entidades, aplicarase unha redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99 % do valor de adquisición, coa condición de que concorran as seguintes condicións:

- a) Que a persoa doadora teña 65 anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
- b) Que, se a persoa doadora vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións no prazo dun ano desde o momento da transmisión.

Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.

- c) Que o centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se manteña durante os cinco anos seguintes á data de devengo do imposto.



XUNTA DE GALICIA

d) Que na data do devengo do imposto á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada na alínea 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:

d.1) Con carácter xeral, do 50 % como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o cuarto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

d.2) Do 5 % computado de forma individual, ou do 20 % conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o cuarto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción, cando se trate de participacións en entidades que teñan a consideración de empresas de reducida dimensión de acordo co disposto no artigo 108 do Texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

No caso de que tan só se teña dereito parcial á exención regulada na alínea 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, tamén será de aplicación, na mesma proporción, esta redución.

e) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora.

f) Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto de acordo co establecido nas alíneas anteriores deste artigo, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a



XUNTA DE GALICIA

adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia. No suposto de que o doador non deixase de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das funcións de dirección no prazo do ano a que se refire o apartado b), non se lle terá en conta para determinar o grupo de parentesco para os efectos do cumprimento na persoa adquirente dos requisitos de exercicio de funcións directivas e remuneracións polo devandito exercicio.

g) Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores ao devengo do imposto ».



XUNTA DE GALICIA

Artigo 69.- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Engádesse unha alínea Seis no artigo 16 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado por Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, co seguinte contido:

“ Seis. Dedución aplicable as concesións ou autorizacións administrativas relativas ás enerxías renovables.

Establécese, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, unha dedución na cota do 92,5 % cando se realice o feito imponible a que se refire o artigo 13 do Texto refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, sempre que se trate da primeira concesión ou autorización e se refira a enerxías renovables. Non se entenderá a estes efectos como primeira concesión ou autorización, a ampliación posterior do seu contido.

Entenderase por enerxías renovables aquelas ás que se refire o art.º 2 da Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as Directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE.”



Artigo 70.- Imposto sobre hidrocarburos

Modifícase o artigo 18 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

« Artigo 18. Tipo de gravame autonómico no imposto sobre hidrocarburos

Un. O tipo de gravame autonómico de aplicación pola Comunidade Autónoma de Galicia, no imposto sobre hidrocarburos, será o seguinte:

- a) Produtos comprendidos nos epígrafes 1.1, 1.2.1, 1.2.2, 1.3, 1.13, e 1.14 do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais: 48 euros por 1.000 litros.
- b) Produtos comprendidos no epígrafe 1.5 do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais: 2 euros por tonelada.
- c) Produtos comprendidos no epígrafe 1.11 do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais: 48 euros por 1.000 litros.

Dous. O tipo autonómico de devolución do gasóleo de uso profesional do Imposto sobre Hidrocarburos, ao que se refire o apartado 6.a) do artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, establécese en 36 euros por 1.000 litros.

Tres. De conformidade co previsto na Lei 38/1992, de 28 de decembro, de impostos especiais, o procedemento aplicable para a práctica da devolución será o establecido pola normativa estatal.



XUNTA DE GALICIA

Catro. Os rendementos derivados da aplicación do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos quedan afectados na súa totalidade ao financiamento dos gastos de natureza sanitaria incluídos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.».

1
2
3
4



XUNTA DE GALICIA

Artigo 71.- Tributos sobre o xogo

Un.- Modifícase a alínea Dous do artigo 20 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Dous. Base imponible.

A base imponible da taxa será a seguinte:

No caso do xogo en casinos ou do xogo da lotaría instantánea electrónica, virá constituída polos ingresos brutos que obteñan os suxeitos pasivos. Entenderase por ingresos brutos a diferenza entre o importe total dos ingresos obtidos procedentes do xogo e as cantidades satisfeitas aos xogadores ou ás xogadoras polas súas ganancias.

No xogo do bingo nas súas distintas modalidades, incluído o bingo electrónico, a base imponible virá constituída pola diferenza entre a suma total dos ingresos pola adquisición dos cartóns ou polo valor facial destes e as cantidades destinadas a premios satisfeitas aos xogadores ou xogadoras polas súas ganancias.

Nos xogos e concursos difundidos mediante radio ou televisión e nos que a súa participación se realice, na súa totalidade ou en parte, mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarifación adicional, a base imponible virá determinada pola suma do valor dos premios e máis polas cantidades correspondentes á sobretarifación da participación no xogo, excluído o imposto indirecto sobre o valor engadido ou calquera outro imposto indirecto deste carácter que grave as operacións realizadas.



XUNTA DE GALICIA

No resto dos supostos a base impositiva virá constituída polas cantidades que os xogadores ou as xogadoras dediquen á súa participación nos xogos que se realicen nos distintos locais, en instalacións ou en recintos onde se realicen xogos de sorte, envite ou azar.

A base impositiva determinarase con carácter xeral por estimación directa. Nos supostos do xogo do bingo nas súas distintas modalidades e dos xogos desenvolvidos a través da internet, por medios técnicos, telemáticos, interactivos ou dunha forma remota, os medios de desenvolvemento e xestión do xogo deberán conter o procedemento ou os elementos de control necesarios que garantan a exactitude na determinación da base impositiva. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá dispoñer dun sistema informático que lle permita á Administración tributaria o control telemático da xestión e o pagamento do tributo correspondente.

A base impositiva poderá determinarse mediante estimación obxectiva por medio da aplicación das magnitudes, dos índices, dos módulos ou dos datos previstos regulamentariamente.”

Dous. Modifícase o punto 3 da alínea Tres do artigo 20 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“3. Máquinas ou aparellos automáticos.

Nos casos de explotación de máquinas ou aparellos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das máquinas, realizada pola Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, segundo as normas seguintes:



XUNTA DE GALICIA

A. Máquinas tipo «A especial»: a contía que se debe pagar por este tipo de máquinas será a que resulte de multiplicar por 0,75 as contías sinaladas na letra B seguinte para as máquinas tipo «B» segundo proceda consonte as súas características. No caso de que o valor do premio non supere os 40 euros, a contía trimestral que se deberá pagar será de 125 euros.

B. Máquinas tipo «B» ou recreativas con premio:

a) Cota trimestral: 935 euros.

b) Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos tipo «B», nos que poidan intervir dous ou máis xogadores ou dúas ou máis xogadoras de forma simultánea e sempre que o xogo de cada un ou unha deles sexa independente do realizado polos outros ou outras, será de aplicación a cota trimestral seguinte: 935 €, máis un incremento do 25 % desta cantidade por cada novo xogador ou por cada nova xogadora a partir do primeiro ou primeira.

c) No caso de homologación dunha máquina de tipo «B» cun prezo máximo de partida superior ao prezo máximo regulamentario de 0,20 euros, as cotas tributarias establecidas nas letras a) e b) anteriores incrementaranse en 4,70 euros por cada céntimo de euro no que se incremente o prezo máximo regulamentario.

d) No caso de modificación do prezo máximo regulamentario de 0,20 euros para a partida en máquinas de tipo «B» ou recreativas con premio, a cota tributaria trimestral correspondente incrementárase en 4,70 euros por cada céntimo de euro de diferenza entre os prezos máximos regulamentarios ou, se for o caso, entre o novo prezo máximo regulamentario e o prezo máximo de partida homologado.

C. Máquinas tipo «B especial»: a contía que se debe pagar por este tipo de máquinas será a que resulte de incrementar nun 25 % as contías sinaladas na letra



XUNTA DE GALICIA

B anterior para as máquinas tipo «B» segundo proceda consonte as súas características.

D. Máquinas tipo «C» ou de azar: cota trimestral, 1.365 euros.

E. Calquera outro tipo de máquina apta para un único xogador ou para unha única xogadora: cota trimestral, 1.500 euros. Esta tarifa incrementarase nun 25 % por cada xogador ou xogadora de máis.

A cota trimestral calcularase consonte coas características da autorización da máquina en cada trimestre natural. Para estes efectos, se nun trimestre natural as características da máquina se tiveran modificado, a cota trimestral será a que corresponda ao maior número de xogadores e ao maior prezo de partida que amparara a autorización no trimestre.”

Tres. Modifícase o punto 4 da alínea Tres do artigo 20 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“4. Bingo.

Nas modalidades do xogo do bingo diferentes ao bingo electrónico aplicarase o tipo de gravame do 50 %. Na modalidade do bingo electrónico aplicarase o tipo de gravame do 30 %.”

Catro. Modifícase o apartado Catro do artigo 20 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Catro. Devengo e período impositivo.



XUNTA DE GALICIA

1. O devengo producirase con carácter xeral pola autorización e, no seu defecto, pola organización e/ou pola realización do xogo.
2. Para aquelas autorizacións que permitan o desenvolvemento do xogo dun xeito continuado ao longo do tempo, o primeiro ano o devengo coincidirá coa data da autorización e os anos subseguintes co 1 de xaneiro de cada ano natural. Nestes casos o período impositivo coincidirá co ano natural.
3. No xogo do bingo o devengo producirase consonte o disposto no parágrafo anterior.
4. Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos, o devengo producirase:
 - a) cando se trate dunha autorización de explotación nova, na data da autorización,
 - b) cando se trate de autorizacións de explotación vixentes en trimestres anteriores, o primeiro día de cada trimestre natural. Para estes efectos, a taxa devengarase sempre e cando non conste fidedignamente que antes do primeiro día de cada trimestre natural a autorización de explotación foi extinguida ou suspendida provisionalmente.
 - c) cando se trate de autorizacións de explotación vixentes en trimestres anteriores que estiveran en situación de suspensión provisional, o día do reinicio da explotación.

A taxa esixirase na súa contía trimestral en cada trimestre natural no que se produza o devengo.”

Cinco. Modifícase o artigo 30 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:



XUNTA DE GALICIA

“Artigo 30. Liquidación e pagamento da taxa fiscal sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias.

Un. Os suxeitos pasivos deberán presentar, na forma, no lugar e no prazo determinados por orde da consellería competente en materia de facenda, declaración dos feitos sometidos a gravame. En defecto de disposición regulamentaria, os suxeitos pasivos deberán presentar declaración no prazo dun mes, contado desde o momento do devengo, ante o órgano competente da Administración tributaria.

Dous. Os suxeitos pasivos que organicen ou celebren apostas sobre eventos a longo prazo estarán obrigados a efectuar pagamentos a conta do importe da débeda tributaria definitiva, autoliquidando e ingresando o seu importe na contía e nas condicións determinadas na orde da consellería competente en materia de facenda. Para estes efectos, as apostas sobre eventos a longo prazo son aquelas apostas realizadas sobre eventos para os que, entre a data na que se comeza aceptar ou validar apostas e a data de resolución do evento sobre o que se aceptan ou validan as apostas transcorre máis dun ano natural.

Tres. A consellería competente en materia de facenda aprobará, de ser o caso, os modelos mediante os que os suxeitos pasivos deberán declarar, autoliquidar e ingresar o importe correspondente na forma, no lugar e nos prazos que determine regulamentariamente. A consellería competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e/ou autoliquidacións do tributo se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá dispoñer a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios telemáticos.”

Seis. Modifícase o apartado Un do artigo 31 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo



XUNTA DE GALICIA

Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Un. Máquinas.

1. Os suxeitos pasivos deberán presentar, na forma, no lugar e no prazo determinados por orde da consellería competente en materia de facenda, unha declaración por cada máquina en explotación, e deberán autoliquidar e ingresar a cota trimestral legalmente establecida que corresponda á tipoloxía e ás características da autorización da máquina.

2. A consellaría competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e/ou autoliquidacións do tributo se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben. Así mesmo, poderá dispoñer a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios telemáticos.”



XUNTA DE GALICIA

**DISPOSICIÓN
ADICIONAIS**

[Handwritten signature or mark]



Primeira.- Información ao Parlamento.

Un.- A Consellería de Facenda facilitaralle trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento información referida ás seguintes actuacións:

- a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.
- b) As operacións de endebedamento por prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma, polos seus organismos autónomos, polas axencias públicas autonómicas ou polas restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, conforme as autorizacións contidas nesta lei.
- c) Os avais amortizados, pagamentos efectuados por falidos, importes recuperados e risco acumulado, tanto no que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma coma aos concedidos polas entidades instrumentais do sector público autonómico.
- d) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.
- e) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta ás que se refire artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Os plans aos que se refire a disposición adicional cuarta desta lei.

Dous.- A Consellería de Facenda comunicaralle á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:



XUNTA DE GALICIA

- a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas conforme o previsto na letra p) do artigo 5 desta lei.
- b) As modificacións efectuadas consonte o indicado no artigo 9.
- c) Os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas, das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas que poidan entrar en funcionamento ao longo do 2014.

Tres.- A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. ou entidade que se subroga na súa posición, comunicaralle mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.



Segunda.- *Porcentaxes de gastos xerais de estrutura de contrato de obra.*

En virtude da previsión establecida no artigo 131.1 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, determinase, con carácter uniforme para todos os contratos de obra que concerten os órganos de contratación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público, a seguinte distribución de gastos xerais de estrutura que sobre eles inciden:

- a) 13 por cento en concepto de gastos xerais da empresa, gastos financeiros, cargas fiscais (Imposto sobre o Valor Engadido excluído), taxas da administración, que inciden sobre o custo das obras e demais derivados das obrigas do contrato.
- b) 6 por cento en concepto de beneficio industrial do contratista.



Terceira.- Supeditación dos contratos e convenios concertados pola administración xeral da comunidade autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira

Un. Aos efectos do disposto na lexislación de contratos do sector público, considerarase que concorren motivos de interese público para as modificacións dos proxectos e prestacións dos contratos concertados pola administración xeral da comunidade autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico que se realicen durante o exercicio orzamentario do ano 2014 e que teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Naqueles supostos en que os principios indicados fagan necesario que a prestación se execute en forma distinta á pactada inicialmente e a modificación esixida exceda dos límites previstos na lexislación de contratos do sector público para o exercicio desta potestade, os órganos de contratación promoverán a resolución dos contratos para evitar unha lesión grave aos intereses públicos, de acordo co indicado na lexislación aplicable.

Dous. Os órganos de contratación de administración xeral da comunidade autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico incorporarán para as novas contratacións, de acordo co disposto no artigo 106 do no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, nos pregos de cláusulas



XUNTA DE GALICIA

administrativas ou, no seu caso, pregos de condicións, previsións expresas de eventuais modificacións á baixa dos contratos necesarias para o cumprimento dos principios de sostibilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

Tres.- Os convenios celebrados pola administración xeral da comunidade autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.



Cuarta. *Entidades públicas instrumentais*

As entidades públicas instrumentais que, se é o caso, poidan presentar perdas de explotación, están obrigadas a elaborar un plan coa finalidade de restablecer a situación de equilibrio nos seus orzamentos.

O citado plan deberáselle remitir á Consellería de Facenda para a súa aprobación dentro dos tres meses seguintes a aquel no que se detectase a situación de desequilibrio ou, en todo caso, a partir da aprobación das contas anuais nas que esta circunstancia se reflicta.



XUNTA DE GALICIA

Quinta. *Autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación.*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Facenda, a aprobar os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas instrumentais con orzamento estimativo que se constitúan ou entren en funcionamento ao longo do ano 2014.



Sexta.- *Adecuación dos estados financeiros das entidades instrumentais*

Os órganos de goberno das entidades públicas empresarias, sociedades mercantís públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico e demais entidades con orzamento estimativo incluídas no ámbito de aplicación desta lei, deberán adecuar os orzamentos de explotación e capital, e demais estados financeiros ás transferencias de financiamento consignadas nos estados de gastos desta lei no prazo de un mes dende a entrada en vigor desta norma.



XUNTA DE GALICIA

Sétima.- Orzamento inicial das axencias públicas autonómicas e requisitos de creación.

Un.- Para as axencias públicas que se poidan constituír ata o 31 de decembro do ano 2014 e asuman funcións doutros centros directivos, organismos ou entidades, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda e por iniciativa da consellaría da que dependa a axencia pública, establecerá as dotacións do seu orzamento inicial.

O orzamento financiarase mediante a minoración dos créditos que teña atribuídos o centro, organismo ou entidade cuxas funcións asuma, sen que supoña un incremento do gasto público, e terá a vinculación orzamentaria establecida para axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Dous.- Con todo, cando a axencia que se constituía asuma na súa totalidade funcións dun organismo autónomo, procederase á adaptación do orzamento do organismo ao previsto para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de conformidade co seguinte:

A vinculación do orzamento a partir da entrada en vigor do estatuto da axencia será a prevista para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Para incorporar ao orzamento do organismo os recursos e as dotacións correspondentes ás operacións comerciais que, de ser o caso, realice, tramitarase un expediente de modificación orzamentaria que autorizará a persoa titular da Consellería de Facenda, manténdose o equilibrio orzamentario.



XUNTA DE GALICIA

Tres.- No caso de que polas datas de aprobación dos estatutos, ou por calquera outra circunstancia que dificulte a aplicación do disposto nas alíneas anteriores, se considere procedente non alterar durante o ano 2014 a estrutura e o réxime orzamentario dos centros ou organismos afectados, esta circunstancia farase constar no decreto polo que se aprobe o correspondente estatuto.



Oitava .-*Prestacións familiares por coidado de fillos.*

Aquelas persoas que, na data do 1 de xaneiro de 2014, teñan ao seu cargo fillos menores de tres anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros por cada un deles cando, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2012, nin elas nin ningún dos membros da unidade familiar estean obrigados a presentar a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a ese período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.



XUNTA DE GALICIA

Novena .-*Alleamento de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.*

Autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo, nos supostos de alleamento de terreos destinados á creación de solo industrial e residencial, así como a parcelas ou a polígonos empresariais ou residenciais terminados que se realicen a favor das sociedades públicas con participación maioritaria polo anterior organismo, para que o alleamento se poida efectuar con pagamento aprazado non superior a dez anos e sen repercusión de xuros.



Décima.- *Prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos.*

No ano 2014 as persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, de pensións do Fondo de Asistencia Social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos terán dereito á percepción dunha prestación única non superior a 210 euros, nas condicións que estableza o Consello da Xunta por proposta da consellaría con competencias en materia de benestar social.



Decimo primeira.-*Concertos, contratos e convenios de colaboración.*

Os importes dos concertos, contratos e convenios de colaboración que teña subscritos a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades do sector público adecuaranse ás condicións retributivas que derivan das previsións desta lei.

En particular, no ámbito do ensino privado concertado suspéndese o Acordo de 24 de abril de 2008, polo que se autoriza o asinamento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre condicións laborais, e a calidade do ensino, publicado mediante Resolución do 15 de maio de 2008, no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do 2 % no complemento retributivo da Comunidade Autónoma e o incremento de 45 euros brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa.



Décimo segunda.-*Modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde.*

Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde a autorización das modificacións, dentro de cada centro de xestión, dos cadros de persoal estatutario, de persoal MIR e de calquera outro tipo de persoal de institucións sanitarias dependentes do organismo non incluídos nas relacións de postos de traballo, sempre que a modificación acordada non supoña un incremento dos créditos do artigo correspondente do devandito centro.

En idénticas condicións correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde a autorización da modificación prevista no parágrafo anterior dos cadros de persoal funcionario sanitario pertencentes ás clases de médicos, practicantes e matronas titulares.

En todo caso, daráselle conta á Consellería de Facenda unha vez tramitada a correspondente modificación.



XUNTA DE GALICIA

Décimo terceira.- *Reestruturación de unidades administrativas da Consellería de Sanidade ou Servizo Galego de Saúde.*

O persoal funcionario da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da comunidade autónoma, con destino na Consellería de Sanidade ou no Servizo Galego de Saúde, poderá pasar a prestar servizos en postos de traballo nos distintos departamentos das consellerías da Xunta de Galicia, cando como consecuencia da reestruturación de unidades administrativas da Consellería de Sanidade ou Servizo Galego de Saúde, non haxa postos de traballo vacantes nela e sexa necesaria a súa adscrición noutras consellerías que necesiten cubrir postos de traballo con persoal funcionario da mesma especialización. Este persoal terá dereito a percibir as retribucións correspondentes ao posto de traballo que pase a desempeñar e aos complementos persoais que teña recoñecidos.



Décimo cuarta- *Transferencias, tarifas e subvencións afectados especialmente polos gastos de persoal*

Un. As transferencias da Comunidade Autónoma de Galicia ás entidades non comprendidas na alínea Seis do artigo 12 desta lei, cuxos ingresos proveñan en mais do 50 % desta, adecuaranse ao disposto no Título II desta lei.

Dous. As tarifas das encomendas de xestión ás entidades declaradas medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma e demais, entes, organismos e entidades dependentes adecuaranse ao disposto no Título II desta lei.

Tres. As subvencións destinadas a financiar gastos de persoal de entidades ás que resulte de aplicación o disposto no Título II desta lei, adecuaranse no seu importe ao disposto neste título.



Décimo quinta.- *Persoal contratado ao abeiro do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional*

O Persoal contratado ao abeiro do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP) nos centros de formación profesional ocupacional dependentes da Xunta de Galicia que continúe prestando servizos como persoal laboral indefinido en cumprimento dunha resolución xudicial que declarase a devandita condición, percibirá durante os períodos en que exerza a dita actividade as retribucións establecidas para o grupo profesional do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia que lle correspondera en función da titulación mínima requirida do curso que imparta. No caso de que non exista categoría laboral concreta equiparable, aplicaráselle as retribucións xenéricas do grupo respectivo; e nos grupos III, IV e V as mínimas do grupo profesional.



XUNTA DE GALICIA

Décimo sexta.- *Medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia*

Durante o ano 2014 quedará suspendido a aplicación do artigo 19 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

[Faint handwritten signature or mark]



XUNTA DE GALICIA

Décimo sétima.- *Evolución da subvención fixa correspondente ao financiamento estrutural previsto no Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015*

Co obxecto de recoller os novos acordos alcanzados na Comisión de Seguimento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia, para a dotación da partida 09.40.422C.444.0 aplicáronse, sobre a evolución prevista no plan de financiamento, as correccións dirixidas a recoller a previsión da regularización resultante do incremento dos ingresos de matrícula derivados da aplicación dos prezos públicos que se establezan sobre os vixentes no curso académico 2011-2012.



Décimo oitava.- Normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público

Durante os exercicios económicos 2014 e 2015 non serán de aplicación aos contratos, convenios e demais expedientes de gastos que dan soporte aos recursos educativos complementarios do ensino público galego, as actualizacións dos prezos, derivadas do incremento de prezos ao consumo (IPC galego) anual, así como de calquera outra fórmula de revisión prevista normativa ou convencionalmente.

Concretamente, as contías globais ás que ascendan ás aplicacións dos IPCs aos contratos e convenios dos exercicios 2014 e 2015 e tamén os pendentes do ano 2013 serán abonadas de xeito proporcional ao longo dos exercicios 2016 a 2020, de acordo sempre co que se dispoña nas correspondentes leis de orzamentos e na lexislación estatal no seu caso aplicable, actualizándose os prezos correspondentes ao exercicio 2016 tomando como referencia para o cálculo os prezos do exercicio base 2015 sen actualizacións.



Décimo novena.- *Control da información económico-financeira*

Para os efectos de garantir a exactitude e coordinación da información económico-financeira subministrada pola Administración xeral e polos organismos autónomos, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará mediante técnicas de auditoría que os datos e a información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable reflectan razoablemente as operacións derivadas da súa actividade. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma establecerá o procedemento, o alcance e a periodicidade das actuacións que se deban desenvolver.

As auditorías das contas anuais das axencias públicas autonómicas realizaranse pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de conformidade co procedemento previsto no título V do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.



Vixésima. *Actuacións en relación coas concesións de obra pública en fase de explotación baixo réxime de canon de demanda.*

Un. En atención á concorrencia de razóns de interese xeral, habilitase a Axencia Galega de Infraestruturas para adoptar as medidas de restablecemento do equilibrio económico necesarias para garantir a viabilidade económica da explotación das concesións de obra pública baixo réxime de canon de demanda, naqueles supostos en que se produza unha alteración extraordinaria e imprevisible nas previsións de utilización da obra recollidas nos estudos de tráfico aprobados no seu día pola administración e nos plans económico financeiros tidos en conta para a adxudicación dos contratos.

Dous. As medidas de reequilibrio económico acordaranse dentro dos límites das dotacións consignadas cada ano no orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas, e esixirán a previa petición do concesionario á que se acompañe a documentación técnico financeira que acredite a inviabilidade dos contratos a través da análise de resultados de rendibilidade dos accionistas e do cumprimento de ratios financeiros.

Tres. As condicións do reequilibrio deberán limitarse ao indispensable para asegurar a viabilidade do contrato a través do cumprimento dos ratios financeiros esixidos sen que se alteren as condicións de calidade da obra pública. A Axencia Galega de Infraestruturas fixará, en cada caso, as condicións nas que as citadas medidas deban ser aplicadas, as circunstancias nas que poidan quedar sen efecto e as consecuencias económico-financeiras destas.



Catro. A Axencia Galega de Infraestruturas introducirá as condicións oportunas para que as medidas adoptadas queden sen efecto no momento no que a viabilidade financeira dos contratos estea garantida.

Cinco. Nos supostos previstos na presente disposición, a Axencia ponderará o exercicio das súas prerrogativas contractuais co obxectivo de garantir a mellor solución para o interese xeral, de tal maneira que previos os estudos de viabilidade económico financeira precisos, poderá optar por aplicar as medidas de reequilibrio previstas ou proceder á resolución dos contratos e a unha nova licitación para a adxudicación doutros baixo as condicións pertinentes e con substitución do modelo de canon de demanda empregado. Nos casos de nova licitación, poderá impoñerse como condición aos adxudicatarios a asunción da infraestrutura construída e a asunción de todos os riscos de construción, así como a obriga destes de aboar ao concesionario saínte as cantidades que de acordo coa lexislación de contratos do sector público deba aboar a administración por razón da resolución do contrato, incluídos os investimentos realizados por razón da expropiación de terreos, execución de obras de construción e adquisición de bens que sexan necesarios para a explotación da obra obxecto da concesión.



Vixésimo primeira. Garantía de viabilidade do sistema promovido pola administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos

Un. O sistema promovido pola administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia pola sociedade do sector público autonómico Sociedade Galega de Medio Ambiente, configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.

O sistema deberá asegurar, mediante a valorización enerxética e material dos residuos domésticos e eliminación en vertedoiro controlado da fracción do dito residuos para os que no caiba ningún outro tratamento contemplado pola lexislación vixente, que a xestión integrada dos residuos se efectúa garantindo o cumprimento de todos os obxectivos contemplados nos correspondentes plans de residuos, cuns niveis máximos de protección ambiental, buscando un custo homoxéneo e o máis reducido posible para todas as entidades locais adheridas ao dito sistema

Dous. Aos efectos indicados no parágrafo anterior e para garantir a sustentabilidade financeira do sistema, fíxase un canon unitario de tratamento por tonelada, expresada no artigo 29.b) da Lei 10/2008, na cantidade de 74,64 €/Tm máis IVE para o ano 2014, de acordo co plan de viabilidade presentado pola sociedade pública e en función dos custos totais que xera o tratamento dos residuos domésticos no marco do sistema. En posteriores exercicios o dito



XUNTA DE GALICIA

canon actualizárase anualmente no mes de xaneiro conforme ao índice de prezos ao consumo publicándose a súa contía no Diario Oficial de Galicia.

Tres. Cando por circunstancias extraordinarias de alteración da viabilidade económica do sistema sexa necesario revisar a contía do canon unitario por tonelada de residuos domésticos para o seu tratamento no marco do sistema, o mesmo establecerase pola consellería competente en materia de residuos previo informe favorable da Consellería de Facenda de tal forma que non exceda dos custos totais que xere o tratamento dos residuos domésticos no marco do sistema.

A estes efectos, polo órgano de administración da Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A, tralos estudos pertinentes nos que se xustifiquen os custos asociados ás operacións de tratamento e o desenvolvemento dunha fase de consultas coa entidade asociativa máis representativa das entidades locais a fin de que poda efectuar as alegacións oportunas na defensa dos intereses locais, procederase á aprobación dunha proposta de canon unitario e os seus mecanismos obxectivos de revisión, que se remitirá para a súa aprobación á consellería.

A aprobación da contía do canon unitario por tonelada así como a súa revisión publicarase no Diario Oficial de Galicia.

Catro. A xestión, liquidación e cobro do canon unitario corresponderá á Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. que deberá expedir mensualmente as facturas correspondentes ás entidades locais e estas deberán aboalas nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



Cinco. A adhesión ao sistema de xestión institucional de residuos domésticos será voluntaria para as entidades locais no marco do disposto na lexislación de residuos e no plan de xestión de residuos urbanos e efectuarase mediante negocio xurídico administrativo que será formalizado entre a entidade local e a Sociedade Galega de Medio, S.A. como xestora do sistema. A Consellería competente en materia de residuos, para asegurar o funcionamento do sistema, logo da proposta da sociedade pública, fixará as condicións de adhesión das entidades locais ao sistema e aprobará o modelo para a formalización da adhesión. No prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor da presente disposición, os negocios xurídicos que fosen subscritos polas entidades locais coa Sociedade Galega de Medio, S.A, para a xestión dos residuos urbanos municipais adaptaranse ao indicado modelo.

Seis. En garantía da sostibilidade financeira do sistema, entre as condicións para a adhesión figurará a dun tempo mínimo de adhesión que permita realizar as previsións oportunas en canto ao volume de residuos a tratar e a de que en caso de non pagamento das cantidades que corresponda aboar ás entidades locais en concepto de canon unitario, estas terán a consideración de vencida, líquida e esixible para os efectos do seu aboamento con cargo ás cantidades que correspondan a cada municipio como participación no Fondo de Cooperación Local, a instancia da sociedade pública, mediante acordo de retención ditado polo órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local de acordo co establecido na regulación deste. As cantidades retidas serán obxecto de entrega á sociedade pública.

Cando o obrigado ao pagamento fose unha mancomunidade de municipios os concellos integrantes serán responsables solidarios, na parte que corresponda segundo a súa porcentaxe de participación na correspondente mancomunidade,



XUNTA DE GALICIA

das débedas xeradas ao xestor institucional do sistema polo non pagamento do canon unitario.



Vixésimo segunda. *Obriga de presentación de facturas nun rexistro administrativo ou a través do sistema de facturación electrónica.*

Un. O contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ou bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación desta.

Nos pregos de cláusulas administrativas para a preparación dos contratos incluírase a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente.

Dous. As facturas electrónicas presentaranse no sistema de facturación electrónica previsto no artigo 15 do Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dependentes da mesma.



XUNTA DE GALICIA

Vixésimo terceira.- *Xestión das taxas de eficiencia enerxética polo INEGA*

As taxas correspondentes aos procedementos administrativos de inscrición no Rexistro dos Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia serán xestionadas polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)



XUNTA DE GALICIA

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS



Primeira.- *Adecuación das entidades públicas instrumentais*

O disposto nesta lei para as entidades incluídas no apartado cinco da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aplicaráselle as axencias públicas autonómicas que resulten da adaptación das súas normas estatutarias de organización e funcionamento.



Segunda.- Canon eólico

Un. As declaracións de alta, de modificación e de baixa ás que se refire o artigo 17 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en tanto en cuanto non entre en vigor a orde á que se refire o dito artigo, presentaranse no prazo dun mes desde o día seguinte ao de inicio do primeiro período impositivo, ao que se produza a modificación ou ao que se produza o desmantelamento do parque segundo cada caso, mediante o modelo e consonte coas instrucións establecidas na orde da Consellería de Economía e Industria do 15 de xaneiro de 2010, pola que se aproba o modelo de declaración de alta, modificación e baixa do canon eólico creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Dous.- As autoliquidacións do canon eólico ás que se refire o artigo 17 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en tanto en cuanto non entre en vigor a orde a que se refire o dito artigo, presentaranse no prazo dun mes desde o día seguinte á data de devengo, mediante o modelo e consonte coas instrucións establecidas na orde da Consellería de Economía e Industria do 7 de xaneiro de 2010 pola que se aproba o modelo de autoliquidación do canon eólico creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.



Terceira.- Dotación do fondo de continxencia

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizarase gradualmente ata o exercicio 2015 para alcanzar o seu importe legal neste último exercicio. Para o ano 2014 a porcentaxe mínima será do 1,4 % e, con carácter excepcional, poderá empregarse para financiar os desaxustes que puideran xurdir no capítulo I.



XUNTA DE GALICIA

Cuarta.- *Réxime tributario aplicable aos cartóns de bingo subministrados no ano 2013.*

Os cartóns para o xogo do bingo subministrados ata o último día do ano 2013 incluído, quedarán suxeitos ao réxime tributario vixente anterior á entrada en vigor desta lei.



XUNTA DE GALICIA

**DISPOSICIÓN
DERROGATORIA**



XUNTA DE GALICIA

Única.-

Derrógase a Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo e o Decreto 247/1991, do 4 de xullo, polo que se aproban normas de xestión dos tributos creados pola Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo.

A faint, illegible signature or stamp is visible on the left side of the page.



XUNTA DE GALICIA

DISPOSICIÓN

DERRADEIRAS



Primeira.- *Notificación da recadación do canon de saneamento*

Engádesse un novo punto 4 á Disposición Transitoria Segunda da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que terá o redactado seguinte:

“4. As cantidades de canon de saneamento xustificadas polas entidades subministradoras coma non percibidas consonte ao establecido no artigo 16.4 do Decreto 8/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento lexislativo do capítulo IV da Lei 8/1993, reguladora da Administración hidráulica, esixíranse directamente ao contribuínte na vía executiva, agás no caso de que da xestión recadatoria seguida pola entidade sumministradora non exista constancia da notificación da débeda ao contribuínte, en cuxo caso estas débedas serán notificadas aos contribuíntes por Augas de Galicia para o seu ingreso en período voluntario, antes de pasar, de proceder, á súa exacción na vía executiva.

Esta notificación para o seu ingreso en período voluntario poderase levar a cabo mediante publicación colectiva, outorgándose un prazo dun mes natural para que os interesados se presenten persoalmente perante Augas de Galicia para seren notificados por comparecencia dos importes repercutidos e non aboados”

”



XUNTA DE GALICIA

Segunda.- *Ampliación do prazo de vixencia da lei de medidas de emprego público*

De acordo co previsto na disposición derradeira única da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma, unha vez analizada a evolución do produto interior bruto real de Galicia e do aforro primario dos orzamentos, mantéñense as medidas contidas na citada lei para todo o exercicio 2014. A próxima revisión realizarase no proceso de elaboración dos orzamentos para o 2015.



XUNTA DE GALICIA

Terceira .-Desenvolvemento da lei

Facúltase a Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei.



XUNTA DE GALICIA

Cuarta- *Vixencia*

As disposicións desta lei terán vixencia exclusiva para o ano 2014 agás os artigos 63. Un, 64, 65, 67, 68, 69, 70, 71 as Disposicións Adicionais Décimo terceira, Vixésima, Vixésimo primeira, Vixésimo segunda e a Disposición Derradeira Primeira que terán vixencia permanente.

[Handwritten signature]



XUNTA DE GALICIA

Quinta .- *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014.



Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



XUNTA DE GALICIA

ANEXOS

A handwritten signature in black ink, located on the left side of the page.



ANEXO 1

Artigo 3.Un

Entidades públicas empresarias	Explotación	Capital
Portos de Galicia	12.668	14.530
Aguas de Galicia	40.495	61.957
Total	53.163	76.487

(Miles de Euros)

Artigo 3.Dous

Consortios autonómicos	Explotación	Capital
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	3.261	2.060
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	58.520	3.965
Consortio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras	941	15
Consortio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín	883	54
Consortio Contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terras de Montes	794	27
Consortio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Limia	883	53
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	1.191	18
Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	4.842	
Consortio Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	273	12
Consortio Casco Vello de Vigo	458	
Consortio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento	4.895	276
Consortio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento	2.795	350
Total	79.735	6.829

(Miles de Euros)



Artigo 3. Tres

Sociedades mercantis públicas autonómicas	Explotación	Capital
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	92.902	3.485
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	9.572	152
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	7.454	4.716
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	915	
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a.	1.905	80
Galicia calidade, S.A.	851	
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	1.398	45
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	4.625	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	13.266	
Xenética Fontao, S.A.	3.771	250
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A.	28.903	1.180
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	101.166	450
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	5.206	2.596
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	2.787	583
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	2.217	641
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	2.971	3.757
Total	279.889	17.935



Artigo 3. Catro

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.321	91
Fundación Pública Centro de Transfusión	23.736	104
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	6.456	4.991
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	1.415	
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	48.092	651
Instituto Galego de Medicina Xenómica	2.946	76
Fundación Galicia Europa	633	1
Fundación Autonomía Persoal e Dependencia	856	
Fundación Semana Verde de Galicia	2.067	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	789	0
Fundación Centro Supercomputación de Galicia	1.799	1.798
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	208	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	506	
Instituto Feiral de A Coruña	388	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	1.314	49
Fundación Rof Codina	1.508	41
Fundación Deporte Galego	3.390	10
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	3.547	
Fundación Galega Formación para o Traballo	425	
Fundación Camilo José Cela	310	3
Total	101.707	7.804

(Miles de Euros)



ANEXO 2

Artigo 3.Cinco

Entidades públicas empresarias	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Portos de Galicia	0	11.531
Augas de Galicia	0	36.262
TOTAL	0	47.793

(Miles de Euros)

Sociedades mercantís públicas autonómicas	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	0	127
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	0	151
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	0	25.382
Galicia calidade, S.A.	371	399
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	628	395
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	2.639	0
Xenética Fontao, S.A.	8	250
Galería Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A.	29.813	94
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	105	0
TOTAL	33.563	28.798

(Miles de Euros)



ANEXO 3

Artigo 5.f)

Distribución de taxas e prezos (euros)

Seccións	Taxas	Prezos	Total
Presidencia da Xunta de Galicia	368.280		368.280
Vicepresidencia e C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	3.069.344		3.069.344
C. de Facenda (Selección persoal)	40.000		40.000
C. de Facenda (Outras)	15.089		15.089
C. de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	4.459.765	283.029	4.742.794
C. de Economía e Industria	2.642.381	1.646.000	4.288.381
C. de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Selección persoal)	135.538		135.538
C. de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Outras)	1.684.335	11.950.321	13.634.656
C. de Sanidade	2.558.316		2.558.316
C. de Traballo e Benestar	263.083	16.283.992	16.547.075
C. do Medio Rural e do Mar	2.100.140	1.867.819	3.967.959
Total	17.336.271	32.031.161	49.367.432



ANEXO 4

Artigo 56

Conforme ao disposto nese artigo, os importes anuais e a desagregación dos módulos económicos por unidade escolar nos centros concertados dos distintos niveis e modalidades educativas quedan establecidos con efectos do 1 de xaneiro, e ata o 31 de decembro de 2014, do seguinte xeito:

Educación infantil:

(Ratio profesor / unidade: 1,08:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	31.240,76
Gastos variables	4.039,51
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	3.274,93
Outros gastos	6.020,95
Importe total anual	44.576,15

Educación primaria:

Centros de ata 6 unidades de primaria

(Ratio profesor / unidade: 1,40:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	40.497,29
Gastos variables	5.236,41
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.245,29
Outros gastos	6.020,95
Importe total anual	55.999,94

Centros de máis de 6 unidades de primaria

(Ratio profesor / unidade: 1,36:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	39.340,23
Gastos variables	5.086,79
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.124,00
Outros gastos	6.020,95



XUNTA DE GALICIA

Importe total anual **54.571,97**

Educación especial (niveis obrigatorios e gratuitos):

I. Educación básica primaria:

(Ratio profesor / unidade: 1,12:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	32.397,84
Gastos variables	4.189,13
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	3.396,21
Outros gastos	6.422,40
Importe total anual	46.405,58

Personal complementario (Logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos

educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	20.011,46
Autistas ou problemas graves de personalidade	23.109,92
Auditivos	18.619,87
Plurideficientes	23.109,92

II. Programas de formación para a transición á vida adulta:

(Ratio profesor / unidade: 2:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	57.853,26
Gastos variables	4.907,57
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	6.064,67
Outros gastos	9.058,94
Importe total anual	77.884,44



XUNTA DE GALICIA

Persoal complementario (Logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos

educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	31.951,05
Autistas ou problemas graves de personalidade	35.529,17
Auditivos	24.755,72
Plurideficientes	35.529,17

Educación secundaria obrigatoria:

I. Primeiro e segundo curso ():*

Centros de ata 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,56:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	52.991,30
Gastos variables	9.666,23
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*)	7.347,17
Outros gastos	7.827,26
Importe total anual	77.831,96

Centros de máis de 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,52:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	51.632,54
Gastos variables	9.418,39
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*)	7.158,79
Outros gastos	7.827,26
Importe total anual	76.036,98

II. Terceiro e cuarto curso:

Centros de ata 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,56:1)



XUNTA DE GALICIA

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	52.991,30
Gastos variables	9.666,23
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.452,34
Outros gastos	8.639,29
Importe total anual	75.749,16

Centros de máis de 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,52:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	51.632,54
Gastos variables	9.418,39
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.338,18
Outros gastos	8.639,29
Importe total anual	74.028,40

Ciclos formativos:

(Ratio profesor / unidade grao medio: 1,52:1)

(Ratio profesor / unidade: grao superior: 1,52:1)

1. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:

Grupo1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	50.404,11
Segundo curso	0,00

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso	50.404,11
Segundo curso	50.404,11

Grupo3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:



XUNTA DE GALICIA

Primeiro curso	50.404,11
Segundo curso	0,00

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso	50.404,11
Segundo curso	50.404,11

II. Gastos variables:

Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	6.466,15
Segundo curso	0,00

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso	6.466,15
Segundo curso	6.466,15

Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	6.959,66
Segundo curso	0,00

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso	6.959,66
Segundo curso	6.959,66

III. Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais

Ciclos formativos de grao medio	4.338,18
Ciclos formativos de grao superior	4.338,18



XUNTA DE GALICIA

IV. Outros gastos:

Grupo 1. Ciclos formativos de:

Condución de actividades físico deportivas no medio natural.

Animación turística.

Estética persoal decorativa.

Química ambiental.

Hixiene bucodental.

Primeiro curso

10.178,78

Segundo curso

2.380,58

Grupo 2. Ciclos formativos de:

Secretariado.

Mergullo a media profundidade.

Laboratorio de imaxe.

Comercio

Xestión comercial e márketing.

Servizos ao consumidor.

Muiñaría e industrias cerealistas.

Laboratorio.

Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns.

Coidados auxiliares de enfermaría.

Documentación sanitaria.

Curtidos.

Procesos de ennobrecemento téxtil.



XUNTA DE GALICIA

<i>Primeiro curso</i>	12.376,05
<i>Segundo curso</i>	2.380,58

Grupo 3. Ciclos formativos de:

- Transformación de madeira e cortiza.
- Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos.
- Operacións de transformación de plásticos e caucho.
- Industrias de proceso de pasta e papel.
- Plástico e caucho.
- Operacións de ennobrecemento téxtil

<i>Primeiro curso</i>	14.729,24
<i>Segundo curso</i>	2.380,58

Grupo 4. Ciclos formativos de:

- Encadernados e manipulados de papel e cartón.
- Impresión en artes gráficas.
- Fundición.
- Tratamentos superficiais e térmicos.
- Calzado e marroquinaria.
- Producción de fiadura e teceduría de calada.
- Producción de tecidos de punto
- Procesos téxtiles de fiadura e teceduría de calada
- Procesos téxtiles de teceduría de punto.
- Operacións de fabricación de vidro e transformados.
- Fabricación e transformación de produtos de vidro.



XUNTA DE GALICIA

<i>Primeiro curso</i>	17.041,30
<i>Segundo curso</i>	2.380,58

Grupo 5. Ciclos formativos de:

Realización e plans de obra.
Asesoría de imaxe persoal.
Radioterapia.
Animación sociocultural.
Integración social (Plan vello).

<i>Primeiro curso</i>	10.178,78
<i>Segundo curso</i>	3.849,67

Grupo 6. Ciclos formativos de:

Operacións de cultivo acuícola.

<i>Primeiro curso</i>	14.729,24
<i>Segundo curso</i>	3.849,67

Grupo 7. Ciclos formativos de:

Elaboración de produtos alimenticios.
Guía de información e asistencia turísticas.
Axencias de viaxes e xestión de eventos.
Xardinaria.
Traballos forestais e de conservación do medio natural.



XUNTA DE GALICIA

Xestión e organización de empresas agropecuarias.

Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.

Administración e finanzas.

Pesca e transporte marítimo.

Navegación, pesca e transporte marítimo.

Produción de audiovisuais, radio e espectáculos.

Comercio internacional.

Xestión do transporte.

Obras de albanelaría.

Obras de formigón.

Operación e mantemento de maquinaria de construción.

Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.

Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.

Óptica de anteollaría.

Caracterización.

Perrucaría.

Estética.

Desenvolvemento de produtos de carpintaría e moble.

Prevenición de riscos profesionais

Anatomía patolóxica e citoloxía.

Saúde ambiental.

Dietética.

Imaxe para o diagnóstico.

Laboratorio de diagnóstico clínico.

Ortoprotésica.

Educación infantil.

Interpretación da lingua de signos.

Atención sociosanitaria.

Xestión de aloxamentos turísticos.



XUNTA DE GALICIA

Servizos en restauración.

Panadería, repostería e confeitaría.

Laboratorios de análises e control de calidade.

Química industrial

Planta química

Audioloxía protésica

Emerxencias sanitarias

Farmacia e parafarmacia

Aceite de oliva e viños

Xestión administrativa

Administración de sistemas informáticos en rede.

Administración de aplicacións multiplataforma.

Administración de sistemas informáticos.

Desenvolvemento de aplicacións web.

Dirección de cociña.

Dirección de servizos de restauración.

Deseño e produción de calzado e complementos.

Proxectos de edificación.

Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

Xardinaría e floristaría.

Asistencia á dirección.

Xestión forestal e do medio natural.

Paisaxismo e medio rural.

Actividades comerciais.

Xestión de vendas e espazos comerciais.

Marketing e publicidade.

Transporte e loxística.

Construción

Proxectos de obra civil.



XUNTA DE GALICIA

Estética e beleza.

Perrucaría estética e capilar.

Asesoría de imaxe persoal e corporativa.

Caracterización e maquillaxe profesional.

Estética integral e benestar.

Estilismo e dirección de perrucaría.

Produción de audiovisuais e espectáculos.

Transporte marítimo e pesca de altura.

Operacións de laboratorio.

Atención a persoas en situación de dependencia.

Animación sociocultural e turística.

Calzado e complementos de moda.

Fabricación e ennobrecemento de produtos téxtiles.

Deseño técnico en téxtil e pel.

Vestuario a medida e de espectáculos.

Condución de vehículos de transporte por estrada.

Gandería e asistencia en sanidade animal

Aproveitamento e conservación do medio natural

Navegación e pesca do litoral

Caracterización e maquillaxe profesional

Integración social.

Primeiro curso

9.167,25

Segundo curso

11.074,12

Grupo 8. Ciclos formativos de:

Operación, control e mantemento de maquinaria e instalacións do buque.

Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque.



XUNTA DE GALICIA

Equipos electrónicos de consumo
Desenvolvemento de produtos electrónicos.
Sistemas de regulación e control automáticos.
Acabados de construción.
Mantemento de aviónica.
Próteses dentais.
Instalacións eléctricas e automáticas.
Sistemas microinformáticos e redes.
Cociña e gastronomía.
Confección e moda.
Patronaxe e moda.
Producción agropecuaria.
Producción agroecolóxica.
Instalacións de telecomunicación.
Mantemento electrónico.
Automatización e robótica industrial.
Sistemas electrotécnicos e automatizados.
Energías renovables.
Centrais eléctricas.
Obras de interior, decoración e rehabilitación.
Educación e control ambiental.
Organización e mantemento de maquinaria de buques e embarcacións
Operacións subacuáticas e hiperbáricas
Mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións
Operacións acuáticas e hiperbáricas

Primeiro curso

11.290,71

Segundo curso

12.887,91



XUNTA DE GALICIA

Grupo 9. Ciclos formativos de:

Animación de actividades físicas e deportivas.

Deseño e produción editorial.

Produción en industrias de artes gráficas.

Imaxe.

Realización de audiovisuais e espectáculos.

Son.

Sistemas de telecomunicación e informáticos.

Produción por fundición e pulvimetalurxia.

Fabricación a medida e instalación de madeira e moble.

Produción de madeira e moble.

Automoción.

Mantemento aeromecánico.

Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos.

Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.

Carrozaría.

Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.

Programación da produción en fabricación mecánica.

Deseño en fabricación mecánica.

Carpintaría e moble.

Conformado por moldeo de metais e polímeros.

Programación da produción en moldeo de metais e polímeros.

Excavacións e sondaxes.

Pedra natural.

Instalacións de produción de calor.

Instalacións frigoríficas e de climatización.

Vídeo, Disc Jockey e son.

Animacións 3D, xogos e entornos interactivos.



XUNTA DE GALICIA

Iluminación, captación e tratamento da imaxe.
Realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos.
Son en audiovisuais e espectáculos.
Instalación e amoblamento.
Deseño e amoblamento.
Electromecánica de maquinaria.
Electromecánica de vehículos automóbiles.
Artista fallero e construción de escenografías.
Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia
Deseño e xestión da produción gráfica

<i>Primeiro curso</i>	13.279,90
<i>Segundo curso</i>	14.733,80

Grupo 10. Ciclos formativos de:

Procesos de calidade na industria alimentaria.
Fabricación de produtos cerámicos
Produción acuícola.
Preimpresión en artes gráficas.
Xoiaría.
Mecanizado.
Soldadura e caldeiraría.
Construcións metálicas.
Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria.
e condución de liñas.
Mantemento ferroviario.
Mantemento de equipo industrial.



XUNTA DE GALICIA

Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos.

Vitivinicultura.

Impresión gráfica.

Preimpresión dixital.

Mantemento electromecánico.

Mecatrónica industrial.

Cultivos acuícolas.

Acuicultura.

Postimpresión e acabados gráficos.

Mantemento de material rodante ferroviario

Primeiro curso

15.361,16

Segundo curso

16.471,77

Programas de cualificación profesional inicial

(Ratio profesor / unidade: 1,44:1)

I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais

47.751,27

II. Gastos variables

6.125,83

III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais

4.145,78

IV. Outros gastos:

Grupo 1

7.502,54

Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:

Administración.

Comercio e márketing.



XUNTA DE GALICIA

Hostalaría e turismo.

Imaxe persoal.

Sanidade.

Servizos socioculturais e á comunidade.

Administración e xestión.

Artesanías.

Química.

Seguridade e medio ambiente.

Grupo 2

8.577,66

Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:

Actividades agrarias.

Artes gráficas.

Comunicación, imaxe e son.

Edificación e obra civil.

Electricidade e electrónica.

Fabricación mecánica.

Industrias alimentarias.

Madeira e moble.

Mantemento de vehículos autopulsados.

Mantemento e servizos á produción.

Téxtil, confección e pel.

Agraria.

Imaxe e son.

Enerxía e auga.

Industrias extractivas.

Madeira, moble e cortiza.



XUNTA DE GALICIA

Transporte e mantemento de vehículos.

Marítimo- pesqueira.

Instalación e mantemento.

Informática

2º curso de PCPI

7.502,54

(*) O importe do complemento retributivo da comunidade autónoma do profesorado licenciado de 1º e 2º curso de educación secundaria obrigatoria axustarase, de xeito que a suma do salario, complemento de equiparación de licenciados e CRCA sexa igual ao salario e CRCA do profesorado de 3º e 4º de ESO.



ANEXO 5

Artigo 57

CRÉDITOS ASIGNADOS ÁS CORPORACIÓNS LOCAIS

12	ADMINISTRACIÓN XERAL	520.789
13	XUSTIZA	815.908
14	ADMINISTRACIÓN LOCAL	3.306.697
15	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	300.000
21	PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE	853.167
31	ACCIÓN SOCIAL E PROMOCIÓN SOCIAL	55.985.700
32	PROMOCIÓN DO EMPREGO E INSTITUCIÓNS DO MERCADO DE TRABALLO	28.534.000
41	SANIDADE	4.122.098
42	EDUCACIÓN	628.545
43	CULTURA	2.221.540
44	DEPRTES	461.537
45	VIVENDA	150.000
51	INFRAESTRUTURAS	3.910.607
52	ORDENACIÓN DO TERRITORIO	2.516.251
54	ACTUACIÓNS AMBIENTAIS	2.455.805
55	ACTUACIÓNS E VALORACIÓN DO MEDIO RURAL	16.485.000
57	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	768.272
61	ACTUACIÓNS ECONÓMICAS XERAIS	100.000
71	DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO MEDIO RURAL	14.741.492
73	INDUSTRIA, ENERXÍA E MINARÍA	11.878.407
75	COMERCIO	4.073.295
76	TURISMO	5.824.432
81	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCAIS	115.114.296
	Total	273.747.836



ANEXO 6

Artigo 58 Coeficientes Fondo Base

CONCELLO	COEFICIENTE	CONCELLO	COEFICIENTE
Abadín	0,2067100	Cabana de Bergantiños	0,2383138
Abegondo	0,2479098	Cabanas	0,1517693
Agoлада	0,2207326	Caldas de Reis	0,3230698
Aífoa	0,1469580	Calvos de Randín	0,1331193
Allariz	0,2919105	Camarifias	0,2218404
Ames	0,7217843	Cambados	0,4482263
Amoeiro	0,1426595	Cambre	0,6719665
Antas de Ulla	0,1606026	Campo Lameiro	0,1229686
Aranga	0,1629145	Cangas	0,6634023
Arbo	0,1957850	Cañiza (A)	0,2508672
Ares	0,2114099	Capela (A)	0,1257712
Arnoia (A)	0,1310605	Carballeda de Avia	0,1288474
Arteixo	0,8392101	Carballeda de Valdeorras	0,2004554
Arzua	0,2792102	Carballedo	0,1919363
Avión	0,1853746	Carballiño (O)	0,4213130
Barona	0,3736793	Carballo	1,0189948
Baleira	0,1686745	Cariño	0,1979143
Baltar	0,1301123	Carnota	0,2179250
Bande	0,1694552	Carral	0,2350158
Baña (A)	0,2529409	Cartelle	0,2028462
Banos de Molgas	0,1590171	Castrelo de Miño	0,1507406
Baralla	0,1922172	Castrelo do Val	0,1423348
Barbadás	0,2828940	Castro Caldelas	0,1581306
Barco de Valdeorras (O)	0,4301403	Castro de Rei	0,2526847
Barreiros	0,1684317	Castroverde	0,2111839
Barro	0,1506496	Catoira	0,1627668
Beade	0,0786331	Cedeira	0,2937099
Beariz	0,1252191	Cee	0,2849336
Becerría	0,2118851	Celanova	0,2824090
Begonte	0,1901471	Cenlle	0,1205109
Bergondo	0,2648589	Cerceda	0,2839626
Betanzos	0,3707458	Cerdedo	0,1507363
Blancos (Os)	0,1139576	Cerdido	0,1217594
Boborás	0,2002334	Cervantes	0,2205991
Bolmorte	0,1754150	Cervo	0,1849849
Boiro	0,6212726	Chandrexa de Queixa	0,1597812
Boja (A)	0,1312506	Chantada	0,3446127
Bolo (O)	0,1406423	Coirós	0,1277721
Boqueixón	0,1991911	Coles	0,1710474
Boveda	0,1631081	Corcubión	0,1055991
Brion	0,3149912	Corgo (O)	0,2202468
Bueu	0,3480399	Coristanco	0,3444762
Burela	0,2791427	Cortegada	0,1236633



XUNTA DE GALICIA

CONCELLO	COEFICIENTE	CONCELLO	COEFICIENTE
Coruña (A)	5,7223532	Leiro	0,1383458
Cospeito	0,2266415	Lobeira	0,1288513
Corobade	0,2425206	Lobios	0,1865623
Covelo	0,1836211	Lourenzá	0,1376373
Crecente	0,1518362	Lousame	0,1987286
Cualedro	0,1536004	Lugo	2,5333955
Culleredo	0,7511051	Maceda	0,1907220
Cuntis	0,2313623	Malpica de Bergantiños	0,2395000
Curtis	0,2110332	Manzaneda	0,1534856
Dodre	0,1478049	Mañón	0,1393901
Dozón	0,1461331	Marín	0,6390407
Dumbria	0,2163445	Maside	0,1783268
Entrimo	0,1343366	Mazaricos	0,2667398
Esgos	0,1264033	Meaño	0,2107086
Estrada (A)	0,9562726	Meira	0,1250533
Fene	0,4883731	Meis	0,1878341
Ferrol	1,4033745	Melide	0,3006759
Fisterra	0,1932941	Melón	0,1342874
Folgoso do Courel	0,1775662	Merca (A)	0,1512802
Fonsagrada (A)	0,3394342	Mesía	0,1744095
Forcarei	0,2473005	Mezquita (A)	0,1360767
Fornelos de Montes	0,1459411	Miño	0,2151889
Fee	0,3709426	Moaña	0,4842483
Frades	0,1727013	Moeche	0,1231947
Friol	0,2882335	Mondariz	0,2156130
Gomesende	0,1079040	Mondariz-Balneario	0,0796895
Gondomar	0,3970006	Mondoñedo	0,2125114
Greve (O)	0,3569587	Monfero	0,1813243
Guarda (A)	0,2949532	Monforte de Lemos	0,6520722
Judifia (A)	0,1633406	Montederramo	0,1569510
Guitiriz	0,3119907	Monterrei	0,1783445
Guntín	0,1943199	Monterroso	0,2084054
Illa de Arousa	0,1693188	Moraña	0,1916877
Incio (O)	0,1833191	Mos	0,4022970
Iríxo (O)	0,2078820	Mugardos	0,1947774
Iríxoia	0,1396301	Muiños	0,1680190
Lalin	0,9982437	Muras	0,1772240
Lama (A)	0,1983302	Muros	0,3453491
Lancara	0,1758728	Muxía	0,2706001
Laracha (A)	0,4560195	Narón	0,9974763
Larouco	0,0845254	Navia de Suarna	0,2212575
Laxe	0,1581089	Neda	0,2321002
Laza	0,1930750	Negreira	0,2813109



XUNTA DE GALICIA

CONCELLO	COEFICIENTE	CONCELLO	COEFICIENTE
Nequeira de Muíña	0,1197787	Pontedeuva	0,0820633
Neves (As)	0,2542056	Pontenova (A)	0,1822977
Nigrán	0,5058670	Pontes de García	
Nogais (As)	0,1356073	Rodríguez (As)	0,4372170
Noqueira de Ramallal	0,1630665	Pontevedra	1,8681825
Noia	0,4612592	Porqueira	0,1116060
Ole	0,1657653	Porriño (O)	0,4597799
Oleiros	0,1379582	Portas	0,1305640
Oleiros	0,9481761	Porto do Son	0,3665155
Oleiros	0,4395715	Portomarín	0,1577170
Orosa	0,2453703	Punxín	0,1010716
Otigueira	0,4264662	Quintela de Leirado	0,0993316
Ourense	2,3097628	Quiroga	0,2921735
Ouro	0,1769400	Rábade	0,1055933
Outeiro de Rei	0,2399189	Rairiz de Veiga	0,1471563
Outes	0,2940857	Ramirás	0,1624678
Oza-Cesuras	0,3195057	Redondela	0,7225794
Paderne	0,1487551	Rianxo	0,4083984
Paderne de Allariz	0,1371535	Ribadavia	0,2011900
Padrenda	0,1513969	Ribadeo	0,3782688
Padrón	0,3296071	Ribadumia	0,1766549
Palas de Rei	0,2459084	Ribas de Sil	0,1254150
Pantón	0,2128593	Ribeira	0,7736127
Parada de Sil	0,1172362	Ribeira de Piñín	0,1232201
Paradela	0,1531719	Riós	0,1745836
Parame (O)	0,1358236	Riotorto	0,1293748
Pastoriza (A)	0,2194690	Rodeiro	0,2182113
Pazos de Borbén	0,1428540	Rois	0,2334656
Pedrafita do Cebreiro	0,1410910	Rosal (O)	0,2516182
Pereiro de Aquiluz (O)	0,2566432	Rúa (A)	0,1860883
Peroxa (A)	0,1567819	Rubiá	0,1480093
Petín	0,1003707	Sada	0,5214888
Pino (O)	0,2582749	Salceda de Caselas	0,2820813
Piñor	0,1451013	Salvaterra de Miño	0,3643964
Pobra de Trives (A)	0,1629020	Samos	0,1684774
Pobra do Breloir (A)	0,1865164	San Amaro	0,1293733
Pobra do Caramiñal (A)	0,3261184	San Cibrao das Viñas	0,1953176
Poio	0,4483062	San Cristovo de Cea	0,1943198
Pola	0,1541515	San Sadurniño	0,1788866
Ponte Caldelas	0,2526736	San Xoán de Río	0,1338677
Ponteareas	0,6334176	Sandiás	0,1283188
Ponteceso	0,2787591	Santa Comba	0,4360316
Pontecesures	0,1277450	Santiago de Compostela	3,1499361
Pontedeume	0,2807872	Santiso	0,1255453
		Sanxenxo	0,6310835



XUNTA DE GALICIA

CONCELLO	COEFICIENTE	CONCELLO	COEFICIENTE
Barreiros	0,1405659	Veiga (A)	0,2162933
Barria	0,4774302	Verea	0,1514325
Baviñao (O)	0,2543443	Verín	0,4558821
Billeda	0,3386039	Viana do Bolo	0,2706319
Bober	0,1822770	Vicedo (O)	0,1482499
Bobrado	0,1592228	Vigo	5,5167858
Comozas (As)	0,1481358	Vila de Cruces	0,3158629
Soutomaior	0,2145708	Vilaboa	0,1987554
Taboada	0,2127435	Vilagarcía de Arousa	1,0356627
Taboadela	0,1331254	Vilalba	0,8180374
Teixeira (A)	0,0940781	Vilamarín	0,1412373
Lea	0,5681940	Vilamartín de Valdeorras	0,1403873
Toen	0,1459673	Vilanova de Arousa	0,2946715
Tomíño	0,4233385	Vilar de Barrio	0,1546345
Toques	0,1333309	Vilar de Santos	0,0957600
Tordoia	0,2273073	Vilardevós	0,1824825
Touro	0,2510451	Vilariño de Conso	0,1573604
Trabada	0,1389962	Vilarmaior	0,1144978
Trasmiras	0,1311433	Vilasantar	0,1344608
Trezo	0,2010742	Vimianzo	0,3596027
Triacastela	0,1181743	Viveiro	0,4734862
Tui	0,4561952	Xermade	0,1864818
Val do Dubra	0,1944456	Xinzo de Limia	0,3506220
Valadouro (O)	0,1725363	Xove	0,2105751
Valdovíño	0,2572379	Xunqueira de Ambia	0,1506371
Valga	0,2063086	Xunqueira de Espadanedo	0,1042797
Vedra	0,2422174	Zas	0,2614845
	Total		100,00



ANEXO 7

Artigo 59

CONVENIOS E SUBVENCIONS CON ENTIDADES LOCAIS

121A-DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACION XERAL	146.200
05.21.121A.760.0 PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DOS ENTES LOCAIS	146.200
122B-FORMACION E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACION DAC.A.	374.589
05.80.122B.460.1 SUBVENCIONS A CORPORACIONS LOCAIS PARA FORMACION	374.589
131A-ADMINISTRACION DE XUSTIZA	815.908
05.22.131A.461.0 SUBVENCION GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS XULGADOS DE PAZ	565.908
05.22.131A.461.1 AXUDAS A CORPORACIONS LOCAIS SECRETARIAS XULGADOS DE PAZ	250.000
141A-ADMINISTRACION LOCAL	3.306.697
05.23.141A.460.0 AXUDAS PARA A CONTRATACION DE AUXILIARES DE POLICIA LOCAL	70.000
05.23.141A.460.1 SUBVENCIONS A ENTIDADES DE CARACTER SUPRAMUNICIPAL E ENTIDADES LOCAIS MENORES	100.940
05.23.141A.760.0 INVESTIMENTOS SEDES DAS ENTIDADES LOCAIS	730.371
05.23.141A.760.1 CONSTRUCCION E MELLORA DE EQUIPAMENTOS LOCAIS	530.386
05.23.141A.760.3 PLANS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL	1.875.000
151A-FOMENTO DA LINGUA GALEGA	300.000
09.30.151A.460.0 TRANSFERENCIAS CORRENTES A CORPORACIONS LOCAIS	300.000
212A-PROTECCION CIVIL E SEGURANZA DA COMUNIDADE AUTONOMA	853.187
05.25.212A.460.1 SUBVENCIONS A FEGAMP PARA FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS	355.300
05.25.212A.760.0 SERVICIOS DE EMERXENCIAS CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO	497.887
312C-SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS AS MIGRACIONES	306.652
11.05.312C.460.0 ACCIONS DE INFORMACION E FORMACION PARA O COLECTIVO MIGRANTE	100.000
11.05.312C.460.0 ACCIONS DE INFORMACION E FORMACION PARA O COLECTIVO MIGRANTE	206.652
312D-SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCION AS PERSOAS DEPENDENTES	37.750.244
11.04.312D.460.0 PROGRAMA DE ATENCION A DEPENDENCIA	37.750.244
312E-SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCION A PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE	3.713.995
11.04.312E.460.0 TRANSFERENCIAS EN MATERIA DE SERVICIOS SOCIAIS	645.567



XUNTA DE GALICIA

11.04.312E.760.0	PLAN DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE (P.D.R.S.)	2.792.424
11.04.312E.760.1	PLAN DESENVOLVEMENTO RURAL SOSTIBLE (P.D.R.S.)	276.004
312F PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE		170.500
11.06.312F.460.0	ACTUACIÓNS DE FOMENTO DO VOLUNTARIADO	170.500
312G-APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCION SOCIAL		330.063
05.11.312G.460.1	APOIO A MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE	330.063
313A-SERVIZOS Á XUVENTUDE		700.000
11.06.313A.460.0	FOMENTO DE ACTUACIÓNS VINCULADAS Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS E HABILIDADES POLA MOXIDADE GALEGA	700.000
313B-ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER		3.346.457
05.11.313B.460.0	ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIAA DESENVOLVER POLAS EELL A TRAVÉS DA REDE DE CIM	2.883.957
05.11.313B.460.0	ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIAA DESENVOLVER POLAS ENTIDADES LOCAIS	312.500
05.11.313B.460.2	DINAMIZACIÓN DA REDE DE CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM)	150.000
313C-SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS		9.415.789
11.05.313C.460.0	TRANSFERENCIAS CORPORACIÓNS LOCAIS. SOCIOCOMUNITARIOS	663.112
11.05.313C.460.1	PLAN DE DESENVOLVEMENTO XITANO	93.273
11.05.313C.460.2	PLAN CONCERTADO DE PRESTACIÓNS SOCIAIS BÁSICAS	8.601.794
11.05.313C.460.2	TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS. INCLUSIÓN	57.610
313D-PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO		232.000
05.11.313D.460.0	DESENVOLVEMENTO LEI INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO - CENTROS DE ACOLLIDA	232.000
322A MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE		20.224.000
11.03.322A.460.0	PROGRAMA PARA ADQUISICION DE EXPERIENCIA DE PERSOAS DESEMPREGADAS	4.000.000
11.03.322A.460.1	AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	2.200.000
11.03.322A.460.2	ESCOLAS OBRADOIRO, OBRADOIROS DE EMPREGO E UPD	9.660.000
11.03.322A.460.3	PROGRAMAS INTEGRADOS PARA O EMPREGO	2.264.000
11.03.322A.460.4	INFORMACION, ORIENTACION E BUSCA DE EMPREGO	2.100.000
323A FORMACION PROFESIONAL DESEMPREGADOS		6.000.000
11.03.323A.460.1	FORMACION PRIORITARIA DESEMPREGADOS	6.000.000
324A MELLORA DA ORGANIZ. F. ADM. DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA ECONOMIA SOCIAL		310.000
11.02.324A.460.0	FOMENTO DO COOPERATIVISMO 2014	310.000
413A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA		4.122.096



XUNTA DE GALICIA

10.02.413A.460.0	CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS	3.361.458
10.02.413A.460.1	PROGRAMA PREVENCIÓN DROGAS	760.640
423A	SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSIANZA	583.545
09.10.423A.460.0	AXUDAS CONCELLOS EN MATERIA DE RECURSOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS	340.000
09.10.423A.460.1	CONVENIO CONCELLOS CPIS E SERVIZO LIMPEZA PROPIO	223.546
423B	PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR	65.000
09.50.423B.460.0	PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR TEMPORA	65.000
432A	BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURALS	27.440
09.20.432A.760.0	AXUDAS PARA INVESTIMENTOS EN ARQUIVOS	27.440
432B	FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURALS	1.564.100
09.20.432B.760.0	CONSTRUCIONS E EQUIPAMENTOS INFRAESTRUCTURAS CULTURALS	1.452.100
09.A1.432B.460.0	AXUDAS EN MATERIA CULTURAL	112.000
433A	PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO ECULTURAL	630.000
09.21.433A.760.0	AXUDAS E CONVENIOS PARA CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	380.000
09.21.433A.760.2	TRANSFERENCIAS E CONVENIOS SINGULARES	250.000
441A	PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	461.537
04.40.441A.760.0	SUBVENCIÓNS PARA INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS	461.537
451A	FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA	150.000
07.01.451A.760.0	AXUDAS PLAN CUATRIENAL DE VIVENDA E SOLO. FINANC AUTONÓMICA	150.000
512B	CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	3.910.607
07.A1.512B.760.0	CONVENIOS CON CORPORACIÓNS LOCAIS	295.000
07.A1.512B.760.0	CONVENIO SOTERRAMENTO MARINA-O PARROTE	3.575.607
07.A1.512B.760.0	CONVENIO CONC OZA-GESURAS. REFORZO FIRME DO CAMIÑO REAL	40.000
521A	URBANISMO	2.516.251
07.02.521A.760.0	CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OURENSE PARA A REDACCIÓN DO PXOM DO CONCELLO	130.500
07.02.521A.760.0	AXUDAS AOS CONCELLOS PARA A REDACCIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO	1.541.351
07.02.521A.762.0	AXUDAS A CONCELLOS PARA ACTUACIÓNS EN ENTORNOS URBANOS - PLANHURBE-	844.400
541B	CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	2.455.805
07.05.541B.760.2	COMPENSACIÓNS SOCIOECONÓMICAS EN ÁREAS DE INFLUENCIA DO PARQUE NATURAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA	64.000
07.05.541B.760.3	AXUDAS PARA MEDIDAS DE FONDOS FEADER	2.291.805



XUNTA DE GALICIA

07.05.541B.760.3	FCA PARA COFINANCIAR FONDOS FEADER	100.000
551A- INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL		400.000
12.21.551A.760.0	CONVENIO MOURISCADÉ (PDRS)	400.000
551B- ACCIONS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL		16.085.000
12.20.551B.760.0	CONVENIOS COS CONCELLOS EN MATERIA DE DEFENSA CONTRAINCENIOS FORESTAIS	8.085.000
12.20.551B.760.0	CONVENIOS COS CONCELLOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENIOS FORESTAIS	8.000.000
571A- FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO CONECEMENTO		768.272
04.A1.571A.460.0	DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	768.272
513B- ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR		100.000
08.80.613B.460.0	AXUDAS E CONVENIOS A CORPORACIÓN LOCAIS	50.000
08.80.613B.760.0	AXUDAS E CONVENIOS CON CORPORACIÓN LOCAIS	50.000
712A- FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL		14.741.492
12.A1.712A.760.0	MED. 3211D ACCIONS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA NO MEDIO RURAL: SERVICIOS BÁSICOS NO RURAL	300.000
12.A1.712A.760.0	MED. 3212D .SERV. BÁSICOS NO RURAL:NOVOS RETOS ENERXIAS RENOVABLES	400.000
12.A1.712A.760.0	MED.3213D.SERV. BÁSICOS PARA A ECONOMÍA E A POBOACIÓN:INFRAESTRUTURAS	11.591.492
12.A1.712A.760.0	PROGRAMAS LOCAIS DE DESENVOLVEMENTO RURAL 41/00	2.450.000
731A- DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA		13.100
08.01.731A.460.1	SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO A CC.LL. E INSTITUCIONS SEN FIN DE LUCRO	13.100
732A- REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL		3.000.000
08.03.732A.760.0	INFRAESTRUTURAS EN POLIGONOS INDUSTRIAIS	3.000.000
733A- EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXIAS RENOVABLES		8.865.307
08.03.733A.760.0	INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS. CONCELLOS	3.567.349
08.A2.733A.761.0	ILUMINACIÓN PÚBLICA FONDOS FEDER	500.000
08.A2.733A.761.0	ILUMINACIÓN PÚBLICA FONDOS PROPIOS	2.466.956
08.A2.733A.761.0	PLAN DE VALORIZACIÓN DA BIOMASA	2.331.002
751A- ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA		4.073.295
08.02.751A.761.1	ESPAZOS COMERCIAIS MUNICIPAIS MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS EXCELENTES	50.000
08.02.751A.761.2	ESPAZOS COMERCIAIS MUNICIPAIS MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS EXCELENTES	50.000
08.02.751A.761.3	ESPAZOS COMERCIAIS MUNICIPAIS MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS	3.125.000



XUNTA DE GALICIA

	EXCELENTES	
08.02.751A.761.4	ESPAZOS COMERCIAIS MUNICIPAIS MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS EXCELENTES	100.000
08.02.751A.761.5	MERCADO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	118.295
08.02.751A.761.6	ESPAZOS COMERCIAIS MUNICIPAIS MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS EXCELENTES	130.000
08.02.751A.761.8	ESPAZOS COMERCIAIS MUNICIPAIS MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS EXCELENTES	200.000
08.02.751A.761.9	ESPAZOS COMERCIAIS MUNICIPAIS MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS EXCELENTES	300.000
61A	COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	5.824.432
04.A2.761A.460.0	PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DO TURISMO	1.035.000
04.A2.761A.760.0	APOIO A ACTUACIÓNS DE POTENCIACIÓN DO TURISMO GALEGO	1.100.000
04.A2.761A.760.0	FOMENTO DO TURISMO	943.500
04.A2.761A.760.0	PLANS DE ZONA DAS ZONAS RURAIS	1.158.830
04.A2.761A.760.1	PLANS DE ZONA DAS ZONAS RURAIS	310.000
04.A2.761A.760.3	APOIO A ACTUACIÓNS DE POTENCIACIÓN DO TURISMO GALEGO	1.277.102
810	OUTROS SOPORTES FINANCEIROS ÁS ENTIDADES LOCAIS	2.141.490
23.01.810C.460.1	TRANSFERENCIAS CORRENTES Ó CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA	2.141.490
	Total	160.778.030



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 197

IX lexislatura

15 de novembro de 2013

SUMARIO

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014

Grupo I. Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos),

1. Emenda de devolución global

- Núm. 1 (núm. de rexistro 14954), do G.P. dos Socialistas [46013](#)
- Núm. 1 (núm. de rexistro 14912), do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda [46022](#)
- Núm. 1 (núm. de rexistro 14894), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego [46038](#)

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

- Núm. 1 (núm. de rexistro 14956), á sección e ás axencias públicas, sociedades mercantís e fundación dependentes dela [46045](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

- Núm. 1 (núm. de rexistro 14915), á sección [46049](#)
- Núm. 11 (núm. de rexistro 14927), á CRTVG [46051](#)
- Núm. 12 (núm. de rexistro 14928), á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia [46053](#)
- Núm. 13 (núm. de rexistro 14929), á Axencia de Turismo de Galicia [46055](#)

SUMARIO

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm.1 (núm. de rexistro 14904), á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela [46057](#)

-Núm. 10 (núm. de rexistro 14895), ao orzamento da CRTVG [46059](#)

SECCIÓN 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 2 (núm. de rexistro 14957), á sección e aos organismos autónomos, axencia pública e consorcios dependentes dela [46061](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 2 (núm. de rexistro 14916), á sección [46064](#)

-Núm. 14 (núm. de rexistro 14930), á Axencia Galega de Emerxencias [46067](#)

-Núm. 15 (núm. de rexistro 14932), á Academia Galega de Seguridade Pública [46069](#)

-Núm. 16 (núm. de rexistro 14934), á Escola Galega de Administración Pública [46071](#)

-Núm. 19 (núm. de rexistro 14937), á Fundación Galicia Europa [46073](#)

-Núm. 20 (núm. de rexistro 14938), á Fundación Semana Verde de Galicia [46074](#)

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 2 (núm. de rexistro 14896), á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela [46075](#)

SECCIÓN 06 Consellería de Facenda

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 3 (núm. de rexistro 14958), á sección e ás axencias públicas e aos organismos autónomos dependentes dela [46078](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 3 (núm. de rexistro 14917), á sección [46083](#)

-Núm. 17 (núm. de rexistro 14935), á Axencia Tributaria de Galicia [46085](#)

Núm. 18 (núm. de rexistro 14936), ao Consello Económico e Social [46087](#)

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 3 (núm. de rexistro 14897), á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela [46089](#)

SECCIÓN 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 4 (núm. de rexistro 14959), á sección e aos organismos autónomos, axencia pública, entidade pública empresarial, Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística e ás sociedades públicas mercantís dependentes dela [46091](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 4 (núm. de rexistro 14918), á sección [46097](#)

-Núm. 21 (núm. de rexistro 14939), ao Instituto Galego da Vivenda e Solo [46099](#)

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 4 (núm. de rexistro 14898), á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela [46101](#)

SECCIÓN 08 Consellería de Economía e Industria

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 5 (núm. de rexistro 14960), á sección e ao organismo autónomo, axencias públicas e sociedades públicas mercantís dependentes dela [46104](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 5 (núm. de rexistro 14919), á sección [46110](#)

-Núm. 22 (núm. de rexistro 14940), á Fundación Feiras e Exposicións de Lugo [46114](#)

-Núm. 23 (núm. de rexistro 14941), á Fundación Exposicións e Congresos da Estrada [46115](#)

-Núm. 24 (núm. de rexistro 14942), ao Instituto Galego de Promoción Económica [46116](#)

-Núm. 25 (núm. de rexistro 14943), a Portos de Galicia [46118](#)

-Núm. 26 (núm. de rexistro 14944), ao Instituto Galego de Consumo [46120](#)

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 5 (núm. de rexistro 14899), á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela [46122](#)

SECCIÓN 09 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 6 (núm. de rexistro 14961), á sección e á Axencia Galega de Industrias Culturais e á Fundación Cidade da Cultura, dependentes dela [46125](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 6 (núm. de rexistro 14920), á sección [46130](#)

-Núm. 27 (núm. de rexistro 14945), á Fundación Pública Cidade da Cultura [46133](#)

-Núm. 28 (núm. de rexistro 14946), á Axencia Galega das Industrias Culturais [46135](#)

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 6 (núm. de rexistro 14900), á sección [46137](#)

SECCIÓN 10 Consellería de Sanidade

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 7 (núm. de rexistro 14962), á sección e ao organismo autónomo e á sociedade pública mercantil dependentes dela [46140](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 7 (núm. de rexistro 14922), á sección [46143](#)

-Núm. 8 (núm. de rexistro 14923), ao Servizo Galego de Saúde [46145](#)

-Núm. 29 (núm. de rexistro 14947), a Galaria, S.A. A referencia á sección 09 debe entenderse feita á sección 10 [46147](#)

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 7 (núm. de rexistro 14901), á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela [46149](#)

SECCIÓN 11 Consellería de Tránsito e Benestar

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 8 (núm. de rexistro 14963), á sección e ao organismo autónomo, consorcio e fundacións públicas dependentes dela [46152](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 9 (núm. de rexistro 14924), á sección [46156](#)

-Núm. 30 (núm. de rexistro 14948), ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral [46160](#)

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 8 (núm. de rexistro 14902), á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela [46162](#)

SECCIÓN 12 Consellería do Medio Rural e do Mar

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 9 (núm. de rexistro 14964), á sección e ao organismo autónomo, axencias públicas e entidade pública empresarial dependentes dela [46164](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 10 (núm. de rexistro 14926), á sección [46168](#)

-Núm. 31 (núm. de rexistro 14949), ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño [46172](#)

-Núm. 32 (núm. de rexistro 14950), á Fundación Centro Tecnolóxico da Carne [46174](#)

-Núm. 33 (núm. de rexistro 14951), á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural [46176](#)

SUMARIO

-Núm. 34 (núm. de rexistro 14952), ao Fondo Galego de Garantía Agraria [46178](#)

-Núm. 35 (núm. de rexistro 14953), ao Instituto Galego de Calidade Alimentaria [46180](#)

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 9 (núm. de rexistro 14903), á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela [46182](#)

Grupo II. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)

1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Número 1 (núm. de rexistro 14955) [46185](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

B.1) Números 1 a 6 (núm. de rexistro 14969) [46228](#)

B.2) Números 1 a 5 (núm. de rexistro 14968, primeira parte do documento) [46245](#)

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 38, 39, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50 e 51 (núm. de rexistro 14971; corrección de erros das núm. 49 e 60 no doc. núm.15094)

[46270](#)

[46345](#)

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 1 (núm. de rexistro 14955) [46185](#)

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Números 1 a 9 (núm. de rexistro 14968, segunda parte do documento). A identificada co núm. 10 debe entenderse indicada co núm. 9.)

[46245](#)

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Números 1 a 38, 40 a 43, 45,49, 52 a 60 (núm. de rexistro 14971 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego; corrección de erros das núm. 49 e 60 no doc. núm. 15094)

[46270](#)

[46345](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, reunida o 14 de novembro de 2013, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, que rematou ás 18.30 horas do día 7 de novembro de 2013, que foron rexistrados polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego e que se indican a seguir:

a) Documentos presentados polo G.P. dos Socialistas de Galicia

Documentos cos números de rexistro: 14954, 14955, 14956, 14957, 14958, 14959, 14960, 14961, 14962, 14963, 14964.

b) Documentos presentados polo G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

Documentos cos números de rexistro: 14912, 14968, 14969, 14915, 14916, 14917, 14918, 14919, 14920, 14922, 14923, 14924, 14926, 14927, 14928, 14929, 14930, 14932, 14934, 14935, 14936, 14937, 14938, 14939, 14940, 14941, 14942, 14943, 14944, 14945, 14946, 14947, 14948, 14949, 14950, 14951, 14952, 14953.

c) Documentos presentados polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Documentos cos números de rexistro: 14894, 14895, 14971, 14904, 14896, 14897, 14898, 14899, 14900, 14901, 14902, 14903. Corrección de erros no doc. núm. 15094.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramita-

ción do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalas como emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.

2º. Clasificalas nos grupos que a seguir se indican e ordenalas mediante a asignación dunha numeración para facilitar a súa identificación.

3º. Admitir a trámite as emendas seguintes:

Grupo I

Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emenda de devolución global

-Núm. 1 (núm. de rexistro 14954) do G.P. dos Socialistas de Galicia.

-Núm. 1 (núm. de rexistro 14912) do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda.

-Núm. 1 (núm. de rexistro 14894) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 1 (núm. de rexistro 14956) do G.P. dos Socialistas de Galicia, á sección e ás axencias públicas, sociedades mercantís e fundación dependentes dela.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 1 (núm. de rexistro 14915) do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, á sección.

-Núm. 11 (núm. de rexistro 14927) do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, á CRTVG.

-Núm. 12 (núm. de rexistro 14928) do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

-Núm. 13 (núm. de rexistro 14929) do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, á Axencia de Turismo de Galicia.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm.1 (núm. de rexistro 14904) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela.

-Núm. 10 (núm. de rexistro 14895) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, ao orzamento da CRTVG.

SECCIÓN 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 2 (núm. de rexistro 14957) do G.P. dos Socialistas de Galicia, á sección e aos organismos autónomos, axencia pública e consorcios dependentes dela.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 2 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14916), á sección.

-Núm. 14 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14930), á Axencia Galega de Emerxencias.

-Núm. 15 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14932), á Academia Galega de Seguridade Pública.

-Núm. 16 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14934), á Escola Galega de Administración Pública.

-Núm. 19 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14937), á Fundación Galicia Europa.

-Núm. 20 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14938), á Fundación Semana Verde de Galicia.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 2 (núm. de rexistro 14896) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 06 Consellería de Facenda

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 3 (núm. de rexistro 14958) do G.P. dos Socialistas de Galicia, á sección e ás axencias públicas e aos organismos autónomos dependentes dela.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 3 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14917), á sección.

-Núm. 17 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14935), á Axencia Tributaria de Galicia.

-Núm. 18 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14936), ao Consello Económico e Social.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 3 (núm. de rexistro 14897) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 4 (núm. de rexistro 14959) do G.P. dos Socialistas de Galicia, á sección e aos organismos autónomos, axencia pública, entidade pública empresarial, Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística e ás sociedades públicas mercantís dependentes dela.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 4 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14918), á sección.

-Núm. 21 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14939), ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 4 (núm. de rexistro 14898) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 08 Consellería de Economía e Industria

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 5 (núm. de rexistro 14960) do G.P. dos Socialistas de Galicia, á sección e ao organismo autónomo, axencias públicas e sociedades públicas mercantís dependentes dela.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 5 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14919), á sección.

-Núm. 22 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14940), á Fundación Feiras e Exposicións de Lugo.

-Núm. 23 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14941), á Fundación Exposicións e Congresos da Estrada.

-Núm. 24 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14942), ao Instituto Galego de Promoción Económica.

-Núm. 25 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14943), a Portos de Galicia.

-Núm. 26 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14944), ao Instituto Galego de Consumo.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 5 (núm. de rexistro 14899) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 09 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 6 (núm. de rexistro 14961) do G.P. dos Socialistas de Galicia, á sección e á Axencia Galega de Industrias Culturais e á Fundación Cidade da Cultura, dependentes dela.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 6 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14920), á sección.

-Núm. 27 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14945), á Fundación Pública Cidade da Cultura.

-Núm. 28 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14946), á Axencia Galega das Industrias Culturais.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 6 (núm. de rexistro 14900) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección.

SECCIÓN 10 Consellería de Sanidade

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 7 (núm. de rexistro 14962) do G.P. dos Socialistas de Galicia, á sección e ao organismo autónomo e á sociedade pública mercantil dependentes dela.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 7 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14922), á sección.

-Núm. 8 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14923), ao Servizo Galego de Saúde.

-Núm. 29 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14947), a Galaria, S.A. A referencia á sección 09 debe entenderse feita á sección 10.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 7 (núm. de rexistro 14901) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 11 Consellería de Traballo e Benestar

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 8 (núm. de rexistro 14963) do G.P. dos Socialistas de Galicia, á sección e ao organismo autónomo, consorcio e fundacións públicas dependentes dela.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 9 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14924), á sección.

-Núm. 30 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14948), ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 8 (núm. de rexistro 14902) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 12 Consellería do Medio Rural e do Mar

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 9 (núm. de rexistro 14964) do G.P. dos Socialistas de Galicia, á sección e ao organismo autónomo, axencias públicas e entidade pública empresarial dependentes dela.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Núm. 10 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14926), á sección.

-Núm. 31 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14949), ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

-Núm. 32 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14950), á Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

-Núm. 33 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14951), á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

-Núm. 34 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14952), ao Fondo Galego de Garantía Agraria.

-Núm. 35 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (núm. de rexistro 14953), ao Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Núm. 9 (núm. de rexistro 14903) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, á sección e ás entidades instrumentais dependentes dela.

Grupo II

Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)

1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos

A) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

-Número 1 (núm. de rexistro 14955) do G.P. dos Socialistas de Galicia, que prevé un incremento dos orzamentos consolidados ata os 10.618.567.155 euros.

O incremento do gasto nas actuacións previstas na emenda finánciase mediante a modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, a creación de novos impostos, así como a realización doutras medidas como son a mellora nas previsións de ingresos tributarios. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo galego.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

B.1) Números 1 a 6 (núm. de rexistro 14969) do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, que incrementan os gastos por operacións non financeiras en 250 millóns de euros nas actuacións descritas nas aplicacións indicadas nelas. O maior gasto finánciase cun aumento por ese importe do endebedamento público.

B.2) Números 1 a 5 (núm. de rexistro 14968, primeira parte do documento) do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, que incrementan os gastos por operacións non financeiras en 250 millóns de euros nas actuacións identificadas nas aplicacións sinalada nelas. O maior gasto finánciase cun aumento por ese importe dos rendementos de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, así como pola realización doutras medidas como son a mellora nas previsións de ingresos tributarios. De se aceptaren, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo galego.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 38, 39, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50 e 51 (núm. de rexistro 14971) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, que incrementan os gastos nas actuacións previstas nas emendas que se financian cun incremento dos ingresos tributarios, agás a número 39, que os diminúe. As números 49 e 60 son corrixidas no doc. núm. 15094.

C.1) Na emenda número 38 o crédito con que se dota a aplicación 23.02.621B.500 finánciase mediante unha transferencia de crédito da aplicación 10.80.412A.500 e cunha previsión de incremento de ingresos tributarios. Consecuentemente, considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola cal figura clasificada nas epígrafes 1 e 2 do grupo II.

As mesmas observacións se fan verbo das números 45 e 49.

De se aceptaren, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo galego.

C.2) A emenda número 39 reduce en 50.580.000 euros os recursos que se prevén ingresar no subconcepto 220.09 pola modificación do tipo de gravame autonómico do imposto sobre hidrocarburos prevista no artigo 70 do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, que lle dá nova redacción ao artigo 18 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo. O artigo 129.4 do RPG dispón que as emendas ao Proxecto de lei de orzamentos que supoñan minoración dos ingresos se remitirán á Xunta de Galicia para que emita informe sobre elas no prazo de quince días. Xa que logo, a Mesa acorda remitirlle á Xunta de Galicia este acordo e esta emenda para os efectos indicados.

C.3) As emendas 44, 46, 47, 48, 49, 50 e 51 incrementan os créditos de determinadas aplicacións mediante o aumento dos ingresos tributarios.

De se aceptaren, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo galego.

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións

A) Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia

-Núm. 1 (núm. de rexistro 14955) do G.P. dos Socialistas de Galicia, que transfire crédito entre aplicacións de diferentes seccións cos conseguintes axustes nas transferencias internas de crédito para manter o equilibrio orzamentario. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola cal figura clasificada nas epígrafes 1 e 2 do grupo II.

De se aceptar, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo galego.

B) Emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda

-Números 1 a 9 (núm. de rexistro 14968, segunda parte do documento), que transfiren crédito entre aplicacións de diferentes seccións. A identificada co número 10 debe entenderse indicada co número 9.

C) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

-Números 1 a 38, 40 a 43, 45,49, 52 a 60 (núm. de rexistro 14971) do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. As números 49 e 60 son corrixidas no doc. núm. 15094.

C.1) Corríxense de oficio as seguintes emendas:

-Emenda número 11. Na epígrafe do cadro da marxe dereita debe dicir «Incremento estado de gastos».

-Emenda número 12. Na epígrafe do cadro da marxe dereita debe dicir «Incremento estado de gastos».

-Emenda número 13. Na epígrafe do cadro da marxe dereita debe dicir «Incremento estado de gastos».

-Emenda número 14. Na epígrafe do cadro da marxe dereita debe dicir «Incremento estado de gastos».

-Emenda número 38. Na epígrafe do segundo recadro da marxe esquerda debe dicir «Incremento estado ingresos» e o total debe entenderse como a totalidade do crédito que se transfire á aplicación cuxo crédito se aumenta.

D) Hai emendas que reducen o importe dos créditos destinados a ser transferidos para financiar con cargo aos capítulos

IV e VII do orzamento de gastos da sección correspondente ou do orzamento de gastos dunha entidade instrumental con orzamento limitativo (organismos autónomos e axencias públicas autonómicas), operacións correntes e de capital de entidades instrumentais que dependen da sección ou que reciben financiamento de axencias autonómicas vinculadas a esa sección (entidades públicas empresariais, sociedades públicas mercantís, fundacións públicas e consorcios autonómicos). Pero esas emendas non rebaixan os orzamentos de gastos, de explotación e de capital dos indicados entes coa conseguinte determinación dos elementos da aplicación dos recursos do orzamento de gastos (capítulo, artigo, concepto, subconcepto, etc.) e das partidas dos orzamentos de explotación e de capital que quedarían afectados pola minoración.

Malia que estas operacións contables deberían facerse na propia emenda transversal ou, no seu defecto, a través dunha emenda complementaria á principal transversal, tendo en conta os precedentes, non existe atranco formal para admitilas a trámite, ben que, no caso de seren aceptadas, sería necesario facer os correspondentes axustes orzamentarios e nos estados financeiros para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto, coas consecuencias que a lexislación establece.

Clasificación do número total de emendas

Grupo parlamentario	Emendas de devolución global	Emendas de devolución dos orzamentos de seccións ou de entidades instrumentais	Emendas que transfiren créditos entre seccións	Emendas que modifican a contía global dos orzamentos
G.P. dos Socialistas de Galicia	1	9	1	1
G.P. da Alternativa Galega de Esquerda	1	35	9	11
G.P. do Bloque Nacionalista Galego	1	10	53	10

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2013

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

Os orzamentos presentados polo Goberno galego para o exercicio de 2014, non dan resposta axeitada ao grave problema do paro; reflicten unha perda do peso económico de Galicia; aumentan dun xeito alarmante o noso endebedamento; continúan na liña de novos recortes nos servizos sociais básicos e paralizan as políticas sociais, co que se incide na perda de dereitos e no deterioro na calidade dos servizos públicos.

Deste xeito, o Proxecto de lei de orzamentos para o ano 2014 conteñen as dotacións públicas para a prestación dos servizos públicos mais restritivas da historia de Galicia nos últimos anos e reflicten non uns orzamentos austeros, senón uns orzamentos fortemente ideoloxizados, onde a “austeridade” é só un pretexto para desprestixiar a política en xeral e a función pública en particular; unha mensaxe que leva parello o desprestixio dos servizos públicos e que xustifica os recortes como necesarios para demostrar a ineficencia dos mesmos, habilitando o necesario espazo futuro para o aumento da iniciativa privada; deste xeito chámase austeridade ao que simplemente debería chamarse recorte.

Constitúen as contas para o aumento de desemprego, xa que Galicia non rebaixará durante o 2014 o número de persoas en paro, que alcanzan ás 277.100; sen que se observe un cambio na política económica do Goberno galego que contribúa a unha estratexia fronte a crise económica actual e logre unha certa reactivación económica de

Grupo Parlamentario

Galicia. Mentres se volven a rebaixar, ata límites insospeitados e sen xustificación algunha, as dotacións para facer fronte ás políticas activas de emprego.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O maior drama que ten Galicia na actualidade ten cara e ten nome. Resolver o desemprego, é subir o primeiro chanzo para a recuperación económica, debido á consecvente incremento de ingresos. A Xunta parece obviar o carácter xerador de riqueza do emprego entendido como renda social, que activa o sistema de coberturas sociais blindando as bases do estado do benestar.

Solucionar a lacra do desemprego debera ser considerado o obxectivo prioritario polo executivo autonómico, facendo necesario recordar que en Galicia hai preto de 90.000 fogares nos que todos os seus membros activos están no paro. Ademais, o desemprego entre os menores de 25 anos xa supera o 50% en Galicia, sinalando a deriva do mercado laboral xuvenil na Comunidade, onde os nosos mozos e as mozas cada vez están máis preparados e teñen que ir buscar traballo fóra de Galicia.

O documento orzamentario presentado polo Goberno contén unha previsión de indicadores económicos, como os de crecemento e paro, que – como en ocasións anteriores – non se cumprirán na realidade, o que provocará unha nova desaceleración do ritmo de converxencia con Europa, á vez que imposibilitará a creación de emprego que ditos pronósticos conteñen.

Uns orzamentos con escaso rigor, baseados en premisas falsas, como o que Galicia terá un comportamento mellor que para o resto da economía española; ou que aumentará o consumo privado, cando os datos ata agora publicados fan presaxiar precisamente o contrario.

Unhas contas públicas que renuncian a propoñer novos escenarios de ingresos e a conseguir neste sentido un orzamento máis

Grupo Parlamentario

xusto, onde se mellore o reparto dos custes da crise e se traballe a prol dunha maior progresividade fiscal do noso sistema tributario. Onde como cada ano, se anuncia unha loita contra a fraude fiscal das que nada se coñece nin se somete a control algún.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Onde se renuncia a utilizar a capacidade da Xunta para pedir un esforzo fiscal adicional ás rendas máis altas; que non contempla novas fontes de ingresos que veñen utilizando outras comunidades autónomas, que renunciou a obter uns ingresos polo imposto sobre os depósitos bancarios. Mentres que se acepta un descenso moi acusado das transferencias finalistas do Estado, cunhas rebaixas moi superiores ao producido nos Presupostos xerais do Estado. Cuns ingresos polo derivado do sistema xeral de financiamento autonómico que requiren dun novo proceso de negociación entre as comunidades autónomas e o Estado, proceso que debera ser liderado polo Goberno galego, pero ante o cal permanece cunha actitude de obediencia ante o Goberno central.

Unhas contas que aceptan unha inxusta distribución do déficit a repartir entre os distintos niveis de Administración, xa que Galicia deberá facer diminuír o seu déficit nunha proporción moi superior ao que o fará a propia Administración Xeral do Estado.

A parálise da reactivación económica, o esquecemento da modernización de Galicia e o deterioro dos servizos, virán acompañados novamente dun claro incremento do endebedamento público. Os gobernos de Feijoo xa levan incrementado en cerca de 6.000 millóns de euros a débeda pública de Galicia, pasando dunha porcentaxe inferior ao 7% do PIB no 2009, a superar o 17 %, e que se achegarán ata os 10.000 millóns de euros para o 2014. Deste xeito, mentres o presidente Feijóo prometeu non gastar nin un euro máis dos que ingresara, xa leva gastados cerca de 6.000 millóns de euros de máis, que se elevarán considerablemente se computamos os compromisos de pago polo financiamento público - privado. Froito

Grupo Parlamentario

deste crecemento da débeda, o único que volve a medrar en contía moi significativa no orzamento de 2014 é o gasto financeiro, que ascenderá a máis de 2.000 millóns de euros, unha contía descoñecida que supón un espectacular aumento respecto a calquera cifra anterior que podamos coller de toda a historia da Autonomía de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A este incremento pola débeda se unirán os cerca de 3.000 millóns de euros que os galegos e galegas deberemos pagar durante os próximos 30 anos derivados das concesións público - privadas, limitando a capacidade de decisión nas vindeiras legislaturas, ademais de poñer en risco a prestación de servizos públicos básicos como a sanidade, xa que, por exemplo, a partir de 2014 e ata o 2033, deberán dedicarse 66 MM€ ó ano só a pago do canon polo hospital de Vigo, aos que haberá que engadir as actualizacións que incrementarán a contía devandita , como, por exemplo, as anunciadas para o Hospital de Ourense ou para os centros de saúde dos que, pese os anuncios realizados, se descoñece exactamente en que fase se atopan. Todo o cal incidira negativamente e poñerá en risco a sostibilidade futura das contas públicas da nosa Comunidade.

A diferenza entre os ingresos e gastos correntes, isto é o aforro bruto, volve a descender para o 2014 ata os 190 millóns de euros, cun novo descenso (do 47 %) respecto ao ano anterior, procedendo ademais substancialmente dunha medida inxusta, como é o mantemento da rebaixa sobre as retribucións dos empregados públicos, incumprindo neste sentido os compromisos realizados polo actual presidente da Xunta de Galicia e facendo recaer neste colectivo unha gran porcentaxe do axuste orzamentario tamén para o 2014, tal e como sucedera para o ano anterior. Cabe recordar que no ano 2009 o aforro corrente era de 1.423 millóns de euros, isto é, oito veces inferior. Estes datos volven a evidenciar ben ás claras o fracaso da política de austeridade.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A falsa austeridade de Feijóo reflíctese ademais en que o axuste do gasto corrente estase a facer coa perda de calidade dos servizos, co que iso significa de recortes nas prestacións para as familias e colectivos sociais con mais necesidades de axuda. Así, o axuste o volve a pagar a educación pública e a sanidade pública, cunhas novas reducións do seu persoal e cuns recortes para os recursos materiais, o que repercutirá nun deterioro destes servizos básicos. Medidas ás que se acompañarán novos copagos, como os que se impondrán para os comedores escolares ou para os medicamentos para os enfermos crónicos.

Tamén cae novamente o investimento produtivo, o que incidirá en bo grado na paralización do noso tecido empresarial e no avance das infraestruturas galegas pendentes. Os orzamentos da Xunta de Galicia terían que ser considerados como un instrumento fundamental para permitir dotar de impulso ao necesario crecemento económico, cuestión que non afronta a actual Xunta de Galicia.

Para 2014, a Xunta prevé reducir novamente as operacións de capital de forma importante. Xa que logo, os investimentos reais e as transferencias de capital quedarán reducidos a mínimos. Rebaixar de xeito tan alarmante os investimentos - en comunicación, en transporte, en ordenación de territorio, en desenvolvemento do medio rural, en investigación, etc. - , é sinónimo de renunciar a reactivar a economía produtiva. A caída destes gastos supoñen unha nova rebaixa de 100 millóns de euros; do que se deriva que son xa menos da metade dos que existían a principios da actual década.

Deste xeito, ante a incapacidade da Xunta para dinamizar a economía, o emprego non terá un aumento por esta vía; mais cando tampouco no 2014, como en anos anteriores, se porá en marcha ningún plan ou actuación relevante con cargo aos orzamentos presentados, renunciando a un aspecto clave como é a mellora da

Grupo Parlamentario

produtividade das nosas empresas, como estratexia central que evite a deslocalización en Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non se apoia ás empresas, que perderán actividade, xa que as contas presentadas para o ano 2014 dificultan a internacionalización das empresas galegas e renuncian a apoiar a busca de financiamento do tecido empresarial, continuando cos acusados descensos dos fondos dedicados ao apoio e ao desenvolvemento empresarial, argumento que sen dubida evidencia a ausencia dunha estratexia industrial dunha consellaría máis ocupada de xestionar a súa imaxe que de atender ás necesidades do tecido produtivo galego. Esta situación de abandono se traslada mimeticamente a todos os sectores produtivos, dende o medio rural ou a pesca, ata os sectores de alta tecnoloxía, pasando polo naval ou polo sub - sector da enerxía.

En suma: un documento onde o Goberno renuncia, non soamente a plantar cara á crise, senón a mellorar a distribución dos custes da mesma, esquecendo o apoio aos sectores máis débiles, recortando os recursos dedicados aos servizos sociais, ou esquecendo que cada día son máis as persoas en situación de risco, reducindo as bolsas aos alumnos, ou rebaixando de novo as axudas en políticas sociais.

Unhas contas que non garanten a calidade do ensino público nin a prestación universal da atención sanitaria. Así, o recorte da atención primaria, a redución de facultativos e o deterioro das infraestruturas sanitarias, derivarán no incremento das listas de espera e no aumento dos seguros sanitarios privados.

A realidade é que nos orzamentos da Xunta para 2014 quen se volve a apertar o cinto é o gasto social, que descende no total do orzamento ata representar unha porcentaxe que descende respecto a exercicios anteriores, sendo incluso inferior que para o ano anterior, e xa un 20 % inferior ao do ano 2010, cun volume total acumulado

Grupo Parlamentario

dende aquela de 4.000 millóns de euros menos dedicados ao gasto mais social.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Uns orzamentos no que se volatilizan as políticas de vivenda, mentres a Xunta renuncia a facer posible o dereito constitucional a unha vivenda digna. Sen política de vivenda, o acceso á ela, queda limitado ás condicións do mercado.

Estas características sociais e económicas tan negativas, se ven acompañadas por unha dimensión que reflicte unha importante falla de información e de transparencia, que incrementará a discrecionalidade de actuación da Xunta de Galicia, ao que contribúe a opacidade sobre as diversas entidades que conforman o sector público autonómico. Sen que pola Xunta de Galicia se prevea abordar de xeito real e efectivo, nin a eficacia dos recursos públicos, co obxecto de evitar duplicidades, nin o establecemento de límites e controis sobre as políticas de gasto de todos os organismos existentes, sen que exista unha rebaixa real destes con respecto aos que existían fai cinco anos, mais alá da desaparición das fundacións comarcais, xa aprobada no ano 2008.

Polo tanto, estes orzamentos non responden ás necesidades da cidadanía de Galicia nun momento de crise como o actual. Non apoian, aos axentes económicos e sociais para reactivar a economía e remontar esta situación de crise, nin a aquelas persoas que están a sufrir as consecuencias da crise ou a perder unha parte dos seus ingresos e teñen, polo tanto, maiores dificultades.

Son necesarios outros orzamentos que vaian na dirección contraria; que se dirixan a reforzar a consolidación dun novo modelo de crecemento, máis produtivo e competitivo, a manter o compromiso cos servizos públicos esenciais, especialmente con aquelas persoas que teñan máis dificultades á hora de desenvolver os seus proxectos persoais e vitais.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os orzamentos deben constituír a principal ferramenta de transformación social, a fomentar o crecemento, o emprego e os servizos sociais, que deberan ser a prioridade do proxecto orzamentario para o exercicio de 2014. Con todo, o Goberno da Xunta de Galicia parece querer só cumprimentar o trámite orzamentario aplicando novos recortes con motivacións claramente ideolóxicas.

Ademais de todas as razóns de fondo anteriormente mencionadas, no que se refire ao cumprimento da legalidade vixente, o Decreto 111/1984, que aproba *o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia*, no seu artigo 7.1, establece que se debe emitir o preceptivo informe de legalidade sobre a totalidade dos anteproxectos legislativos, sen que se dera a coñecer a existencia deste obrigado informe preceptivo para o Proxecto de lei orzamentario; polo que se está a vulnerar de xeito claro a normativa vixente, viciando a súa tramitación parlamentaria.

Por todo o anterior, presentase esta emenda á totalidade e **solicítase a devolución do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, para a súa reformulación completa polo Goberno da Xunta de Galicia.**

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2013

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P Socialista

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

José Luís Méndez Romeu na data 07/11/2013 15:27:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, con expresa petición de **devolución, do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, en virtude das seguintes consideracións:

I.1. O Proxecto de Orzamentos da C.A. de Galiza para 2014 presentado pola Xunta de Galiza, de non ser remodelado, terá efectos devastadores sobre o nivel de benestar material, social e cultural da cidadanía galega.

A economía galega segue a padecer un proceso regresivo de grave recesión, cunha reiterada caída das magnitudes macroeconómicas tanto do produto e ingreso agregados canto, correlativamente, da oferta e a demanda globais, que leva camiño de se prolongar durante varios anos. Nun tal contexto de grande depresión, os gobernos deben pór en práctica unha política anticíclica, manexando acaidamente as alavancas das políticas monetaria, fiscal e orzamentaria. Mais coa política monetaria transferida polo Estado español á UE, e coa carencia de soberanía/autonomía fiscal e financeira pola Comunidade Autónoma galega, a única ferramenta efectiva da que, en principio, dispón a Xunta de Galiza para unha política anticíclica que permita saírmos da espiral regresiva estriba nos orzamentos xerais.

A crise que deu nacemento á actual recesión foi causada, como é ben sabido, polo proceso de 'finanzarización' propiciado polas políticas ultraliberais conducentes á hipertrofia, desregulación e globalización do capital e os mercados financeiros, coa conseguinte primacía da especulación sobre os investimentos produtivos, a proliferación da 'economía de casino', e a cobiza e inmoralidade fóra de cacho das oligarquías financeiras -da 'plutocracia'- que acabaron por facer rebentar a 'burbulla' e logo reclamaron seren 'rescatadas' polos gobernos, transformando os seus buracos negros en débeda 'soberana',

a costa do benestar dos cidadans. Mais esa crise orixinariamente financeira transformouse así tamén nunha crise de demanda.

En Galiza, a destrución de emprego, a demouca de salarios, pensións e prestacións de servizos públicos e sociais, está a provocar unha caída constante das rendas salariais, dos ingresos das familias, e das prestacións gratuitas de servizos, que se traduce nunha sistemática perda de poder adquisitivo e redución do gasto de consumo agregado, que á sua vez fai caer o investimento no tecido empresarial. Noutros termos: leva aparelado o esboroamento da demanda privada, tanto de consumo como de investimento, co que xera un círculo vicioso depresivo do que só se pode saír cun decidido impulso anticíclico das administracións públicas.

Diciamos o ano pasado que, dende 2009 -primeiro 'ano trunfal' dos gobernos da Xunta presididos por Núñez Feijóo- o PIB galego caíra en máis dun 4%. A caída acada xa o 6%. Fronte a iso, dicimos que a política orzamentaria da Xunta, lonxe de ser anticíclica, impuxera unha pro-cíclica redución dos orzamentos nun 26% en termos nominais (equivalente a máis do 35% en euros constantes). Pois agora, para 2014, o gasto non financeiro volve caer en máis do 1% nominal (2,5% en termos reais). A propia Xunta estima que no ano 2013 aínda en curso, o consumo das familias vai descer nun 2,5%, ao que compre engadir o descenso do consumo público (nun 2,3%), e o investimento privado e público nun 5,4%. En suma, a demanda interna agregada descerá no 2013 nun 3%. Este proceso é o que os economistas máis lúcidos e honestos denominan metafóricamente o 'camiño cara o inferno' no que afondan as políticas ultraliberais impostas na UE pola famosa 'troika'. Pois ben, nada diso importa á actual Xunta: nos orzamentos para 2014, o goberno do señor Núñez teima en obedecer dócilmente as consignas irracionais que empurran á sociedade e a cidadanía galegas varios chanzos máis abaixo nese 'camiño cara o inferno' -inferno no que sectores cada día máis amplos da cidadanía xa están, e o resto, agás minorías privilexiadas amamantadas polas oligarquías financeiras que fan o seu agosto co empobrecemento do común cidadán, atópanse a piques de entraren por esa porta infernal na que, conforme ao Dante, un letreiro fai a famosa advertencia: 'abandoade calquer esperanza' -de retornáredes para fóra.

I.2. O consabido e falaz argumento da Xunta -o mesmo de tódolos governos que practican brutais políticas ultraliberais 'austericidas'- é que iso todo é consecuencia da crise -da que sempre falan como se se tratar dunha catástrofe natural. Mais é absolutamente falso. No mesmo período en que os orzamentos se esborrallaron nun 37% o PIB caíu, como dixemos, nun 6%. Padecemos, xa que logo, unha recesión dura, mais o descenso dos orzamentos multiplica por seis o do PIB. O que tenta agochar ese falaz argumento da 'austericida' Xunta é nada menos que unha estratexia premeditada para destruír o sector público na economía e na sociedade. E ten a súa lóxica: converter os bens e servizos públicos en negocio suculento para os os axentes amigos do PP que, en reciprocidade, finázanos ilegalmente en tantos casos agora públicamente coñecidos.

Cos gobernos de Núñez, en Galiza estamos a padecer un retroceso brutal no peso do sector público na economía. E non só de empresas públicas - virtualmente inexistentes xa arestora- senón da administración de servizos públicos e sociais, sometidos a un criminal proceso de privatización, descarada ou encuberta, directa ou mediata, e en todo caso de mercantilización deses servizos que a Administración debe prestar -e que teñen natureza de bens sociais inescusábelmente gratuitos para o común cidadán. Converter en mercaderías, e portanto que os cidadáns teñan que pagar por elas, servizos públicos e sociais que deben ser gratuítos para quen os necesitan e financiados con ingresos fiscais progresivos, e facelo precisamente cando o deterioro das condicións de ingresos e medios de vida do común cidadán fai máis necesaria ca nunca poderen dispór diles gratuitamente, constitúe un auténtico crime social, que o goberno da Xunta comete consciente, desaprensivo e impunemente até o de agora.

As cifras da propia Xunta de Galiza espresan con claridade este fenómeno perverso. En 2009 a Xunta xestionara un orzamento equivalente ao 20,4% do PIB galego dese ano. Dende a irrupción do señor Núñez, dáse un proceso de 'jibarización' imparábel. Así, en 2010, a devandita proporción caíu xa ao 18,2% do PIB; no 2012, ao 15,9% ; no 2013 ao 14,7%; e para o 2014 ficará no 14,5%. Se no 2009 a Xunta xestionaba un de cada cinco euros producidos na Galiza, no 2014 xa non xestionará máis ca un de cada sete. A demouca é tan brutal

que compre retornarmos até o 2005 para atoparmos unha cifra semellante á do 2014 -en valores nominais, ou sexa en euros correntes, poisque se o facemos en euros constantes, descontando portanto a inflación, comprirános remontarnos a 1998, ou sexa, tres lustros atrás. E iso sen descontar a disparatada porcentaxe que, dentro do gasto orzamentario, representa no 2014 o servizo da débeda, que non son cartos para servir aos cidadáns senón aos 'mercados' financeiros, e que -como veremos logo- resulta nada menos que duplicado en contía a respecto do ano anterior e acada a astronómica porcentaxe do 29,1% da previsión de ingresos correntes -conculcando en case un 5% de exceso o teito fixado pola LOFCA no 25%. Mais o señor Núñez afirma que iso é solvencia e que 'Galicia cumple' -coa oligarquía financeira, claro é, non cos cidadáns, nen sequer cos que o votaron no seu día.

Nos catro anos e medio de goberno de Núñez Feijóo recuamos quince anos na capacidade de xestionarmos recursos públicos e encollemos nun terzo a nosa capacidade financeira para autogobernármonos. Estamos a padecer un retroceso de dimensións históricas en benestar e autogoberno. Nun país en construción, como é o noso, cun feble estado de benestar, cun nivel de desenvolvemento comparativo inda moi baixo, diverxente e non converxente a respecto dos niveis medios da UE, e que precisa un forte pulo de capitalización, formación de CSB, emprego, investigación e así seguido, esa estratexia de destrución do público tradúcese nun proceso de destrución do propio país -e nun suicidio/homicidio económico, social e político do que, mesmo que o deteñamos, custará imenso recuperarnos: ésa si que vai ser unha esmagadora 'herdanza' empezoñada -e non a da que falsariamente se laian a cotío o señor Núñez e o PP de teren recibido iles.

1.3. A recesión económica desencadeada pola crise financeira e agravada polas políticas austericidas da Xunta están conxuntamente na cerna causal dunha das facianas máis tráxicas da catástrofe social que está a padecer arestora a sociedade galega: a brutal destrución de emprego e insoportábel aumento correlativo do paro. Só dous apontamentos como mostra. Primeiro, dende que o señor Núñez preside a Xunta lévanse destruído en Galiza máis de 150.000 empregos, o que equival á perda do 13% dos que había cando il chegou, co que o nivel de ocupación actual equival ao que tiñamos en 2001:

así, nun cuadrienio, fíxonos retroceder máis de unha década. Segundo, esa tan negativa evolución agrávase nun sector clave para toda economía moderna: o industrial. Dende que o señor Núñez ocupa a presidencia, perdemos o 25% do emprego industrial que existía cando il chegou, ou sexa, un de cada catro postos de traballo na industria -unha 'plusmarca histórica' de éxito, pois compre retrocedermos a 1998 para atopar unha cifra tan baixa de ocupados na industria galega. Se engadimos o proceso de exterminio dos outros dous sectores chave, especialmente na economía dun país coas características 'naturais' da Galiza, como son o agrario e o pesqueiro, o panorama resulta estarrecedor. Os datos da EPA do INE sinalan que, ao comezo dos mandatos do actual Presidente (comezos do 2009), o desemprego cifrábase en 162.700 persoas; catro anos despois, son 287.400, ou sexa, 124.700 máis: na súa xeira de catro anos este goberno enxendrou cáseque tanto desemprego como existía cando a encetou. En taxas de paro, era o 12,2% ao comezo, e chega agora ao 22,3% -e no intre de redactarmos esta emenda a cousa empiora, superando Galiza o nivel medio de desemprego no EE. Unha traxedia para os 90.000 fogares nos que tódolos seus membros están no paro, para os 127.000 que son parados de longa duración, para os 115.000 que teñen máis de 45 anos, e inda máis para os 140.000 que non cobran ningunha prestación -e non digamos para toda unha mocidade sen outra opción que emigrar nen outro futuro que pasaren do paro á xubilación sen pensión.

Mais a resposta orzamentaria é aldraxante. Xa o denunciáramos cando dos orzamentos para 2013. Pois nestes para 2014, as dotacións orzamentarias para o conxunto dos oito programas de 'promoción' (?) do emprego redúcense aínda nun 10% a respecto do ano anterior, e un diles redúcese no 100%, ou sexa, redúcese a cero a dotación. Mais comparádomos 2014 con 2009, ou sexa, co inicio da 'era Núñez', a redución resulta ser do 56,5%, ou sexa máis da metade -e nalgúns dos programas sobarda o 80%.

Resulta evidente que esta Xunta tenta desmontar o servizo público e as políticas activas referentes ao emprego. As cifras indican que compre atender a un 77% máis de parados cun 70% menos de recursos, ou que en 2009 as políticas activas de emprego dispuñan de 3.000 euros por parado e en 2014 só de 648 euros, ou sexa case cinco veces menos recursos.

I.4. Ora, a máis desemprego, máis pobreza, e portanto máis necesidade de financiamento para servizos sociais, non si?. Pois non, tampouco. Entre 2009 e 2014, o gasto social redúcese nun 16%. Dos 2.237 millóns de euros nos que se reduce o gasto non financeiro nese período, máis da metade (1.182 millóns) corresponde á redución do gasto social. Dentro dil, o gasto destinado á 'produción de bens públicos de carácter social' redúcese nun 15% (que en euros constantes convírtese en máis do 25%, ou sexa unha cuarta parte); e o destinado a 'protección e promoción social', desce nun 25% (máis do 35% en euros constantes, ou sexa máis dun terzo). Á vista destes datos resulta indecente a propaganda da Xunta teimando en afirmar falazmente que o gasto social aumenta. A falacia está montada sobre dous pés. O primeiro consiste en non comparar o gasto social orzamentado para 2014 co de exercizos anteriores (como vimos de facer nós, para comprobar se a súa evolución é ascendente ou descendente) senón simultáneamente coa estrutura do gasto orzamentado para 2014, nun contexto en que case tódolos gastos descen brutalmente. O segundo é aínda máis perverso: comparar o gasto social para 2014 só co total do gasto non financeiro, e non co total do orzamento de gastos, para ese mesmo exercizo. E a trampa está en que as únicas partidas de gastos que para 2014 medran, e desmesuradamente, son as do gasto financeiro, é dicir, o destinado ao servizo da débeda: nun 18% o pago de xuros, e no 112% (!!) o de amortizacións -que acada perto dos 2.000 millóns nese só exercizo, ou sexa nun só ano. De xeito que se comparamos o gasto social para 2014 co total do gasto orzamentado, a proporción desce tamén, e non só a magnitude. En conxunto, o volume do gasto nos eixos básicos dos orzamentos (os destinados aos servizos públicos básicos que dotan de sentido a existencia do goberno e da administración autonómicos) representaba no 2013 o 92% do gasto total orzamentado; no 2014 esa magnitude desce ao 82% do gasto total. A educación leva perdido nos mandatos do señor Núñez perto de 400 millóns de euros: unha redución do 14% en termos nominais que equival ao 23% en termos reais. E a sanidade, 338 millóns de euros perdidos: o 10% nominal equivalente ao 20% en euros constantes. Tocante aos fondos para a política da vivenda, foron rebaixados neses catro anos ao 20% do que dispuñan ao comenzo: eis a 'caritativa' política de vivendas sociais de Núñez Feijóo - mentras os desafiuzamentos, ou despexes, continúan a esgalla e as vivendas

baleiras propiedade da banca proliferan coma choupíns. O goberno do señor Núñez non só segue a desnutrir as funcións sociais para as que existen goberno e administración, senón que manipula os datos para mintirlles e enganar aos cidadáns camuflando o feito cardinal de que gasta cada vez máis en servir aos especuladores poderes financeiros o que debera destinar a unha cidadanía cada vez máis agredida, desleixada e empobrecida pola política 'austericida' que a Xunta aplica inmisericordemente: a conculcación da máis elemental ética por parte dese mendaz poder político nas suas obrigas cos cidadáns acada así o paroxismo nestes orzamentos.

II.1. Unha das tremendas consecuencias perniciosas desta aberrante política orzamentaria consiste en que descapitaliza sistemática e progresivamente o noso país. O orzamento para 2014 prevé un investimento de tan só 1.261 millón de euros -a cifra máis baixa en toda a historia recente do país- cun descenso porcentual a respecto de 2013 sete veces meirande que a media do orzamento. Porén , o proceso desinvestidor resulta na realidade moito máis grave cando comparamos 2014 con 2009 -os derradeiros orzamentos do difamado e denostado goberno bipartito, nos que o investimento público, polos capítulos VI e VII sumados, acadara un máximo histórico de 2.708 millóns de euros. Para 2014 esa cifra desce a menos da metade, cunha redución do 53% (que equival ao 64% en euros constantes). Se comparamos ese investimento público previsto para 2014 de 1.261 millóns por xunto, cos 2.102 millóns previstos para o servizo da débeda, a aberrante política financeira deste goberno resulta aínda máis escandalosamente evidente. Pero precisamente, a brutal caída orzamentaria da FBC (formación bruta de capital), ou sexa, do saldo das operacións de capital, obedece á necesidade de 'redimensionar', é dicir, axustar (á baixa = 'recortar') os capítulos de investimentos (VI) e transferencias de capital (VII) á capacidade de endebedamento anualmente autorizada, a cal, combinada co constante descenso dos ingresos non financeiros, esgana cada ano máis o fluxo investidor público, mesmamente cando a recesión que padece o sector privado, e portanto o investimento empresarial, maiormente esixiría ser compensado ou contrapesado por un aumento do potencial investidor público -ou sexa, maiormente esixiría unha política investidora pública proactiva e anticíclica. De proseguir esta tendencia

negativa na capacidade orzamentaria de xerar aforro público para financiar investimento, público tamén, os orzamentos só serán capaces de financiar a mera existencia dunha Administración a cada pouco máis raquítica, e non as funcións cardinais para as que foi construída, convertíndose así nunha a xeito de 'planta carnívora' : só terá vida vexetativa, mais nutriráse se sustancia humán -a dos cidadáns aos que o 'austericidio' practicado pola Xunta lles chucha o sangue. Eis a mostra máis elocuente do estrepitoso, e calamitoso, fracaso -anunciado, porque teóricamente estaba diagnosticado e pronosticado dende o comenzo- da estúpida estratexia da famosa 'consolidación' imposta polos economistas 'zombies' -Stiglitz dixit- da 'troika' a traveso da anticonstitucional reforma constitucional imposta con nocturnidade e alevosía no 'outono do patriarca' do 2011, que reduciu a cinzas a soberanía das Cortes españolas e a autonomía da Comunidade Autónoma da Galiza.

II.2. Porque precisamente a evolución da débeda pública -non soberana- da Xunta de Galiza revela a cara oculta desta lua sonámbula que é a política orzamentaria robóticamente aplicada polo señor Núñez e os seus acólitos. Esta Xunta do PP endebedou ao noso país como nunca antes o fixera ninguén na triste historia da Autonomía galega. En pouco máis de catro anos, o presidente Núñez endebedou ás finanzas públicas galegas até un nivel cáseque o dobre do que o fixeran tódolos gobernos da Xunta anteriores dende 1981 a 2009. Para o final do 2014, a débeda acumulada contabilizada na Administración xeral da Comunidade Autónoma acadará 10.154 millóns de euros, equivalentes ao 18,3% do PIB galego. O endebedamento bruto ascenderá a 2.507 millóns, cun aumento do 70% (!) sobre 2013; as amortizacións a 1.750 millóns, cun aumento do 110% (!!) sobre 2013; e portanto o endebedamento neto sumará 757 millóns, cun aumento do 18% sobre o ano anterior. Parabéns!: velaí o esplendoroso éxito da 'consolidación fiscal e financeira', froito dos drásticos sacrificios impostos aos cidadáns, a penuria da marioría social, o paroxismo do paro, as asfixia das PEMES, o acelerado medre das 'bolsas' de pobreza, o repago por servizos sanitarios e educativos, o desmantelamento do tecido cultural e a investigación científica, e tódolos demais benfeitos dos que está a disfruitar a cidadanía galega. Eis a solvencia, eis o 'Galicia cumple', eis o saneamento das finanzas públicas, eis a austeridade.

Mais, por riba, o endebedamento *real* -inunque non monárquico- a longo prazo da Comunidade Autónoma galega inclúe outras magnitudes que están ocultas nos orzamentos. Primeiro, está a débeda das empresas públicas autonómicas que non computa no protocolo do 'déficit excesivo' -e que se pode estimar nuns 200 millóns de euros en 2014. Pero, segundo, o endebedamento 'oculto' máis cuantioso é o que se deriva dos contratos de colaboración público-privados. Esa débeda, que é empresarial, mais está finzada pola Administración da Xunta, atinxe hoxe ao finzamento do proxecto do novo hospital de Vigo e á construción das autovías de Celanova á fronteira portuguesa e máis da Costa da Morte -débeda estimada pola Xunta en 3.073 millóns, mais sen incluír o canon no hospital vigués polos sucesivos aumentos do IPC, co que a cifra total ascendería a uns 3.500 millóns de euros. E aínda unha terceira débeda relevante, a que se deriva da devolución dos anticipos excesivos feitos polo Estado á Xunta nos exercizos de 2008 e 2009, por uns 1.500 millóns de euros máis. En total, elevaríase así a débeda computada nuns 5.200 millóns de euros, acadándose un total duns 15.350 millóns ao remate do 2014, que equivalen ao 27,6% do PIB, e ao 213% dos ingresos correntes estimados nos orzamentos para 2014.

En resume: falar só da débeda que computa a efectos da UE constitue unha visión falsa e interesada da auténtica situación financeira da CA galega. O concepto de 'solvencia' financeira a longo prazo require ter en conta estourtas dimensións que vimos de expór. Ocultalas, constitue unha inmoralidade traducíbel naquilo tan ruín e desaprensivo de que 'os que veñan detrás, que apanden': esa sí que é unha herdanza podre e altamente tóxica que a aberrante e trampulleira estratexia financeira do presidente Núñez deixa aos que teñan que facerse cárrego dela.

III. E os ingresos?. Qué leva feito, está a facer, e vai facer para 2014 o goberno do señor Núñez, para tentar incrementar os ingresos ordinarios, non financeiros, primordialmente tributarios, que son a única fonte utilizábel para dispor de meirande capacidade de gasto ao servizo dos cidadáns sen ficar apreixados no rixido 'leito de Procusto' imposto polo 'pacto fiscal', a trapela da 'consolidación', e o esganador 'teito' -ou en rigor 'testo'- de gasto?. Até o 2013, nada. Agora, para o 2014, algo peor que nada.

III.1. Como custión previa, ou a xeito de limiar, compre reparar na estrutura actual do sistema tributario español que funciona como corsé da escasa marxe de manobra que lle fica ao goberno galego para algunha acción tributaria 'autónoma'. Porque esa estrutura, a partir da contra-reforma encetada polo goberno Aznar dende 1996 para dinamitar por etapas o sector público e o 'welfare-state' aínda adolescente daquela no Estado español, esa estrutura, dicimos, resulta ser, hoxendía, absolutamente regresiva, gravemente exacerbadora da concentración oligárquica da renda e da riqueza, impulsora da crecente desigualdade individual, social e territorial na distribución do ingreso, o benestar e a calidade de vida dos cidadáns, e portanto claramente anti-constitucional. .

Convén lembrar -porque sistemáticamente se tenta confinar no esquecemento- que o artigo 31.1 da Constitución di literalmente: "*Todos contribuirán ao sustentamento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, chegará a ser confiscatorio.*". Pois ben, ese precepto constitucional está practicamente abolido ou derogado, tanto na práctica do funcionamento da administración tributaria, canto na propia normativa estruturadora das diversas figuras tributarias no sistema actual. A evasión fiscal é tanto maior canto máis elevados son os niveis de ingresos e patrimonio dos contribuíntes, e os plans de loita contra a evasión só operan sobre os ingresos salariais ou de pensións, que dificilmente e só residualmente se poden ocultar, mentras os grandes evasores, cando son 'pillados', disfroutan de escandalosas 'amnistías', o finzamento en 'negro' do Partido popular e dos seus máis altos cárregos, mesmo membros algúns diles do actual goberno do Estado, inda con ser públicamente notorio, permanece polo de agora impune -agás os 'chivos expiatorios', inaque non por iso inocentes en absoluto, dos que o partido se desentende -como Bárcenas ou Crespo, por caso- e as evasións incomensurábeis a paraísos fiscais non se investigan -malia os esforzos dos máis honestos funcionarios da Axencia tributaria ou do corpo de Interventores de fondos municipais, que son dezmados polos 'recortes' ou acosados e condeados ao ostracismo 'pola superioridade' cando denuncian as situacións de fraude.

Mais o peor se cadra aínda é a propia regulación legal da estrutura do sistema. As rendas do capital e das grandes empresas, aínda sen contarmos coa camuflaxe adoito practicada nas suas contabilidades, resultan 'amnistiadas' en proporcións escandalosas pola propia regulación dos correspondentes impostos, mentras as do traballo aportan a imensa maior parte dos ingresos tributarios. E os impostos indirectos -regresivos por natureza- levan decenios a medrar constantemente en proporción a respeito dos directos, e inda máis verbo da única figura progresiva -que conforme ao precepto constitucional citado debera impirmir carácter ao conxunto do sistema. Á altura do 2010 -os datos máis recentes oficialmente dispoñíbeis aínda agora- a recadación polo IRPF supuña só o 42% do total, mentras o IVE ascendía ao 31% e os II.EE. ao 12% (ou sexa, os indirectos IVE e IIEE sumados supuñan o 43%, por riba logo do IRPF); o IS, co 10%, e 'Outros', co 5%, completaban o total da recadación tributaria.

Pero inda así as cifras 'enganan'. Porque dentro do IRPF, as retencións feitas aos asalariados (ingresos da forza de traballo en activo), representaban nada menos que o 82% do total dese imposto 'progresivo', e as dos pensionistas (ingresos aprazados da forza de traballo esgotada) eran o 10%. Así, a cidadanía traballadora -o 'factor traballo'- aportaba o 92% dos ingresos recadados co único imposto progresivo do sistema. Ora, na distribución funcional da renda, os ingresos do traballo só representaban o 46% do PIB español -e portanto o 56% restante, máis da metade, eran rendas do capital ou 'mixtas'. Pois resulta que os ingresos das clases sociais que viven do seu traballo, *representando só o 46% do PIB, aportan o 92% da recadación do único imposto progresivo do sistema tributario vixente*. Ise é o modelo de 'welfare-state' do actual rexime político da IIª Restauración borbónica -encetado polos gobernos Aznar e recrudecido dende o outono do 2011 polo actual goberno de Rajoy -con datos que non aportamos por non seren aínda 'oficiais'.

III.2. Pois ben, nese contexto estatal, qué leva feito a Xunta do señor Núñez para utilizar compensatoriamente a marxe de autonomía da que dispón en materia tributaria?. Até o 2013, nada. E para 2014? . Pois outra trapallada capciosa e demagóxica. Primeiro, prevé recadar 48 millóns menos por IRPF, mentras incrementa a recadación en 87 millóns por impostos especiais -

indirectos e regresivos. Mentras o total da imposición directa -non só portanto o IRPF- medraría no 1,3%, a indirecta faríao no 6,5%, ou sexa, cinco veces longas máis. Primordialmente polo tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos (co pretexto do chamado 'céntimo sanitario', mentras se desnutra o financiamento da sanidade pública), que, con excepcións que sería escandaloso e economicamente nefasto non facer, é repercutibél no consumidor -a diferenza da nosa proposta do pasado ano, que excluía esa traslación ao usuario- e máis polo imposto da eletricidade -que tamén repercutirá na factura a pagar polas familias e demais consumidores 'comúns' desa enerxía. En 'compensación', a Xunta fai a demagóxica operación na imposición directa de rebaixar nun 0,5% a tarifa do IRPF no tramo inferior, boa parte do cal xa atinxe a contribuíntes que están exentos polo seu baixo nivel de ingresos, e ademais faise cometendo unha trapallada no plano técnico-xurídico que terá que corrixir para non ficar en coiros por incompetencia técnica.

Moitas outras consideracións analíticas que poderíamos facer eiquí, aforrámolos porque as facemos noutra emenda de totalidade, non devolutiva, que, na liña do proposto por nós mesmos o ano pasado, con retoques actualizadores, aporta unha batería de medidas que permitirían facer o que a Xunta non fai nestes orzamentos: incrementar os ingresos non financeiros, de xeito que se poidan cando menos minorar os brutais recortes que opera a Xunta no orzamento de gastos destinados a cubrir as necesidades de servizos que reclama a cidadanía do común -e non 'os banqueiros'.

IV. Mais non queremos rematar a exposición de motivos desta nosa emenda de devolución á totalidade dos orzamentos, sen facermos unhas complementarias consideracións finais, que en boa lóxica deberían desembocar nunha emenda 'transgresora' pola que se practicase, mediante a previa realización dunha rigurosa auditoría, a denuncia dunha parte da débeda pública, *por ser ilexítima*, e se detraesen parte dos fondos asignados ao servizo da débeda para 2014 e se destinasen a incrementar as dotacións de servizos básicos para o benestar dos cidadáns, como a sanidade, o ensino, os servizos sociais aos segmentos da cidadanía máis empobrecidos e/ou dependentes, e primordialmente á formación de CSB nesas áreas. Mais a lóxica topa coa irracionalidade -financeira e social- do actual marco normativo -a

empezar pola contra-reformada Constitución- que impide a viabilidade dunha emenda semellante, porque ben sabemos que, aínda que nos orzamentos non se consignasen os fondos para o servizo dunha débeda ilexítima, ou se detraesen parte deles para aplicarlos ás prioridades devanditas, a 'legalidade' vixente -violadora do espírito e mesmo da letra orixinaria da Constitución, e atentatoria contra os dereitos humanos proclamados fundacionalmente pola ONU da que o Estado español seica é membro- establece con tal rixidez a prioridade de pagar 'aos bancos' o que esbullaran en operacións especuladoras infames, que mesmo se eses fondos que o Estado lles regala, dicimos, non figurasen nos orzamentos, estaría obrigado a pagarllelos, de xeito que na execución dos orzamentos cumpriría operar o castigo de demouca financeira aos servizos destinados aos cidadáns que a nosa 'transgresora' emenda tentara impedir.

Malia todo isto, reiteramos, velaí van as consideracións finais coas que rematamos esta nosa análise crítica dos orzamentos xerais para 2014.

IV.1. Os Orzamentos xerais de Galicia para o ano 2014 supoñen afondar na senda da consolidación fiscal marcada polo Goberno central, renunciando á posta en marcha de medidas que contribúan á suavización dos seus efectos pro-cíclicos na actual situación de grave recesión económica.

IV.2. O ritmo de redución do déficit e da estabilización da débeda autonómica imposto pola actual senda de consolidación fiscal, nunha contorna de grave recesión económica, xunto coa insuficiencia do sistema de financiamento autonómico, as fortes limitacións á autonomía financeira das Comunidades autónomas establecidas polo Goberno central, mais as que se autoimpón o propio Goberno da Xunta, contribuirán ao incremento do deterioro económico e social de Galicia, convertendo estes Orzamentos nun instrumento inútil para a cidadanía e ao servizo, unha vez mais, dos poderes financeiros.

IV.3. O Goberno da Xunta de Galicia presenta de novo uns **Orzamentos da intervención**. Da intervención política i económica do Reino de España pola “troika” ao servizo dos Poderes financeiros, por e para a garantía do rescate da Banca.

Para elo, primeiro modificouse a Constitución, nunha especie de reforma express, pactada polos dous grandes partidos PP-PSOE para elevar ao rango de garantía constitucional a prelación do pagamento aos acredores financeiros –Banca e inversores– por enriba de calquera outro gasto público do Estado: salarios dos empregados públicos, pensións, prestacións por desemprego, sanidade, educación e servizos sociais.

Unha vez consumada esta constitucionalización da garantía do pagamento do servizo da débeda pública, o Reino de España asina o denominado MOU –o memorando de entendemento– polo que a cambio dunha “liña de crédito” de ata 100.000 millóns de euros (un 10% do PIB) para financiarlo rescate da banca, acepta unha “intervención de facto” por parte da troika, destinada a garantir o destino deses cartos ao saneamento financeiro.

IV.4. Os perto de 50.000 millóns de euros utilizados polo o de agora en rescatar á Banca responsable da actual crise económica, política e social, computan no endebedamento do Estado, diminuíndo a súa capacidade global de endebedamento, e teñen un efecto directo na capacidade financeira das Comunidades autónomas para acudir a débeda pública, a través da limitación imposta polo propio Estado.

Neste escenario, da utilización dos recursos públicos, garantidos en última estancia cos impostos dos contribuíntes, non ao servizo da cidadanía a través da prestación dos servizos públicos, senón ao salvamento dos Bancos e demais institucións financeiras, o endebedamento asinado nestas condicións volvese “ilexítimo”.

IV.5. Tendo en conta o exposto, só cabe o “**repudio**” desa débeda, como recurso público financiado pola cidadanía, non ao seu servizo, senón ao servizo dos Poderes financeiros. Unha débeda negociada a cambio da entrega da soberanía popular, representada no Congreso dos Deputados e nos Parlamentos autonómicos, e convertidos en meros administradores garantes do pagamento dos capitais financeiros.

A brutal perda da “autonomía financeira” do Estado español fronte aos poderes económico-financeiros dos seus socios europeos, transmítese dun xeito “autoritario” sobre o conxunto do aparello institucional do mesmo, integrado pola Comunidades autónomas e os concellos.

IV.6. Deste xeito, os Orzamentos para 2014 continúan a ser o reflexo dun país intervido a todos os niveis, e dun goberno convertido en mera cadea de transmisión dos ditados da troika e do Goberno do Estado, ao servizo dos “mercados financeiros”. Estas contas reflicten os efectos do financiamento do rescate á banca, en termos dunha menor capacidade de financiamento dos servizos esenciais aos cidadadáns, na menor capacidade de financiamento dos investimentos públicos, nunha **espiral contractiva** imposta para garantir os fluxos de intereses e de amortizacións ao apontalamento dos rescates bancarios.

A resultas do devandito, o **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda** considera que hai razóns máis que abondo para **rexeitarmos o Proxecto de Orzamentos para 2014 na súa totalidade e solicitamos a súa devolución ao goberno.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 16:26:31



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014.**

O Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2014 continúa coa política económica restritiva iniciada por Núñez Feijoo desde a súa chegada á presidencia da Xunta no ano 2009, e xa que logo, non servirán para reactivar a economía nin garantir os servizos e as políticas sociais.

Son uns orzamentos sostidos nunhas previsións macroeconómicas demasiado optimistas e que apostan por unha política fiscal regresiva, que abafa ás persoas con menos recursos mediante a suba de impostos indirectos. Os orzamentos están lastrados polo espectacular medre dos custes da débeda, que case se duplican, e polas insuficiencias do actual sistema de financiamento para Galiza.

Contemplan unha cifra de gasto non financeiro, 8.391 millóns de euros, inferior en 89 millóns ao do presente 2013, o que supón un descenso do 1,1%. Desde 2009 o recorte acumulado é nada máis e nada menos que do 20%.

Trátase tamén dunha cifra inferior ao teito de gasto de 8.456 millóns de euros aprobado en agosto. Xa que logo, existían 65 millóns de euros de marxe para impulsar políticas sociais que a Xunta renuncia a usar, a pesares de que dende agosto ate a presentación dos orzamentos melloraron as previsións de crecemento do PIB. A Xunta



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza xustifica esta decisión na caída das transferencias finalistas do Estado, un exemplo máis das consecuencias ruinosas para Galiza da aceptación por parte do Goberno Galego dun sistema de financiamento que non asegura a nosa autonomía e suficiencia financeira.

O persoal funcionario e os demais empregados e empregadas públicos ven conxelados os salarios, polo que continuarán coa perda de poder adquisitivo, e tamén se contemplan recortes que se traducirán no empeoramento dos servizos públicos, nomeadamente educación e sanidade, e no recorte de prestacións sociais, ao tempo que non se deseña nin se dota ningunha estratexia para os nosos sectores produtivos.

Un cadro macroeconómico excesivamente optimista

Estes orzamentos debuxan un escenario de leve crecemento económico, xa que estiman que o PIB crecerá un 0,8% no 2014 e sitúa a taxa de desemprego nun 21,7%, unha taxa maior que a que estimou para os orzamentos do presente ano, onde a situaba nun 21%.

Un ano mais, o Goberno de Feijoo segue a fiar a recuperación económica á evolución da demanda externa, porque é consciente de que coas políticas recesivas que está aplicando, calquera posible saída da crise terá que vir necesariamente de fóra. Así, estima que as exportacións serán a compoñente que máis influirá positivamente no PIB no 2014, posto que se estima un incremento dun 3,9%, sendo practicamente a única variábel que sustenta a previsión de crecemento do PIB, xa que tanto os incrementos do consumo dos fogares como de formación bruta de capital medran nun exíguo e, por desgraza, excesivamente optimista 0,2%.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, a propia Xunta reconece nestas previsións económicas o seu lastre, xa que a compoñente que máis tirará para abaixo do PIB será o gasto en consumo final das administracións públicas.

Con respecto ás previsións da taxa de desemprego, o propio “Informe económico financeiro do proxecto de orzamentos 2014” afirma que será a “diminución apreciable da poboación activa a que nos levará a esta taxa”. Neste sentido, a Xunta reconece que o emprego medido en postos de traballo a tempo completo (PTETC) diminuírá un 0,2% para o vindeiro ano. Xa que logo, incluso nas optimistas previsións da Xunta para 2014, non se creará emprego.

Cómpre dubidar da fiabilidade do cadro económico que presentan estes orzamentos, xa que a experiencia con respecto ás previsións de anos anteriores, amósanos que a Xunta acostuma a realizaren previsións máis optimistas do que finalmente acontece.

Unha política de ingresos regresiva, que fía o incremento de ingresos á emisión de débeda e amosa as limitacións do actual sistema de financiamento

Do punto de vista dos ingresos, os orzamentos apostan por manter unha política impositiva regresiva, que grave de xeito acentuado os consumos, co que non hai criterios proporcionais nin redistributivos. Mesmo no informe económico financeiro afirma que “o escenario tributario para o exercicio 2014 responde ás recomendacións que reiteradamente veñen facendo o Fondo Monetario Internacional (FMI) e a Comisión Europea” e que, seguindo estas recomendacións “no orzamento para 2014 inclúense medidas acordes coa necesidade de dar máis preponderancia á imposición indirecta”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, o Goberno segue negándose a exercer a súa capacidade normativa para que as rendas e os patrimonios máis elevados contribúan en maior medida ao sostemento dos servizos públicos, mentres que as rendas baixas terán que tributar máis.

A rebaixa no IRPF non compensará, nin de lonxe, o impacto que terá para as rendas baixas a suba dos impostos indirectos. O Goberno estima que a rebaixa no tramo autonómico do IRPF significará un descenso na recadación de 48 millóns de euros, mentres só o incremento da recadación no impostos de hidrocarburos será de 50,5 millóns, pero ademais o proxecto de lei autoriza a suba no canon do lixo e agarda un 30% máis de recadación polo canon da auga.

Finalmente, os ingresos por endebedamento incrementaranse en máis de 1.000 millóns. Porén, ese endebedamento non consegue evitar que se deteriore e recorten os servizos públicos nin que haxa máis recursos para políticas de estímulo económico. Este recurso sistemático ao endebedamento é ademais sintomático de que o actual sistema de financiamento é unha ruína para Galiza, pois desde 2009 hai unha redución de ingresos de máis de 1.500 millóns de euros, e Galiza sigue sen poder xestionar o que se recada no noso país.

Unha política de gastos supeditada ao pago da débeda, que volve a recortar os servizos públicos esenciais e non deseña ningunha estratexia de recuperación económica

Dispárase o gasto financeiro e volve recortarse o gasto non financeiro, que é o que ten un impacto directo nas condicións de vida dos cidadáns por incluír o investimento produtivo e o gasto social.

Como comentábamos, dende o 2009, o primeiro exercicio con goberno de Núñez Feijoo, ata hoxe, o recorte ascende ao 20%, o que tivo un forte impacto no



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orçamento de numerosas políticas. Deste xeito, dende o 2009, a dotación dos distintos programas para a promoción de emprego descendeu un 56,5%, para a dinamización económica do medio rural un 24,6%, para a pesca un 54,8% ou para a industria un 38,5%, programas todos eles que volven a sufrir recortes neste proxecto de orzamentos.

Así, nestes orzamentos non se observa ningunha estratexia para a recuperación económica, por moito que o Goberno se esforce en publicitar un inocuo fondo para o crecemento, xa que non é máis que un rótulo de propaganda no que se agrupan programas xa existentes.

Estes orzamentos nin priorizan nin garanten o gasto social, que volve a recortarse. A pesares das proclamas propagandísticas do Goberno, os recortes nas partidas de gasto social son de similar intensidade, cando non maior, ao conxunto dos recortes. Os programas de protección e promoción social descendeen nun 2%, os de sanidade nun 1,1% e os de educación nun 1%.

Ademais, se consideramos o conxunto do gasto, e non soamente o gasto non financeiro, observamos como o peso relativo, tanto das partidas que supoñen incentivos para os sectores produtivos, como das destinadas ao gasto social, descendeen espectacularmente fronte ao tamén espectacular incremento do gasto en débeda pública, que se incrementa nun 86,4% e supera os 2.000 millóns de euros, o que fai que estes sexan “os orzamentos da débeda”, os orzamentos da Galiza hipotecada.

Neste sentido cabe recordar a hipoteca que tamén supoñen os máis de 3.000 millóns de euros comprometidos polo Goberno mediante a fórmula de colaboración público-privada.

Trátase da constatación de que o Goberno recorre sistematicamente ao endebedamento para cumprir cos obxectivos de déficit, hipotecando o futuro de Galiza,



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sen que este recurso ao endebedamento redunde un políticas de estímulo da economía produtiva e de blindaxe real do gasto social.

Conclusión

En definitiva, o Proxecto de Lei de Orzamentos para 2014 persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, dictadas polo Estado Español e a Unión Europea, mália que todas os dados indican que só están a server para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a coesión social, por mor da contínua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

Estas políticas fiscais teñen consecuencias agravadas en Galiza pola asunción acrítica por parte do Goberno Galego duns obxectivos de déficit e un reparto do mesmo entre as distintas administracións claramente prexudicial para as Comunidades Autónomas e dun sistema de financiamento lesivo para o país, que condea a Galiza a unha dependencia crónica das transferencias do Estado e non asegura a nosa suficiencia financeira, como demostra a brutal caída rexistrada nas transferencias estatais desde 2009.

A consecuencia é que no Proxecto de Orzamentos volve diminuír en termos nominais o gasto social e o investimento produtivo mentres se incrementa de xeito significativo o custe da débeda.

O Proxecto de Lei, ademais, incrementa a presión fiscal sobre os traballadores e as clases medias através de taxas e impostos indirectos, mentres se mantén un tratamento fiscal favorábel ás rendas e patrimonios máis altos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA 2014.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:00:42

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013**, en relación á **Sección 04 – Presidencia da Xunta de Galicia, así como ás Axencias Públicas, Sociedades Mercantís e a Fundación dependente de tal Sección**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

- O peso relativo das dotacións de Presidencia, cun peso fundamental dos fondos dirixidos a gasto corrente, están por riba dos doutros exercicios económicos; o que resulta pouco xustificable no actual contexto de crise económica.
- Séguese a manter unha forte estrutura de persoal eventual de gabinete e de persoal laboral temporal, sen especificar o seu número, función ou cometido; resulta ademais desproporcionado en secretarías que sofren un auténtico desmantelamento e que cuestionan seriamente a súa razón de ser.
- En materia de medios e de comunicación, permiten un nivel de arbitrariedade na distribución dos recursos públicos dificilmente explicable nun país democrático; ao mesmo tempo obvia unha das principais razóns da propia existencia de medios de comunicación públicos en Galicia: a promoción e defensa da lingua galega.
- AMTEGA mantén uns recursos nos que priman as actuacións para a propia Administración, pero que vén reflectindo unha política opaca de contratación dos inxentes fondos que a cidadanía pon a súa disposición; pero sen contribuír a que a fenda dixital se teña reducido

entre a Galicia urbana e a Galicia rural.

- As dotacións dirixidas á promoción dun sector fundamental como é o turismo, resultan ser un 45% inferiores ás que recibiu o actual Goberno cando accedeu a Xunta de Galicia e, aínda que medran algo con respecto aos de 2013, son absolutamente insuficientes para contribuír a que Galicia deixe de ter os resultados negativos en indicadores como os de ocupación, tarifa media, ingreso por habitación, etc., e que resultaron ser, por exemplo, os peores da Cornixa Cantábrica; fiando a Xunta de Galicia toda a promoción turística case que exclusivamente ao turismo relixioso, desprezando outros destinos e mesmo o turismo urbano.
- Os orzamentos destinados a Emigración supoñen un menosprezo sen precedentes a case o 20% da cidadanía galega, xa que mingúan un 62 % con respecto a 2009 e máis dun 13 % con respecto ao 2013. Xunto con esta redución orzamentaria, prodúcese ademais un baldeirado de competencias e unha redución de persoal que pon mesmo en dúbida a existencia da propia Secretaría Xeral de Emigración, así como o mantemento dun aparello desproporcionado de persoal de confianza do secretario Xeral. Estes orzamentos certifican a desaparición das políticas de emigración da acción do Goberno galego.
- No eido deportivo, a Secretaría Xeral para o Deporte non cumpre nestes orzamentos cas súas propias previsións; e a pesares diso, aumentan os gastos de persoal, sen que exista xustificación algunha. Pola contra, se reducen as partidas para a actividade e para dinamización deportiva, pero, se dá cobertura para cumprir compromisos caciquís na conformación de maiorías políticas municipais; ao tempo continua o recorte na asignación aos centros de tecnificación deportiva e a asignación caprichosa e sen criterio obxectivo para novas infraestruturas deportivas.

Grupo Parlamentario

- Continua asumindo a Fundación Deporte Galego, funcións que debería estar desenvolvendo a Secretaria Xeral, especialmente no referido á promoción do deporte; á vez que continúan sen contemplarse nos orzamentos nin as dotacións que deberían darse en aplicación da nova Lei do deporte, nin o tan publicitado Plan Galicia Saudable.
- Limitan a capacidade da CRTVG, para actuar nun entorno competitivo, incumprindo por parte da Xunta de Galicia da Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación e audiovisual de Galicia, que sentaba as bases dun novo modelo de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, promovendo a independencia do poder Executivo, a pluralidade informativa, a democratización, a profesionalidade e o financiamento.
- Non garanten a estabilidade laboral dos traballadores da CRTVG, cunha nova redución orzamentaria de practicamente un 4 %, que marca claramente a intencionalidade dun ERE encuberto.
- Non se da resposta nin se promove ao sector audiovisual galego, a aposta pola produción propia é testemuñal, nin posibilita o investimento tecnolóxico preciso para a modernización e dixitalización necesaria.

Parlamento de Galicia, 7 de novembro de 2013

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P Socialista



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 07/11/2013 15:25:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 04, da Presidencia da Xunta, dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para o ano 2014**, en atención ás seguintes razóns:

Por ser este proxecto de orzamentos para a sección 04 contraditorio e insuficiente para desenvolver as políticas públicas que garantan os servizos públicos axeitados ás necesidades da nosa sociedade nos eidos da comunicación social, a atención ás persoas migrantes, o desenvolvemento do turismo e da modernización dixital así como o pulo aos hábitos de vida san ao través da práctica do deporte de base.

Este proxecto agrede as políticas públicas a desenvolver no eido das migracións toda vez que o programa 312 C perde máis dun millón de euros en acción políticas migratorias, nas accións de sensibilización e moi acusadamente nas axudas destinadas a entidades dese ámbito.

Este proxecto renuncia a progresar no eido da superación da fenda dixital que padece ao país, cun novo recorte de 6 millóns de euros no programa 571 A.

Este proxecto continúa a recortar, neste exercicio outros 279.000 euros no deporte de base, elemento clave para xerar hábitos de vida saudables na nosa cidadanía e en especial nas crianzas. Padecen en especial o programa de dinamización deportiva reducido á nada así como as transferencias de capital para infraestruturas deportivas.

Este proxecto segue a guerra particular da actual Xunta para maniatar e privatizar os medios de comunicación públicos, cuxo programa 461 B perde preto de cinco millóns de euros. Quizabes o escenario ad futurum se queira escribir como na Comunidade Valenciana.

Este proxecto aposta por xerar simulacros, censura e desinformación ao traveso dunha relación clientelar cos propietarios do medios de comunicación, para tentar agochar as miserias dunha política que somentes provoca paro, pobreza e corrupción, repartidos, iso si, de xeito desigual.

Este proxecto asume unha lectura regresiva do valor do turismo, ao descoidar a formación e a produción de servizos de alto valor engadido con emprego estable e con dereitos asociado, para fialo todo ás externalizacións e a pór en primeiro plano aos eventos de carácter relixiosos.

Este proxecto desmonta, ao reduciloo a menos da metade no seu programa 432 C, o fomento do audiovisual, xa de seu minúsculo. Así por exemplo desaparece a partida para o programa de actividades do Centro Galego das Artes Escénicas.

Este proxecto, en resumo, é congruente cun goberno en guerra co seu pobo, ao que impón unha axenda económica, social e cultural de carácter neoliberal bendecida iso si pola xerarquía da igrexa católica.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:25:22

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Ente Público “CRTVG”, Sección 04, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, atendendo ás seguintes razóns:

Os orzamentos da CRTVG continúan na vía dos recortes, vía que imposibilita a concreción dos obxectivos que un ente audiovisual público debера perseguir, tales como o pluralismo a veracidade e accesibilidade, elementos en cuestión no actual modelo de xestión do ente público. Non podemos esquecer que existe unha lei aprobada polo Parlamento Galego, que sen que a compartamos, non podemos entender a súa inaplicación, que non sexa derivada por unha decisión de non someter os órganos de decisión do ente público, a soberanía popular e polo tanto Parlamento Galego.

Os orzamentos que presentan unha redución de máis de 4.400.000€ supoñen un avance na estratexia de desprestixio e degradación da nosa radio televisión pública, non sabemos con que obxectivo, pero de seguro na liña da externalización e incremento de control político sobre os contidos e informacións.

O tantas veces referenciados polos responsabeis políticos da CRTVG, “criterios empresarias”, “sentido empresarial” e “novas estratexias no emprego do ente público”, supoñen na práctica unha supresión do contido de servizo público que deberan conter os orzamentos e principios que rexen a dirección do ente.

Os orzamentos non contemplan un apoio explícito e manifesto ao sector audiovisual galego, hoxe sometido á inseguridade e á cáseque práctica imposibilidade de poder dar a coñecer as súas creacións á sociedade galega,

así como tampouco contemplan as partidas necesarias para o fomento e defensa do noso idioma.

Os orzamentos tampouco clarifican como se vai producir, supostamente, a transición a nova personalidade xurídica, evidenciando lagunas de xestión quen poderían poñer en risco o futuro da nosa radiotelevisión pública.

Os feitos enumerados reflicten que os orzamentos deseñados para o 2014 son un impedimento e que atentan, en esencia, contra os principios que definen á CRTVG en tanto que servizo público.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:20:48

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo A 1 "Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia", Sección 04, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

Unha pésima práctica orzamentaria fai que se adiquen a gastos correntes partidas que son transferencias de capital, o cal tenta disimular como investimentos o que en realidade non o son.

Transferencias de capital que sufren un recorte tanto nos fondos propios canto nos fondos FEDER, o cal merma en 6 millóns de euros o orzamento dunha Axencia que apenas é outra cousa que o pretexto para privatizar e contratar coas empresas amigas un ámbito onde o papel a xogar pola administración tería que ser protagonista para superar a fenda dixital que arrastra a sociedade galega a conta da incapacidade dos gobernos para superala.

A falla de avance efectivo na modernización da administración pública galega apenas sometido a outro plan que a un de puro e draconiano axuste; o retardo no despregamento do plan director da banda larga; os atrasos na modernizacións dixital da administración de xustiza ou os desequilibrios e asignación ineficiente dos recursos públicos no eido educativo a conta do proxecto Abalar son algunhas das eivas que desnudan o fracaso da Axencia e da política deste goerno en materia de modernización tecnolóxica.

Caso singular no que fai o fracaso o constitúe o rubro das empresas que se adican ao sector das TIC e que se atopan en dificultades sen que a intervención pública faga algo de xeito. A caída dos investimentos das



empresas en materia de innovación e desenvolvemento tecnolóxico son a emenda de devolución da realidade social e uns orzamentos virtuais.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:19:01

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo A 2 “Axencia de Turismo de Galicia” Sección 04, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

A “bendita” e moderna verba da competitividade marca as liñas de actuación da Axencia, para de seguido atopármonos coa centralidade dos eventos relixiosos, xa non modernos pero alomenos tan “benditos” como a competencia para os neoliberais de sotana do goberno galego.

Tamén a chamada colaboración público-privada, ou trasvase de recursos públicos ao sector privado constitúe outra das marcas de fábrica deste orzamento. O recurso extenuante ao privado, ás campañas de promoción sesgadas ate a náusea do feito relixioso, como é o caso da licitación da campaña de promoción do turismo en Galicia para 2014, que se atopa chea de referencias relixiosas, que se tentan facer pasar por cultura xogando a mistificar os conceptos, son aspectos que lastran sobremaneira o orzamento da Axencia.

Semella difícil atopar no documento liñas de traballo no orzamento que avancen no reequilibrio territorial e na innovación, investigación, formación e cualificación das empresas do sector, cando a realidade do sector amosa as eivas dun sector que achega polo xeral servizos de baixo valor engadido e cun emprego tan precario como de baixa calidade. Ao respecto da diversificación e dos produtos clave da oferta turística hai que sinalar que a centralidade da promoción ten un arrecendo a incenso propio dun goberno enfeudado á xerarquía eclesiástica en diversos eidos da súa actuación.

E doutra banda hai que subliñar a mala praxe orzamentaria que supón pagar campañas de promoción turística contabilizándoas como investimentos reais.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:19:25



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 04, Presidencia da Xunta, organismos, consorcios, entidades, fundacións e sociedades públicas dependentes, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de Lei de Orzamentos persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, dictadas polo Estado Español e a Unión Europea, mália que todas os datos indican que só están a server para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a coesión social, por mor da contínua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

Dos programas de gasto que xestiona esta sección só se incrementa o programa 761A “coordinación e promoción do turismo” mentres en todos os demais se produce un descenso.

Os descensos máis acusados prodúcense curiosamente no programa de fomento do audiovisual cun 128%, sendo un dos que ten relación coa intervención nun sector económico relevante. Algo similar ocorre cos programas cunha maior orientación social (321C servizos sociais relativos ás migracións) que sofre unha redución de case un 15,5% en relación co exercicio anterior. Así mesmo, redúcense sensiblemente os investimentos no deporte.

Curiosamente os programas de gasto que menos descenden son aqueles que conteñen partidas relevantes de propaganda (461A e 461B).



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase dun contrasentido que pon de manifesto, que en contra da propaganda governamental, o gasto social non é unha prioridade para a Xunta, xa que se reduce drasticamente o destinado á atención ás persoas inmigrantes, emigrantes e retornadas.

Non son orzamentos que teñan como prioridade mitigar o impacto da crise, que nin se cita unha soa vez na memoria nin se ten presente para explicar as alteracións do gasto que se producen en relación cos orzamentos de 2013, e ademais destacan pola súa ineficiencia, na medida en que gaña peso o gasto corrente mentres se reducen investimentos e gasto social.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da sección 04.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:02:07



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Ente Público “CRTVG” (Sección 04)**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de Lei de Orzamentos persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, dictadas polo Estado Español e a Unión Europea, mália que todas os datos indican que só están a server para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a coesión social, por mor da contínua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

O orzamento do Ente Público CRTVG insiste na política de recorte no gasto e no investimento. Suma un novo recorte ao realizado no 2013 e a todos os que se produciron durante a lexislatura pasada, amosando a falla total de compromiso do Goberno galego cos medios de titularidade pública.

Este non é o proxecto de orzamento que precisa a CRTVG para impulsar os medios de comunicación públicos, corrixindo unha tendencia á baixa na súa presenza social e na súa audiencia.

Estes orzamentos van a incidir negativamente en cuestións de relevancia para o futuro da CRTVG como:

1. A corrección do proceso de descapitalización.
2. A calidade na prestación do servizo público.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A regularización laboral d@s traballador@s da Compañía.
4. O desenvolvemento e a xeración de emprego no sector audiovisual, do que a CRTVG debe ser motor.

Non son por tanto os orzamentos que a CRTVG precisa para levar adiante os cometidos que ten encomendados.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos do Ente Público CRTVG (sección 04).

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:01:28

Á Mesa da Comisión 3ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, relativa á **Sección 05 – Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, así como dos Organismos Autónomos, Axencia Pública e Consorcios dependentes da mesma**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

- Os orzamentos presentados deixan en evidencia a nula capacidade do Goberno de Galicia para presentar proxectos de futuro para un país nunha crise profunda, con partidas que simbolizan a incapacidade, a nefasta xestión, e a sumisión impasible ao Goberno central, ao tempo que non se contan cos medios necesarios para parar de destruír piares básicos cara a lograr unha sociedade mais igualitaria.
- Non reflicten un mínimo e necesario incremento das partidas de igualdade, que, unha vez mais, cando xa parecía imposible, volven a minguar; sinaladamente no eido da prevención da violencia de xénero e na colaboración cos concellos, anulando as posibilidades de tecer igualdade no ámbito local, o idóneo para acceder con proximidade ás vítimas. Unha vez máis as políticas que se exhiben contra a igualdade no Goberno de Rajoy atopan o seu cómplice na Xunta de Galicia.
- A lectura da memoria e das partidas amosan a absoluta incapacidade do Goberno Feijoo para cumprir os compromisos que acadan reiteradamente en cada exercicio orzamentario. Sirvan como exemplo os edificios xudiciais de A Coruña e Pontevedra ou o parque de bombeiros de Carballiño. Os mesmos proxectos

Grupo Parlamentario

anunciados pero non executados, o mesmo tempo perdido.

- Xustiza aparece desvanecida na área de responsabilidade da Vicepresidencia, que neste sentido parece esquecer as súas competencias estatutarias sobre este servizo público esencial. Pero se sucumbe ao taxazo xudicial ou á nova arquitectura dos partidos xudiciais, ao tempo que esmorece un Plan de Infraestruturas cutre, á vez que a nova oficina xudicial queda definitivamente relegada nun goberno que non acomete solucións para reparar a demora nos asuntos xudiciais.
- A área de emerxencias volve ser un caos sen máis proxecto ca busca dun negocio en detrimento duns servizo público esencial para a seguridade das persoas, que se ten mercantilizado na distribución de medios persoais, cada vez máis asfixiados e a desproporción e desigualdade no “reparto” dos medios materiais. A Xunta de Galicia, lonxe de buscar a coordinación, persiste nuns orzamentos que non contemplan medidas para non continuar disgregando e corrixindo o caos.
- Pero sen dúbida merece unha atención sinalada a complicidade da Xunta co Goberno central no desmantelamento do municipalismo galego. Así o Goberno galego, cunha absoluta política de seguidismo co Goberno de Rajoy, colabora por omisión ao fin do municipalismo, aprobando orzamentos que limitan, e mesmo suprimen, o principio de autonomía local; desmantelamento que vén axudado pola entrada no Parlamento Galego do Proxecto de lei de racionalización do sector público. As contas para o 2014 avanza na folla de ruta de asfixiar, coaccionar, e vulnerar principios constitucionais como o de autonomía local e suficiencia financeira, deixando na agonía absoluta proxectos que melloraban as condicións de vida das persoas.

Grupo Parlamentario

- En canto á Cooperación ao Desenvolvemento, de novo Galicia se afasta, ano tras ano, dos obxectivos de solidariedade e loita contra a pobreza; cando dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo as partidas económicas en materia de cooperación experimentaron unha minoración do 65%, un dato ben descritivo.
- Uns orzamentos que reflicten que o sector público efectivamente mingua, discriminando as políticas públicas, mentres se lle da cada vez maior cabida a un sector privado, contribuíndo ao desmantelamento do Estado do Benestar.
- Polo que respecta ás relacións institucionais e parlamentarias, non se pode apoiar uns orzamentos que amosan o nulo interese da Xunta de Galicia no cumprimento das súas obrigas en relación á Cámara galega, onde por exemplo, so un baixo porcentaxe das peticións de información son atendidas, a vez que de xeito reiterativo se vetan as posibilidades de exercer o control ao Goberno por parte dos grupos parlamentarios da oposición.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2013

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P Socialista

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 07/11/2013 15:25:40

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05, da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, atendendo ás seguintes razóns:

Este proxecto de orzamento confirma a determinación do goberno do PP de continuar a progresiva erosión dos servizos públicos que dependen desta consellaría. A función de coordinacións transversal da vicepresidencia semella licenza para pechar e privatizar a administración pública segundo se desprende do último enxendo legal coñecido como lei de racionalización do sector público galego. Para modernización da administración pública, no programa 122 A, este proxecto adica a frioleira de 89.531 euros. A clara insuficiencia do programa 123 A de acción social evidencia a negativa do goberno a modificar a súa política de ataque aso traballadores e traballadoras da administración pública. Outrosí do que atinxe á mellora dos sistemas de saúde e seguranza no traballo.

Este proxecto renuncia a desenvolver un programa de apoio á conciliación da vida laboral e persoal por canto a contía apenas é outra cousa que testemuñal. E desta maneira a memoria semella elocuente das necesidades e da resposta da administración pública, totalmente insuficiente.

Este proxecto reduce o conxunto de recursos adicados ás políticas de Igualdade e lonxe de incrementalos ao abeiro da recuperación dun plan integral de actuacións e investimentos reais, unha fracción significativa dos recursos públicos pérdense no xogo de privatizacións, asistenciais técnicas e propaganda. Así, por exemplo, no programa 313 B e só para o capítulo segundo desbaldense case 400.000 euros para asistenciais técnicas e

propaganda. Incluso estabilízase á baixa a contía do programa 313 D adicado a protexer e apoiar ás mulleres vítimas da violencia de xénero. Elocuente é, malia a enxeñería contable, a redución incluso nominal das partidas administradas pola secretaría xeral da des-igualdade.

Cómpre sinalar que aínda que mellorando a vergoñenta, por inexistente, avaliación de impacto de xénero do orzamento do 2013, o informe correspondente a este proxecto dista de avaliar con rigor o impacto para avanzar nas políticas públicas de Igualdade. Namentars a relación de actuacións e mulleres beneficiadas é moi incompleto, abondan as pretendidas análises que teñen a vontade, a intención ou pensan ad futurum. Fórmulas que eluden compromisos e que non permiten avaliacións fiables.

Este proxecto confirma o radical incumprimento das previsións contidas no plan de infraestruturas xudiciais malia anotar varios millóns para agochar no papel orzamentario o fracaso no investimento real na administración de xustiza. A insuficiencia dos recursos para garantir a xustiza gratuíta repítese e as cantidades consignadas para a implantación da nova oficina xudicial e fiscal son ridículas. A pouco que alguén cruce os datos que proporciona este proxecto coas necesidades da xustiza, que repite ano tras ano de xeito infructuoso, a memoria xudicial galega descubrirá o engano.

Aos concellos dáselles neste proxecto o pau da insuficiencia de recursos, e así non chegan os cartos para a contratación temporal de auxiliares de policía ou para fomentar o asociacionismo vecinal.

Este proxecto mantén a descoordinación dos recursos adicados a protección civil nun contexto de recortes, coa rebaixa das achegas á Academia Galega de Seguridade Pública e á Axencia Galega de Emerxencias.

Este proxecto dalle continuidade aos recortes de dous terzos impostos polo goberno do PP en materia de cooperación exterior e axuda oficial ao desenvolvemento.

Este proxecto torna a incorrer nunha mala praxe contable toda vez que segue a rexistrar como gastos de capital dos capítulos VI e VII o que non son outra cousa que gasto corrente.



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:26:52

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo A 1 “Axencia Galega de Emerxencias” Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

En caso de emerxencia, prégase rezar. Tal corolario podería desprenderse do quefacer público do goberno galego, que recorta os recursos para atender situacións graves e estruturais na nosa sociedade, e que permite unha sorte de taifas público-privadas, onde imperan o caciquismo nas contratacións e a heteroxeneidade nas condicións de prestación dos servizos públicos, namentras falla unha coordinación axeitada por parte da Xunta. Son ben significativas as protestas e folgas dos diversos colectivos que integran servizos públicos desta Axencia a conta do desleixo e falla de cumprimento da propia legalidade por parte da Xunta.

A nova perda de máis dun millóns de euros, case o 21% do orzamento do ano pasado, redución que vai sobre o apartado, ben que ficticio, dos investimentos reais, do que se cae a partida do servizo de helicópteros de emerxencias. Dicimos e denunciámos que é ficticio un orzamento de investimentos que en realidade afronta o pago de gastos corrente. Con todo nas liñas de actuación si se recolle a carta aos reis magos: manter os servizos con menos cartos públicos.

Por outra banda, as débedas do goberno galego nesta materia son moitas, comezando pola falla dun servizo público de prevención e loita contra o lume, o cal non deixa de alimentar a chamada economía do lume. E en particular a falla de cumprimento das previsións recollidas na lei de emerxencias vixente, no que atinxe a regulamentar o servizo dos bombeiros e prover a necesaria homoxeneización da formación. Ou a falla de cumprimento das previsións en materia de regulamentación dos técnicos de emerxencias sanitarias.



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:19:43

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 81 “Academia Galega de Seguridade Pública”, Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

Porque non cren no afortalamiento do noso autogoberno renuncian a dispor dunha ferramenta como unha verdadeira policía autonómica. Aínda para o orzamento deste ano faise unha mención xenérica a posibles negociacións para traspasar competencias sen enumerar ningunha, nunha proba clara da falla absoluta de interese neste campo.

Porque non acreditan no valor dos dereitos humanos acometen dende unha política de recortes que causa mortes, dor e sufrimento a renunciar a desenvolver unha política de formación para os corpos policiais que poña a énfase no respecto a dignidade inherente á condición humana, fose cal for a situación administrativa ou clase social das persoas, e non nun exercicio rigorista e mesmo xenófobo da aplicación de leis inhumanas.

Porque pérdense case 300.000 euros para facer a mesma pobre política. Se na formación policial falla incluso a vontade de incorporar nas liñas de actuación a formación en problemáticas claves para esta sociedade, como son os dereitos humanos e o respecto ás persoas migrantes, entre outras. E no que se refire ao persoal integrado na protección civil e emerxencias, a formación adoece dun marco legal integrador que facilite unha cualificación profesional homoxénea e como exemplo pódese sinalar os grupos de emerxencias supramunicipais.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.



Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:17:46

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 80, Escola Galega de Administración Pública, Sección 05, Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

Neste exercicio orzamentario continúa o descenso dos investimentos reais, que incluso de aplicarse unha rigorosa praxe orzamentaria non poderían computarse como tales. Así se sinalan na memoria os esforzos para consolidar un plan integral de modernización que non ten unha tradución orzamentaria, que polo tanto é mentira.

O incremento orzamentario para a EGAP céntrase nas transferencias correntes ás corporacións locais, hoxendía postas na primeira liña de fogo dun PP hostil á autonomía municipal como espazo de empoderamento da cidadanía e como ámbito para o desenvolvemento de políticas públicas alternativas. Este incremento derívase dunha sentenza xudicial do Constitucional, a 225/2012, do 29 de novembro, que responde a un conflito positivo de competencias formulado pola Xunta.

O espellismo estrela deste ano é a teleformación para o cal se formula o obxectivo da oferta dun 60% das prazas nesa modalidade. Argumentar a conciliación, cando nestes exercicios orzamentarios se caracterizaron por parte do goberno da Xunta por destruír dereitos sociais adquiridos dos que si efectivamente axudan á conciliación, resulta hipócrita.

Entre os criterios fixados no orzamento atópase un simplista que contrapón progreso a retroceso. A caverna descobre a categoría do progreso como folla de parra ideolóxica para devolvernollos a un pretérito imperfecto indexable.

Cómpre evitar que se aproveite a tribuna da EGAP para lanzar cursos ideolóxicos propios da FAES, con ou sen financiamento das empresas construtoras. A ideoloxía de certos cursos choca de fronte coa produción e divulgación de coñecemento científico-social que se sinala na memoria.

Risible é o parágrafo que nos criterios de actuación menciona o da potenciación da formación en lingua galega.

Esperpéntico é a elaboración de temarios de referencia para uns procesos selectivos clausurados por un goberno da Xunta en guerra contra os empregados públicos.

Nesa linguaxe árida ao final aflora a que se quere adicar a EGAP: “Nun contexto coma o actual, caracterizado pola contención do gasto e a racionalización administrativa, cobra unha especial relevancia, na planificación da formación, o axuste da política formativa ás necesidades reais da organización, coa finalidade de garantir que a cualificación profesional do persoal se adecúe ás actividades que desenvolve e aos fins da administración.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:21:06

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Fundación Galicia Europa, Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, atendendo ás seguintes razóns:

Este proxecto de orzamentos evidencia a práctica inane dunha Fundación que non pode defender os intereses xerais do pobo galego na UE dado o secuestro da soberanía popular do noso pobo por unha troika que ten no pazo da Moncloa e na residencia de Monte Pío a dous testaferros de políticas hostís á nosa cidadanía. Así que defensa relevante e participada pola cidadanía galega traballadora do futuro orzamento da UE?

A Fundación Galicia Europa non pode participar nas iniciativas que poidan ser útiles ás prioridades galegas que este goberno pola súa natureza non fai súas.

Santiago de Compostela, 7 de novembro do 2013.

Asdo. Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 16:03:34

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Fundación Semana Verde de Galicia, Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

O proxecto de orzamentos recoñece abertamente que non haberá actuacións investidoras por parte desta fundación, en correspondencia coa declinación imparable deste capítulo orzamentario ao longo dos sucesivos orzamentos do PP.

Na súas liñas de actuación e co seu cativo orzamento semella razoable pensar que non haberá xeración de novos produtos feirais rendibles, que por suposto non se explicitan, mais nun contexto de grave recesión económica.

Santiago de Compostela, 7 de novembro do 2013.

Asdo. Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 16:08:05



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05, Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como os organismos, consorcios, entidades, fundacións e sociedades públicas dependentes desta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de Lei de Orzamentos persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, dictadas polo Estado Español e a Unión Europea, mália que todas os datos indican que só están a server para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a coesión social, por mor da contínua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

Son Orzamentos que ademais destacan pola súa ineficiencia, na medida en que gaña peso o gasto corrente mentres se reducen investimentos e gasto social. Máis de 9 de cada dez euros son gasto corrente, incrementándose aínda máis o peso que este ten no orzamento en relación co gasto de capital e isto acontece malia manter o brutal recorte salarial que, ao igual que no presente exercicio, se lles aplica aos e ás empregadas públicas.

Neste sentido, os programas de gasto orientados ao mantemento da propia estrutura da administración, e que polo tanto non teñen ningunha repercusión en ningún ámbito produtivo nin social, son precisamente os que se incrementan ou experimentan unha baixada máis suave: 121A “dirección e servizos xerais da Administración Xeral”, que aumenta nun 1,9%; 122A “avaliación e calidade da administración pública”, que se



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mantén en parámetros idénticos a 2013 e 311A “ dirección e servizos xerais” que só descende nun 1,1 %.

Estes datos evidencian claramente que o gasto social non é unha prioridade para a Xunta. Así, o programa 331A “cooperación exterior e ao desenvolvemento” mantén contías idénticas aos do exercicio 2013, pese a que nese exercicio se producira un recorte próximo ao 36%, comprometendo a viabilidade de moitas accións que desde a iniciativa social se están desenvolvendo neste ámbito.

En materia de igualdade as únicas políticas que se manteñen son as de atención á violencia de xénero e de mantemento do CIM, pero abandónanse claramente todos os programas e actuacións que teñen que ver coa promoción da igualdade e da corresponsabilidade. Especialmente as baixadas nos programas 313B e 313D.

Hai que pór de manifesto que en total se destinan a políticas de igualdade só 12,3 millóns de euros, reducíndoas á irrelevancia política máis absoluta. O descenso acumulado desde o exercicio do 2009 é de case 63 millóns de euros.

Ademais, neste proxecto de lei de orzamentos persístese na opción política deste goberno de privatizar todo o dispositivo de atención ás emerxencias.

Por todas estas razóns, solicítase a devolución dos orzamentos da sección 05.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:02:20

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, relativa á **Sección 06 – Consellería de Facenda, así como as Axencias Públicas e aos Organismos Autónomos dependentes da mesma**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

- Os orzamentos presentados para o exercicio do 2014 continúan amosando a incapacidade da Xunta para dar resposta ás necesidades das familias e das empresas galegas, cando se está a atravesar a crise máis dura e máis longa da historia da nosa Autonomía.
- A Xunta de Galicia con este orzamento renuncia a levar a cabo unha política fiscal progresiva, ao non recadar mais ingresos de quen máis ten, e así aumenta os impostos indirectos (que afectan a todos os cidadáns independentemente do seu nivel de ingresos) en maior grado que os directos. O anuncio de rebaixa no tramo autonómico en medio punto no IRPF para rendas inferiores a 17.700 euros (moitos dos cales xa non tiñan obriga de tributar), resulta inferior, por exemplo, ao aumento xeneralizado do chamada “céntimo sanitario”. A isto é necesario engadir o establecemento de novos copagos, como o que se impoñerá aos comedores escolares.
- Os orzamentos amosan que servizos públicos non se podan prestar coa calidade necesaria, ao volver a incidir nestes novos recortes das súas dotacións básicas; impide as políticas de

crecemento, acrecenta a dor das familias e deteriora o benestar dos cidadáns, descapitalizando ao conxunto do país.

- Estas contas públicas non aportan pois ningunha estratexia de reactivación da economía e do emprego; e a Consellería de Facenda, como responsable da súa elaboración, renuncia a desenvolver as súas competencias para procurar unha mellor distribución dos custes da crise e para procurar a mellora nas prestación dos servizos básicos (educación, sanidade, servizos sociais, etc...).
- Estes orzamentos non abordan o maior problema que ten Galicia na actualidade e que non é outro que o desemprego. Unha situación na que, por desgraza, se atopan cerca de 300.000 galegos e galegas e que incide dunha forma mais incisiva na nosa mocidade. Estes orzamentos, non só non dedican máis recursos a loitar contra esta lacra social, senón que para este exercicio orzamentario recortan os programas de promoción do emprego con respecto o ano 2012 en 156 millóns de euros, un 46 %; e isto faise cando temos as maiores taxas de paro da historia de Galicia. Mentres desbotan a oferta recentemente realizada dende esta Grupo parlamentario, para aprobar un auténtico Plan de emprego que posibilite a consecución de un posto de traballo a miles de cidadáns galegos.
- Ademais, a Consellería de Facenda realiza uns orzamentos baseados en premisas falsas, que levarán Galicia a incrementar o desemprego. As previsións orzamentarias mostran que non se acadará o ritmo de crecemento mínimo necesario para lograr unha diminución do paro realista. Cabe recordar que o mesmo se afirmaba para orzamentos anteriores, cando nunca se viron

confirmados pola realidade posterior, senón que se aloxaban das optimistas previsións da consellería.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Nestes orzamentos dáse un drástico recorte cun descenso, no Goberno Feijoo, dos investimentos públicos nun 54 % respecto a 2009, pasando dos 1.461 millóns de euros a 666 millóns de euros no 2014, unha caída dos investimentos públicos da Administración autonómica, que contribuirá a empeorar a situación no mercado de traballo.
- O orzamento carece de coherencia interna xa que contradí os diferentes plans ou programas da propia Xunta, en particular nega o Plan estratéxico 2010-2014 para o que se precisarían case que 6.500 millón de euro, amosando que non existe estratexia nin folla da ruta para resolver a crise.
- Presentan unhas contas publicas que din teñen un déficit axustado e pola contra van incrementando o nivel de endebedamento da Comunidade, ano tras ano, cuestión incompatible cunha maior solvencia. A débeda pública se situará para o 2014 en cerca dos 10.000 millóns de euros, que contando cos 3.000 millóns de euros da colaboracións publico – privada existentes, fará que o endebedamento total sexa superior nun 30 % aos orzamentos da propia Comunidade Autónoma para o 2014; porcentaxe nunca alcanzado na historia da Autonomía galega.
- É un documento continuísta, que renuncia a apoiar ás familias e ás empresas galegas deixándoas ao albor do mercado; que se corresponden cunha política liberal na que se impón o mercado sobre os dereitos dos cidadáns.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Con relación a Axencia Tributaria de Galicia, o orzamento para o ano 2014, non garante unha mellor e máis eficaz loita contra a fraude fiscal, ante a inexistencia dun auténtico Plan neste sentido, con obxectivos e indicadores contrastables e controlables.
- Tampouco das cifras dadas a coñecer se desprende unha política fiscal comprometida e máis ambiciosa en relación a consecución de ingresos pola vía dun sistema máis progresista; nin se reflicte unha mellora na recadación tributaria, ca desaparición das antigas oficinas liquidadoras, limitándose estes orzamentos a unha mera redistribución de efectivos dos que existían na Consellería de Facenda con anterioridade á creación da Axencia Tributaria.
- Por último, a refundición do CIXTEC e do IGE nun único ente, de acordo co proxecto de lei que está a tramitar este Parlamento, non implicará ningún aforro substancial a nivel orzamentario, de acordo cas cifras facilitadas para o exercicio do 2014, e polo contra poden implicar custes adicionais, ao tempo que conlevarán un condicionamento para a independencia do Instituto Galego de Estatística á hora de emitir os seus informes.
- En suma, constitúen uns orzamentos que non dan resposta ás necesidades de financiamento, formulando un proxecto no que o Goberno actual da Xunta de Galicia renuncia a lograr un apoio financeiro ao noso sistema produtivo.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2013

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P Socialista



 Grupo Parlamentario



Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 07/11/2013 15:25:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Consellería de Facenda, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, atendendo ás seguintes razóns:

O proxecto de orzamentos en materia de facenda resulta congruente coa profundización nos recortes e as privatizacións e polo tanto confirma a súa nula utilidade para mellorar a protección social e propiciar a recuperación da economía produtiva.

Alternativa Galega de Esquerda, de maneira coherente ao razoado na emenda á totalidade e nas modificacións achegadas nas emendas de totalidade que modifican a estrutura e magnitude do estado dos ingresos deste proxecto orzamentario, considera negativa a proposta orzamentaria do goberno para esta sección.

O proxecto rebaixa as achegas ao Instituto Galego de Estatística, entidade tan incómoda ao goberno que pretende afogala pola vía da fusión proposta no texto a debate parlamentario chamado de racionalización do sector público.

Tamén o proxecto rebaixa notablemente a contía do programa 613 A, que atende a defensa da Competencia, ao rebaixar de case medio millón de euros a 339.863 euros, noutro dos organismos que o goberno do PP pretende fundir con competencia.

E de oportunidade perdida hai que valorar a non consignación dunha acción específica de loita contra a fraude fiscal nas rendas do capital e grandes patrimonios na partida adicada a Axencia Tributaria de Galicia.



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 16:01:38

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo A-2, Axencia Tributaria de Galicia, Sección 06, Consellaría de Facenda, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

A Axencia Tributaria Galega ten que dispor dun orzamento específico que permita cumprir cun elemento central da xustiza progresiva e redistribuidora no eido dos impostos públicos, cal é a loita contra a fraude fiscal; loita que de seren efectiva permitiría acadar os recursos económicos necesarios para evitar a sistemática dos recortes nos dereitos económicos, sociais e culturais que, pretextando a insuficiencia dos recursos públicos, leva adiante o actual goberno da Xunta.

Lonxe de ampliar un orzamento específico para loitar contra a fraude fiscal naqueles figuras tributarias propias ou cedidas, ampliación que tería un retorno en termos de combater a evasión e a fraude fiscais, se reduce a contía da Axencia e se desbota unha iniciativa específica e reforzada para combater a lacra social da fraude fiscal; fraude no que incorren, cómpre subliñalo, as rendas do capital e non as do traballo, fiscalizadas e mesmo difamadas polas declaracións do mesmo goberno central.

A mención do combate contra a fraude fiscal, recollida nas liñas de actuación do organismo, resta orfa de calquer consignación orzamentaria específica. Entre as outras liñas de actuación, bótase en falla a ausencia dunha campaña informativa específica en relación coas obrigas tributarias dos emigrantes retornados cunha pensión provinte do estranxeiro; aquí si se opta por sancionar e non por informar.



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:20:01

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do servizo B1, Consello Económico e Social de Galicia, sección 06, Dirección E Servizos Xerais e Facenda, Consellería de Facenda, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, pola seguinte razón:

AGE defende a necesidade de impulsar e apostar por mecanismos de ponderación e participación da cidadanía galega na xestión pública, e no control da administración do noso país.

Xa que logo para AGE é fundamental reforzar o papel dun organismo como o CES, que debера ser un foro de debate, control e impulso de iniciativas que dende a sociedade galega incidan nas políticas do Goberno, dende a mellora da súa representatividade social, incrementando sectores e partes da sociedade que hoxe están ausentes deste organismos, como as ONG's, as organizacións xuvenís e de maiores, movementos assemblearios do estilo 15M, asembleas de afectados pola hipoteca, plataformas anti desafiuzamentos e demais.

Para iso é necesario modificar un orzamento continuista, incapaz de dar cobixo a estas necesidades, dende o compromiso de apertura e profundización dos debates que no seu ámbito se xeneran. Iso é imposible cun orzamento tan cativo, incapaz de atender estas demandas de apertura que dende a sociedade chegan, ou deberan chegar, as institucións do país. Pero en troques de mudar esa situación incumpre os obxectivos que para este marca a lei 6/1995 que o rexe, onde se recolle a necesidade de que este seña un foro de debate para tratar problemas específicos que afecten a sectores estratéxicos de Galicia.

Iso sí o Goberno incumpre un requisito desta lei onde se referencia que non se prevé a participación de representantes do Goberno, pero son dous cargos

políticos, elexidos polo Goberno, e polo tanto non independentes, que en conxunto supoñen un 15% do orzamento do propio Ente, é dicir 2 membros designados polo Goberno, consumen o 15% dos recursos dun organismo de participación social, é evidente que algo falla neste plantexamento.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:20:35



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Consellería de Facenda e todas as entidades públicas, instrumentais dependentes, do Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2014**, polas seguintes razóns.

O Proxecto de Lei de Orzamento da Consellería de Facenda para 2014 persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, dictadas polo Estado Español e a Unión Europea, mália que todas os datos indican que só están a server para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a coesión social, por mor da contínua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

Estas políticas fiscais teñen consecuencias agravadas en Galiza pola asunción acrítica por parte do Goberno Galego duns obxectivos de déficit e un reparto do mesmo entre as distintas administracións claramente prexudicial para as Comunidades Autónomas e dun sistema de financiamento lesivo para o país, que condea a Galiza a unha dependencia crónica das transferencias do Estado e non asegura a nosa suficiencia financeira, como demostra a brutal caída rexistrada nas transferencias estatais desde 2009.

A consecuencia é que no Proxecto de Orzamentos volve diminuír en termos nominais o gasto social e o investimento produtivo mentres se incrementa de xeito significativo o custe da débeda.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Proxecto de Lei, ademais, incrementa a presión fiscal sobre os traballadores e as clases medias a través de taxas e impostos indirectos, mentres se mantén un tratamento fiscal favorábel ás rendas e patrimonios máis altos.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Consellería de Facenda.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:02:27

Á Mesa da Comisión 3ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, relativa á **Sección 07 – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, así como dos Organismos Autónomos, Axencia Pública, Entidade Pública Empresarial, Consorcio da Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística e as Sociedades Públicas Mercantís dependentes da mesma**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

- O proxecto de orzamentos presentado resulta inaceptable e rexeitable, xa que provocará a parálise das infraestruturas necesarias e non responde ás necesidades do país no eido urbanístico e medioambiental, ao tempo que reflicte un recorte inasumible nos programas para o acceso e rehabilitación da vivenda.
- Non contribuirán a frear a destrución de emprego nin servirán para reactivar a economía, posto que continúan coa liña de recortes dos últimos exercicios; así o orzamento desta consellería descendeu entre 2009 e 2014, en 475 millóns de euros, sendo xa un 54 % inferior a aquela contía, centrándose ademais nos investimentos a maior parte deste drástico descenso.
- Os investimentos da consellería ascenden a unicamente xa 235 millóns de euros, que representa un escaso 0,4 % do PIB galego, un esforzo notoriamente insuficiente para corrixir os desequilibrios en infraestruturas e dotacións e, sobre todo, para contribuír á creación de emprego e a dinamizar a nosa economía.

- A iso pódese sumar o incumprimento de gasto dos exercicios anteriores polo que se acumulan déficits de actuacións, á vez que producen unha desconfianza real sobre o reflectido no proxecto de orzamentos de 2014 en canto os seus compromiso de execución.
- Os incumprimentos na execución dos diversos plans presentados pola consellería, como pode ser o relativo ás estradas, son xa clamorosos, xa que as dotacións orzamentarias se converten en ridículas cando as comparamos cas previsións e compromisos que o propio Goberno galego deu a coñecer.
- O mesmo que acontece cas partidas orzamentarias destinadas a facilitar a mellora da mobilidade, principalmente no contorno das principais áreas urbanas e para o transportes no rural, que continúan a ser claramente insuficientes para atender as demandas da cidadanía, sufrindo uns recortes moi considerables.
- Estes orzamentos mostran igualmente que as políticas ambientais non lle resultan prioritarias ao Goberno galego, descoñecendo que este constitúe un sector que debería crear riqueza e emprego no futuro, posto que a nova política económica ha de basearse na sustentabilidade como principio esencial. Pero o orzamento de gasto en actuacións ambientais para o exercicio 2014 resulta ser un 13,35% menor que no exercicio 2013.
- O orzamento non atende cuestións fundamentais, nas que se poden sinalar: a loita contra o Cambio Climático, cun Plan paralizado; o Plan de Residuos 2010-2020, que prima a incineración e o vertedoiro, en contra da xerarquía establecida pola UE; o desenvolvemento da Lei da paisaxe, aprobada na lexislatura 2005-2009; o desenvolvemento do Plan Director de REDE NATURA

Grupo Parlamentario

2000; á avaliación ambiental de todo tipo de plans e proxectos sectoriais ou territoriais dos diferentes organismos; á educación, información e divulgación ambiental; o I+D+i; as axudas para a protección dos animais domésticos; a atención de servizos tan necesarios para o conxunto da poboación como Meteogalicia;etc...

- Con respecto aos orzamentos de Augas de Galicia, dende o ano 2009 ata hoxe, esta entidade veu reducindo os seus orzamentos de forma drástica. Este feito choca con que os seus ingresos, que estaban estimados en 45,08 millóns de euros en 2013, para 2014, serán de 90,49 millóns. É dicir, duplícanse uns ingresos, que, na súa grande parte, procederán dos tributos impostos polo Goberno ca súa lexislación de Augas, cando se minusvalorou polo propio Goberno a súa repercusión. Polo contra, redúcese a cantidade recibida pola entidade procedente da Comunidade Autónoma, en case 5 millóns de euros.
- Ese aumento de ingresos non será para aumentar os investimentos, senón que se dedicará a pagar 23,62 millóns de euros por débedas - suponse que bancarias-, a costa dos petos da cidadanía.
- Con estas cifras se fai imposible que se manteña o ritmo investidor na obra hidráulica necesaria para obter o recoñecemento de bo estado ecolóxico das augas en 2015, tal e como esixe a Directiva Marco da Auga do ano 2000.
- Tampouco merece a atención deste orzamento a posta en marcha dos Plans de enchentas e de secas, non dando así cumprimento á lexislación estatal nin da UE.

Grupo Parlamentario

- Na Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), se configura un orzamento leonino e insolidario, cuns datos financeiros que non reflicten axeitadamente a realidade, xa que, mentres que para 2013, estimábanse uns ingresos por prestación de servizos en 49 millóns de euros, para 2014, se orzamentan en mais de 65 millóns de euros. Un incremento abusivo que se vai obter polo incremento do canon de residuos aos concellos nun 34%, tal e como se dispón na normativa orzamentaria para o 2014. Estes datos resultan contraditorios ca obtención duns beneficios (tal e como indica a documentación orzamentaria remitida) de 10.316.451,07 euros, inexplicable para unha empresa pública autonómica.
- Nas contas de SOGAMA van incluídas partidas pola venda de enerxía eléctrica, pero que so se cifran nunha caída dun 5,98%, cando moi probablemente sexa moito máis elevada. Todo consecuencia dunha nova lexislación para o sector eléctrico aprobada polo Goberno central. Se segue a falar do incremento das toneladas a tratar (que cifra nun aumento do 2,17%), cando o certo é que ten diminuído notablemente o número de residuos producidos, derivado da crise económica.
- Mentres mantense en SOGAMA unha política salarial de persoal aberrante: o seu presidente segue a ter unha retribución excesiva para o caso dunha empresa de carácter público, sendo cales son as circunstancias económicas do país. Tamén no apartado de servizos exteriores -cun orzamento de máis de 88 millóns de euros- se reflicte un incremento con respecto ao orzamento do ano 2013, sen que estea suficientemente explicado nin concretado.
- Con respecto á política de vivenda, se constata a súa práctica desaparición, quedando reducida practicamente a 20 millóns de euros (o 0,2 % do total do orzamento), a 5,2 millóns para rehabilitación

Grupo Parlamentario

(0,06% do total do orzamento) e 14,8 millóns de euros para adquisición de solo, urbanización e construción de vivendas novas (o 0,1% do total destes orzamentos), polo que cabería preguntarse pola propia viabilidade e xustificación da existencia do IGVS.

- Nestes orzamentos se reflicte igualmente a practica desaparición da política de solo industrial, cunha dotación de unicamente 11,8 millóns de euros (0,1% do orzamento da Xunta), dos cales 11,2 millóns de euros se dirixen para investimentos en Verín, sen concretar.
- Se recolle unha transferencia extraordinaria de 32 millóns de euros para as catro sociedades públicas provinciais das Xestures, pero non se aclara cal é a súa situación financeira real, descoñecendo incluso se con estas dotacións serán suficientes para sanealas, a pesares das reiteradas peticións de información realizadas polo Grupo Socialista, sen contestar a día de hoxe.
- Por outra banda, se está a incumprir o compromiso reiterado neste Parlamento de fusionar as catro Xestures provinciais nunha única empresa de ámbito galego, polo que descoñecese cal é o obxecto de manter ditas sociedades, cando a súa actividade é inferior á que tiña calquera delas por separado hai cinco anos.
- En relación á Sociedade Pública de Investimentos, nos seus orzamentos non están claramente definidos os mandatos para o vindeiro ano, nin se precisan as fontes de financiamento nin os seus efectos sobre a débeda pública, volvendo dita empresa pública a utilizar vellas costumes de incorporar obras de mantemento, cuestión que deberían ser asumidas polo orzamento das consellarías. O orzamento da SPI parece pois o caixón onde todo cabe, dende actuacións de conservación e mantemento ata obras novas, sen criterio de asignación e priorización, sen especificar as fórmulas de



Grupo Parlamentario

financiamento, debuxando partidas xenéricas que impiden coñecer os seus compromisos efectivos.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2013

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P Socialista

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 07/11/2013 15:25:59

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, atendendo ás seguintes razóns:

A fonda crise que está a padecer o noso país precisa de cambios estruturais que melloren entre outros aspectos a nosa dependencia enerxética. Sen embargo, os orzamentos previstos non teñen en conta esta situación, insistindo na creación de infraestruturas destinadas case exclusivamente para a utilización do transporte privado, moitas delas prexudiciais e innecesarias como pode ser o desdoblamento da vía rápida do Morrazo.

A política de protección do medio natural, tanto activa coma pasiva está case ausente dos orzamentos. Non existen partidas axeitadas para a declaración de novos parques naturais nin partidas para mellorar a calidade de vida das persoas que viven no entorno dos xa existentes.

A depuración das augas residuais continúa a ser unha eiva pendente tanto nos ríos como na consta. Ademais, non existen políticas de prevención da contaminación acuática, planificación hídrica axeitada e as partidas destinadas a recuperación dos ríos e da súa flora e fauna é anecdótica nos orzamentos da Xunta.

A xestión de RSU é cada vez mais cara e ineficiente, supoñendo un sobrecoste excesivo para concellos e familias neste difícil momento. Ademais é modelo moi contaminante, que xera poucos postos de traballo en comparación con outros sistemas e que máis contribúe ó cambio climático. Fronte a isto o goberno debera de investir na descentralización do sistema de xestión, baseado na compostaxe e a eliminación progresiva da incineración. Sen embargo o goberno galego non destina nin un euro para cambiar o modelo de xestión de RSU en Galiza.

Por todo o exposto, as políticas que pretenden desenvolver estes orzamentos son contrarios á lóxica ambiental, económica e científica.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:27:08

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo 81 “Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)”**, Sección 07, dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

A política de vivenda deste goberno pasa por dous eixos: especulación e desafiuzamentos. En congruencia con estes obxectivos a dotación orzamentaria do IGVS redúcese ao ínfimo e, iso si, apóstase por construír polígonos empresariais e industriais para un país devastado pola crise e cun goberno sen políticas públicas de fomento da industria, deixada á man invisible do mercado.

Se no ano 2009, os programas de fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda e de acceso a este ben social importaron 112 millóns de euros, agora apenas suman 32 millóns de euros. Só na promoción de solo se consignan moitos máis cartos públicos, máis de 44 millóns.

Así o programa 541 A, cae dos case 14 millóns a algo máis de 5. E o programa 451 B de 23,5 millóns a menos de 15. Declaración de intencións que nega toda función social á vivenda, que nega o desenvolvemento dun verdadeiro programa de asistencias as familias en proceso de desafiuzamento e que aposta por especular coa vivenda libre (da que o país échese segundo o último censo oficial do INE, case 300.000 vivendas que suman o 18,6% do total do parque de vivendas galego) e os polígonos.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.



Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:23:09



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e aos organismos dependentes da mesma, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de Lei de Orzamentos persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, dictadas polo Estado Español e a Unión Europea, mália que todas os datos indican que só están a server para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a coesión social, por mor da contínua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

Neste senso, o orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os seus organismos dependentes consolidan, ao igual que o conxunto do proxecto de orzamentos para 2014, unha liña de actuación baseada no recorte do investimento produtivo e abandono das políticas sociais. Constitúen polo tanto a continuidade nunha política errática que está conducindo a Galiza a súa ruína.

No relativo ás previsións e consignacións do proxecto de orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os seus organismos dependentes observamos:

- Ausencia dunha política destinada a afrontar o grave problema de acceso á vivenda. Así, continúaase na liña de recortes dos programas de acceso á vivenda, que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ficar en mínimos históricos, situando estas políticas claramente na marxinalidade. Os Orzamentos destinados ás políticas de vivenda sitúanse en 32,5 millóns de euros, supoñendo esta cantidade unha redución do 34,84%. Porén se temos en conta o acumulado desde o ano 2009, as políticas de vivenda sufriron un recorte do 84,6%. Tampouco atenden o problema dos desafuzamentos, carecendo de partidas e programas específicos neste ámbito.

- No terreo da rehabilitación, tamén se produce un retroceso do apoio público a estas medidas (prevéndose só 5,3 millóns de euros), a pesar de constituíren un elemento importante para a reactivación da economía local e conservación dos espazos urbanos e rurais.

- No terreo da mobilidade, observamos que se conxelan os investimentos previstos, sen existir dotación orzamentaria para expandir e mellorar os servizos públicos de transporte. No ámbito do ferrocarril persiste o abandono da Xunta de Galiza dos camiños de ferro, sen existir ningún tipo de dotación para crear unha Compañía Ferroviaria Galega, nin impulsar servizos de proximidade.

- No relativo ás políticas medioambientais estes orzamentos, continúan aplicando recortes sistemáticos e cuantiosos que debilitarán a protección do noso medio ambiente e a súa preservación e conservación. Tampouco existe unha vontade de avanzar cara unha xestión sustentábel dos residuos, teimando en darlle continuidade ao modelo de Sogama, cun incremento notábel do prezo do tratamento do lixo, que acabará repercutindo nas tarifas que pagan os galegos e galegas.

- No ámbito da xestión da auga e as políticas de depuración e saneamento observamos que decae o investimento público. Non se garante a depuración e saneamento das nosas rías, tampouco unha aplicación efectiva dunha nova xestión da auga.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da sección 07.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:02:36

Á Mesa da Comisión 3ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, relativa á **Sección 08 – Consellería de Economía e Industria, así como do Organismo Autónomo, Axencias, e Sociedades Públicas Mercantís dependentes da mesma**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

- O seu orzamento para o exercicio 2014 se minora nun 22 %, pasando, en termos consolidado, de 255 millóns de euros a 199 millóns de euros, unha fortísima minoración, especialmente grave nun momento de crise económica como o actual, que ademais se concentra especialmente no IGAPE, onde se produce unha rebaixa do 30%. Estes recortes para 2014 súmanse aos que se teñen producido nos últimos catro anos, contraditorios coa evolución económica, dando como resultado polo tanto, uns orzamentos totalmente inadecuados e insuficientes para abordar os obxectivos expresados na correspondente Memoria destes orzamentos.
- No programa de Apoio á modernización se perden 51 millóns de euros, un 38 %, producíndose unha redución orzamentaria na propia consellería (un 20 %), no Instituto Galego de Consumo (un 4,3%), no Instituto Enerxético de Galicia (un 8,3%), e unicamente a Axencia Galega de Innovación medra un 12,4%, crecemento que en absoluto compensa as fortes reducións que o I+D+i veñen sufrindo sucesivamente os orzamentos dende o ano 2010.
- O carácter regresivo destes orzamentos ilústrase igualmente coa redución dos gastos de capital nun 24 %, porcentaxe que máis que duplica o retroceso de gasto corrente (un 11 % de caída). Unha

estratexia incompresible en termos económicos no contexto actual.

- Se descendemos ao análise dos diversos programas, atopamos de novo reducións orzamentarias, e mesmo desaparicións difíciles de entender. Sen dúbida a mais espectacular, a redución de máis de 58 millóns de euros (un 39% menos) entre 2013 e 2014 no programa *“Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial”*, incompresible a todas luces no contexto actual.
- En termos sectoriais, os orzamentos son incapaces de dar resposta as necesidades dos sectores industriais da Comunidade Autónoma. Dende a industria naval, totalmente paralizada a pesar da propaganda oficial, a automoción, a enerxía, a lousa, a industria téxtil, etc.
- No programa *de “Eficiencia enerxética e enerxías renovables”* se produce unha redución dun 19 % menos, inaceptable nun momento en que a política enerxética ten introducido nos axentes económicos uns elevadísimos niveis de incerteza, que fai máis necesario que nunca o apoio público.
- No caso da enerxía, outro ano máis, o sector eólico galego continuará paralizado con este orzamento. A Xunta asume dunha maneira vergoñenta a suspensión do desenvolvemento previsto, como imposición do Goberno central e abandona os obxectivos derivados da Lei 8/2009, reguladora do aproveitamento eólico. Nin novos parques, nin plans industriais asociados, nin creación de emprego.
- O orzamento, segundo as directrices das grandes empresas eléctricas, non presta ningunha atención a outras fontes renovables. Así, nin hai previsións de crédito para o impulso da biomasa, cando tódalas plantas proxectadas en Galicia están paralizadas, nin para o desenvolvemento da enerxía miniéolica, que favorecería ás pequenas

explotacións industriais ou agrogandeiras e a moitos fogares.

- No programa “*Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia*”, a caída é de algo mais de 3 millóns de euros (un 16 %), tamén un momento en que a caída da demanda interna, froito de varios elementos, a seca de crédito, o elevado e prolongado desemprego, así como os procesos de devaluación interna con fortes caídas salariais, teñen situado ao sector comercial, especialmente ao pequeno comercio nunha vía sen saída.
- Ante a dramática situación que vive o comercio, as liñas de actuación previstas son insuficientes para a mellora da competitividade e dinamización do comercio, especialmente do comercio minorista e de proximidade, que xoga un papel moi relevante na articulación dos espazos urbanos en cidades e vilas. Non se contemplan créditos para adecuar a estrutura comercial ás características territoriais, sociais, culturais e económicas do territorio.
- Tamén a pesares da propaganda oficial seguen aparecendo nos orzamentos trece organismos na consellería, con funcións que se superpoñen en varios casos e con escasos e dubidosos mecanismos de control. Os orzamentos apenas ofrecen información sobre a actuación da maior parte deles. De feito, existe unha preocupante falta de transparencia na xestión da consellería e das súas entidades.
- No orzamento detéctanse entes que incumpren as normas de restrición dos gastos de persoal, producíndose incremento do capítulo I en varios deles, o que permite supoñer réximes diferentes dos que se aplican na estrutura administrativa da consellería. Ademais, nesa estrutura paralela e opaca, existe un elevado número de directivos, con salarios de director ou subdirector xeral, en relación co número de empregados, sen que exista xustificación organizativa nin de eficiencia xestora; o exemplo paradigmático

desta situación é o do IGAPE.

- Os orzamentos do Instituto Galego de Consumo, que se reducen nun 4,3%, non cumpren coas necesidades para a necesaria defensa dos consumidores e usuarios. Non contemplan partidas suficientes para orientar, formar e informar; nin potencian o desenvolvemento das organizacións representativas en este ámbito; nin está previsto que elaboren información suficiente para facilitarlles a elección dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades, nun momento en que por mor da crise a renda dispoñible das familias se reduce de maneira continua.
- Os orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica, mostran a rendición do Goberno galego á hora de utilizar ferramentas contracíclicas fronte a crise. Atopámonos cunha redución do 38,3%, mais de 51 millóns de euros. Redución que se suma as dos orzamentos anteriores, dende o 2009, en que o seu orzamento era de algo mais de 300 millóns de euros, para o ano 2014, contempla 82,5 millóns, menos da terceira parte.
- No caso do IGAPE, a fortísima redución prodúcese especialmente no capítulo VIII (activos financeiros), cunha caída de mais do 78%, que afecta sobre todo ao ámbito do capital risco o os avais, xa que o ter rematado a liña de crédito do BEI, sorprendentemente esta non ten sido renegociada. Unha eiva estratéxica nun momento en que a billa do crédito atópase practicamente pechada sobre todo para as pequenas e medianas empresas, a maioría do tecido empresarial de Galicia.
- Neste orzamento, o IGAPE para a xestionar a totalidade do programa de “Apoio a modernización, internacionalización e mellora da

competitividade, innovación e produtividade”, pero a pesar da publicidade e propaganda do goberno, nos atopamos coa caída do 38,3%; redución que se ven acumulando a outras que se teñen producido dende o orzamento de 2009, que se traduce en 225 millóns de euros retirados da actividade de promoción económica para os últimos cinco exercicios.

- Se reflicte unha estratexia económica profundamente errada, pois a vez que se producen estes recortes, a actividade económica de Galicia atópase literalmente paralizada, despois de mais de dous anos de caída, cunha perda constante de emprego, e a cifra de desempregados acada un récord histórico, que é especialmente relevante no caso da industria, hoxe Galicia, ten o mesmo nivel de emprego industrial que fai dezaseis anos, cos principais sectores industriais de Galicia en retroceso, enerxía, industria naval, etc.
- Os orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia, redúcense nun 8 %. Unha redución que nos rexeitamos porque entendemos que a aposta pola eficiencia enerxética é irrenunciabile. Por dúas razóns, por un lado, a imprescindible aposta pola sostibilidade do sistema de xeración e consumo enerxético, e por outra, para tentar compensar en Galicia, a equivocada e inexplicable aposta polas enerxías tradicionais fronte as renovables.
- O orzamento da Axencia Galega de Innovación medra neste ano un 12,4%, pero este incremento non pode ocultar o feito de que dende 2009 a Xunta ten reducido nun terzo, os fondos dedicados a I+D+i. Nunha estratexia errada de situar os fondos en diferentes consellerías, o Goberno galego creou a Axencia Galega de Innovación no ano 2012. Estas reducións acumuladas nos orzamentos teñen producido que o gasto de I+D+i medido como porcentaxe do PIB, diminúa ano a ano.

Grupo Parlamentario

- Estas cifras orzamentarias, a pesar do aumento de este ano, despois de catro anos de fortes recortes, non van a permitir o desenvolvemento dos obxectivos enunciados na Memoria dos orzamentos, que a innovación sexa o principal mecanismo de competitividade das empresas galegas. Lamentablemente as políticas que están a desenvolver os gobernos de Galicia e España están conducindo a un proceso de devaluación interna que está levando a unha forte caída dos salarios.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2013

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P Socialista

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 07/11/2013 15:26:06

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, de **devolución**, da **sección 08, Consellería de Economía e Industria**, do **Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, atendendo ás seguintes razóns:

Os orzamentos da Consellería de Economía e Industria para 2014 son pura propaganda que só busca beneficiar ás grandes fortunas, cadeas comerciais, aos lobbies da enerxía e a venda do noso territorio e as nosas materias primas a multinacionais foráneas. Mentres, as fórmulas de economía social non van máis aló dunha mera mención sobre o seu interese.

En canto ao desemprego feminino, o Goberno volve facer que fai, vender fume. Como novidade a Xunta introduce a transversalidade de xénero en todo o Orzamento 2014, pero non hai nin unha soa iniciativa de xénero en todo o programa da Consellería de Industria, inda que si algunhas afirmacións un tanto sexistas. Non se menciona ningunha actividade prevista. Ningún programa atende a participación da muller no medio rural. Non se deseñan iniciativas de incorporación de mulleres a sectores nos que está subrepresentada.

En canto ao Comercio interior, cando aposta pola “Mellora da competitividade e dinamización do comercio, especialmente o comercio retallista e de proximidade”, a Xunta inclúe os Centros Comerciais. Esta inclusión pon en evidencia a inadecuación da estrutura comercial pretendida pola Xunta, ás características territoriais, sociais, culturais e económicas de Galicia, ao tempo que explica para que intereses aprobou o goberno galego a Lei 1/2013, de 13 de febreiro, pola que se modifica a Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

Os Orzamentos 2014 renuncian a converter o sector Artesán nun sector máis competitivo, dinámico e xerador de emprego de calidade.

Entre as “liñas de acción” da Dirección Xeral de Enerxía e Minas está “Fomentar a distribución de gas natural” e a mellora do alumeado nos concellos e polígonos industriais, empresas, cunha dotación que supón máis do 80% do orzamento do INEGA. En relación ás enerxías renovables, os orzamentos destinan ao Plan Sectorial Eólico de Galicia menos do 0,20% do orzamento. Parece pois, que a maior parte do orzamento 2014 vai destinado a cubrir os intereses de Gas Natural Unión Fenosa.

A Xunta pretende “Continuar co apoio ás empresas mineiras e ás súas institucións de representación. Fundamental nos orzamentos 2014 continuar co apoio á Cámara Oficial Mineira de Galicia, tanto financeiro para os seus gastos correntes como para o mantemento do Rexistro Catastral Mineiro. En resumo, a Cámara Oficial Mineira diseña e dirixe a política mineira galega.

Polo demais, non hai proxecto para a industria, non hai iniciativas para o naval, non se fala da automoción, nin da conserva, nin do téxtil. Non se manifestan obxectivos na busca de novos nichos de emprego relacionados co coidado do medioambiente, a artesanía, a cultura, as enerxías renovables, NADA. Só publicidade. Os 5 millóns de euros para o “dique flotante” de Ferrol, proceden do orzamento 2013, no que a Xunta non tomou ningunha iniciativa respecto deste proxecto fundamental para a economía da comarca de Ferrolterra. A falla de concreción nos orzamentos respecto a este proxecto e non ter elevada a cantidade noutros 5 millóns de euros no 2014, fai evidente que o goberno galego non conta entre os seus obxectivos industriais o dique flotante de Ferrol, nin o sector naval galego no seu conxunto.

Destaca a forte redución, preto do 40% no orzamento do IGAPE. O Instituto distribúe este escaso orzamento intentando dar resposta á Lei do Emprendemento, inda en Proxecto de Lei en trámite na Cámara. Polo tanto, pretende diseñar “Medidas dirixidas a promover a economía galega, favorecer o emprendemento e o crecemento empresarial”, o “Impulso e consolidación da actividade económica das empresas” e “Internacionalización das Pemes”, sen embargo límitase a enunciar xeneralidades, non diseña ningún plan sectorial,

o concepto de “cooperativa laboral” ou “economía social” non se reflicte nos orzamentos 2014.

A Xunta renuncia a ter un forte tecido industrial galego que complete o ciclo produtivo no noso país, potenciando sen embargo o investimento foráneo que busca solo barato, salarios de fame e unha Administración “comprensiva co deterioro do medioambiente”.

En canto ás actuacións en “Cooperación e política industrial”, límítanse a servir de escusa para o financiamento dos clusters cunha importante dotación económica.

Os Plans territoriais de Ferrol, Costa da Morte, Ourense e Lugo rebordan obxectivos xerais: “Fomentar iniciativas”, “impulsar actuacións emprendedoras”, “acadar un maior desenvolvemento dos territorios”. Pero nin unha soa liña de acción concreta, nin dotación económica que acompañe os obxectivos.

Para rematar, é sorprendente que mentres a Xunta manifesta nos orzamentos 2014 a súa preocupación por “Incorporar talento Innovador as empresas e captar talento internacional para a súa integración no Sistema Galego de I+D+i”, non recolle ningunha iniciativa ou declaración de intencións para evitar a emigración do talento nacional nin para impedir que os grupos de investigación esmorezan por falla de investimento.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:27:26

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, Sección 08, Consellaría de Economía e Industria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

A redución do orzamento (**75.000 €**) compromete o cumprimento do obxectivo estratéxico que ten asignada a Fundación, a da promoción e dinamización dos sectores produtivos galegos. Recórtase a subvención de explotación recibida do Estado, así como, aínda que en menor medida, a de capital.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:22:15

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Fundación Exposicións e Congresos da Estrada, Sección 08, Consellaría de Economía e Industria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, en atención ás seguintes razóns:

A causa da seca do financiamento público que é provocada pola agudización dos recortes nas achegas, que se manteñen neste exercicio orzamentario ao conter a mesma contía ca o ano 2013 (45.300 €) dificultan a tarefa que debe cumprir dita Fundación.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:22:01

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo A 1 “Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)”**, **Sección 08, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

O IGAPE acumula unha serie de recortes no seu orzamento que fan que non poida cumprir o seu cometido, de fomento da creación de emprego, de impulso da actividade económica, doutra actividade económica, a vencellada coa economía produtiva, o pequeno tecido empresarial, o respaldo ao terceiro sector e o pulo a un anovado sector público da economía, como ámbitos onde producir un cambio de modelo produtivo.

O IGAPE continúa refén das corrupcións ocorridas baixo o mandato de Núñez Feijóo e que non deixan de explicitar os riscos desa modalidade de portas xiratorias entre o mundo empresarial e as responsabilidades públicas, modalidade cuxa coñeción práctica supón malbaratar o público para amoedar cartos privados, legais ou mesmo ilegais.

Se no exercicio orzamentario aínda en curso o IGAPE dispuxo dun volumen de ingresos de case 134 millóns de euros, para 2014 a contía cae espectacularmente a 82,5 millóns. Todo un indicador de que papel quere xogar a Xunta na reactivación da economía, na saída da crise: o de espectadora morbosa do proceso de descomposición social que alimentan o paro, a pobreza e a corrupción.

Cunha mingua de case o 40% do orzamento, o Instituto non está en condicións de apoiar a modernización empresarial e desenvolver a internacionalización das pemes en condicións. En canto a fomentar o “bendito” espírito emprendedor, bálsamo de Fierabrás deste goberno do laissez faire, non podemos senón non concordar con semellante ideoloxema, que se nos ofrece

como remedio para sanar a destrución de emprego e de tecido produtivo desta crise. Cunha liña de investimento empresarial que fracasou no cometido de facer efectivo o denominado plan Ferrol. Ou en canto a competitividade, outro dos mantras ideolóxicos deste goberno da dereita, semella que a relación de empresas destruídas por unha política económica nefasta deixa en claro o seu fracaso, incluso xogando con eses parámetros que non compartimos.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:22:48

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Ente Público “Portos de Galicia, Sección 08, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

A política realizada dende o ente público Portos de Galicia, no camiño de non especializar os nosos portos, nin definir unha política coordinada de todos eles, pon en risco os sectores produtivos dependentes do mar, risco e falla de prioridade política que se evidencia na teima de introducir labores e actividades alleas a actividade portuaria e pesqueira .

Esta falla de criterio así como a aposta inversora na náutica recreativa, en moitos casos colisionando co uso público do litoral e dos portos como elementos fundamentais da nosa flota pesqueira e marisqueira, evidencia un rumbo errado na nosa política portuaria.

Son moitos os portos galegos, onde é necesaria unha inversión decidida e firme, en infraestruturas que axuden os nosos sectores produtivos e faciliten e melloren a calidade de vida das xentes do mar, inversións esquecidas durante moito tempo, e que camiñan na convivencia de actividades impropias dos espazos portuarios.

A destrución continua de emprego, vencellado ós portos galegos, pon en evidencia o errado camiño emprendido pola administración galega, necesitada dunha liña estratéxica clara e definida, non suxeita a criterios clientelares ou cautivos.

Estas e outras consideracións fan necesaria a devolución do orzamento deste ente, para acadar un orzamento consensuado coa xente do mar, que minorice as carencias que neste sentido ten o ente público.



Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:29:22

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 80, INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO, Sección 08, Consellaría de Economía e Industria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes seguintes razóns:

O goberno da Xunta teima en fusionar nun só organismo dúas institucións que teñen cometidos diferentes mediante ese exercicio de propaganda e privatización que constitúe o proxecto de lei de racionalización do sector público galego.

A redución do orzamento continúa neste 2014 con respecto ao 2013, e se ollamos ao 2012 vemos que a retallada aplicada daquela, onde o Instituto perdía uns 700. 000 euros, semella non bastar ao goberno galego que volta neste proxecto de lei a reducir noutro cuarto de millóns de euros a asignación. Todo un exemplo de como se artella a efectiva realización dunha competencia exclusiva.

Redución orzamentaria que vai ferir as liñas de actuación enunciadas na memoria:

- O desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

- A Potenciación da mediación entre persoas consumidoras e empresarios e profesionais e o arbitraje de consumo.

- Potenciación do Laboratorio de Consumo de Galicia.

- Reforzamento da actividade da Escola Galega de Consumo.

- Actuación en materia de control e vixiancia do mercado, laboura esta última proscrita polo evanxeo neoliberal que pregoa o goberno galego.

Mención aparte merece tamén a desaparición dos convenios coas universidades galegas no eido do dereito de consumo e arbitraxe, que se atopaba no capítulo II, do programa 613 B.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:23:47



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 08, Consellería de Economía e Industria e de todos os seus organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de Lei de Orzamentos persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, dictadas polo Estado Español e a Unión Europea, mália que todas os datos indican que só están a server para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a coesión social, por mor da contínua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

Neste senso, e polo que se refire á Sección 08:

1. A presente proposta de orzamentos por parte da Consellería de Economía e Industria implica unha rebaixa significativa respecto ao ano anterior do 22,1%. Na actual situación de perda de tecido produtivo, desmantelamento do tecido industrial e incremento dramático do paro en Galiza esta consellería debería ser o motor económico para o crecemento, pola contra reduce o orzamento e o fai de xeito notábel nas partidas adicadas a dinamización económica dependentes do IGAPE.

2. O IGAPE reduce o seu orzamento consolidado un 38%, logo dos fortes recortes sufridos en exercicios anteriores. Isto significa que o Instituto Galego de Promoción Económica, instrumento necesario para dinamizar a economía galega, ten



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perdido en cinco anos máis de 200 millóns de euros no seu orzamento. Tal minoración nun momento de forte constrición do crédito por parte da banca privada e coa venda de NovaGalicia Banco en cernes, pode significar unha maior asfixia da economía galega.

4. A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas perde un 33% do seu orzamento inicial respecto a 2013. Este decrecemento nun centro directivo clave para os sectores industrias do país é unha mostra da nula política industrial que o Goberno galego planifica para o 2014.

5. O comercio galego atópase nunha situación límite. Máis de 37 meses de caída nas vendas, 17.000 locais pechados nos últimos catro anos e cerca de 43.000 empregos perdidos. Ante esta situación, a proposta da Consellería é minorar os orzamentos da Dirección Xeral de Comercio nun 16,3% (-3,1 M€). Desde o 2009 os orzamentos adicados ao comercio galego descenderon nun 55,9%.

6. Con estes orzamentos non se albisca unha estratexia de política económica xeral que permita virar o rumbo cara o crecemento. Moi ao contrario, o papel da Consellería de Economía e Industria no deseño e impulso dos sectores estratéxicos do país fica esvaído ou é inexistente.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da sección 08.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:02:43

Á Mesa da Comisión 3ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda a totalidade** ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2014, relativa á **Sección 09 - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, así como á **Axencia Galega de Industrias Culturais e a Fundación Cidade da Cultura dependentes da mesma, con expresa petición de devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

- Un ano máis o orzamento educativo se rebaixa, neste caso nuns 20 millón de euros en relación ao exercicio anterior; cuestión que vén a demostrar que a educación, e nomeadamente a educación pública, non é unha prioridade para o Goberno de Galicia.
- Lamentablemente estes orzamentos volven a ir na dirección contraria a desexada, xa que, cando cambiar o actual modelo económico pasaría por un novo orientado á sociedade do coñecemento, que só é posible reforzando o investimento en capital humano e apostando por un sistema educativo público e de calidade, os orzamentos dedicados a educación persisten na súa minoración (como ano tras ano dende que o Sr Feijoo é presidente da Xunta de Galicia); uns recortes que alcanzan xa unha baixada de 400 millóns de euros.
- As partida dedicadas á Educación Infantil e Primaria, volven a descender; e sucede o mesmo coas dedicadas á Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional.
- Non podemos compartir baixo ningún concepto que o sistema educativo teña que atender máis alumnos con menos profesores, nin que se volva a reducir a partida dedicada á formación do

Grupo Parlamentario

profesorado.

- Non podemos referendar uns orzamentos que volverán a permitir que haxa alumnos e alumnas que non teñan medios para mercar todos os seus libros de texto e o resto do material escolar que necesitan.
- Tampouco podemos referendar uns orzamentos que permitirán que haxa nenos e nenas con “ tupper “ nos nosas escolas e institutos, e comendo en espazos separados e probablemente sen unha vixilancia garantida.
- Non podemos referendar uns orzamentos que, un ano máis, impedirán atender as necesidades básicas de obras de RAM, cando estamos vendo nos último meses como en colexios e institutos hai necesidades de obras imprescindibles que non están sendo atendidas.
- Non podemos referendar uns orzamentos que non teñen previsto abordar con decisión a emigración da nosa xuventude ben formada a países estranxeiros.
- Non podemos referendar tampouco unhas contas que non corraxirán os danos causados nos últimos anos aos profesionais da educación, converténdoo en páganos dunha crise que non xeraron e que está a producir nese colectivo unha perigosa desmotivación.
- Non podemos tampouco referendar uns orzamentos que non garantirán a reposición de material didáctico nos nosos colexios e institutos, nin teñen previsto corraxir as desigualdade no acceso a internet dos centros educativos situados no medio rural.
- Non podemos referendar uns orzamentos que consideran que o futuro da Formación Profesional debe pasar por recuperar os aprendices dos anos 60 do século pasado, coa “pócima máxica “

Grupo Parlamentario

dunha FP dual, obviando e mesmo ninguneando, o inmenso traballo desenvolvido por moitos profesionais da educación ao longo dos últimos 25 anos para prestixiala e poñela en valor.

- Non podemos referendar uns orzamentos que deixan un ano máis abandonados á súa sorte aos poucos centros galegos que teñen implantado un sistema de calidade (ao marxe dos integrados).
- Non podemos referendar uns orzamentos que pretenden loitar contra o fracaso escolar tendo máis alumnado nas aulas, contando con menos profesores e máis desmotivados e dedicando partidas menores aos programas para combatelo.
- Non podemos referendar uns orzamentos nos que as cifras dedicadas á cultura galega van precedidas polo símbolo da minoración: minoración para a conservación do patrimonio, para a edición, para a música e para actividades culturais.
- Non podemos dar o visto bo a uns orzamentos que dende a chegada do Sr Feijoo á Presidencia da Xunta en 2009, levan permitido que a cultura e a lingua do noso país (fonte principal da nosa identidade e que supón case que un 2% do PIB de Galicia) teñan recibido 350 millóns de euros menos, cun gasto destinada á defensa, ao fomento e á normalización da lingua galega humillante e verdadeiramente ridículo (sobre o 0,06 % do total orzamentario; uns 5,4 millóns de euros) e onde o maltrato orzamentario á lingua é evidente.
- Por outra banda, aínda que experimenta unha lixeira baixada, a Fundación Cidade da Cultura segue sen reflectir o feito de se ter acordado a paralización das obras; e así concentra un gasto anual que representa un 16 % do total do gasto dedicado a cultura, provocando un severo axuste orzamentario nas partidas que, ben directamente ou ben a través da AGADIC, deberan servir para

Grupo Parlamentario

dinamizar e apoiar un sector económico que supón preto do 2 % do PIB de Galicia.

- Non podemos referendar uns orzamentos que condenan de novo ás universidades galegas á asfixia económica por non atender as demandas da comunidade universitaria, ao conxelar os orzamentos do Sistema Universitario de Galicia a pesares de saber que non chegan eses recursos para realizar as tarefas de docencia, investigación e transferencia que ten encomendadas.
- Non podemos referendar uns orzamentos que seguen a castigar á nosa universidade coa perda nas súas dotacións dun 15% dende 2009 (a pesares das continuas promesas incumpridas do Goberno galego), e que teñen suposto unha minoración duns 10 millóns de euros dende 2011.
- Non podemos referendar unhas contas que suporán a minoración de persoal nas tres universidades galegas, pola rebaixa de preto dun millón de euros na masa salarial permitida pola Xunta para as mesmas.
- Non podemos referendar uns orzamentos que volverán a castigar ao persoal das universidades cunha inxusta e ilóxica rebaixa de salarios, que mesmo está a provocar problemas graves de legalidade, xa que o profesorado que máis perde é precisamente o que ten máis recoñecemento por excelencia docente e investigadora.
- Non podemos referendar uns orzamentos que, en contra do afirmado polo propio conselleiro, conxelan a cantidade destinada a bolsas universitarias (en vez de aumentalas como sería necesario neste momento de forte crise económica), coa idea cada vez menos disimulada - e en clara colaboración co Goberno do Sr. Rajoy e do ministro Wert - de impedir o acceso á universidade ao alumnado

Grupo Parlamentario

procedente de familias humildes e traballadoras, facendo unha universidade exclusivamente para as elites deste país.

- Finalmente, non podemos acreditar uns orzamentos elaborados por unha consellería e un conselleiro que son “cómplices activos” da implantación dunha nova lei educativa (LOMCE), que suporá unha clara volta ao pasado e que se fará en contra da vontade maioritaria da Comunidade Educativa Galega (alumnado, familias, profesorado, sindicatos do ensino e a totalidade de formacións políticas excepto o Partido Popular).
- Como conclusión, entendemos que queda amosado de forma rotunda a imposibilidade de acreditar os orzamentos de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cando o que se pretende é construír un sistema educativo público, equitativo, universal e de calidade.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2013

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P Socialista

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 07/11/2013 15:26:30

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, atendendo ás seguintes razóns:

A integración de Cultura na Consellería de Educación non significou un incremento da partida orzamentaria destinada a esta sección 09. Todo o contrario: dáse un recorte significativo en todos os conceptos que compromete a calidade da educación e da cultura en tanto que servizos públicos e que, desde logo, afectan gravemente ás tarefas que o Estatuto de Autonomía de Galicia lle encomenda á educación e á cultura.

No que atinxe a cultura a rebaixa neste 2014 mantense nos **18 M€**, pasando de preto de **80 M€** (ano 2012) a pouco máis de **61 M€** (ano 2013) e por debaixo dos **61 M€** neste exercicio orzamentario. Un recorte en termos absolutos de máis de **420.000 €**, mais que é moito máis acusado en termos cualitativos, xa que se produce un recorte en tres eidos fundamentais (apoio á promoción do libro en galego e á lectura; no afortalamiento dos museos galegos; a preservación do patrimonio cultural) que non é quen de compensar o incremento coñecido na AGADIC. Consideramos que o dereito da cidadanía a acceder á cultura vese seriamente comprometido.

Por iso, tendo en conta o amplo recorte practicado non é de recibo que o 15% do orzamento dedicado a cultura sexa destinado á Fundación Cidade da Cultura, de dubidosa rendibilidade social.

No referido a **Educación**, estes orzamentos afondan no desmantelamento da educación pública que ve mermada a súa partida en preto de **20 M€** con respecto ao ano 2013, o que incide na perda de calidade do noso sistema público de educación. Cun gasto de máis 236 M€ no ensino privado-concertado e cunha diminución do gasto en programas tan importantes como o de prevención do fracaso e o abandono escolar, formación do profesorado, normalización lingüística etc, se condena a educación pública a un papel cada vez máis subsidiario e a prestar un servizo máis deteriorado.

Estes orzamentos implican menos mestres e máis peches de unidades de escolarización no rural, así como un empeoramento da calidade do ensino na maior parte dos centros de Galicia.

No **ámbito universitario**, despois dos sucesivos recortes en investigación, deixa sen futuro a Galicia ao esfarelar unha das ferramentas esenciais para a cohesión da sociedade galega. Ademais, incúmprese o plan de financiamento 2011-2015, o que supón camiñar na senda contraria a dos países mellor situados perante a crisis, diminuindo o investimento en I+D+I e en formación e lastrando o futuro de Galicia e o de toda unha xeneración de Galegos.

Estes orzamentos representan tamén unha agresión sen precedentes á Lingua Galega e un enorme paso atrás en materia de **Política Lingüística**, cunha diminución do 17,4% en campañas de Normalización Lingüística e cun 21,1% menos en actividades de formación que afectan ao profesorado CELGA.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:27:55

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Fundación Pública Cidade da Cultura, Sección 09, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, atendendo ás seguintes razóns:

Entre os criterios definitorios da Cidade da Cultura está o de ser un proxecto “*economicamente sostible e socialmente rendible*”. Pois ben, estes criterios non se cumpren no tocante á Fundación Cidade da Cultura en canto aos orzamentos que se nos presentan para o ano 2014.

O orzamento destinado á *Fundación Cidade da Cultura* para o 2014 chama poderosamente a atención porque segue representando o 15%, e iso nun contexto orzamentario de recorte xeral que padecen todos os aspectos referidos á cultura, que pasa de cáseque **80 M€** (no 2012), tendo unha estrutura orgánica propia, a pouco máis de **61 M€** (2013), isto é un recorte de máis de **18 M€** coa fusión de consellerías que non se recupera neste 2014 con respecto ao 2013. Todo o contrario recortáronse máis de 400.000 € en termos brutos, pero que en termos relativos e cualitativos son un recorte acusado en tres eidos culturais (edición do libro en galego e promoción da lectura; museos e patrimonio cultural).

Por moito que a memoria destes orzamentos e a propaganda institucional inoculada mediante convenios *ad hoc* na prensa tenten convencernos das excelencias da CdC como “espazo natural de desenvolvemento, proxección e fomento da innovación do sistema cultural galego”, o certo é que o espazo natural son as vilas, as rúas, os museos, as salas de teatro, que fan que a cultura se espalle e viva en toda Galicia.

Por todo o exposto con anterioridade rexeitamos os orzamentos da **Fundación Cidade da Cultura** (Sección 09) do proxecto de Orzamentos para o 2014 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución para seren reformulados en termos e condicións socialmente admisíbeis.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:21:48

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á “Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)”**, **Sección 09, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) naceu coas funcións, entroutras, de consolidar as estruturas que os propios axentes sociais e entidades xeran, co desenvolvemento de accións que afirmen o traballo dos creadores e o establecemento de canles de cooperación. A súa importancia en canto ao potenciamento das artes escénicas, do audiovisual galego é máxima.

Certo é que os orzamentos contemplados para AGADIC para o 2014 (**10.125.602 €**) coñecen un incremento sobre os do 2013 en termos brutos de **879.000 €**. Non obstante, este incremento, na súa metade (**453.181 €**) vaise en gastos de persoal e non a investimentos produtivos.

Ademais, este incremento non compensa o enorme recorte que coñeceu a AGADIC con respecto aos do 2012, onde se contaba con **15.144.786 €**, isto é, hoxe, a pesar do incremento existe un recorte de máis de **5 M€**.

Todo isto contribúe a un clima que mantén os recortes que empeoran as deficitarias condicións do sector cultural galego e que teñen mal encaixe coa efectividade das funcións que se lle encomendan a AGADIC.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:18:44



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de Lei de Orzamentos persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, ditadas polo Estado Español e a Unión Europea, malia que todas os datos indican que só están a servir para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a cohesión social, por mor da continua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

Neste senso, e polo que se refire á Sección 09:

1.- Para mellorar a calidade educativa é necesario que o investimento público garanta o acceso á mesma, en igualdade de condicións para todo o alumnado. Esta premisa é aínda máis importante en época de crise, cando se ven acentuadas as diferencias entre familias para poder garantir un acceso igualitario á educación. Sen embargo, os orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sofren unha nova baixada neste exercicio do 1 %. Unha máis que sumar ás continuas retalladas dende o ano 2009.

2.- Os orzamentos en investimentos non garantir nin a conservación nin a mellora dos centros educativos e dos equipamentos culturais, moitos deles construídos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

hai máis de 30 anos, e que precisarían de melloras e reparacións urxentes; melloras que non se poden abordar polo recorte no investimento, tanto en Educación infantil, primaria e ESO coma en Secundaria e formación profesional. Recortes que sumados aos habidos dende o 2009 superan o 15 %.

3.- A redución é moi significativa en partidas que teñen como destinatario directo ao alumnado. Así as bolsas para aprendizaxe de idiomas vense recortadas, un ano máis, nesta ocasión case un 50%, que haberá que sumar ao 66% recortado nos orzamentos do 2013; as bolsas para realizar prácticas en empresas de formación profesional reducíronse nun 34,5% no 2013 e vanse recortar un 16,6% máis para o 2014; as axudas para libros de textos recórtanse nun 25% despois do recorte dun 15,5% no Orzamento 2013.

4.- Os recortes afectan a todos os programas da consellería excepto dous; todos os programas da consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria vense recortados con respecto aos orzamentos do 2013; tán so o programa 422C "Ensinanzas universitarias" aumenta o 2,16% si ben non é quen de recuperar o 15% do recortado nos catro últimos anos (máis de 50m € aínda recortados); Tamén o programa 432C "fomento do audiovisual" contempla un aumento de 355.000 €, se ben perdeu dende o 2009 máis de 3 M €.

5.- Os orzamentos da Xunta de Galiza para o vindeiro exercicio son a mostra empírica da política da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria a respecto do profesorado. Falar da importancia do profesorado e logo reducir profesorado na propia Lei de Orzamentos, a sumar aos milleiros xa apartados nos últimos catro anos, é unha mostra da falla de credibilidade e das verdadeiras prioridades deste Goberno.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, nestes orzamentos volve a recortarse nun 35,8% a partida para Formación e Perfeccionamento do Profesorado despois do recorte dun 31% do orzamento pasado.

6.- A Política Cultural continúa cos graves recortes: redución do 5,24% para Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais (un recorte máis que sumar ao 24 % xa recortado dende o 2009) e redución do 5,49% na protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural (a sumar ao 30% recortado dende o 2009).

7.- Por último, compre sinalar os novos recortes en Política Lingüística. Neste último exercicio os orzamentos da Secretaría Xeral de Política lingüística baixan un 5,02% máis; un novo recorte a engadir ao 67% recortado até 2013.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da sección 09.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:02:49

Á Mesa da Comisión 3ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, relativa á **Sección 10 – Consellería de Sanidade, así como do Organismo Autónomo e Sociedade Pública Mercantil dependentes da mesma**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

- Resultan claramente insuficientes, non resultando razoable que cando o Goberno galego afirma que a economía galega mellora, as dotacións para o ámbito sanitario público siga recortándose, posto que debería comezar a medrar, logo dos últimos cinco anos de continuos recortes.
- Continúan avanzando na desaparición dun sistema sanitario publico, universal, gratuíto no momento de recibir a asistencia e de calidade.
- Os obxectivos que se recollen na Memoria que acompaña aos orzamentos de sanidade, desvelan claramente o cambio de modelo que persegue o Goberno galego, xa que se pretende igualar neste texto a sanidade publica e a privada, promovendo convenios con este último en novos ámbitos e cunha longa duración.
- Se xa se partía duns orzamentos insuficientes para os centros públicos, as dotacións para o 2014 se presentan aínda mais gravosas neste sentido, xa que van ter que ser compartidas cos centros

Grupo Parlamentario

concertados, polo que a perda de orzamento do sistema público vai ser aínda maior que no pasado.

- Se recortan novamente os gastos en persoal, base fundamental do sistema sanitario, o que implica directamente unha importante rebaixa na súa calidade, precarizando o emprego e incrementando o paro entre os traballadores e profesionais da sanidade.
- Se continua reducindo o gasto na prevención e promoción da saúde, cando esta claro que é moito mais eficaz previr que curar.
- Mantense o ataque aos sectores mais débiles e de novo se recortan nas prestacións para a atención á saúde mental e ás condutas aditivas.
- Se reflicte un novo descenso no orzamento do SERGAS, que ademais incide de xeito mais acusado na atención primaria, fundamento esencial do sistema.
- Tanto en primaria como en atención especializada, uns dos recortes mais significativo se asestan ao capítulo I de persoal, onde non só se comproba a repercusión que nos orzamentos están tendo as xubilacións masivas que se están a levar a cabo, senón que tamén se observan recortes importantes nos complementos retributivos dos funcionarios.
- As infraestruturas sanitarias se basean en fórmulas de financiamento confusas e escuras; unhas dependentes de Fondos Europeos e outras baixo sistemas público - privados sen explorar, que poden ter arriscadas repercusións para o futuro. Igualmente neste eido das infraestruturas non se mostran datos ou obxectivos claros,

Grupo Parlamentario

continuado ca confusión actual, descoñecendo si para o ano 2014 se van a dar novas licitacións para o inicio dalgunha obra construtiva no ámbito sanitario.

- Os hospitais comarcais continúan desaparecidos nos orzamentos, confirmándose que a implantación das áreas integradas aínda fixo medrar máis o esquecemento anterior.
- Seguen os recortes nas cuestións mais básicas e imprescindibles, tal e como acontece cos medios mais relacionados ca percepción da calidade na atención, como o material sanitario. Ata as partidas dedicadas á alimentación descenden.
- Se abre a porta a novos copagos, por exemplo no eido dos transportes en ambulancia, partida cuxas dotacións aparecen tamén moi reducidas.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2013

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P Socialista

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 07/11/2013 15:26:42

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 10, Consellería de Sanidade, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, atendendo ás seguintes razóns:

A situación da sanidade pública en Galicia empeora a pasos axigantados: cada vez menos medios humanos e materiais, cada vez máis privatizacións e recortes. Neste mesmo senso afondan os orzamentos contemplados no proxecto de Lei de Orzamentos para 2014 da Xunta de Galicia en materia sanitaria.

35 millóns de euros menos para a Consellería que no pasado orzamento, cando en 2013 xa estabamos a falar duns orzamentos moi pobres en materia sanitaria, van significar a continuación na perda pouco a pouco de calidade asistencial e de dereitos en materia sanitaria. De feito, son contas continuistas no recorte, porque este se repite ano tras ano, e dende 2009 lévanse perdidos máis de 370 millóns de euros.

Tampouco a política de distribución de estes recursos está a ser a adecuada para a fornecemento da nosa sanidade pública. Mantéñense altos custes de Gabinete mentres o persoal sanitario é eliminado nunha redución perpetua de postos de traballo e, xa que logo de merma da calidade asistencial para os pacientes e dos dereitos laborais para os propios traballadores e traballadoras. A cobertura de vacacións, permisos e vacantes do persoal é posta en entredito polo propio texto articulado do Proxecto de Lei, mentres que a sección 10 da Consellería de Sanidade o corrobora en números.

Os recortes da sección en materia de Protección e promoción da saúde continúan co desleixo nas tarefas preventivas en materia de saúde que deberan ser o eixo central da política sanitaria dun Goberno intelixente, preocupado de verdade polo gasto sanitario e pola saúde dos seus veciños e veciñas e non por seguir os ditados económicos dos poderes superiores, mediante políticas de “parche” que obvian que estes recortes significarán máis enfermidade futura.

En resumo, consideramos que o orzamento consignado para a Consellería de Sanidade contribúe a continuar pola mesma senda de destrución da pública na que este Goberno e o empresariado do ramo semellan encantados de camiñar.

Por todos estes feitos, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)** rexeitamos estes orzamentos sanitarios e pedimos a súa reformulación por consideralos negativos para a saúde das galegas e galegos.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:28:03

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, ao Organismo Autónomo “Servizo Galego de Saúde” Sección 10, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, polas seguintes razóns:

O orzamento adicado ao Servizo Galego de Saúde e as súas diferentes partidas continúan coa senda de recortes e privatizacións de orzamentos pasados. Se ratifican os recortes en materia de persoal, incluso con preocupantes diminucións de partidas coma as adicadas aos salarios do persoal médico de atención primaria. Continúa tamén patente a aposta polas empresas privadas, mantendo case iguais os concertos con entidades sanitarias e con empresas que realizan traballos como a limpeza e o mantemento por exemplo. Coa salvedade da limpeza hospitalaria, cun recorte dun 14% que fai presaxiar perda de masa salarial e dereitos para as traballadoras e traballadores.

Por outra banda as partidas dos investimentos reais dos pasados orzamentos gozan de escasa execución, polo que resulta incompreensible que este ano novamente se volten orzamentar obras importantes coma centros de saúde e se anuncien coma unha novidade, cando a realidade é que non só non se fixo nada no 2013, se non que as partidas adicadas sufren novos recortes en 2014 aínda sen comezar ningunha obra. O mantemento do Novo Hospital de Vigo PFI e reaparición dunha partida para un suposto novo Hospital en Pontevedra – non sabemos se PFI- condicionan non só estes orzamentos, se non os futuros, deixando un horizonte moi escuro en materia sanitaria por mor do pago dos canones que a Consellería adebedará anualmente.

Ademáis moitas outras partidas "agochadas" entre a masa de números indican a forte aposta por seguir deteriorando a sanidade pública e as prestacións sanitarias: recortes nos alimentos hospitalarios, en farmacia de AP, en reformas de centros de saúde, en material de hospital, etc, etc.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) rexeitamos claramente estes orzamentos e pedimos a súa reformulación, pois non responden ás necesidades actuais nin da poboación nin do sistema público de saúde en Galicia, poñendo en perigo a saúde de galegas e galegos e os dereitos conquistados no referente ás prestacións sanitarias.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:28:47

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A., Sección 09, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes seguintes razóns:

O desaparecido MEDTEC, hoxe encarnado na empresa pública Galaria, continúa prestando asistencia sanitaria contravindo a suposta integración no SERGAS e perpetuando gran parte da problemática que xeraba o primeiro. A pervivencia de este organismo, consevando a estrutura empresarial, faise patente no mantemento dun Consello de administración e múltiples cargos directivos, algo que debera considerarse máis que prescindible, sobor de todo ante as estreiteces orzamentarias ás que se somete á Sanidade Pública.

Non se cumpre co suposto cometido da empresa: o asesoramento e innovación en materia tecnolóxica sanitaria. É máis, as próximas privatizacións no ámbito da Alta Tecnoloxía do SERGAS, cuestionan todavía máis o cumprimento de dito cometido.

Sexa como for, dende Alternativa Galega de Esquerda consideramos que as tarefas que se lle asumen a Galaria poden e deben desenvolverse na súa integridade desde a rede da Sanidade Pública, sen mediar ningunha fórmula empresarial, polo que entendemos que o único orzamento aceptable ao respecto será aquel no que estas funcións estean asumidas polo SERGAS.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:22:34



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 10, Consellería de Sanidade e de tódalas entidades públicas, instrumentais dependentes, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de Lei de Orzamentos persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, dictadas polo Estado Español e a Unión Europea, mália que todas os datos indican que só están a server para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a coesión social, por mor da contínua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

Neste senso, o orzamento da Consellería de Sanidade e de todas as entidades públicas, instrumentais dependentes, continúa aceleradamente pola senda da privatización. Dun sistema sanitario público, xestionado pola administración pública, pásase progresivamente a unha sanidade xestionada por empresas privadas e fondos de investimento, cuxo único obxectivo é facer negocio coa saúde dos/as cidadáns/ás.

O Proxecto de Orzamento teima nos recortes sanitarios iniciados desde a volta do Partido Popular á Xunta de Galiza no 2009: prodúcese unha diminución de 34.7 millóns de € % (-1.1%) con respecto a 2013 e o gasto sanitario pasa de significar o 35.1% do total a representar o 31.7.

Estes son os 5º orzamentos que presenta o Partido Popular desde a súa volta ao goberno da Xunta en 2009. Desde 2009 a rebaixa acumulada no orzamento para



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanidade é de 1.216.289.033 millóns de €, contribuíndo a degradar cada vez máis un servizo esencial.

Este orzamento segue sumindo á atención primaria nun estado de abandono, convertendo en papel mollado o plan de mellora da atención primaria: 267.457.424€ de recortes desde 2009, un 18,62%.

A todo isto hai que sumar a introdución ou o incremento do copagamento (en materia farmacéutica, ortoprotésica, transporte sanitario, etc.) dificultando o acceso ás prestacións sanitarias e atentando contra a universalidade do sistema.

As consecuencias serán o abandono das políticas de prevención sanitaria e de defensa da saúde pública, a a degradación das condicións de traballo d@s profesionais sanitari@s, en detrimento da calidade do servizo.

Por todas estas razóns, solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 10.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:03:02

Á Mesa da Comisión 3ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, relativa á **Sección 11 – Consellería de Traballo e Benestar, así como do Organismo Autónomo, Entidade Pública Instrumental, Consorcio e Fundacións Públicas dependentes da mesma**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

- Constitúe un orzamento restritivo para ocuparse dos servizos públicos, dos dereitos subxectivos e do principal problema do país como é o paro. Un orzamento inútil para contribuír a combater o desemprego e inservible para protexer ás persoas máis débiles da sociedade e garantir os dereitos subxectivos dos servizos sociais.
- O orzamento da consellería diminúe nun 1,88% respecto ao ano pasado e un 10,49% sobre o 2009, dando como resultado unha consellería con menos recursos cada ano para xestionar máis competencias, posto que este ano asumiu tamén as políticas migratorias.
- Nin as familias, nin a infancia, nin mozos e mozas, persoas dependentes, con discapacidades ou persoas en desemprego atopan no orzamento desta consellería ningunha esperanza de futuro. Cada ano menos prestacións, máis custo para as persoas usuarias dos servizos, menos orzamentos para os gobernos locais para servizos sociais e unha política de emprego que destrúe o Servizo Público de Emprego e deixa cada vez máis persoas desempregadas sen ningunha cobertura.

Grupo Parlamentario

- O gasto de promoción de emprego e mercado de traballo continúa novamente en descenso, e así para o 2014 se orzamenta un 10 % menos que no ano anterior; cunha diminución acumulada dende 2009 que é xa dun 56 %.
- Todas as partidas no ámbito do traballo diminúen con respecto a 2013. Relevante é a desaparición da partida de intermediación e inserción laboral, que xunto coas medidas adoptadas nos anos precedentes de despido das persoas que estaban realizando tarefas de orientación e mediación laboral no Servizo Público de Emprego, nos inducen a considerar que o cambio de rumbo político que este Goberno fai das políticas de emprego vai cara á privatización destes servizos e o impulso das axencias de colocación.
- A baixada do paro prevista no orzamento resulta incongruente co aumento do PIB do + 0,8 %, polo que non resultan aceptable en termos económicos. Aínda así, o paro descendería unicamente en 8.800 persoas, un cativo 3 % do total actual, pese a que existen 162.300 ocupados/as menos e 114.400 parados/as máis dende que Feijoo é presidente, un aumento do 46 % máis de desemprego do que se deu para o conxunto do Estado.
- O gasto destinado a protección e promoción social redúcese igualmente como cada ano, polo que leva unha xa perda de investimento acumulada dende 2009 do 25% no seu orzamento.
- Agás a Renda de Integración Social e as prestacións por dependencia, todos os conceptos diminúen o seu orzamento; máis grave si temos en conta que a RISGA é o indicador claro da grave situación de risco de pobreza e exclusión social que estamos sufrindo e que se agranda a medida que se adoptan medidas políticas de recortes que sofren máis aqueles que menos teñen; e que as persoas con dependencia deberían ir incrementando o seu número a medida

Grupo Parlamentario

que se recoñecen estas prestacións a quen as ten solicitado, e vemos cómo apenas se incrementa nun 0,8% o que confirma que se está adiando a resolución dos expedientes das persoas con dependencia que solicitan o seu recoñecemento.

- A aplicación da Lei de dependencia cada vez é máis tenue e apagada; cando non se atreven a quitala pola vía do dereito, a están a escamotear pola vía dos feitos, xa que:
- Tardan máis de 1 ano en facer avaliación, cando o límite máximo é de 3 meses.
- Resolven as avaliacións con graos menores de dependencia para aforrar custes.
- Incrementáanse as avaliacións ditaminadas sen grao.
- A taxa de reposición xa non se mantén en ningún dos graos.
- Así, a partir do RD 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para corrixir o déficit público, retrasouse o dereito a ser atendidas para as persoas en situación de dependencia moderada ata o 2015, e as persoas avaliadas co grao I perden o dereito a seren atendidos. Galicia é a segunda comunidade autónoma en persoas desatendidas, no que os expertos chaman o limbo da dependencia. Mais cando o Consello Territorial acordou acurtar prazos para comprometer as CCAA, prazos que Galicia non está cumprindo.
- Incrementan as achegas das persoas usuarias e empeoran as atencións e a intensidade dos servizos de axuda a domicilio.

Grupo Parlamentario

- Non se contempla o posible traspaso das políticas sociais ás CCAA, de acordo co previsto na Lei de reforma de Administración local, en trámite, o que debera traducirse nunhas necesidade financeiras de preto de 300 millóns de euros máis.
- En relación aos entes instrumentais dependentes desta Sección, se manteñen unhas contas opacas que impiden unha lectura clara e transparente dos obxectivos que perseguen, incluído a información para os seus investimentos, que tampouco está suficientemente explicado, a vez que se externalizan sen xustificación moitos dos seus estudos e informes técnicos.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2013

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P Socialista

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 07/11/2013 15:26:55

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 11, Consellería de Traballo e Benestar, do Proxecto de lei dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, atendendo as seguintes razóns:

Unha vez mais a Xunta de Galicia presenta uns orzamentos para a sección 11 que evidencian a renuncia do Goberno a exercer a súa responsabilidade na necesaria recuperación do emprego e o fortalecemento das políticas de benestar pensadas para aquelas persoas que sofren as peores consecuencias da crise económica, provocada polas políticas neoliberais aplicadas polos gobernos de turno como fieis lacaios dos poderes financeiros do conxunto do país, estado e Unión Europea.

O austericidio orzamentario e as políticas de consolidación fiscal, non poden recuperar as cifras de paro de Galicia senón en todo caso incrementar o número de persoas desempregadas, nun país onde o desemprego rexistrado en outubro do 2012 chega as 268.225 persoas (as cifras sen a maquillaxe oficial serían outras), non pode permitirse un orzamento continuista sobre os anos anteriores que evidencian a súa ineficacia para parar esta sangría, este orzamento presenta unha redución do 9,5% nas políticas activas de emprego, así como un descenso sobre o 2013 de máis de 5.185.422€ adicados a formación para desempregados, o que supón unha redución de máis do 15%, con estas cifras demóstrase que o Goberno non quer combater a lacra do desemprego.

Sen entrar a valorar, como as corporacións locais utilizan os fondos asignados pola Xunta para o fomento do emprego por parte destes entes, en moitos casos non utilizadas en xacementos de emprego, senón en actividades que maquillen as carencias dos propios concellos, é inaceptable unha redución desta partida de máis de 8 millóns de euros.

De igual xeito inaceptable parece a decisión de suprimir de facto o orzamento destinado a formación para desempregados do naval que sofre unha redución de máis de un 252% sobre o ano anterior, ou a redución das cantidades adicadas a fomentar a economía social.

Por tanto este orzamento é incapaz de mellorar a situación de empregabilidade dos galegos e galegas afectados polas políticas contra as persoas que aplica o PP en Galicia e no conxunto do estado. Orzamento que ademais non ten previsión, xa que non figuran os porcentaxes que o noso país lle corresponderán dos 1800 millóns de euros que a UE destina a España para fomento de plans de emprego xuvenil, cando o noso nivel de desemprego xuvenil ronda o 50%, cuantías que debe xestionar a Xunta, xa que dela son as competencias nesta materia.

Nunha situación onde a Xunta prometía que a mellor política social, era a creación de emprego, e onde as cifras demostran o contrario desta falsaria afirmación do goberno, o benestar social, tamén sofre os recortes nos orzamentos da Xunta, condenando a miseria a unha boa parte da sociedade galega, cando en Galicia existen máis de 260.000 familias baixo o limiar da pobreza non é aceptable un orzamento que abandona as persoas, e que adica menos recursos o benestar que a pagar os culpables da crise, as entidades financeiras, o Goberno da Xunta extra os recursos dos galegos, e sobre todo dos galegos que menos teñen para drenar os seus recursos cara os bancos que provocaron a crise e están a provocar na actualidade, xunto coas políticas do goberno, a desesperanza, a miseria e a fame da sociedade galega.

Os responsabeis da Xunta din que consolidan, cando en realidade están a conxelar as partidas adicadas a axudar a paliar a situación dos galegos que máis están a sufrir a estafa da crise. Tanto é así que non so conxelan as partidas adicadas a emerxencia social ou axudas de alimentos senón que incluso reducen en máis de 3.600.000€ as transferencias os concellos en materia de servicos sociais, cando son estas administracións, as que en primeiro lugar, por cercanía, atenden as persoas do noso país en situacións de extrema necesidade.

En definitiva AGE entende que as partidas deste orzamento no referente a traballo e benestar, non contribúen a xerar a política necesaria para saír da actual situación fomentando o emprego mediante medidas de estímulo económico que favorezan o retorno a unha senda favorable para o emprego, así como a necesidade de complementar as políticas económicas para a xeración de emprego coas necesarias medidas de inclusión e protección social, con especial atención os colectivos con maiores dificultades como poden ser os maiores de 45 anos en situación de desemprego. AGE considera prioritario incidir nas medidas para garantir os mínimos de subsistencia ante a profundización dos efectos da crise.

Por todo o exposto con anterioridade rexeitamos os orzamentos da sección 11 do Proxecto de Orzamentos para o 2014 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución para seren reformulados en termos e condicións socialmente admisíbeis.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:28:17

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 80, “Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral” Sección 11, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

Non lles pareceron poucos os recortes destes anos, que de novo se presenta outra mingua nas contas presentadas, o que amosa a falla de importancia que ten este Instituto para o goberno do PP. Para este ano, 137.000 euros menos, que son menos oportunidades de vida para a clase traballadora.

Semella indigno que as persoas que temos que vender a nosa forza de traballo teñamos a maiores que xogarnos a vida polo desleixo dun goberno que non valora as persoas traballadoras ou o fai de xeito puramente instrumental, como medios para que a clase dominante, esa que imparte ordes que o goberno da Xunta cumpre, aumente aos seus beneficios.

Así durante o ano 2012 rexistráronse na Comunidade Autónoma de Galicia un total de 26.551 accidentes laborais con baixa, o que non contabiliza os milleiros de accidentes leves que a presión patronal evita que se rexistren. Dos accidentes laborais en xornada, 17.366 (o 73,39%) corresponderon a homes, e 6.297 (o 26,61%) sufríronos mulleres. E morreron 50 persoas por gañarse o pan.

Coa secuencia de recortes no orzamento, comprométese a efectiva realización das previsións do II Plan estratéxico de prevención e riscos laborais, nos eidos da prevención, no asesoramento para facer cumprir a normativa, e nas acción para mellorar o cumprimento da legalidade; así como na materia de mellora da calidade e eficacia nos sistemas de prevención das empresas, en particular algo que repugna ao PP, a laboura de inspección de traballo e seguridade social a un empresariado pouco respectuoso cos dereitos laborais. En canto a

fomentar a participación entre outros dos representantes lexítimos dos traballadores e traballadoras, pouco hai que engadir a cal é a vontade do PP acerca do papel do sindicalismo, criminalizado mediáticamente e asfixiado co golpe de Estado laboral do PP.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:24:03



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 11, Consellería de Traballo e Benestar e de tódalas entidades públicas, instrumentais dependentes, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de Lei de Orzamentos persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, dictadas polo Estado Español e a Unión Europea, máis que todas os datos indican que só están a servir para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a coesión social, por mor da continua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

Neste senso, o orzamento en materia de Emprego e Benestar non contempla actuacións para mudar a destrución de emprego ou atender ás miles de persoas sen ningún ingreso e en risco de exclusión.

Galiza está nunha situación de emerxencia nacional. Con case 270.000 persoas desempregadas, con 41.500 persoas ocupadas menos no terceiro trimestre de 2013 que no terceiro trimestre de 2011, con só unha de cada tres persoas en situación de desemprego cobrando algún tipo de prestación.

En Galiza hai máis de 90.000 fogares con todos os seus membros no paro, máis de 20.000 fogares nos que non entra ningún ingreso e 660.000 persoas vivindo no limiar da pobreza. Datos que agochan pobreza, emigración e precarización das condicións laborais.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E con esta situación, o Goberno galego contempla unha rebaixa do 9% nas partidas para combater o desemprego e non deseña medidas específicas para favorecer o emprego xuvenil.

Estes orzamentos non só non conteñen ningunha estratexia fronte ao desemprego, tamén debilitan as políticas sociais. Non serven para atender ás persoas maiores, aos dependentes, ás persoas con discapacidade ou á infancia.

O Goberno galego claudica e renuncia aos obxectivos de combater o desemprego e a exclusión social.

A consecuencia será máis beneficiencia e menos dereitos. A consecuencia será máis paro, máis precariedade laboral e máis pobreza e exclusión social.

Por todas estas razóns, solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 11.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:03:09

Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, relativa á **Sección 12- Consellería de Medio Rural e do Mar, así como ao Organismo Autónomo, Axencias Públicas e a entidade pública empresarial dependentes de tal Sección**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

- Os orzamentos presentados supoñen un novo recorte con respecto ó ano pasado, por importe de 44 millóns euros; e unha redución con respecto ós orzamentos do ano 2010 (os primeiros que elaborou un Goberno presidido por Feijoo) de cerca de 300 millóns de euros. Isto supón unha renuncia expresa a calquera tipo de iniciativa política en relación a dous dos principais sectores produtivos básicos no noso tecido social, económico e vertebrador do territorio, como son o agrogandeiro e a pesca. Máis se temos en conta a debilidade que estes dous sectores teñen estruturalmente. Desaproveitase o seu potencial como sectores xeradores de emprego, cando ademais teñen unha alta dependencia da iniciativa política e das decisións que atinxen á Xunta de Galicia.
- No que se refire a Medio Rural, o Programa para a mellora das infraestruturas e equipamentos no medio rural, non conta con dotación suficiente para dar o impulso necesario á reestruturación da terra, cuestión fundamental para miles de explotacións. Do mesmo xeito, o programa para a mobilidade de terras agrarias improdutivas, conta cun presuposto insignificante de 1.500.000 euros, cando as explotacións galegas son as únicas de todo o estado que veñen reducindo a súa SAU (superficie agraria útil), ademais de xerar un problema de competitividade económica en canto a custos de

Grupo Parlamentario

producción, que orixinan un problema para a percepción das novas axudas da PAC, nas que pesarán máis os criterios de superficie que os de produción.

- Os programas forestais dirixidos á ordenación, xestión do noso monte, así como a extinción de incendios, seguen na liña errónea marcada nos últimos anos, cunha xestión que deixa de lado aos propietarios, ás comunidades de montes e aos principais axentes implicados, que non son outros que os habitantes do medio rural. Mentres continúan a primar a extinción fronte á prevención, cun modelo de extinción descentralizado, máis fragmentado, máis caro e menos operativo.
- Estes orzamentos desaproveitan o cofinanciamento tan importante que en moitos apartados supoñen os fondos europeos, co que son contrarios a optimizar e priorizar recursos propios no eido rural.
- En canto ó sector pesqueiro constitúen uns orzamentos continuístas, que frearán o desenvolvemento socioeconómico deste sector, para seguir afondando na destrución de emprego e da actividade económica, cando se está a atravesar un dos seus peores momentos dos últimos tempos.
- Son uns orzamentos que non se preocupan por mellorar as necesidades dos homes e mulleres do mar, nin no avance nas zonas de produción marisqueira; esquecen as potencialidades da flota artesanal de baixura; e deixan completamente desamparado ao sector mexilloeiro despois dun ano onde ten caído de forma alarmante a súa produción, mesmo retrocedendo nos seus niveis de exportación ata equipararse aos de hai máis de tres anos.

Grupo Parlamentario

- Diminúen os programas que constitúen o cerne e o eixo fundamental para a dinamización e apoio das actividades produtivas na pesca, destacando por riba de todos a caída do programa da “competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura”, que diminúe case que un 45% con respecto ao ano anterior.
- As transferencias de capital igualmente decaen para as achegas produtivas, como o investimento en buques pesqueiros ou en proxectos colectivos de xestión dos recursos mariños; mentres se priman partidas para o desmantelamento da flota, o que significa seguir destruindo emprego nun contexto de crise económica como o actual.
- Con relación aos portos de Galicia, o orzamento do Ente Público que os xestiona, non cumpren coas necesarias estratexias de crecemento para superar a nosa condición periférica, así como non aumentar a súa capacidade competitiva nin de produtividade.
- Tampouco avanza no eido portuario no desenvolvemento da integración ambiental, urbanística e turística dos portos cos ámbitos territoriais nos que se asentán; nin se avanza na execución para dotar aos portos galegos dos equipamentos que permitan a valorización dos produtos e a dinamización da actividade pesqueira.
- Un ano mais non contempla ningunha referencia para as infraestruturas de comunicación cos portos, principalmente no que fai referencia ao transporte ferroviario, nin existe apoio algún á Autoestrada do Mar de Vigo, básica para o noso desenvolvemento.

Grupo Parlamentario

- Por último, non afronta as melloras das propias infraestruturas portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades, ao tempo que non contempla partidas necesarias para axudar ao sector da náutica deportiva, que está sufrindo de xeito importante a actual crise económica.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2013

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P Socialista

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 07/11/2013 15:27:03

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 12, Consellería do Medio Rural e do Mar, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, polas seguintes razóns:

De 2009 a 2013 abandonáronse máis de 4000 explotacións agrarias en Galiza.

Galiza perdeu 17.999 habitantes durante o ano 2013, principalmente pola desertización do rural debido á falta dun proxecto de futuro para o interior de Galiza.

Os orzamentos desta sección deberían de ir enfocados cara un cambio radical de modelo, unha vez confirmado o fracaso do actual, con políticas que deben encamiñarse a crear emprego e oportunidades de vida para as persoas, aproveitando o potencial productivo do país nos ámbitos da produción alimentaria e enerxética, e dotando de servizos que garantan a igualdade coas zonas urbáns.

Sectores coma a horticultura, fruticultura, nomeadamente a agricultura ecolóxica, cultivos de alto valor engadido, e que nun contexto de crise poderían crear emprego mediante a incorporación de novos activos, están estancados, dado que as iniciativas nestes campos teñen un alto índice de fracaso inicial polos déficits de falta de asesoramento técnico, circuitos comerciais, e axudas de incorporación orientadas so ao fomento da inversión.

A falta de políticas agrarias efectivas refléxase en que Galiza non produce suficientes alimentos para o seu consumo.

O sector forestal está orientado ao monocultivo de especies de rápido crecemento e de baixo valor engadido, e pouca capacidade de xeración de emprego.

Reforestáronse centos de fincas agrarias, sen que se resolvan os expedientes derivados das denuncias presentadas por gandeiros que ven como impunemente se plantan de eucaliptos aquelas terras que deberían servir para incrementar a base territorial das súas explotacións e con elo reducir os custes de produción.

Os lumes seguen a ser un problema, que ocasiona danos ambientais e económicos, e ao que os orzamentos adican unha gran cantidade de diñeiro, que se mostra ineficaz para resolver o problema.

No sector do Mar, a crise tamén é palpable con perda de empregos e falta de perspectivas de futuro, mentras segue a apostar polos portos deportivos.

Con este contexto e analizando a evolución do sector primario compriría unha viraxe radical das políticas públicas, algo que non se reflexa no proxecto de Orzamentos para o ano 2014, que mostran sobre todo continuismo e falla de novas alternativas, ademais de reducirse dun xeito moi importante.

O orzamento da Consellería do Medio Rural e do Mar redúcese en termos globais 43.967.000 euros, o que supón un descenso de un 7,02%, porcentaxe que supera amplamente o descenso xeral do orzamento, e que se suma ao xa continuado descenso de anos anteriores.

A pesar de que os sectores primarios poden ser segmentos de creación de emprego e riqueza sostible, non se fai un esforzo por apostar por destinar fondos a formación e capacitación, ou Ensinanza secundaria e formación profesional, programas 422M, e 422L, que se reducen ostensiblemente, un 31% e un 1,15% de descenso, elementos chave para as persoas que intenten incorporarse á actividade agraria, tanto por conta allea, como, e sobre todo por conta propia.

Non se aposta pola investigación pública, deixando sen optimizar a utilización dos medios públicos tanto de profesionais coma de infraestruturas, infrutilizadas e afogadas pola falta de fondos.

A pesar da necesidade de incrementar a base territorial das explotacións, aumentando a Superficie agraria útil, os programas de mobilidade de terras agrarias improductivas, programa 713 A, baixa un 14,4%.

Baixa tamén ostensiblemente o programa de fomento do asociacionismo agrario cun descenso dun 36 %.

Redúcenselle os fondos para o funcionamento dos consellos reguladores, xa actualmente cuns altos niveis de precariedade dos profesionais, o que dificulta a súa labor.

A defensa contra os incendios segue a basearse na extinción e adócanse 11 millóns máis, xa son 96 millóns, nun sector que factura 500, e non se plantexan alternativas paa que se invirta a tendencia e se reduza progresivamente en extinción aumentando as políticas preventivas.

Non se inician novas alternativas adaptadas aos tempos como podería ser o fomento da agricultura de proximidade, os circuitos curtos de comercialización, a explotación multifuncional do monte, e non se modifica ningún aspecto legislativo que permita a práctica legal da agricultura de pequena explotación diversificada, ou da práctica da agricultura a tempo parcial como complemento da renda, opcións limitadas hoxendía pola lexislación.

No sector do Mar recúrtase un 21 % o orzamento, e manténse a aposta polos portos deportivos e a acuicultura intensiva, fronte a explotación sostible dos recursos costeiros.

Os Grupos de acción costeira seguen a estar infradotados, e condenan á máis absoluta precariedade ao desenvolvemento de programas, e mesmo aos propios xerentes dos grupos.

Segue a optarse pola privatización dos servizos de salvamento marítimo e gardacostas.

É polo tanto un proxecto de orzamento continuista co agravante dos fortes recortes, e de ser o reflexo de políticas xa fracasadas, como demostran os datos.

Esto xunto cos recortes noutras áreas fundamentais para a fixación de poboación e creación de emprego no rural, que levan ao peche de escolas rurais, e outros servizos coma Correos ou bancarios co peche de oficinas nas vilas pequenas, fan que estes orzamentos non sexan os axeitados para cumprir os obxetivos de combater a desertización e discriminación do rural galego.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:28:34

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo A3, Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia “INTECMAR”, Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, pola seguinte razón:

O INTECMAR ter encomendado como labor fundamental a contribución a protección da mellora da calidade do medio mariño do noso país, polo que a súa actividade centrase no control, seguimento e investigación da calidade ambiental das augas, as súas condicións oceanográficas, a contaminación química, as biotoxinas...

Como todos coñecemos nos últimos meses foron varias as ocasións nas que o sector produtivo das nosas rías entende que os retrasos na detección da presenza Toxinas nas rías teñen provocado perdas multimillonarias ós produtores, tanto é así que nos últimos días membros do sector veñen de anunciar o inicio da realización de analíticas propias. O propio sector que recoñece a valía, ó igual que o noso grupo, dos profesionais e traballadores do INTECMAR entende que a continúa política de recortes do Instituto, está a provocar a súa perda de axilidade e polo tanto danando a imaxe dos nosos produtos, polo que un orzamento que presenta unha redución importante de preto de 100.000€, dos cales 70.000 se producen en material de laboratorio e outros 30.000 en persoal, non parece o máis axeitado para loitar contra a actual situación do noso sector produtivo, e moito menos a xerar confianza.

Por outra banda, as débedas do goberno galego neste sector son moitas, comezando pola necesidade de avaliar os mecanismos de control e avaliación do medio, de tal xeito que os feitos anteriormente descritos non se repitan, polo que compre facer un esforzo orzamentario que permita actuar con celeridade e aportar estudos que axuden a mellorar na prevención e superación destas

pragas, que non sendo bíblicas, teñen e deben ter solución, pero para atopala é necesario a investigación e a posta polo que o Instituto, uns dos mellores do mundo neste campo, xogue un papel referencial e de impulso na percura dos estudos que eliminen estes males das nosas rías.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:24:14

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, Sección 12, Consellería do Medio Rural e do Mar, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

As liñas de acción da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) baséanse en catro eixes fundamentais: servizos ás empresas cárnicas; I+D+i no ámbito cárnico; asesoramento e transferencia tecnolóxica ao sector cárnico; e a formación.

A pobreza do orzamento se compadece mal cos obxectivos que ten marcados a Fundación, a saber, os de asesoramento e consultoría, os de facer un contributo certo para desenvolver as liñas de I+D+i e as políticas formativas no eido do sector agroalimentario.

O seu orzamento descende 32.671 euros (- 7,2%), cando xa o ano anterior tiña minguado dun xeito aínda máis importante.

As características do sector cárnico galego, cun sector que produce pouco valor engadido, e que ten un importante déficit na transformación, fan que a Investigación e a Innovación sexan fundamentais para o futuro do sector.

A falta de financiamento destas actividades é por elo especialmente grave.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:20:15

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á “AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)” da Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014,** atendendo ás seguintes razóns:

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Ademais, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, AGADER posibilitará a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras mediante a xestión do Banco de Terras de Galicia e será o órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal, que exercerá como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o deseño, a aplicación, a coordinación e o seguimento do Plan de desenvolvemento comarcal.

Galiza perdeu no ano 2013 17.999 habitantes, sangría demográfica que sufriu especialmente o rural, que segue a progresiva perda de peso relativo con respecto ás zonas urbáns.

Os datos de superficie agraria útil no país seguen a empiorar, e cada vez existe máis terra abandonada.

Polo tanto os principais obxetivos para os que foi creado AGADER están cada vez máis alonxados.

Aínda así a proposta de orzamentos para o ano 2014 prevén unha redución de once millóns de euros para o AGADER, o organismo encargado de xestionar o Banco de Terras e de dinamizar a actividade socioeconómica do rural.

Lonxe de apostar pola economía agraria dos pequenos produtores, nestes orzamentos redúcese a posibilidade de que se mude a situación no futuro, afogando financeiramente instrumentos que deberían de ser fundamentais.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:18:23

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA, Sección 12, Servizo 80, da Consellería do Medio Rural e do Mar, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

Regulado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e coa denominación actual segundo a Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e réxime administrativo, e polo Decreto 128/1996, do 14 de marzo, é un organismo de carácter comercial e financeiro adscrito á consellería que ten como finalidade executar as políticas referentes á aplicación das medidas de ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro, levando a cabo as accións necesarias para a aplicación na Comunidade Autónoma da Política Agraria Común (PAC) e para o funcionamento da organización común do mercado.

A redución de ingresos deste organismo repercutirá negativamente nos Contratos de explotación sustentábel, afectando aos sectores cárnico e lácteo, sobre todo nas zonas desfavorecidas.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:21:31

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA, Sección 12, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes seguintes razóns:

De acordo coa lei de creación, o Ingacal será o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

Así mesmo, será obxecto do Instituto o desenvolvemento da investigación agrícola, gandeira e alimentaria e o desenvolvemento e transferencia tecnolóxica no sector alimentario, para o que coordina os centros de investigación, estacións experimentais e o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, dependentes da consellería.

Segundo a memoria da Xunta de Galicia dos Orzamentos 2014 “O Ingacal pretende actuar de dinamizador, colaborando coa industria agraria e alimentaria, promovendo e participando directamente en actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico neste ámbito así como no eido dos procesos produtivos primarios, e integrando as actuacións realizadas a través dos centros de investigación e estacións experimentais anexas, xunto coas do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar.”

Ou “Enmárcase tamén este programa no marco do novo PDR 2014/2020 unha liña de financiamento para desenvolvemento de novos e sistemas produtivos, liña que ten como obxectivo impulsar a innovación nas empresas, que permita

o desenvolvemento de novos produtos transformados,a investigación e formación de novas producións agrarias de alto valor engadido con capacidade de expansión, o aproveitamento da diversidade do material xenético local e a colaboración con outros centros que desenvolvan actividades de investigación relacionadas co sector agrario, forestal e alimentario.”

Investigación, innovación, transferencia de coñecemento, todo elo prioritario para o desenvolvemento do agro galego.

Pese a elo o recurte é brutal,1287.000 euros,un 28% sobre un orzamento do 2013 que xa era exíguo.

A intención é clara; desmantelar o sistema público de investigación e innovación.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/11/2013 12:23:31



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 12, Consellería de Medio Rural e do Mar, Organismos, Consorcios, Entidades, Fundacións e Sociedades Públicas dependentes desta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de Lei de Orzamentos persiste nas políticas fiscais procíclicas fundamentadas nos recortes, dictadas polo Estado Español e a Unión Europea, mália que todas os datos indican que só están a server para agudizar e prolongar a crise económica e para rachar a coesión social, por mor da contínua degradación dos servizos públicos e a desmontaxe das políticas sociais.

Neste senso, o orzamento da Consellería do Medio Rural para 2013 redúcese en termos globais en cerca de 44 millóns de euros, o que representa un 7,5% en relación co exercicio anterior. O cal non fai máis que consolidar os tremendos recortes operados nos anos anteriores, sendo salientábel que non se fai ningún esforzo especial por aplicar estes recortes nos gastos correntes. Pola contra, o gasto corrente só descende nun 0,9% fronte aos gastos do capital que o fan nun 10,5%, sendo especialmente significativo o descenso dun 12% nas transferencias de capital, que son os recursos que chegan ao sector para dinamizar a súa actividade.

No ámbito do Medio Rural é especialmente significativo que os programas que mellor responden aos que, a xuízo deste grupo parlamentar, deberan ser os obxectivos centrais desta Consellería sofren recortes moi significativos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, o programa 551A, que ten por obxecto a mellora de infraestruturas e equipamentos no medio rural e no que se inclúen os recursos para poder acometer o remate dos procesos de concentración parcelaria xa decretados, sofre un novo recorte, acumulando un descenso de máis dun 72% desde o ano 2009.

Tamén se constata a paralización de cambios estruturais imprescindíbeis no medio rural, nos drásticos recortes que se producen nos programas 713A de mobilidade de terras agrarias improdutivas, que leva un descenso de máis do 93% desde o ano 2009 o que pon de manifesto a ausencia de vontade e o nulo esforzo político e orzamentario que este Goberno está disposto a realizar neste ámbito.

Non se establece ningunha actuación para facer fronte á crítica situación que afecta ás explotacións lácteas nin para resolver as deficiencias estruturais do sector.

Neste proxecto de lei certifícase o mantemento dunha política de loita contra os incendios forestais baseada exclusivamente na extinción, paralizando o proceso de modernización emprendido nos últimos anos, consolidando a volta ás brigadas municipais e arrombando a política de prevención, ao restarlle fondos a liñas de acción que pretendían por o acento en evitar o risco de incendio. Neste sentido é especialmente significativo o novo recorte dun 13,1% nas consignacións do programa 713B que ten como finalidade a valorización e ordenación do monte.

Tamén acadan carácter de irrelevancia política neste proxecto de orzamentos as políticas de diversificación produtiva no medio rural e de fixación de poboación. Isto apréciase claramente nas previsións orzamentarias de AGADER e no programa 712A, cun descenso dun 22,5%.

En definitiva no que se refire ás políticas de reactivación económica do medio rural, dos sectores produtivos agrarios e de mellora das condicións de vida de produtores e produtoras, estes orzamentos supoñen un gran retroceso que só van



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contribuír a consolidar as actuais eivas e problemas estruturais.

Por todas estas razóns, solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 12.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2013

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/11/2013 14:03:16

Á Mesa da Comisión 3.^a

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas** de Galicia, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade que afecta á contía global dos estados dos orzamentos e que transfiren crédito entre seccións** ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

1. O proxecto de orzamentos remitido non contribuirá ao descenso do paro.

Os orzamentos presentados pola Xunta de Galicia para o ano 2014 veñen caracterizados pola renuncia a algún tipo de medidas novidasas que contribúan de xeito decidido á creación de emprego e ao apoio a sectores económicos en dificultades; pese a que existen 162.300 ocupados/as menos e 114.400 parados/as mais dende que Feijoo accedeu á Presidencia do goberno autonómico, un aumento do desemprego dun 70 %, 23 puntos máis elevado do que se deu no mesmo período para o conxunto do Estado.

Neste contexto volve a ser inexplicable a nova redución orzamentaria dos fondos dedicados a combater o paro, cun crecente abandono ás políticas activas de emprego, o que constitúe unha auténtica temeridade, incluso recortando - en case que nun 10 % - as dotacións en relación á xa minguada contía do ano 2013 e que, tendo en conta a evolución do paro en Galicia, derivará no resultado de deixar a moita cidadanía sen o apoio da Administración autonómica ante a súa difícil situación. Así, o descenso de programas de emprego por parado/a, descende nun 76 % con respecto ao exercicio do 2009.

Grupo Parlamentario

Nos recursos dedicados á contribuír á axuda de proxectos para a modernización de Galicia e apoio aos sectores produtivos, tamén se asiste a un novo e drástico recorte, posto que para os programas de actuación englobados no epígrafe da “*regulación económica dos sectores produtivos e para o desenvolvemento empresarial*”, se volve a dar unha rebaixa de 108 millóns de euros respecto ao exercicio do 2013. Destaca, a este respecto, un descenso de 52 millóns de euros (máis dunha terceira parte do total do ano anterior) para o IGAPE, un organismo en pleno retroceso e cada vez con menos utilidade, pese a época de crise que estamos a padecer.

O recorte alcanza igualmente aos gastos de capital, cuns investimentos que son os menores de todo o século actual, inferiores á metade incluso dos últimos anos da Presidencia de Fraga. Con respecto ao ano 2009 supoñen unha rebaixa do 58 % e incluso retroceden un – 4,7 % respecto ao ano anterior. Destes investimentos, ademais, case que unha terceira parte deste tipo de gasto para a Administración autonómica, se dedican a partidas de “inmateriais”, que sole encubrir gastos na propia Administración e distintos na súa natureza a gastos de investimento real.

Mentres, o chamado “*Fondo do crecemento*” constitúe unha burda manipulación dos programas xa existentes, adscritos dende o ano pasado a esta nova denominación con fins mediáticos, pero sen novo contido real algún e cun nivel de execución (declarado pola propia Xunta de Galicia) moi baixo, situado en pouco mais do 40 %.

2. O proxecto incide aínda mais nos recortes dos servizos fundamentais básicos e nos programas sociais.

Resulta especialmente dramática a baixada substancial que se reflicte nos programas de índole máis social e para os servizos públicos básicos, onde, seguindo co xa iniciado en exercicios anteriores, este proxecto de orzamentos consolida e agrava os recortes nos eidos da educación, da

Grupo Parlamentario

sanidade, da protección das persoas máis desfavorecidas, do benestar e promoción social, da vivenda, etc... anunciando uns peores servizos públicos para o futuro, antesala de posibles privatizacións.

Os recortes acumulados dende o ano 2009 en gasto social (sanidade, educación e políticas sociais) durante os gobernos Feijoo, xa superarán os 4.000 millóns de euros, co agravante da introdución de novos copagos para o 2014, tales como os que se impoñen para o gasto farmacéutico de enfermos crónicos ou para os comedores escolares.

Incluso retroceden en relación aos xa minguados fondos do ano 2013, producíndose novos recortes adicionais no gasto público, tales como:

- ✓ en Sanidade: - 21 mm€, pese a afirmar que a suba do chamado céntimo sanitario, por importe de 53 millóns de euros, sería para aumentar tales dotacións;
- ✓ en Educación – 20 mm€, pese ao novo “ingreso” por copago en comedores, que non figura no documento orzamentario;
- ✓ en Vivenda (- 17 mm€);
- ✓ en Actuacións Ambientais (- 15 mm€);
- ✓ na dinamización do medio rural (- 20 mm€);
- ✓ en pesca (- 30 mm€),
- ✓ en comercio (- 3 mm€),
- ✓ etc....

Trátase ademais dun proxecto de orzamento onde o que máis medra son os gastos financeiros e que conteñen un endebedamento desproporcionado e pouco planificado, que alcanzará novamente unhas cifras récords, cunha débeda total da Comunidade Autónoma (incluíndo os pagos adiados por colaboración público – privada) que alcanzará a contía dos 13.000 millóns de euros, cifra moi superior ao propio montante dos orzamentos para o

2014, co que o Goberno que preside o Sr. Feijoo será – con moita diferenza - o que máis terá aumentado a débeda futura, converténdose no menos solventes de toda a Historia da Autonomía galega e deixando para os gobernos sucesivos unha enorme carga financeira.

3. A necesidade doutra política orzamentaria

Por todo o anterior, faise necesario promover outro orde de prioridades para o gasto público autonómico á vez que acometer, con máis decisión e realismo, a cuestión dos ingresos orzamentarios previstos para o 2014, facendo que contribúan en maior medida aquelas persoas que teñen un patrimonio ou uns ingresos máis altos.

Neste sentido, a presente emenda propón uns **movementos en partidas orzamentarias por unha contía global de 555.107.000 euros**, deducidas deste importe as transferencias internas necesarias para respectar o necesario equilibrio orzamentario; cantidade que representa unha variación do 5,4 %, sobre o total do orzamento consolidado presentado polo Goberno galego; e que, en base ás consideracións que se realizan, aumentarían a cantidade total dos orzamentos consolidados da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio do 2014, ata os **10.618.567.155 euros**.

Todo iso respectando ao establecido na *Lei 2/2011 de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira* aprobada polo Parlamento de Galicia, posto que, de acordo cas competencias deste Parlamento, se aumenta o teito de gasto non financeiro, o déficit se sitúa por debaixo do contemplado en dita norma galega.

3.1.- Unha política de ingresos non conformista e mais progresiva

Ante o proxecto de orzamentos presentado polo Goberno do Partido Popular, consideramos que só a ideoloxía pode explicar o peche de oportunidades de financiar a mellora na calidade dos nosos servizos

Grupo Parlamentario

públicos e a renuncia a dotarnos dun sistema fiscal máis progresivo, onde aporten mais os que mais posúen ou maiores ingresos obteñen.

Para superar esta visión, proponse:

➤ **Unha postura máis progresiva na fiscalidade**, que implicaría modificar os tipos a aplicar nos tramos máis altos da tarifa autonómica **do I.R.P.F. , do imposto do Patrimonio e do Imposto de Sucesións e Doazóns :**

- ✓ Para o **IRPF**, co aumento de 2 puntos na escala autonómica para bases superiores a 60.000 euros e de 4 puntos a partir de 120.000 €, rematando ca inxusta situación de que Galicia teña unha das menores progresividades fiscais no IRPF de todas as CCAA, onde as persoas con maiores ingresos pagan menos que no resto do Estado. Se estima un aumento de 30 millóns de euros.
- ✓ Cunha diminución do mínimo exento ata os 350.000 € (máis 300.000 por vivenda habitual) no **imposto sobre o patrimonio**, unha vez que dito imposto foi introducido no exercicio do 2013, ao ser aprobada unha emenda presentada en este sentido polo Grupo Parlamentario Socialista. Este mínimo exento continúa a ser superior do establecido nos últimos anos do período anterior baixo gobernos autonómicos designo conservador. Se estima un aumento de 25 millóns de euros.
- ✓ **No Imposto de Sucesións**, debera aumentar en dous puntos as actuais tarifas de aplicación para tramos das bases (isto é realizadas diversas reducións previas) superiores aos 389.777 euros. Igualmente nesta imposición, como en anos anteriores, se

Grupo Parlamentario

observa que as previsións de ingresos da Administración autonómica están moi por debaixo do razoable, tendo en conta a evolución dos mesmos durante os últimos meses dos que se teñen datos, posto que, fronte a unhas previsión de 108 millóns de euros, existían a 30/6/2013 uns dereitos recoñecidos de 264 millóns de euros, cun exceso pois de 155 millóns de euros. Se estima un aumento de 75 millóns de euros.

- Un aumento da chamada “**imposición verde**” que neste momento ten a nosa Comunidade, co obxecto de compensar os danos producidos sobre o noso medio ambiente, con aumentos nos impostos sobre a contaminación atmosférica e sobre a auga encorada, que ademais levan anos sen ser modificados. Cunha estimación de aumento de 9 millóns de euros.
- O establecemento dun **imposto que grave os depósitos das entidades financeiras** que operen en Galicia constituíu unha iniciativa presentada por este Grupo Parlamentario que non foi aceptada pola maioría do Grupo Popular. Pero o Goberno do Estado, dun xeito discriminatorio, compensará a determinadas comunidades autónomas que si teñan implantado tal tributo. Faise necesario, que pola Xunta de Galicia, se consiga do Estado tamén esta compensación ou cesión de tal imposto para Galicia, senón se quere dar apoio a un mecanismo lexislativo improcedente e a un auténtico fraude que orixinaría que os galegos pagaran en parte este imposto a outras comunidades. Se estiman uns ingresos de 42 millóns de euros.
- A posta en marcha **dun imposto sobre as grandes superficies comerciais**, xa vixente noutras comunidades autónomas, que se xustifica pola repercusión destas áreas na ordenación do territorio, no medio ambiente, nas infraestruturas e no pequeno comercio e para o

Grupo Parlamentario

cal, o Goberno galego, debe presentar con carácter urxente un proxecto de regulación normativa para a súa entrada en vigor no presente exercicio económico, cunha estimación para o mesmo de 18 millóns de euros.

- Persiste, ademais, unha brutal caída – superior ao 52 % respecto ao 2012 - nos **capítulos de transferencias** (correntes e de capital) do Estado e dos seus organismos autónomos, que pasan de 475 millóns de euros no orzamento inicial de 2012 a 248 millóns de euros no 2013 e a 227 millóns de euros ara o 2014; uns recortes alleos ao sistema de financiamento autonómico que é preciso non aceptar sen mais, debendo exixir do Goberno do Estado un aumento de tales partidas; máis cando nestes capítulos se recollen programas fundamentais para a loita contra o desemprego, o desenvolvemento económico ou a protección social; e cando a súa diminución é moi superior á media de rebaixa dos propios orzamentos xerais do Estado, e se produce unha diminución moi considerable no sistema xeral de financiamento autonómico. Debe consignarse un aumento de non menos de 107 millóns de euros, co cal aínda os fondos consignados sería a metade da diminución acadada nos últimos anos.
- Ademais, existen outros ingresos nos que é posible obter unha recadación maior ca **mellora da xestión recadatoria** e tendo como base os propios rendementos obtidos no pasado mais próximo, que afectan, por exemplo, a partidas como as “outros ingresos” que integran os xuros de demora ou de xestión executiva que orzamentados para o 2013 en 14,5 millóns de euros, a 30/6/2013 existía un exceso de dereitos sobre tal previsión de 17,8 millóns de euros. Cun criterio de prudencia, o aumento se orzamenta en 10 millóns de euros máis.

Grupo Parlamentario

- A este aumento habería que engadir, aqueles incrementos producidos nos **ingresos propios do SERGAS e do IGVS**, xa que entendemos que as previsións están por debaixo do que resulta posible exixir, sendo unha cuestión de decisión e capacidade de xestión que afecta, por exemplo, no caso do **IGVS**, á venda de soares e outros ingresos propios da actividade do Instituto; ou no **SERGAS**, onde unha fonte de ingresos dos servizos sanitarios públicos asistenciais é a liquidación dos dereitos xerados a favor da facenda pública autonómica pola prestación de servizos sanitarios a entidades privadas. Igualmente no capítulos de ingresos existen partidas de previsión do Estado que deberan ser aumentadas. Todas elas supoñen uns aumentos próximo aos 21 millóns de euros.

No seu conxunto, estimamos **unha folgora na previsión de ingresos do orde dos 337 millóns de euros**, un aumento do 4,3 % sobre os ingresos non financeiros previstos polo proxecto remitido polo Goberno galego; importe que debe ser utilizado para, basicamente, fomentar as políticas públicas para a diminución do paro, apuntalar o gasto de carácter social e deter o deterioro dos servizos públicos.

3.2.- Unha rebaixa de gastos superfluos ou improditivos.

A Administración autonómica de Galicia necesita igualmente acometer unha política de aforro máis consistente e auténtica, non pensada nos focos mediáticos, para o que cómpre actuar con máis decisión sobre determinados gastos correntes e de carácter inmaterial ou ineficaces. Neste sentido se propón a redución das partidas orzamentarias que conteñen dotacións dirixidas a:

- **Persoal de gabinete e gastos en publicidade e propaganda**, cando non existe, nin a actual Xunta de Galicia parece disposta a acometer, unha normativa para os asesores (pese a aprobar tal cuestión para realizar no ano 2013), nin un Plan conxunto e previamente coñecido da publicidade institucional, cuns datos que aparecen en moitas ocasións agochados, posiblemente en partidas de denominación xenérica ou en gastos inmateriais.

- **Gastos de funcionamento ordinario**. Pódese aforrar tamén neste capítulo orzamentario, cunha mellor xestión en múltiples ámbitos, tales como os que afectan a: racionalización do parque móbil, unha política máis eficiente de aforro enerxético nas oficinas administrativas e das diferentes delegacións, a racionalización nos sistemas informáticos da Administración, a redución dos múltiples servizos contratados a empresas alleas para realizar traballos que podería facer a propia Administración, etc....

- Dentro deste capítulo tamén pode considerarse a diminución que pode efectuar en relación as **transferencias para a ensinanza concertada**, posto que non parece xusto se faga recaer os recortes na ensinanza pública de xeito prioritario e preferente. Mais cando dentro deste apartado figuran dotacións a centros de ensinanza que segregan por sexo ao seu alumnado.

- Na **reforma do sector público autonómico**, onde hai un campo importante de actuación á hora de afrontar políticas de aforro e austeridade. Simplificando todo o conglomerado de entes, sociedades, axencias, organismos autónomos, etc., o cal permitiría superar as dificultades prácticas para adentarse na maraña de datos e na opacidade da “Administración paralela”, onde se oculta

Grupo Parlamentario

información relevante e esconden gastos superfluos e improditivos en demasía.

- Os **gastos de carácter inmaterial**, que supoñen unha cantidade sobre o global de gastos de investimento demasiado elevada, e que, baixo rúbricas e programas que todos podemos compartir, agochan gastos superfluos cando non inxustificables. Así por exemplo, para o total das consellerías, os gastos de carácter inmaterial ascenden a terceira parte do total do capítulo VI de investimentos reais, porcentaxe excesivo. Que de cada tres euros de investimento, practicamente unha sexa para “inmateriais”, é unha anomalía orzamentaria que é preciso corrixir. Dentro deste capítulo e nun momento de dificultades como o que estamos a atravesar, tampouco parece razoable que AMTEGA se leve un volume de investimentos que equivale case que ao 10 % do total da Administración autonómica galega.
- **Fondos de continxencias** (xeral e do SERGAS), xa que resulta moi difícil de manter nun contexto de austeridade e recortes drásticos na sanidade pública, a cantidade presupostada, mais elevada incluso que en exercicios anteriores, para imprevistos. E máis cun panorama onde o gasto sanitario non pode ser rebaixado.

A minoración, reflectida mediante os diversos epígrafes anteriores de gasto, ascende no seu total aos **218 millóns de euros**, contía que equivale a unha alteración do 2,6 % sobre o gasto non financeiro proposto dende a Xunta de Galicia.

4. Novas prioridades de gasto público.

4.1.- Plan de emprego

Se debe contemplar de xeito ineludible no 2014, un **Plan de emprego** que dea cabida a novas medidas para a contratación de persoas desempregadas, co obxectivo de obter unha diminución neta de, cando menos, 30.000 persoas en desemprego. Ditas medidas se dirixirán de xeito preferente ao colectivo da mocidade, ás mulleres, o colectivo de parados e paradas de longa duración, así como ás persoas de máis difícil inserción, contemplando axudas para os autónomos en dificultades económicas.

Programas fundamentais para as persoas desempregadas e para a formación de traballadores e traballadoras, que non é posible que continúen, na actual situación de crise económica, ca brutal rebaixa amosada no proxecto de orzamento presentados polo Goberno autonómico. Programas para favorecer a súa capacitación profesional, fomentar a súa empregabilidade e ofrecerlles experiencias de emprego, así como para mellorar as súas oportunidades de atopar un traballo, reforzando aos servizos públicos de emprego, cunha especial atención a combater o paro entre a mocidade. Cunha participación tamén baseada na cooperación cas entidades locais e un programa específico de plan ao emprego rural. As novas actuacións, neste eido, se cifran nun aumento de 250 millóns de euros, que máis que duplican as cativas previsións presentadas polo Goberno galego.

4.2.- Actuacións de apoio para a mellora das condicións económicas.

Se propón potenciar medidas para á recuperación e **impulso en materia de de I+D**, co obxectivo de recuperar os niveis de financiamento público neste eido do ano 2009 ao longo dos tres vindeiros exercicios orzamentarios, cun incremento para o exercicio de 2014 de 15 millóns de euros, de maneira que se logre aproximar á media europea.

